GALEGO COLOQUIAL

Curso de Galego / Voz de Galicia ©

Sección Didáctica do Instituto da Lingua Galega

serie NOVA



BIBLIOTECA GALLEGA

GALEGO COLOQUIAL

Novo método para a aprendizaxe da lingua galega

realizado pola

Sección Didáctica do Instituto da Lingua Galega

EDITORIAL LA VOZ DE GALICIA, S. A.
LA CORUÑA (ESPAÑA)
COLECCION: BIBLIOTECA GALLEGA (SERIE NOVA)
EDITOR: SANTIAGO REY FERNANDEZ-LATORRE
DIRECTOR: JUAN RAMON DIAZ

DEPOSITO LEGAL: C. 531 - 1986
I.S.B.N.: 84-85287-53-3

IMPRESO EN ESPAÑA PRINTED IN SPAIN

IMPRIME: DIVISION DE ARTES GRAFICAS DE «LA VOZ DE GALICIA, S. A.». LA CORUÑA

PRESENTACIÓN

A colección Serie Nova da Biblioteca Galega hónrase hoxe presentando ó público o curso de galego titulado GALEGO COLOQUIAL que realizou a Sección Didáctica do Instituto da Lingua Galega e que ó longo de seis meses veu publicando nas súas páxinas LA VOZ DE GALICIA.

O éxito alcanzado entre os lectores do xornal permítenos pensar que son moitas as xentes que desexan posuír agora en forma de libro estas leccións para un mellor manexo do seu contido ó que vai engadido un amplo vocabulario que recolle alfabéticamente tódalas verbas aparecidas no libro.

A Editorial LA VOZ DE GALICIA quere expresarlle ó Instituto da Lingua Galega o seu máis profundo agradecemento pola súa colaboración nesta tarefa de promociona-la nosa lingua e desexa que o froito desta colaboración sexa ben recibido por todos aqueles que se interesan pola aprendizaxe do galego.

SANTIAGO REY FERNANDEZ-LATORRE
Editor

PRÓLOGO

Nos últimos tempos foron aparecendo diversos métodos de aprendizaxe da lingua galega. Hoxe calquera estudiante de escola ou de instituto ten ó seu dispor manuais de dignidade metodolóxica abonda que lle permiten afondar nun bo coñecemento da lingua galega. Pero son poucos aínda os métodos para un público máis amplo que queira ou ben empezar como principiante a estudia-lo galego ou ben perfecciona-lo galego que coñece como falante espontáneo.

*Hai bastantes anos xa que o Instituto da Lingua Galega publicou o primeiro método práctico para aprende-la nosa lingua e hai algúns menos que a **Voz** editou un curso elaborado pola Asociación Cultural «O Facho». Agora volve saír un novo curso que preparou a Sección Didáctica do ILG e que a **Voz** foi presentando ós seus lectores a cotío durante seis meses. A Boa acollida acadada entre o público en xeral animou á Biblioteca Galega a presentalo como volume á parte.*

A Lei de Normalización Lingüística en vigor pretende que o coñecemento do galego sexa un dereito e un deber de tódolos galegos. Os centros de ensino de tódolos niveis permiten que a poboación infantil e adolescente se estea a formar no galego, pero a grande masa da poboación adulta non tivo a posibilidade de aprender gramaticalmente a lingua materna ou cotiá. Son moitos os galegos que se recoñecen «analfabetos» na súa propia lingua por non teren o costume de ler ou escribir en galego. Son moitos os que falan adoito a lingua galega pero temen escribila ou falala publicamente por medo a cometer incorreccións, debidas sobre todo ó uso do castelán para os mesteres máis elevados da vida social. Por iso este curso vén encher este baleiro que teñen tanto os que nunca tiveron a posibilidade de ler ou escribi-lo galego coma os que por diversas razóns a penas falaron a nosa lingua e se senten inseguros nela.

Este método está, pois, pensado para un público moi amplo e diverso e tenta por tódolos medios de que quen se achegue a el se identifique co mundo real de Galicia e da súa

lingua. As viñetas coas que se comeza cada lección queren introduci-lo lector nun mundo familiar e real, diriamos que case apalpable, para que o aprendiz una as verbas coas situacións da vida cotiá. E esas viñetas coa súa ampliación forman o texto de aprendixe de cada lección, que queda completada cunhas nocións gramaticais moi sinxelas para que este anaco de vida real quede sentado sobre as palabras e o seu fundamento gramatical. Os exercicios e a explicación das palabras que saen en cada lección axudan a fixar definitivamente o texto inicial.

Está ben claro que este curso, chamado «Galego coloquial» con toda intención, pretende que o lector non se sinta lonxe da lingua normal falada e escrita e que pense que unicamente está a realizar un exercicio de identificación da súa propia fala familiar coa fala común de tódolos galegos.

Non nos queda máis que felicitar ó equipo redactor desta obra, dirixido polo profesor Henrique Monteagudo e integrado polos licenciados Benigno Fernández Salgado e Xosé Henrique Costas, ó debuxante Siro López Lorenzo, ós traballadores dos talleres de ***La Voz de Galicia*** *e a cantos dun xeito ou outro fixeron posible que este volume vexa hoxe a luz pública.*

CONSTANTINO GARCÍA
Director do Instituto
da Lingua Galega

GALEGO COLOQUIAL

Curso de Galego



Presentación

Ano 1985 nun pequeno país europeo: Galicia.

María e Xoaquín son un dos matrimonios galegos emigrados fóra da súa terra para gaña-lo pan. Despois de sete anos deciden voltar ós seus eidos natais, á terra dos seus pais e dos seus fillos. Esta é a familia ó completo: Eses que tendes aí son Xoán, Carme e Anxo. Anxo é o máis vello, ten vintedous anos e traballa de mecánico nun taller. Nestes momentos é o home da casa. Carme estudia terceiro de bacharelato, ten dezaseis anos e está feita toda unha muller. Xoán, o máis novo, e iso que el non se ten por tal, ata agora xoga máis do que traballa, pero cos seus dez anos recén cumpridos e cos seus dotes, ten todo un futuro por diante. O que aquí vos imos contar son as súas historias de nenos, mozos e homes na súa vila, Portovello.

Que o pasedes ben con eles e que, ó mesmo tempo, sirva para aprenderdes un pouco máis de galego son os nosos obxectivos. Deixámolos, pois, a todos eles convosco.

Lección 1

De volta da Suíza



Ampliación: María chama desde Xenebra (Suíza) para anuncia-la súa volta. O que colle o teléfono é Xoán, pero María quere falar coa avoa do rapaz, e axiña é ela a que chega.

Gramática: Hoxe estudiamos na nosa lección dous verbos moi usados. Son os verbos SER e ESTAR, dos que poñémo-las formas do presente de indicativo:

	SER		ESTAR
eu	<u>son</u>	eu	<u>estou</u>
ti	<u>es</u>	ti	estás
el	<u>é</u>	el	está
nós	somos	nós	estamos
vós	<u>sodes</u>	vós	<u>estades</u>
eles	son	eles	están

Fíxese especialmente nas formas suliñadas.

Exercicios: a) Sinale as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo e na ampliación. b) Encha os espacios en branco coas formas adecuadas dos verbos ESTAR e SER:

1. Se ti............ rico, eu............. o presidente do goberno.
2. Nós............. avós deste rapaz, e vós............... irmáns deles.
3. Cando vós........... na oficina, ti............. quen máis me axuda.
4. El........... boa persoa, pero.............. un pouco ido.

Vocabulario

Avoa (s.f.): nai do pai ou da nai. O masculino desta palabra é **avó.**
Axiña (adv.): rápido, pronto, **de contado.**
Chamar (v.): pedir a alguén que veña. No diálogo refírese ó contacto telefónico.
Estar ben (expr.): encontrarse en bo estado de saúde.
Falar (v.): conversar, dicir.
Fillo (s.m.): o que nace duns pais. **Filliño** ten un matiz afectivo.
Irmán (s.m.): fillo dos meus pais. O feminino é **irmá.**
Mamá (s.f.): nome cariñoso de nai, o de pai é **papá.**
Quen (pron.): que ou cal(es) persoa(s). Exemplo: «¿Quen foron os que chamaron?» Non existe quenes para o plural.
Só (adv. ou adx.): sen compaña. / único.
Volta (s.f.): regreso.
Voltar (v.): regresar.

Lección 2

Preparando o regreso



Ampliación: Quedan María e maila súa nai falando do día en que van voltar a Galicia. A chegada está anunciada para o día seguinte. Hoxe, en avión, logo se chega.

Gramática: Nesta lección trátase de dar un modelo para os verbos da primeira conxugación, ou sexa, para os verbos regulares co infinitivo en -AR (chamar, chegar, cantar, chorar... etc.)

Presente do Indicativo

eu	ando
ti	andas
el	anda
nós	andamos
vós	andades
eles	andan

Nas falas do occidente de Galicia tamén se emprega a forma **vós andás**, e nas de oriente, **vós andais.**

Exercicios: a) No diálogo aparecen varias formas dos verbos chamar e chegar. Sináleas e colóqueas ó lado das correspondentes do verbo ANDAR no cadro anterior. b) Encha os espacios en branco usando os verbos **andar, agardar, chegar** e **falar:**

1. María e a súa nai............ por teléfono do día da súa volta.
2. El............. mañá e eles............... hoxe.
3. ¿Quén............... da Suíza? .... Xoaquín e María.
4. ¿Cando........... vós? Nós..............pasadomañá. Pois nós............ por vós no aeroporto.
5. Eu........... varios quilómetros ó día e vós non............. ningún.
6. Ti........... por teus pais no aeroporto.

Vocabulario:

Aeroporto (s.m.): lugar onde despegan e toman terra os avións.
Agardar (v.): esperar.
Cando (adv.): nese tempo; cada vez que; unha vez que...
Chegar (v.): Vir ó cabo dun camiño. / Abondar.
Daquela (loc.): por aquel tempo, naquel tempo. / Nese caso.
¡Deica mañá! (expr.): despedida ata o día seguinte, ou saúdo.
Hoxe (adv.): neste día.
Logo (adv.): nese caso; nese tempo; é equivalente ás veces a **daquela. / Rapidamente, en seguida, axiña.**
Mañá (adv.): o día seguinte a hoxe.
Seguinte (adx.): o que vén despois, a continuación.

Lección 3

No aeroporto



Ampliación: E o avión tomou terra sen novidade. Xoaquín e María, a nosa parella, veñen falando das impresións da viaxe. Os seus familiares agardan intranquilos, logo se producirá o encontro. ¡Qué grandes son os avións! dicían algúns rapaces que pasaban dun lado ó outro mirando cos seus ollos sorprendidos.

Gramática: Hoxe estudiarémo-lo verbo VIR nas súas formas de presente de indicativo:

eu	veño	nós	vimos
ti	<u>vés</u>	vós	vindes ou vides
el	<u>vén</u>	eles	veñen

Fíxese especialmente nas formas suliñadas.

(★) Note que Xoán se dirixe á súa avoa tratándoa coa forma de respeto VÓS, que se usa co verbo en segunda **persoa do plural. Outra forma de respeto, máis común, sería VOSTEDE, co verbo en terceira persoa do singular: «Avoa ¿vén recibilos?»**

Exercicios: a) Indique as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo e na ampliación. b) Complete as seguintes oracións coas formas correspondentes do verbo VIR.

1. Manolo non............... só no coche.
2. Os seus familiares .... estas vacacións a Sanxenxo.
3. Cando.............. de viaxe pregunta por todos.
4. Nós............ sempre en coche e vós............. en avión.
5. Sempre que........... tráenos un regalo.
6. Ti........ con María, eu............. con Piño.
7. No inverno........ comer a este bar e agardan sempre por el.

Vocabulario

Agora (adv.): neste momento.
Alí (adv.): naquel lugar, naquela situación.
Á (s.f.): extremidade superior das aves que lles serven para voar / aparello que sostén ós avións no aire. Plural **ás.**
De novo (exp.): outra vez, unha vez máis, **outra volta.**
Dicir (v.): expresar en voz alta, falar.
Encontro (s.m.): xuntanza repentina ou programada de varias persoas.
Novidade (s.f.): noticia, cousa da que nos enteiramos recentemente.
Ollo (s.m.): órgano corporal que serve para ver.
Parella (s.f.): par de persoas ou animais.
Sen (prep.): carecendo de.
Viaxe (s.f.): paso ou traslado dun lugar a outro.
Vir (v.): achegarse aquí, regresar.
Voar (v.): sosterse no aire coa axuda das ás.

Lección 4

O encontro no aeroporto



==

Gramática: a) Fíxese nos cadros das formas verbais que lle presentamos nas leccións anteriores. Como pode ver, as formas verbais van precedidas polos pronomes que indican a persoa que realiza a acción do verbo: eu, ti, el/ela, nós, vós, eles/elas. Son os pronomes persoais en función de suxeito.
b) Atendemos hoxe ó xénero dalgunhas palabras que, ás veces, non é en galego idéntico ó castelán; por exemplo, as rematadas en -AXE son todas femininas (a viaxe, a bagaxe, a equipaxe, a reportaxe...). Non seguen esta regra as palabras «o paxe, o traxe, o garaxe, o personaxe).

(★) Teña en conta as formas dialectais **tu**, **il**, **nosoutros**, **vosoutros**.

==

Exercicios: Adxudique un xénero, masculino ou feminino usando o artigo, ás palabras que non o especifican nas oracións seguintes:
1. Manolo leva......... traxe de pana novo para a festa.
2. .... friaxe é mala para a saúde.
3. Fago .... personaxe de médico nesa obra de teatro, que fai .... viaxe polo leste.
4. É .... garaxe pequen........... para un coche tan grande.
5. ¿Cal é ese conto que fala d....... long...... viaxe d...... paxe?
6. Disfrutamos moito mirando........... maravillos........... paisaxes.

==

Vocabulario:

Aló (adv.): por aquel lugar.
Apurar (v.): moverse rapidamente.
Bagaxe (s.f.): a carga, o equipamento para unha acción ou viaxe.
Equipaxe (s.f.): bagaxe, especialmente para facer unha viaxe.
Friaxe (s.f.): o frío, a baixa temperatura.
Longo (adx.): que ten extensión ou duración de máis.
Moito (adx.): máis do normal, máis do que esperamos. Ten a forma apocopada **moi.**
¿Non si? (expr.): pregunta que se fai esperando unha resposta afirmativa.
Ollar (v.): mirar.
Queixa (s.f.): sentimento ou expresión de dor. **Laio.**
Xa (adv.): agora mesmo, rapidamente; antes non, nese momento si.

Lección 5

No bar do aeroporto



Ampliación: Mentres Xoaquín vai polas maletas, a avoa, Anxo e a súa nai diríxense á cafetería para tomar algo. Un camareiro fraco aténdeos ó momento. De alí a un pouco vese chegar a Xoaquín cargado coa equipaxe a toda présa pola porta do bar.

Gramática: Hoxe estudiarémo-lo presente do verbo IR:

eu	vou	nós	imos
ti	vas	vós	ides
el	vai	eles	van

En expresións exclamativas ou enfáticas emprégase a forma do imperativo: «¡vamos!». Vexa diálogo lección 3. Tamén existe no galego falado a forma **vós vades.**

Exercicios: a) Sinale as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo e na ampliación. b) Encha os espacios en branco coas formas verbais que se indican entre parénteses poñendo a que conveña:

1. Vós (levar)........... présa porque (ir) a esa casa e eles (ir).......... pechar.
2. Nós (ir) .... coa equipaxe e vós (ir) .... cos regalos.
3. Aí (vir) .... os cafés, e despois (vir) .... o leite.
4. Eu (ir) .... de viaxe ós domingos polo Val do Deza.
5. Mentres el (ir) .... ó cine, ela (vir) .... á miña casa.
6. Cando eu (ir) .... ti sempre (vir)............

Vocabulario:

Botar (v.): poñer ou meter algo nun sitio / Expulsar, mandar para fóra.
Camareiro (s.m.): o mozo ou persoa que nos atende nun bar.
De alí a un pouco (expr.): un momento despois.
Fraco (adx.): delgado.
Leite (s.m.): líquido que dan as femias dos mamíferos para alimenta-las crías.
Máis (adv.): outro pouco.
Mel (s.m.): líquido espeso e doce que producen as abellas.
Mentres (conx.): desde que se empeza ata que se acaba.
Quente (adx.): que ten calor.
Rapaz (s.m.): neno que vai para mozo.
Poñer (v.): meter algo nun sitio, colocar. **Pór.**
Porta (s.f.): sitio por onde entramos e saímos da casa.

Lección 6

Noticias da familia



Gramática: Hoxe verémo-la formación do feminino. Os nomes que no masculino rematan en -AN poden face-lo feminino en -A, -ANA, por exemplo: meu irmán-miña irmá, catalán-catalana. Os rematados en -ÓN fan o feminino en -OA ou en -ONA: patrón-patroa ou patrona. Os rematados en -ANO fan o feminino en -ANA: xermano-xermana.

-án/-á	-on/-oa,-ona
-án/-ana	-ano/-ana

Exercicios: a) Suliñe as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo.
b) Faga o feminino das seguintes construccións en masculino:

1. O meu irmán é tan lacazán que non esperta polas mañás.
2. El tamén é humano. Non o trates así.
3. No zoo teñen un león enfermo e vai morrer.
4. Hoxe vénme un paisano de Bos Aires.
5. O novo profesor de Lingua é asturiano.
6. Eles agardan o regreso do curmán alemán.

c) Poña agora en masculino as seguintes oracións:


1. A nosa veciña italiana era moi urbana.
2. Desde o verán pasado coñezo unha australiana.
3. Está actuando na vila unha ladroa.
4. Hai unha semana que non vén a neta da túa irmá.

Vocabulario:

Ano (s.m.): medida do tempo de 365 días.
Cea (s.f.): a comida da noite.
Curmán (s.m.: primo, fillo de irmáns.
Exame (s.m.): proba de coñecementos.
Lacazán (adx.): vago, **preguiceiro.**
Muller (s.f.): femia da especie humana. / A que está casada cun home. **Esposa.**
Neto (s.m.): fillo do fillo dunha persoa.
Tempo (s.m.): duración das cousas / clima.
Veciño (s.m.): o que vive ó lado de onde vivimos nós.
Verán (s.m.): tempo do ano no que vai moita calor.

Lección 7

Preparando a cea



Ampliación: Carme fala cunha amiga dos seus irmáns. Como xa gañan algúns cartos e son maiores van por aí de esmorga. Os máis pequenos teñen algunha envexa, pero polo de agora conténtanse con facer carreiras cos patíns.

==

Gramática: Formación dos plurais. Hoxe veremos como se forman os plurais dos nomes que no singular rematan en calquera das cinco vocais (a, e, i, o, u) seguidas de consoante -n. Todas estas palabras engaden para o plural un -s. Vexamos:

imán-irmáns, tren-trens, patín-patíns,
canción-cancións, xexún-xexúns.

Na lingua falada, ó usar estas palabras en plural, pode non pronunciarse o **n**: canció(n)s, algú(n)s. Nas falas máis orientais de Galicia, fanse os plurais: cancioìs, pantalois, etc.

==

Exercicios: a) Sinale as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo e na ampliación. b) Poña en plural as seguintes oracións:

1. Este can éche ben lambón.
2. Ese camión é do máis ruín.
3. Naquel tren non levaron refén ningún.
4. O moi larchán colleume un patín.
5. É un mentirán moi común.

==

Vocabulario:

Aí (adv.): nese lugar.
Envexa (s.f.): desexo dunha cousa da que se carece. **Cobiza.**
Esmorga (s.f.): diversión ruidosa. **Troula.**
Festa (s.f.): reunión de persoas para celebraren algo ou divertírense.
Galopín (adx.): pícaro, pillo (pode ter sentido pexorativo).
Gañar (v.): conseguir diñeiro. / Vencer.
Lambón (adx.): que gusta moito das lambetadas ou lamboadas. Pode ter sentido pexorativo. **Larpeiro. Lambeteiro.**
Maior (adx.): o máis grande. O contrario é **menor.**
Mentirán (adx.): o que di moitas mentiras. **Mentireiro.**
Non dar pancada (expr.): non traballar, lacazanear, non dar golpe.
Refén (s.m.): prisioneiro.
Xexún (s.m.): falta de comida.

Lección 8

Leria na cociña



Ampliación: Un membro máis na familia, outra boca que alimentar. A curmá de Carme, que casou hai tres anos, xa ten o segundo fillo. O seu curmán Anxo pensa que os nenos non fan máis ca amolar, pero el tamén ó final vai dar en casar e vainos ter que coidar.

==

Gramática: Paradigmas do artigo determinado e indeterminado.

Artigo determinado (1.ª forma)	
o	a
os	as

Artigo indeterminado	
un	unha
uns	unhas

Nas leccións seguintes verémo-la outra forma do artigo determinado.

==

Exercicios: a) Na viñeta e na ampliación aparecen 10 formas do artigo determinado e 6 do artigo indeterminado. Sináleas. b)Complete os espacios en branco cos artigos dos paradigmas.

...........vez fomos de caza ó monte. Vimos .... coellos e .... lebres.
...........coellos eran moi grandes e .... lebres tiñan moitas cores.
...........caso foi que lles tirei .... par de tiros, pero como non as pillei fuxiron.

==

Vocabulario:

Amolar (v.): molestar, estorbar, incomodar.
Casar (v.): contraer matrimonio. O verbo é «casar» e non «casarse».
Coidar (v.): procurar que non lle pase nada a algo ou a alguén. **Ter conta.** Ter unha opinión ou un xuício.
Dar en facer (expr.): acabar por facer.
Escola (s.f.): lugar onde estudian os rapaces.
Fuxir: (v.): irse de présa dun sitio por medo.
Gardería (s.f.): lugar onde se coidan os nenos que aínda non van á escola.
Leria (s.f.): **verba,** locuacidade.
Máis (adv.): cantidade superior, maior número.
Membro (s.m.): elemento dun conxunto, persoa.
Neno (s.m.): rapaz de menos de 14 anos.
Novo (adx.): de pouco tempo; oponse a vello.
Pillar (v.): atrapar algo ou coller a alguén.

Lección 9

Conversa no bar



Ampliación: Estamos no aeroporto de Labacolla en Santiago, é un serán frío de Nadal que ameaza chuvia. Entre a xente que vai e vén tamén témo-lo Anxo e o seu pai. Na barra do bar, unha parella parece despedirse.

Gramática: 2.ª forma do artigo sen guión. O artigo O, A, OS, AS que vimos na lección anterior converte o -r ou -s final da palabra que lle precede en -l, uníndose a ela: por + o = polo, todos + os = tódolos. Desta maneira escribiremos sempre:

1. con POR: polo, pola, polos, polas.
2. con MAIS: mailo, maila, mailos, mailas.
3. con TRAS: tralo, trala, tralos, tralas.
4. con TODOS e TODAS: tódolos, tódalas.
5. con (ENTR)AMBOS: (entr)ámbolos, (entr)ámbalas.

Exercicios: a) No diálogo aparecen cinco formas estudiadas hoxe na gramática, localíceas e sulíñeas.

b) Encha os espacios en branco coas formas da gramática.

1. POR .... mañá os nenos e MAIS .... as nenas limpades esta aula.
2. Deixa o paraugas TRAS .... porta.
3. TODOS .... seráns teño clase ás 7,30.
4. AMBOS .... dous traballades pouco.

Vocabulario:

Ameazar (v.): anunciar, advertir. / Deixar ve-la intención de facer mal.
Autoescola (s.f.): escola onde se aprende a conducir.
Carné (s.m.): permiso oficial para conducir.
Conversa (s.f.): diálogo, conversación.
Chuvia (s.f.): a auga que é provocada polas nubes. **Choiva.**
Ir apañado (expr.): ter malas perspectivas nun asunto.
Levar (v.): mover unha cousa dun sitio para outro. / Ter / Tardar / Ter posto.
Nadal (s.m.): o derradeiro mes do ano. **Decembro.**
Paraugas (s.m.): aparello para torna-la chuvia, para protexerse dela.
Parella (s.f.): persoas, animais ou cousas tomadas de dúas en dúas.
Serán (s.m.): o final da tarde, antes de que escureza de todo. **Noitiña. Solpor.**
Xente (s.f.): persoas.

Lección 10

A falar de coches



Ampliación: E así entre risadas e bromas alá van os cafés. Saen do bar e chegan ó aparcadeiro: os ollos do pai de Anxo ó ve-lo coche eran un poema, pois pintárao a coloriños.

—Velaí o meu coche, papá.

—Xa, meu fillo, xa. ¿É de camuflaxe, non si?

===

Gramática: Formas con guión da segunda forma do artigo.
En leccións anteriores xa usámo-lo guión para uni-la segunda forma do artigo ó verbo. Pois ben, empregarémo-la segunda forma do artigo -lo, -la, -los, -las:

1. Despois do infinitivo e das formas verbais persoais que rematen en -s: «vai chama-lo cura», «despois gárda-los libros».
2. O mesmo para as formas do pronome rematadas en -s que van unidas ó verbo: «quere poñérvo-lo coche nas vosas mans».
3. Despois da forma adverbial interrogativa: u («onde está»): «¿u-lo gato?»

Na lingua escrita, algúns autores non representan a segunda forma do artigo: «chamar o cura», «gardar os libros», «todos os nenos».

===

Exercicios: a) Indique as 5 segundas formas do artigo que aparecen nos diálogos e na ampliación. b) Complete os espacios en branco:

1. ¿(Agardas)........... tua tía ou (lévasnos) .... equipaxe para a casa?
2. Non sabían (facer) .... cousas.
3. (Abrimos) .... cancela e fuxiu o can.
4. Meu irmán e (mais) .... teu van en Betanzos.
5. Anque te agachas (tras) .... porta véxote.

===

Vocabulario:

Aparcadeiro (s.m.): lugar onde se deixan aparcados os coches.
Camuflaxe (s.f.): disfrace, máscara que cobre a verdadeira aparencia.
Coloriño (s.m.): cor viva e rechamante, que destaca.
Cata que (expr.): mira que, olla que.
Exército (s.m.): conxunto de tropas armadas.
Mercar (v.): comprar.
Risada (s.f.): sonido que facemos cando rimos.
Saír (v.): pasar de dentro para fóra.
Velaí (expr.): aí está, aí vedes.

Lección 11

Chegada á casa



Gramática: Hoxe verémo-las contraccións de artigo con preposición.

	ARTIGO DETERMINADO				ARTIGO INDETERMINADO			
	O	A	OS	AS	UN	UNHA	UNS	UNHAS
A	ó(ao)	á	ós(aos)	ós	a un	a unha	a uns	a unhas
CON	co	coa	cos	coas	cun	cunha	cuns	cunhas
DE	do	da	dos	das	dun	dunha	duns	dunhas
EN	no	na	nos	nas	nun	nunha	nuns	nunhas
POR	polo	pola	polos	polas	por un	por unha	por uns	por unhas

Algúns autores representan con **ao** a contracción **ó.** Tamén hai que ter en conta que na lingua falada é frecuente a pronuncia **ca** e **cas** ó lado de **coa** e **coas.**

===

Exercicios: a) Indique as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo e na ampliación.

b) Encha os espacios en branco coas modalidades correspondentes das formas que van entre parénteses.

1. ¿Con quen vas de viaxe? Vou (con+a) .... tía.
2. Imos (a+o) .... campo. Voltamos (por+a) .... tardiña (a+a) .... casa (de+os) .... nosos tíos.
3. (con+o) .... tempo que vai non imos chegar (a+o) .... monte pero podemos parar (en+o) río.
4. (con+a) .... nova estrada chégase antes.

===

Vocabulario:

Can (s.m.): animal doméstico que coida a casa. O feminino é **cadela.**
De acordo (exp.): expresión que indica asentimento, **conformidade.**
Estrada (s.f.): vía por onde circulan os coches.
Mesmo (adx.): o idéntico, o igual. / Neste caso **incluso.**
Noitiña (s.f.): período de tempo que indica o comezo da noite.
Reloucar (v.): alegrarse, **poñerse ledo.**
Xusto (adx.): o que está ben.
Estar dun mal tempo (expr.): ir mal tempo.

Lección 12

Ó redor da mesa



Gramática: Hoxe imos estudiar outro verbo moi usado na nosa lingua. Trátase do verbo TER. Pode vostede comparalo co mesmo tempo —presente— do verbo VIR.

eu	teño	eu	veño
ti	tes	ti	vés
el	ten	el	vén
nós	temos	nós	vimos
vós	tendes/tedes*	vós	vindes/vides*
eles	teñen	eles	veñen

*Ámbalas dúas son formas válidas.

Exercicios: a) Suliñe as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo. b) Encha os espacios en branco coas formas verbais indicadas:

1. Nós (ter) .... moitas ganas de ir ó cine, se ti (ter) .... ganas tamén, (ir) .... todos.
2. Vós (ter) .... que agardar por se eles (vir) .... pero ti (vir) .... agora.
3. Se vós (vir) .... hoxe a Santiago, nós (ir) .... mañá: estamos cheos de traballo.
4. Se ó final vós (ter) .... excursión, ela (ter) .... que vir por aquí.
5. Eu hoxe (ter) .... moito labor e eles (ter) .... o costume de visitarnos ós xoves.

Vocabulario:

Cociñeira (s.f.): a que fai de comer.
Cheo (adx.): o que xa está completo; o contrario é **baleiro.**
Fame (s.f.): apetencia ou necesidade de comer.
Labor (s.m.): traballo.
Ó redor (expr.): dando a volta todo pola beira.
Ollomol (s.m.): peixe moi saboroso que se adoita preparar ó forno.

Lección 13

Cos pais na casa



Gramática: Plural das palabras rematadas en vocal acentuada: fórmase engadindo un -s á palabra: mazá-mazás, café-cafés, israelí-israelís, marroquí-marroquís, illó-illós, tabú-tabús, etc.

Plural das palabras rematadas en ditongo: coma no caso anterior, engaden un -s: rei-reis (non reises), lei-leis (non leises), bocoi-bocois, etc.

Plural das palabras rematadas en -s, -r, engaden -es: mar-mares, flor-flores, pastor-pastores, director-directores, mes-meses, deus-deuses, etc.

Hai palabras rematadas en -s que teñen a mesma forma en singular e plural: xoves, luns, oasis, etc.

Palabras usuais que cambian o xénero do castelán ó galego: o leite, o mel, o nariz, o sinal, o sal, o lume, o labor, o sangue, o dote, o costume, o fel, o berce, o cal, son masculinos en galego. Son femininos: a ponte, a cor, a calor, a dor, e moitos nomes de árbores coma a cerdeira, a nogueira, a pereira, a ameixeira...

Exercicios: a) Suliñe as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo e na ampliación. b) Poña en plural as seguintes frases:

1. O pastor bebeu un bocoi, comeu unha mazá e marchou ó prado.
2. O rei dictou unha lei que prohibía o costume de arrincar flores.
3. Tomei un café cun israelí e un marroquí.
4. Para aquel indio o illó era tabú.

c) Traduza ó galego as seguintes oracións:

1. La leche y la miel son una señal de prosperidad.
2. Al calor de la lumbre hierve la sangre.
3. Junto a aquel puente había un cerezo y un nogal.
4. Tienes la nariz llena de sangre seca.

Vocabulario:

Ameixeira: (s.f.): árbore froiteira que dá ameixas. **Ciroleira.**
Berce (s.m.): cama do neno pequeno, do lactante ou naipelo.
Bocoi (s.m.): barrica grande para garda-lo viño.
Dote (s.m.): fortuna económica que leva unha muller cando casa. / **Dotes:** cualidades dunha persoa.
Fel (s.m.): líquido marelo - verdoso, amargo, segregado polo fígado dos vertebrados.
Illó (s.m.): manantial de auga que nace a rentes do chan.
Lume (s.m.): luz e calor que producen os corpos ó arderen.
Nogueira (s.f.): árbore que dá as noces.
Sangue (s.m.): líquido vermello que circula polas veas.
Sinal (s.m.): signo empregado para lembrarse logo dalgo. / Signo distintivo dalgo / Indicio / Resto / Cicatriz dunha ferida. **Marca.**
Tabú (s.m.): o que está prohibido ou censurado mencionar.

Lección 14

Primeiro almorzar e logo traballar



Ampliación: Ó amencer Anxo e seus irmáns érguense con présas e cos ósos mazados, por que onte foron tarde á cama. Anxo non espera a almorzar pero a avoa ten o mesmo traballo: Xoanciño come coma un oso, e logo non se ten de pé.

Gramática: No noso idioma cómpre diferenciar entre as parellas e/**e** e tamén o/**o**. Trátase de dúas vocais distintas que en certos casos —segundo sexan abertas ou pechadas— distinguen os significados de certas palabras. Así poden ver na viñeta:

presa (montón que cabe nunha man, presada) / présa (rapidez)
bos (que están ben) / vós (segunda persoa de plural)
bolo (pan pequeniño) / b**o**lo (peza do xogo dos bolos).

e tamén se pode ver en:

bola (pan ou empanada) / b**o**la (obxecto redondo)
oso (animal) / óso (do corpo humano)
pe (nome dunha letra) / pé (parte do corpo)

Normalmente os nosos **e** aberto e **o** aberto correspóndense co -ie- e co -ue- respectivamente no castelán: neto... nieto, novo... nuevo, sete... siete, porta... puerta. Isto que estamos a dicir é moi útil para diferencia-los tempos dos verbos como xa veremos.

Exercicio: a) Sinale as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo e na ampliación, intentando diferencia-las palabras polas vocais abertas ou pechadas. b) Trate de pronuncia-lo timbre aberto ou pechado das ditas vocais. Déase conta de que pode haber ambigüidade, tal e como indican os seguintes exemplos:

«Estaba na mesa e xogaba coa bola» (¿a de comer ou a de xogar?)
«O pé desta páxina está escrito en minúsculas» (neste caso só o acento nos indica o significado:
Sen acento indicaría algo referido á letra p; pero con acento indica o pé de páxina, é dicir, a parte inferior).

Vocabulario

Almorzar (v.): comer por vez primeira de mañá.
Amencer (s.m.): o nacer do día.
Bo (adx.): que está ben. O seu contrario é **malo.**
Cedo (adv.): antes da hora esperada, pronto / de mañá.
Erguer(se) (v.): levantar(se).
Ferragachos (s.m.): obxectos de ferro.
Onte (adv.): o día antes de hoxe.

Lección 15

Xoán está nos biosbardos



Ampliación: Pola tarde na clase de ciencias, don Manuel pregunta qué opinan sobre facer unha excursión ó monte para recoller bichos e despois analizalos. Mais agora Xoán, o noso gordiño, non está alí. Só pensa que ó dá-las cinco ten que xogar ós bólos.

==

Gramática: Na lección anterior falabamos de vocais abertas e pechadas. Pois ben, xa que ás veces pode haber confusión en dúas formas idénticas, cómpre na escrita sinalar con acento gráfico unha das dúas formas. Chámase acento diacrítico. Levará til unicamente a palabra con vocal aberta e/ou tónica.

á (a+a contracción) / a (artigo, prep.)
ás (a+as contracción) / as (art.)
dó (s. = «compaixón») / do (de+o)
é (pres. v. ser) / e (conx.)
só (único) / so (debaixo de)
el vén (v. vir) / eles ven (v. ver)
máis (adv.) / mais (conx. = pero)
nó (s. = «lazo») / no (en+o)
ó (a+o) / o (art.)
ós(a+os) / os(art)
póla (s.=rama) / pola (s.=galiña) (por+a)
pór (v. = poñer) / por (preposición)

As formas verbais que levan acento diacrítico manténeno cando van seguidas dunha forma átona do pronome ou da segunda forma do artigo: dállo, dáslle, éche...

==

Exercicios: a) Suliñe as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo e na ampliación.

b) Póñalle acento gráfico nas seguintes oracións, cando cadre.

1. O amalloa-los zapatos Xosé ten que desface-lo no.
2. Dalle do tratalo asi, mais ten que facelo.
3. Antón ven a vila. Hai tempo que non o ven.
4. Antes de porte o pe dela, mira ben quen e.

==

Vocabulario

Amalloar (v.): asegura-los zapatos amarrando os **amallós. Agulletar. Amarrar. Atar.**
Analisar (v.): examinar detidamente, pormenorizadamente, facer unha análise.
Bóla (s.f.): esférico para xogar.
Castiñeiro (s.m.): árbore que dá castañas.
Dó (s.m.): **pena, mágoa,** sentimento de compaixón.
Escáncer (s.m.): reptil parecido á cobra non velenoso.
Estar ós biosbardos (expr.): estar pensando noutra cousa, «estar nas nubes».
Gaiola (s.f.): caixa con reixas para meter animais dentro e telos en catividade.
Nó (s.m.): por onde se amarran dúas cordas ou parte dunha en forma de lazo.
Lagartixa (s.f.): reptil parecido ó lagarto pero máis pequeno.
Pouco (adv.): pequena cantidade, case nada.

Lección 16

Ós postres



Gramática: No presente de indicativo dos verbos en -er (2.ª conxugación), prodúcese unha alternancia nas vocais -e- e -o- do tema, de xeito que estas son abertas na 2.ª, 3.ª e 6.ª persoas, e pechadas na 1.ª, 4.ª e 5.ª. Vexámolo con dous exemplos: Eu como caviar cando me peta / El come carne decote.

COMER
eu como
ti comes
el come
nós comemos
vós comedes
eles comen

BEBER
eu bebo
ti bebes
el bebe
nós bebemos
vós bebedes
eles beben

Observacións: 1) A diferencia de timbre na vocal permite distingui-la terceira persoa do singular do presente de indicativo da 2.ª do imperativo: el come / come ti. No imperativo sempre temos unha vocal pechada. 2) A alternancia á que facemos referencia no presente de indicativo non ocorre nos verbos QUERER, PODER e DEBER, e os rematados en -ECER, como veremos nos temas seguintes. 3) O presente de subxuntivo sempre segue o tema da 1.ª persoa do indicativo, polo que este tempo sempre ten vocal pechada: coma, beba. 4) Fíxese no vocabulario na lista de verbos que en castelán da 3.ª conxugación e que en galego pertencen á segunda.

Exercicio: Conxugue atentamente en voz alta os presentes de indicativo e subxuntivo dos verbos **coller** e **perder**, atendendo ó timbre da vocal temática.

Vocabulario

Bater (v.): dar golpes / atopar casualmente.
Concorrer (v.): acudir.
Cogumelo (s.m.): seta, fungo do monte.
Decote (adv.): sempre, continuamente.
Discorrer (v.): pensar, inventar.
Escorrer (v.): esvarar, escorregar.
Fender (v.): abrir, atravesar unha cousa, partila.
Ferver (v.): quentar un líquido ata que bula.
Ocorrer (v.): Suceder, acontecer.
Percorrer (v.): camiñar ó longo dunha terra.
Render (v.): producir unha **renda** / Renderse, darse por vencido.
Rexer (v.): dirixir, gobernar. / Estar en plenitude de facultades mentais.

Lección 17

Na estación



Gramática: Dentro da segunda conxugación hai verbos que non teñen alternancia na vocal radical -e- ou -o-. Así conxugarémo-lo presente QUERER e PODER sempre con **e** e **o** abertos na 1.ª, 2.ª, 3.ª e 6.ª persoas e con **e** e **o** pechados na 4.ª e 5.ª.

INDICATIVO		SUBXUNTIVO	INDICATIVO		SUBXUNTIVO
eu	quero	queira	eu	podo	poida
ti	queres	queiras	ti	podes	poidas
el	quere	queira	el	pode	poida
nós	queremos	queiramos	nós	podemos	poidamos
vós	queredes	queirades	vós	podedes	poidades
eles	queren	queiran	eles	poden	poidan

Fíxese que as formas do presente de subxuntivo introducen un **i**.

Exercicios: a) Suliñe as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo. b) Complete as frases que veñen a continuación cos presentes do verbo **querer** e **poder.**

1. Non creo que el **querer** beber máis leite.
2. Nós non **poder** pensar que eles nos **querer** facer esa xogada.
3. Con tanta friaxe non hai quen **poder** vivir aquí.
4. (Vós) **Querer** que teña máis paciencia pero calquera vos **poder** aturar.
5. Sei que eles o **poder** facer, o que pasa é que non **querer.**
6. Con ese pescozo tan grande **poder** competir coas xirafas.
7. Non **querer** estar de xeonllos pero meréceno.
8. ¿Que **querer** poñéndote desa maneira?

c) Sinale o timbre das formas verbais empregadas.

Vocabulario:

Aturar (v.): soportar alguén. / Sufrir en silencio unha dor, unha desgracia ou unha impertinencia.
Cume (s.m.): a parte máis alta dun monte, dunha casa. **Cumio.**
Esbardallar (v.): falar de máis e sen tino.
Pescozo (s.m.): parte do corpo que une a cabeza co resto do corpo.
Xeonllo (s.m.): Parte por onde dobra a perna por diante.
Xirafa (s.f.): animal cun pescozo moi longo.

Lección 18

Ó volver á casa



Ampliación: Os rapaces volven da súa excursión polo campo. No camiño de regreso lembran que ó día seguinte deben facer unha redacción sobre a excursión.

Gramática: Hoxe imos ve-los presentes de indicativo dos verbos DEBER, QUECER, ESQUECER, e demáis rematados en -ECER. O verbo deber mantén a vocal pechada en todo o presente. Os verbos quecer e esquecer teñen sempre e aberto. Os máis en -ecer poden ou non alterna-lo timbre do **e**. Se non alterna, o timbre é sempre pechado.

eu	debo	quezo	esquezo	-ezo
ti	debes	queces	esqueces	-eces
el	debe	quece	esquece	-ece
nós	debemos	quecemos	esquecemos	-ecemos
vós	debedes	quecedes	esquecedes	-ecedes
eles	deben	quecen	esquecen	-ecen

Note as variantes «quencer» e «esquencer», tamén válidas.

Exercicios: a) Sinale as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo.

b) Encha os espacios baleiros coa forma verbal que corresponda:

1. Mentres esta pota (quecer)........, vós (deber).......... adoba-lo polo.
2. El (deber)........... saber que nós nunca (esquecer)..........
3. Sempre eu (aparecer)........... cando menos o esperades.
4. Ás veces eu (esquecer).......... que vós me (deber)........... algúns cartos.
5. Xa sabedes que nós non (esquecer)........... o que ti sempre (esquecer)..........
6. Eu (padecer)........... unha doenza, pero non é nada grave.

c) Marque o timbre aberto ou pechado das vocais das seguintes formas. Ocorre. Renden. Move. Ergue. Acende. Debes. Podo. Queres. Quece. Collemos. Bebe. Come. Quecen. Esquezo. Deben. Podedes. Corren. Remexes. Discorremos. Ferve. Escorres.

Vocabulario:

Adobar (v.): poñer condimentos ós alimentos.
Canseira (s.f.): debilidade producida pola fatiga, **cansanzo.**
Esfolar (v.): tirarlle a pel a un animal / **Esfolarse** (v.): cortarse, levantarse a pel, ferirse. / **Estar esfolado** (expr.): estar moi canso, **derreado.**
Esquecer (v.): Non acordarse dalgo. **olvidar.**
Pota (s.f.): ola, vasixa máis pequena có **pote** / Cefalópodo semellante ó calamar.
Polo (s.m.): galo novo.
Quecer (v.): Quentarse, acumular calor, entrar en calor.

Lección 19

A teima do permiso de conducir



Gramática: Imos comenzar hoxe o estudio dos verbos da terceira conxugación, que, como xa verán, é bastante complicado. Presentámoslles hoxe un dos modelos regulares, no que alternan as vocais radicais u/o:

SUBIR

eu	subo	nós	subimos
ti	**sobes**	vós	subides
el	**sobe**	eles	**soben**

Fíxese especialmente nas formas destacadas.

Seguen este paradigma verbos como: durmir, fuxir, lucir, ruxir, sufrir, tusir.

Exercicio: a) Sinale as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo. b) Escriba a forma que corresponda do verbo que vai entre parénteses:

1. Mentres el (durmir) todo o día, nós (muxir) e (xunguir) as vacas.
2. Eles (fuxir) do país porque non lles queda outro remedio.
3. Estes (tusir) a tódalas horas, aquel (ruxir) coma un león, o outro (sufrir) por vós. Así vós (lucir) o pelo.
4. ¿Con que material ti (cubrir) as caixas?
5. Primeiro nós (cuspir)lle na cara, e despois a el (xurdir)lle esa brillante idea.

Vocabulario:

Bulir (v.): moverse moito. / Tamén se di da auga cando bota moitas gurgullas.
Cubrir (v.): tapar. Coma este verbo conxúgase tamén: descubrir, recubrir..., etc.
Cuspir (v.): expulsar cuspe pola boca.
Muxir (v.): quitarlle o leite á vaca.
Teima (s.f.): idea fixa, **manía.** Pensamento no que un matina a miúdo.
Xunguir (v.): poñerlle o xugo ás vacas, bois e bestas. Non é igual a unir.
Xurdir (v.): saír algo de onde estaba sumido, especialmente saír á superficie desde o fondo da auga.

* Todos estes verbos que lle damos no vocabulario tamén se conxugan no indicativo presente coma SUBIR.

Lección 20

«Ás voltas co permiso de conducir»



Ampliación: A tía parece estar ferida polo que os seus sobriños bromean con ela sobre o coche. Uxía, a filla de Regueira, e máis ela seguen practicando co «L» na Autoescola. Son, segundo María, boas conductoras, o que pasa é que aínda teñen que facer máis prácticas.

Gramática: Modelo alternante da 3.ª conxugación: SERVIR. Conforme a este modelo conxúganse entre outros os verbos ferir, mentir, seguir, sentir e os seus compostos e derivados.

eu	sirvo	nós	servimos
ti	**serves**	vós	servides
el	**serve**	eles	**serven**

O xénero: Os nomes das letras do alfabeto teñen xénero masculino en galego: «o **a** minúsculo», «o **n** final», «pronuncia mal o **v**».

Exercicios: a) Indique as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo e na ampliación. b) O exercicio de hoxe consiste en transforma-las oracións que lle propoñemos dun xeito análogo ó do exemplo:

cando minto, sinto vergonza (TI) cando mentes, sentes vergonza

1. **Feres** unha peza e **séguela** para atrapala (ELES).
2. Cada vez que **sentimos** un ruído, seguímo-lo seu rastro (EL).
3. Sempre que **desmenten** unha noticia **teñen** que dicilo na radio (TI).
4. Se **vas** ó monte **consegues** adelgazar (VÓS)
5. Cando **consegue** o que **quere vén** todo alegre (EU).
6. **Descubro** a verdade e non **minto** (ELAS).

Vocabulario:

Dar sacado (expr.): acabar de sacar, ser capaz de sacar.
Ferir (v.): lastimar, **mancar.**
Guiar (v.): o mesmo ca **conducir.**
Segundo (adv.): conforme.
Sobriño (s.m.): fillo de meu irmán ou miña irmá.
Verdade (s.f.): o que é **certo.**
Vergonza (s.f.): turbación do ánimo que pode provocar rubor. **Vergoña.**

Lección 21

Seguen as bromas



Ampliación: Os rapaces divírtense á custa da pobre tía que segue tódalas bromas, aínda que lles pide que calen.

Gramática: Seguimos cos verbos da 3.ª conxugación. Vemos hoxe o modelo do verbo PEDIR.

eu pido	nós pedimos
ti pides	vós pedides
el pide	eles piden

Coma o verbo PEDIR conxúganse, entre outros, os verbos advertir, divertir, agredir, referir, competir, repetir, espirse, medir, vestir.

Exercicios: a) Indique as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo e na ampliación. b) Use os verbos que correspondan nos espacios en branco das oracións seguintes:

1. Ti sempre (pedir) .... de máis; se (vestir) .... así é porque iso vos (divertir)..........
2. Esta frase (referirse) .... a outro tema.
3. Nós (vestir)............... moi ben, pero a túa tía (vestir) .... mellor aínda.
4. Eu (espirse) .... cando o médico me ausculta.

c) Escriba unha redacción de cinco liñas empregando os verbos da 3.ª conxugación que vimos nas leccións 19 e 20.

Vocabulario:

A custa de (expr.): e o mesmo ca **a conta de.**
Espirse (v.): saca-la roupa que un leva posta.
Pallaso (s.m.): o home que nos produce risa. Ás veces traballa no circo.
Se cadra (expr.): tal vez, posiblemente, quizais.

Lección 22

Pequenas liortas familiares



Gramática: O verbo VIVIR tamén pertence á terceira conxugación. O seu modelo de conxugación no presente de indicativo é o máis regular dos verbos en -IR:

eu vivo
ti vives
el vive
nós vivimos
vós vivides
eles viven

Seguen este modelo os verbos asumir, confundir, corrixir, cumprir, decidir, difundir, discutir, escribir, finxir, incidir, recibir, sucumbir, unir, zurcir, nutrir, e outros moitos máis, a maioría de procedencia culta.

Exercicios: a) Sinale as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo.
b) Introduza as formas verbais que correspondan :

1. Xoán (asumir) .... tódalas súas responsabilidades, pero non o (sentir) ....
2. Uxía (cumprir) .... anos para o mes, pero a verdade é que (recibir) .... galanos con antelación.
3. Se (finxir) .... sabelo, seguro que (mentir) ....
4. Non nos (divertir) .... gran cousa se eles (confundir) .... os allos con cebolas.
5. Esa muller (vivir) .... para os seus fillos.
6. Non (servir) .... de nada que o digas, eles nunca (cumprir) .... coa palabra.

Vocabulario:

Allo (s.m.): Pranta de sabor forte con forma de cabeza composta de «dentes», que se emprega na cociña.
Bágoa (s.f.): pinga de auga que sae dos ollos ó chorar. **Lágrima.**
Cativo (s.m.): pequeno, pícaro, rapaciño / Preso, prisionero, escravo / (adx.): de pequeno tamaño ou de mala calidade.
Cebola (s.f.): pranta de horta cunha cabeza formada por capas.
Cumprir (v.): facer aquilo que se debe ou se ten que facer; completar / Hai que ter en conta a expresión **cómpre que....** que significa «é necesario», «fai falta».
Galano (s.m.): regalo, presente.
Lembrarse (v.): recordar, acordarse. Pódense construír de dúas maneiras as oracións con lembrar(se): «lembreime de face-lo teu recado» ou «lembroume face-lo recado».
Liorta (s.f.): pequena pelexa.
Pertencer (v.): referir ou facer relación unha cousa a outra. / Ser propiedade dalgo ou alguén.
Rir (v.): darlle a un a risa.
Sentir (v.): ademais da acepción xeral de «ter un sentimento, significa o mesmo ca «oír»: «fala máis alto que non te sinto ben».

Lección 23

Segue o lío



Ampliación: Carme e Xoanciño seguen discutindo. María fai que se reconcilien, pero Xoan volve molesta-la súa irmá ensinándolle outra carta.

Gramática: Hoxe verémo-lo imperativo, forma verbal que expresa un mandato:

DAR: dá, dade	DICIR: dí, dicide	ESTAR: está, estade	FACER: fai, facede
IR: vai, ide	PODER: pode, podede	PONER: pon, poñede	PÓR: pon, ponde
QUERER: quere, querede	SER: sen sede	TER: ten, tede ou tende	VER: ve, vede
VIR: ven, vide, vinde	ANDAR: anda, andade	COLLER: colle, collede	PARTIR: parte, partide
SAÍR: sae, saíde	LER: le, lede	RIR: ri, ride	

Note a diferencia entre a 3.ª persoa do singular do indicativo presente e a 2.ª singular do imperativo: el bebe (con e aberto) / bebe ti (con e pechado), el come (con e aberto) / come ti (con e pechado), el segue (con e aberto) / sigue ti, el dorme (con e aberto) / durme ti. Ben se ve que as formas con **e**, **o** abertos sempre son as do presente, que se opoñen ás que teñen e, o pechados do imperativo da 2.ª conxugación; e i, u, do imperativo da 3.ª conxugación. Sen embargo, hai verbos da 3.ª conxugación que teñen a mesma forma para os dous modos: el vive / vive ti.

Exercicio: a) Indique as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo e na ampliación. b) Sustitúa o infinitivo que lle damos por unha forma de imperativo do mesmo verbo:

1. ¡(fuxir) .... túzaros! ¡(marchar) .... lacazáns!
2. (poñer) .... un pouco de pomada nese tirizó, xa veredes como pasa.
3. ¡(deter) .... esa ladroa hoxe mesmo! díxolles o comisario ós policías.
4. (mirar) ...., se sodes así acabaredes coma ese furafollas.

Vocabulario:

Furafollas (adx.): persoa moi viva de inxenio, traste e alegre.
Lacazán (adx.): persoa que non quere traballar. **Preguiceiro, Nugallán.**
Ladroa (adx.): muller que rouba. Ladrona. Ladra.
¿Que máis ten? (expr.): ¿que máis dá? ¿que importancia ten? Note a expresión «tanto ten» (dá igual, dá o mesmo).
Tirizó (s.m.): inflamación pequena que nace no borde dunha das pálpebras dos ollos. **Orizó.**
Túzaro (adx.): persoa que foxe e se agocha da xente. Teimoso.

Lección 24

De volta en Portovello



Ampliación: Ó chegar á casa, Anxo escoita a radio na furgoneta; ó parecer, en Balaídos, con asistencia de varios miles de espectadores, métense goles para tódolos gustos.

Gramática: Plural das palabras rematadas en -L:

a) As palabras dunha soa sílaba fan o seu plural regularmente engadindo -ES ó singular: mel-meles, mil-miles, sol-soles, tul-tules, mal-males, tal-tales.

b) As palabras de máis dunha sílaba rematadas en -AL, -EL, -OL, -UL, fan o plural sustituindo o -L por -IS: animal-animais, caracol-caracois, papel-papeis, azul-azuis. Cando estas terminacións non son acentuadas, o plural faise engadindo -ES: túnel-túneles, cónsul-cónsules.

c) As palabras rematadas en -IL sustituen o -L por -S: fusil-fusís, funil-funís. Pero como no caso anterior se o acento recae noutra sílaba da palabra, o plural faise engadindo -ES ó singular: fácil-fáciles, áxil-áxiles, difícil-difíciles.

d) Un caso á parte, que hai que ter en conta, son as palabras compostas, que sempre fan o plural engadindo -ES ó singular: ollomol-ollomoles, chuchamel-chuchameles

---

Exercicios: a) Suliñe no diálogo e na ampliación as formas estudiadas hoxe na gramática.
b) Poña en plural as seguintes oracións:

1. Nese papel hai debuxado un rapaz que ten fusil.
2. O cónsul comeu un ollomol enteiro.
3. Había un caracol ó pé dun chuchamel.
4. ¡Mira que era áxil e rápido! Atravesou o túnel en dous minutos.
5. O veterinario non daba co mal do animal.
6. De tal pai tal fillo.
7. O Goberno Civil resolve o problema da multinacional.

Vocabulario:

Cadril: (s.m.): rexión lateral do corpo humano por riba da cintura pola parte das costas.
Coenllo (s.m.): animal doméstico da familia dos roedores.
Curral (s.m.): sitio unido ás casas, cercado e descuberto que ten distintos usos.
Chuchamel (s.m.): prantiña de talo verde e flor marela que sabe agre ó chuchala.
Doer (v.): ter dor.

Lección 25

Na rúa



Ampliación: Xoán, despois de almorzar, sae para a escola como cada semana. Na rúa atópase co seu primo Xavier e xuntos van comentando as súas cousas. O sábado, ó parecer, xogarán un partido de fútbol. O outro equipo non será moi bo —comenta Xavier—, a min gustaríame meterlles unha goleada.

Gramática: O futuro de indicativo e o futuro hipotético fórmanse en galego dun xeito completamente regular, engadindo as desinencias -ei, -ás, -a, -emos, -edes, -án ó infinitivo para forma-lo futuro de indicativo e -ía, -ías, -ía, -iamos, -iades, -ían, para forma-lo futuro hipotético; vexamos:

andarei	comerei	servirei	andaría	comería	serviría
andarás	comerás	servirás	andarías	comerías	servirías
andará	comerá	servirá	andaría	comería	serviría
andaremos	comeremos	serviremos	andariamos	comeriamos	serviriamos
andaredes	comeredes	serviredes	andariades	comeriades	serviriades
andarán	comerán	servirán	andarían	comerían	servirían

Fíxese en que o acento na 1.ª e 2.ª persoas do plural recae na penúltima sílaba: serviriamos, comeriades.Teña en conta que en galego é máis frecuente dicir «hei servir», «hei comer», «habedes andar»... etc.

Exercicio: Intente pasar a futuro de indicativo a ampliación da primeira lección do curso. Indique no diálogo e na ampliación as formas que aparezan das que estudiamos hoxe na gramática..

Vocabulario:

Atopar (v.): encontrar algo ou alguén. **Topar con.**
Deitarse (v.): meterse na cama para durmir, tumbarse no chan.
Rúa (s.f.): camiños das cidades.
Semana (s.f.): período de tempo de sete días. O mes ten catro semanas.
Sono (s.m.): gana de durmir.
Soño (s.m.): as imaxinacións que ten un cando dorme. Para que vexa a diferencia soño/sono poñémo-la frase: «Como tiña moito sono deiteime, e logo tiven un soño».

Lección 26

No Instituto de Bacharelato



Ampliación: O que ás veces non che gustaría facer tes que facelo —apunta a súa nai—. Ti non te imitas a Xoán que é quen de levarte ó colexio se fai falta, ou mesmo, de levarche as cousas se iso te animase, aínda que é moi pequeno.

==========

Gramática: O problema gramatical de hoxe presenta especiais dificultades ó que non fala galego. Trátase do emprego das formas do pronome persoal de 2.ª persoa CHE / TE que corresponden ó complemento indirecto e directo respectivamente. Emprégase TE (complemento directo) cando a acción que expresa o verbo recae directamente na persoa: «Xoán, vinte onte», «Teu irmán lévate ó colexio», «Animoute moito, sen éxito» Tamén nos verbos reflexivos: «imítaste, confésate, laváchestе»...
O CHE implica a persoa interesada dalgún xeito na acción do verbo:
«¿Que tal **che** vai?; ¿Que **che** pasa?; Non **che** falto; Non **che** gustaría facer iso; Teño que levar**che** as cousas».
Comparación: «Non **te** vin / Non **che** vexo os pés»
«Léva**te** ó colexio / Léva**che** as cousas ó colexio».

Xa volveremos sobre isto máis adiante, pois é moi importante na nosa língua.

==========

Exercicios: a) Sinale as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo e na ampliación. b) Completa cos pronomes CHE/TE as seguintes oracións:

1. Berra máis que non (a ti) sinto ben.
2. Non (a ti) sinto ben o que falas.
3. A ti non .... gustan as matemáticas.
4. ¿Qué (a ti) ocorre que semellas triste?
5. Teño que ver (a ti) hoxe para falar contigo.
6. Se non calas, mállo...........
7. O avó mallou .... o lombo.

==========

Vocabulario:

Apetecer (v.): gustar, **petar.**
Bacharelato(s.m.): estudios de Ensino Medio.
Balonmán (s.m.): nome dun deporte.
Berrar (v.): dar berros, falar moi alto. / Discutir, **rifar.**
Derrearse (v.): estar moi cansado, **sufrir cansazo.**
Imitar (v.): semellar, parecerse unha persoa a outra.
Mallar (v.): golpear, bater / Separa-lo gran da palla batendo a espiga cunha máquina. / Malla-lo peixe: atrapalo nas **mallas** ou redes.
Ocorrer (v.): pasar, acontecer.
Ser quen a facer (expr.): ser capaz de facer.

Lección 27

Os xogos do recreo



Ampliación: Das 11 e media ás 12 teñen o recreo. Moitos rapaces están xogando ó fútbol. Outros xogan coa buxaina ou á billarda, pero neste tempo o mellor para quenta-las pernas é un bo balón. As rapazas xogan á mariola, á corda, ó brilé...

Gramática: Nesta lección tratarémo-los imperfectos de indicativo regulares.

andaba	comía	vivía
andabas	comías	vivías
andaba	comía	vivía
andabamos	comiamos	viviamos
andabades	comiades	viviades
andaban	comían	vivían

É de notar que, igual có futuro de indicativo e futuro hipotético, a 1.ª e 2.ª persoas de plural son paroxítonas, isto é, levan o acento na penúltima sílaba. Por exemplo: Quentabámo-las pernas xogando ó balón. Dirixiáde-lo xogo sen moito acerto. Mirabáde-lo partido con gran atención.

Exercicios: a) Sinale no diálogo e na ampliación as formas estudiadas hoxe na gramática.
b) Transforme as seguintes oracións segundo o modelo:
Agardábate na rúa ás doce... (Nós) = Agardabámoste na rúa ás doce.

1. Amolábao moito coas miñas bromas (Vós).
2. Botabas todo o día traballando para nada. (Nós).
3. Coidábano morto, dábano por cadáver. (Vós).
4. Saudabámolo con respeto. (Vós).
5. Gañabáde-lo partido e venciades na liga. (Nós).

Vocabulario:

Billarda (s.f.): xogo infantil no que cun pau se golpea outro máis pequeno. Tamén se chama **estornela, caño** ou **pateiro.**

Buxaina (s.f.): peza de madeira que se bota a bailar cun cordel. **Trompo.**

Corda (s.f.): xogo que consiste en facer xirar un cordel de xeito que saltando pase por debaixo dos pés e por riba da cabeza.

Mariola (s.f.): xogo que consiste en ir empuxando cun pé unha pedriña plana ó longo duns cadriños debuxados no chan.

Quizais (adv.): se cadra, ó mellor. Tamén se di **quizá(s),** ou **quizabes.**

Xogar (v.): facer algo para divertirse. Tamén se di **brincar** ou **enredar.**

Lección 28

O segredo do recreo



Ampliación: A gran sorpresa do recreo foi a píntiga do Estevo. Tódolos compañeiros estaban cobizosos da súa sorte e querían vela xa que da outra vez na excursión ó monte non encontraran ningunha. Tiñades que ve-lo fachendoso xesto de vaidade do Estevo cando ían entrar para a clase de ciencias.

Gramática: Hoxe presentámoslle o pretérito imperfecto destes verbos: SER, IR, VIR e TER. Fíxese na semellanza destes dous últimos.

era	ía	viña	tiña	
eras	ías	viñas	tiñas	
era	ía	viña	tiña	
eramos	iamos	viñamos	tiñamos	Fíxese de novo onde recae o acento das 1.ª e 2.ª persoas do plural.
erades	iades	viñades	tiñades	
eran	ían	viñan	tiñan	

Exercicios: a) Sinale as formas hoxe estudiadas na grámatica que aparezan no diálogo na ampliación.

b) Empregue as formas do imperfecto de indicativo que cumpran nas seguintes oracións:

1. (Ser) máis dos que (coidar). Debedes quedar alguén.
2. (Vir) túa nai e aínda nós (ter) que recolle-lo que nós (ir) levar.
3. (Correr) moito cando (ir) en moto, agora que cando van a pé vanche máis a modo. (Ter) vós que velos na carreira, ¡(ser) os últimos!
4. Eses (ser) os que (vivir) naquela casa tan grande. (Ter) moitos cartos.
5. Eu (ir) de boa gana pero non con eses fachendosos.

Vocabulario

Cobizoso (adx.): o que desexa os bens dos demáis. **Envexoso.**
Fachendoso (adx.): o que se dá máis importancia da que ten. **Presumido.**
Gardar (v.): Poñer fóra da vista algunha cousa. / Conservar ou ter coidado de algo. / Ter conta de algo. (expr.): «garda que non saian os porcos do cortello».
Píntiga (s.f.): anfibio semellante ó lagarto, de pel negra con manchas marelas.
Segredo (s.m.): cousa que saben unha ou poucas persoas e que hai que gardar.
Vaidade (s.f.): orgullo, presunción, ostentación, fachenda.

Lección 29

No taller



Ampliación: Estamos no taller e Anxo vai cambiarlle unha roda a un coche. Hai que amañalo. Alí no taller de Anxo podedes ver moitos dos seus instrumentos de traballo: chaves, martelo, tenaces, o trade. Despois terá que mirarllos amortecedores para arranxalo.

==

Gramática: Unha distinción análoga á que existe entre che / te (complemento indirecto / complemento directo) dáse tamén entre os pronomes persoais: LLE / OLO, NO. No lugar de **che** podemos poñer **lle** tamén **te** pode ser sustituido por **o, lo, no:**

«Non te vin, non o vin / Non che vexo os pes, non lle vexo os pés.
«Lévate ó colexio, lévao ó colexio / Lévache as cousas, lévalle as cousas».

Fíxense en que o plural de **lle** é **lles:**

«Léva**lle** un regalo **a teu curmán»**. «Léva**lles** un regalo **a teus curmáns».**
«Non **lle** vexo os pés **a Xoaquín»**. «Non **lles** vexo os pés **a Xoán e Xoaquín.**

==

Exercicios: a) Encha os espacios en branco cos correspondentes pronomes persoais:

1. Xa (a eles) digo que teñen que arregra-lo coche.
2. Non (a eles) teñas medo que eles non (a ti) teñen a ti.
3. Cómen(a ti) toda a comida e déixan(a ti) sen nada.

b) Cambiar CHE/TE por LLE/O, LO ou viceversa facendo tódalas transformacións que cumpran:

Eu saudábao tódalas mañás: eu saudábate tódalas mañás.
Non **lle** contesta nunca: non **che** contesta nunca.

1. Amolabámolo ben amolado ....
2. Chámante por teléfono ....
3. Ameazábano co despido ....
4. Téñenlle moito medo ....
5. ¿Déixante tranquilo? ....

==

Vocabulario:

Amañar (v.): compoñer algo que estaba descomposto ou estragado.
Amortecedor (s.m.): peza do coche para suaviza-los golpes ó correr.
Arranxar (v.): arregrar / Pór en orde.
Chave (s.f.): aparato para afrouxa-los parafusos. / Tamén é o obxecto co que abrímo-la porta.
Dono (s.m.): propietario dunha cousa. **Amo.**
Martelo (s.m.): obxecto para petar. Está feito de madeira e ferro.
Tenaces (s.f.): ferramenta de metal con dous brazos para coller obxectos.
Trade (s.m.): aparato mecánico que se utiliza para facer buratos.

Lección 30

Chega o fin de semana



Gramática: Formas oblícuas:

Comp. con prep.	MIN	TI	SI*	EL/ELA	NÓS	VÓS	ELES/ELAS	SI*
Comp. coa prep. con	COMIGO	CONTIGO	CONSIGO*	EL/ELA	CONNOSCO	CONVOSCO	ELES/ELAS	CONSIGO*
	1.º pers.	2.º pers.	3.º persoa		4.º pers.	5.º pers.	6.º persoa	

* Formas reflexivas

Debe ter en conta que as 4.ª e 5.ª persoas CONNOSCO **(con nós)** e CONVOSCO **(con vós)** son formas moi usadas en galego, tanto na literatura como na fala de amplas zonas do noso país.

===

Exercicios: a) Suliñe as formas estudiadas hoxe na gramática que aparezan no diálogo e na ampliación.

b) Complete as frases que veñen a continuación poñendo o pronome do complemento con preposición que corresponda:

1. Non contedes .... para ir á festa. Teremos que ir a outro sitio.
2. Eu xa non vos pensaba axudar, así que, tanto .... coma sen ...., o teredes que facer.
3. Para .... que vós lles gastastes esa broma.
4. Era menos listo ca .... e ca ...., seguro que lle gañabamos.
5. .... non hai quen ande, sempre apurándonos!
6. Diante de .... non había ninguén, era-lo primeiro, non cho nego.

===

Vocabulario:

Estacións do ano: primavera, verán, outono e inverno.

Meses do ano: Xaneiro, Febreiro, Marzo, Abril, Maio, Xuño (S. Xoán), Xullo (Santiago), Agosto (Sta. María), Setembro, Outubro, Novembro (Santos) e Decembro (Nadal).

* ***Os nomes que van entre parénteses emprégase para referirse a determinadas épocas dentro dese mes; por exemplo, «Nadal», refírese ós días inmediatamente anteriores e posteriores ó día de Nadal (25 de Decembro).***

Días da semana: Luns (segunda feira), Martes (terceira feira), Mércores (corta ou cuarta feira), Xoves (quinta feira), Venres (sexta feira), Sábado e Domingo.

* ***Entre parénteses poñémo-los nomes tradicionais do galego que se poden empregar do mesmo xeito cós outros.***

Partes do día: 1) O amencer, o mencer, a alborada, o albor, o abrente, a luzada, o alborexar, a aurora, o amañecer, a mañanciña. / 2) A mañá. / 3) O mediodía. / 4) A tarde. / 5) O serán, a noitiña, o ocaso, o solpor, o lusco-fusco, o atardecer, o empardecer. / 6) A noite. / 7) A medianoite.

Lección 31

Visita ó zoo de Vigo



Ampliación: Na Madroa, Xoán e mailo seu pai Xoaquín atoparon moitas aves nas que Xoán se fixou moito para distinguilas dos paxaros.

Gramática: Hoxe imos ver unha das formas verbais que se empregan para indicar «acción pasada»: o pretérito perfecto. Comenzaremos coa primeira conxugación: Eu **andei,** ti **andaches,** el andou, nós andamos, vós **andastes,** eles andaron.

Fíxese ben nas formas suliñadas.

Exercicios: a) Indique no diálogo e na ampliación as formas hoxe estudiadas na gramática.

b) Encha os espacios en branco cos pretéritos perfectos:

1. Eu (falar)...... (a eles) de ir a Portugal, pero non me (aceptar)......
2. Ti (quedar)...... comigo en facer unha gaiola; eu (lembrarse)...... e ti non (lembrarse)......
3. Vós non (agardar)...... nin cinco minutos.
4. El (amar)...... (a ela) moito, por iso (marchar)...... ó estranxeiro cando ela (casar)......

c) Transforme as seguintes oracións segundo o modelo:

«Ti agardaches moito tempo — (Vós) agardastes moito tempo»

1. Ti marchaches sen dicir palabra — (Vós)......
2. Vós analizastes mal ese problema — (Ti)......
3. Non miráche-lo que hai nesa gaiola — (Vós)......
4. ¿Laváche-la roupa? — (Vós)......

Vocabulario:

Avoitre (s.m.): ave de rapina de gran envergadura que se alimenta de carroña.
Águia (s.f.): a máis grande ave de rapina.
Ave (s.f.): animal que ten ás, voa e pon ovos.
Merlo (s.m.): paxaro que ten o peteiro de cor laranxa e o corpo todo negro.
Paporroibo (s.m.): paxaro pequeno que tén o peito de cor roiba rechamante. **Paporroxo. Paporrubio.**
Paxaro (s.m.): as aves de menor tamaño que voan polos nosos ceos.

Lección 32

De mañá indo á misa



Ampliación: Despois dunha primeira semana de moito trafego, este domingo María e Xoaquín colleron a súa mellor roupa e marcharon camiño da igrexa. Ó amencer ergueuse Xoanciño e foise xuntar cos compañeiros para entrenar. Anxo e Carme decidiron seguir durmindo un anaco máis. A noite anterior foron á discoteca.

Gramática: Veremos hoxe o modelo dos perfectos da 2.ª conxugación. Poñemos de exemplo o verbo COMER. Fíxese nas formas suliñadas:

eu comín	nós **comemos**
ti **comiches**	vós **comestes**
el **comeu**	eles comeron

Compare **collín** con **decatei** (da 1.ª conxugación)
colleu con **insistiu** (da 3.ª conxugación)
collemos (perfecto) con **collemos** (presente de indicativo)

Exercicios: a) Indique no diálogo e nas viñetas as formas hoxe estudiadas na gramática.

b) Transforme as seguintes estructuras segundo o modelo:

Eu collín todo o que puiden...... **(Eles) colleron** todo o que puideron

1. El meteu as cousas no coche...... (Ti).......................
(Vós)...................
2. Nós bebemos viño, vós bebestes auga...... (Eu)...... (Ti)......
3. Vós comestes moito marisco hoxe...... (Eles)...... (Nós)......
4. Perdín as gafas na escola...... (Nós)......
5. Onte Miguel Anxo bateu tódalas marcas...... (Nós)......

c) Na viñeta e na ampliación amais das formas regulares do perfecto da 2.ª conxugación hainos da primeira. Ó tempo que repasa a lección anterior indique tódalas formas.

Vocabulario:

Adro (s.m.): terreo que hai diante da igrexa.
Anaco (s.m.): porción pequena dalgunha cousa.
Crego (s.m.): o señor que oficia a misa, cura.
Decatarse (v.): darse conta.
Desque (adv.): desde que.
Igrexa (s.f.): o lugar onde se di a misa. / O conxunto dos cristiáns.
Trafego (s.m.): axetreo, apuro, présa.

Lección 33

O domingo ás once e media



Ampliación: En canto Anxo e Carme se vestiron xa toda a casa empezou a funcionar. Hoxe, domingo, é máis tarde ca de costume, pero estaba escampando e os dous sorriron contentos. Despois do almorzo saíron da casa e salteando as poceiras do camiño seguiron ata o bar da esquina. Os amigos non crían o que estaban vendo. Anxo semellaba un home de negocios cun impecable traxe gris.

Gramática: Veremos hoxe a formación dos perfectos da 3.ª conxugación. Para isto engádenselle á raíz:

	modelo VIVIR
-ín	eu vivín
-iches	ti viviches
-iu	el viviu
-imos	nós vivimos
-istes	vós vivistes
-iron	eles viviron

Exercicios: a) Indique no diálogo e na ampliación as formas que hoxe estudiamos na gramática.

b) Encha os baleiros cos tempos perfectos dos seguintes verbos:

1. Eles (espirse) e antes de meterse na cama (empezar) a rezar un Pai Noso.
2. Os rapaces (sorrir) cando (gañar) o partido.
3. María (pedir) cartos a Xoaquín para mercar unha saia.
4. Se ti (concluír) iso baixamos a almorzar agora mesmo.
5. Antón (sentir) dor e sen embargo non me (avisar).
6. Vós non sei que (elixir) pero esa parte non me gusta.
7. Xurxo (escribir) a novela tres meses antes, aínda que non é moi boa.
8. Eles (destituír) o primeiro ministro por incompetente.
9. El (cumprir) anos o outro día e non nos (incluír) na lista de convidados.

Vocabulario:

Almorzo (s.m.): a comida da mañá.
Elixir (v.): escoller.
Escampar (v.): deixar de chover.
Feira (s.f.): mercado.
Poceira (s.f.): lagoa, charco de auga.

Lección 34

Preparando o magosto



Ampliación: Este mércores Xoán e Carme remataron as clases. Os rapaces do instituto da vila acordaron facer un magosto. Ese magosto de finais de decembro será sen dúbida o mellor dos feitos ata agora. Para iso mercaron oitenta quilos de castañas e un bocoi de corenta litros de viño.
«Ai, aqueles magostos de cando eu era nova» —di a avoa ó ve-los seus netos tan contentos.

Gramática: Este é o paradigma dos pronomes e adxectivos demostrativos.

	NUM.	MASCULINO	FEMININO	NEUTRO
1.ª persoa	Sg.	este	esta	isto (esto)
	Pl.	estes	estas	—
2.ª persoa	Sg.	ese	esa	iso (eso)
	Pl.	eses	esas	—
3.ª persoa	Sg.	aquel	aquela	aquilo (aquelo)
	Pl.	aqueles	aquelas	—

Nota: Cómpre fixarse no feito de que os plurais **estes, eses, aqueles** son regulares.

Exercicios: a) Suliñe no diálogo e na ampliación tódolos demostrativos que vexa.
b) Complete os espacios en branco, poñendo os demostrativos que conveñan:

1. (2.ª persoa) información é falsa pois non se chegou a confirmar.
2. Todos (3.ª) regatos van dar a (3.ª) río que vimos antes.
3. (1.ª) domingo non se xoga o partido que dicían.
4. Ollos tan verdes coma (2.ª) non os vin.
5. (2.ª) xogos non me gustan tanto coma (3.ª).

Vocabulario:

Carballeira (s.f.): sitio onde hai moitos carballos.
Curruncho (s.m.): esquina. **Canto. Recanto.**
Estela (s.f.): fragmento dun anaco de madeira.
Magosto (s.m.): festa ó aire libre na que se asan castañas.
Outeiro (s.m.): monte pequeno. É o nome de moitos sitios elevados.
Viño (s.m.): nome dun líquido que se fai co zume da uva.

Lección 35

O día das notas



Gramática: Na gramática desta lección tratámo-lo presente do verbo HABER. Velaí o seu paradigma:

eu hei	nós habemos
ti has	vós habedes
el ha ou hai	eles han

Querémoslle chama-la atención sobre o seu uso, sempre en forma persoal, en perífrases verbais, ben indicando un proceso que terá lugar no futuro, ou ben indicando unha acción obrigatoria:

Futuro — **haber de + infinitivo:** Hei de comer
Futuro — **haber + infinitivo:** Hei cantar canto queira
Obriga — **haber que + infinitivo:** Hai que marchar

Teremos tamén en conta que o verbo HABER non se emprega como auxiliar dos tempos compostos. Así dicimos: «Eu comín» pero nunca diremos *«Eu hei comido».
Tamén hai que fixarse en que a perífrase HABER DE + INFINITIVO, non ten, habitualmente, valor obrigativo coma en castelán, senón que en galego indica simplemente futuridade: «hei de ir ó concello» non implica necesariamente «teño que ir ó concello».

Exercicios: a) Suliñe as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo.
b) Faga oracións coas perífrases seguindo este modelo:
—¿Comera-las mazás? Si, heinas comer / Si, hai que as comer.

1. ¿Farémolo antes do xoves?..........
2. ¿Levaranlles un montón de libros?..........
3. ¿Escribiraslle a teu irmán?..........
4. ¿Irás traballar hoxe ó alpendre?..........
5. ¿Chegaredes a tempo?..........
6. ¿Chamarémolo pola tarde?..........
7. ¿Empezará a festa ese día?..........

Vocabulario

Alpendre (s.m.): cabana onde se garda a leña, as ferramentas, etc.
Chorar (v.): acción de botar **bágoas** polos ollos por culpa dalgo. O sustantivo **pranto** indica este feito.
Mazá (s.f.): nome dunha froita. A árbore chámase **maceira.**
Rabia (s.f.): enfermidade. / Anoxo, ira. / Envexa, Manía.
Xoves (s.m.): nome dun día da semana. **Quinta feira.**

Lección 36

De compras



Gramática: Estudiaremos hoxe o pronome e o adxectivo posesivos. Úsanse para indicar pertenza nas respectivas persoas. Vexan o paradigma:

		singular		plural	
	persoa	masc.	fem.	masc.	fem.
Un posuidor	1.ª	meu	miña	meus	miñas
	2.ª	teu	túa	teus	túas
	3.ª	seu	súa	seus	súas
Varios posuidores	4.ª	noso	nosa	nosos	nosas
	5.ª	voso	vosa	vosos	vosas
	6.ª	seu	súa	seus	súas

Cando o posesivo está antes do nome posuído vai sempre precedido do artigo: «o meu coche, a túa roupa, os nosos problemas, as vosas cousas».
Sen embargo, cando nos referimos a familiares próximos podemos prescindir do artigo: «meu irmán, nosa curmá, súas avoas, vosa tía».
Tamén se pode prescindir do artigo noutras frases familiares: «miña casiña».
Máis adiante volveremos sobre estes dous usos do posesivo.

Exercicios: a) Indique no diálogo as formas comentadas na gramática.
b) Coloque as formas axeitadas do posesivo segundo conveña:

1. Este...... home trouxo mexilóns para un ano. (1.ª persoa)
2. Colleu...... carpeta e foi correndo para a escola. (2.ª persoa).
3. Para...... avoa non hai mellor regalo que unhas medias. (1.ª persoa).
4. O...... coche é máis novo có...... porque che está mellor coidado. (2.ª persoa/1.ª)
5. Eles son ricos,...... casa vale varios millóns. (3.ª persoa).

Vocabulario:

Almacén (s.m.): lugar onde se gardan mercadorías.
Axeitado (adx.): o que é apropiado, o que convén.
Cumprido (adx.): demasiado longo ou grande, dise da roupa.
Chambra (s.f.): especie de blusa corta que usan as mulleres.
Esixente (adx.): recto, que pide moito, que esixe.
Marela (adx.): da cor do sol.
Mexilón (s.m.): molusco de cuncha negra e carne laranxa moi apreciada.
Rechamante (adx.): que chama a atención.
Roupa (s.f.): conxunto de teas coas que tapámo-lo corpo.
Xersei (s.m.): peza de roupa de la que cobre a parte superior do corpo.

Lección 37

Xoán prepara a lección de ciencias



Gramática: Veremos hoxe o tema do presente do verbo SABER. Comprende o presente de indicativo, o imperfecto, o futuro simple e o futuro hipotético. Vexámo-los seus respectivos paradigmas:

Presente	Imperfecto	Futuro	Futuro Hipotético
sei	sabía	saberei	sabería
sabes	sabías	saberás	saberías
sabe	sabía	saberá	sabería
sabemos	sabiamos	saberemos	saberiamos
sabedes	sabiades	saberedes	saberiades
saben	sabían	saberán	saberían

Exercicios: a) Suliñe no diálogo as formas comentadas na gramática.

b) Complete o seguinte texto coas formas do verbo **saber** que corresponda.

Abro a nota e ¿........... o que me di? Eu non........... o que me pasa.

Unha dor moi forte obrígame a sentarme. E así foi que fun ó médico.

Eu notáballe que el non........... o que tiña, pero despois dun anaco e mirándome por encima do ombro díxome que debería descansar porque traballaba moito. Agora xa........... porque estou de folgazán e........... máis se seguise escribindo».

c) Suliñe no texto as formas verbais que alí aparecen. Procure distingui-las da 1.ª, da 2.ª e da 3.ª conxugación.

Vocabulario:

A modiño (loc.): despacio, **de vagar,** lentamente.
Debaixo (adv.): na parte inferior. O contrario é **enriba.**
Ciencia (s.f.): conxunto de coñecementos dunha determinada materia. Saber.
Forte (adx.): o que resiste moi ben. O contrario é **fraco.**
Latar (v.): faltar ás clases.
Obrigar (v.): impoñer algo.
Ombro (s.m.): parte de corpo humano. Tamén se chama **ombreiro.**

Lección 38

Rifas entre irmáns



Ampliación: Como vedes nas viñetas, o Xoanciño e súa irmá sempre andan rifando. Estevo e outros amigos do barrio viñeron preguntar por el e Carme non o avisou... «Seica estabas a estudiar e como non querías que te viñese enredar»... Xa estaba armada a liorta.

Gramática: Hoxe imos ve-lo presente e máilo perfecto do verbo VER, xunto co perfecto de VIR.

VER	
PRESENTE	PERFECTO
eu vexo	eu vin
ti ves	ti viches
el ve	el viu
nós vemos	nós vimos
vós vedes	vós vistes
eles ven	eles viron

VIR
PERFECTO
eu vin
ti viñeches
el veu
nós viñemos
vós viñestes
eles viñeron

Exercicios: a) Suliñe nos diálogos as formas verbais que estudiamos hoxe na gramática.
b) Empregue nas frases seguintes as devanditas formas verbais cando corresponda.

1. Nunca eu (ver)...... unha cheminea coma esa.
2. Eu (ver)...... os azulexos novos que cambiaron na cociña.
3. El (vir)...... de Ourense onte á noite pero el aínda non o (ver)......
4. Vós (ver, perfecto)...... cantos xoguetes lles (vir)...... do estranxeiro.
5. Vós (ver)...... os que chegan, pero eu desde aquí non os (ver)......

Vocabulario:

Cheminea (s.f.): burato ou construcción no tellado por onde sae o fume.
Enredar (v.): distraer / entreter, brincar, xogar.
Maxestades (s.f.): que ten aparencia de grandeza. / Título honorífico que se lles dá normalmente ós **reis** e **raíñas.**
Pregar (v.): rogar, pedir con súplica. / Dobrar algo recolléndoo.
Rifar (v.): berrar unha persoa con outra.
Vostede (pron.): tratamento de cortesía que se lles dá ás persoas que merecen respeto.

Lección 39

Na pescadería



Gramática: Tratamos na gramática desta lección os numerais cardinais. Velaquí un cadro deles sobre os que vostede poderá facer tódolos numerais posibles:

1	un-unha	12	doce	30	trinta	400	catrocentos
2	dous-dúas	13	trece	31	trinta e un	500	cincocentos
3	tres	14	catorce	40	corenta	584	cincocentos oitenta e catro
4	catro	15	quince	50	cincuenta	700	setecentos
5	cinco	16	dezaseis	60	sesenta	800	oitocentos
6	seis	17	dezasete	70	setenta	900	novecentos
7	sete	18	dezaoito	80	oitenta	1.000	mil
8	oito	19	dezanove	90	noventa	1.000.000	un millón
9	nove	20	vinte	100	cen		
10	dez	21	vinteún	200	douscentos/duascentas		
11	once	22	vintedous	300	trescentos		

Exercicios:

a) Sinale os numerais que aparezan no diálogo.
b) Faga frases con eles.
c) Lea e escriba os seguintes numerais:
7, 17, 293, 184, 18, 87, 64, 119, 882, 57, 79, 1.984, 582, 2.249.

Vocabulario:

Abondar (v.): ser suficiente, ser abondo.
Peixe (s.m.): animal que vive e respira dentro da auga.
Pescada (s.f.): peixe grande, de cabeza longa coa boca rasgada e ollos grandes.
Troita (s.f.): peixe de río.
Xouba (s.f.): sardiña pequena, **parrocha.**
Xurelo (s.m.): peixe de cor verde clara ou azulada que ten nos laterais unha franxa espiñosa.
Exercicio de vocabulario: Pregunte na praza do mercado os nomes galegos dos peixes e envíenolos ó I.L.G.

Lección 40

O domingo no monte



AMPLIACION: **Hoxe Anxo vai de caza. Leva unha escopeta relucente e pesada. Se fose a metade de pesada do que é levaríaa mellor. Poucos coenllos e perdices quedarán hoxe no monte. Canto daría Xoán por ir con eles, aínda que só fose para ve-lo espectáculo. Por outra banda, a Anxo deulle un pouco de pena andar a matar animais, —será a derradeira vez que o faga— díxo.**

Gramática: Hoxe verémo-los ordinais, multiplicativos e partitivos. Os ordinais indican o lugar que se ocupa nunha serie ordenada de cousas. Así, temos: «primeiro, segundo, terceiro, cuarto, quinto, sexto, sétimo, oitavo, noveno, décimo, vixésimo, trixésimo, cuadraxésimo..., etc. Para os multiplicativos temos «dobre, triplo, cuádruplo, quíntuplo..., décuplo». Os restantes fanse co cardinal seguido da palabra veces. Polo que respecta ós partitivos, temos «medio, metade, tercio, cuarto...».

Atenda ben: En galego diferenciamos entre **último** e **derradeiro. Derradeiro** é o último dunha serie finita. Cun exemplo entenderao mellor: «Gustoume moito a túa **última** novela, espero que non sexa a **derradeira** e que sigas escribindo». Procure diferenciar ben esta particularidade do noso idioma.

Exercicios: a) Indique no diálogo e na ampliación as formas comentadas na gramática.
b) Poña en letras os números que aparecen entre parénteses:

1. Eu traballo o ×2 do que ti traballas, e máis cobro a 1/2.
2. O meu fillo xa che vai no 8.º curso de EXB.
3. Nun 1/4 de hora fai o ×3 dos demais obreiros.
4. Póñame aí 1/2 quilo de castañas e pártame ese pastel ó 1/2.
5. Vivo na rúa de A. Cunqueiro, número 40, 4.º esquerda.

Vocabulario:

Alporizar (v.): alterarse, exaltarse, irritarse.
Coenllo (s.m.): mamífero roedor que se caza no monte ou se ten na casa.
Deus (s.m.): ser que segundo pensa a xente fixo o mundo e todo canto existe.
Fachenda (s.f.): presunción, orgullo.
Lebre (s.f.): mamífero do monte moi parecido ó coenllo.
Paspallás (s.m.): paxaro que aniña entre o centeo. **Codorniz.**
Pombo (s.m.): paxaro asilvestrado parecido á pomba.
Relucente (adx.): aplícase ó que reloce ou brilla moito.
Tobo (s.m.): furado na terra onde se agochan e viven algúns animais.

Lección 41

De caza e co morral baleiro



Ampliación: Xoaquín e o seu fillo veñen feitos unhas máscaras, mollados coma pitos. A chuvia colleunos sen máis cobertura cá roupa que levaban posta e por iso agora camiñan tristeiros. A caza quedou no monte.

==

Gramática: Tratamos agora o presente de subxuntivo das tres conxugacións. Segue sempre a forma da 1.ª persoa do Pres. Indicativo. Debemos seguir estes modelos:

ANDAR	COMER	VIVIR	CONSTRUÍR*
ande	coma	viva	constrúa
andes	comas	vivas	constrúas
ande	coma	viva	constrúa
andemos	comamos	vivamos	construamos
andedes	comades	vivades	construades
anden	coman	vivan	constrúan

* Nótese que os verbos en -UÍR fan o seu subxuntivo regularmente.

==

Exercicios: Complete as seguintes oracións poñendo a forma que corresponda do verbo que vai entre paréntese:

1. Eu fago o que me (mandan) vós.
2. Cando el (comer) así, ti non (pensar) que o fai por facernos rir.
3. Non creo que eu (xogar) este mes pero el que non (presumir).
4. Aínda que ti (berrar) non te han de oír.
5. Estás traballando coma un negro para que cando (morrer) te enterren coma todos.
6. Cómpre que (excluír) ese apartado para que lles (coller) máis cousas.

==

Vocabulario:

Baleiro (adx.): que non ten nada dentro.
Cobertura (s.f.): o que resgarda dalgo.
Limpar (v.): saca-la porquería das cousas.
Medrar (v.): crecer.
Molleira (s.f.): o que se colle cando chove e non hai cobertura. **Molladura.**
Mollarse coma un pito (expr.): coller unha gran molladura.
Morrer (v.): acabárselle a un a vida. **Finar. Falecer.**
Raio (s.m.): descarga eléctrica nunha tormenta ou tronada.
Tristeiro (adx.): triste, apenado.

Lección 42

Cousas de pícaros



Ampliación: As vacacións de Nadal van pasando a modiño. Anxo faille un tirafondas a Pepiño, un rapaz que vive na casa de enfrente, cousa que disgusta á súa nai e á súa avoa. Disque o Pepiño pasa o día a facer trastadas pola vila adiante.

=================

Gramática: Algúns verbos teñen nas linguas moito máis uso ca outros, e no caso do galego xa vimos algúns. Neste día tratamos unha parella deles que aparecen a cotío na conversa da xente; son FACER e DICIR. Estes son os seus presentes:

fago	faga	digo	diga
fas	fagas	dis	digas
fai	faga	di	diga
facemos	fagamos	dicimos	digamos
facedes	fagades	dicides	digades
fan	fagan	din	digan

Fíxese ben que para expresar unha duración de tempo indeterminado empregarémo-lo verbo HABER: «Hai / Había moito tempo que non te vía». Sen embargo, para expresar que se cumpre un tempo xusto usarémo-lo verbo FACER: «Fai dúas horas e media que marchou». En caso de referírmonos a estados do tempo usarémo-lo verbo IR: «Vai moito frío». Note tamén que o adverbio DISQUE expresa sempre dúbida e significa «teño entendido que», «segundo parece»...

==

Exercicios: a) Sinale as formas do verbo facer e dicir que aparecen no diálogo e na ampliación.

b) Poña as formas nos presentes dos verbos Facer, Ir, Dicir e Haber:

1. Hoxe non vou sachar porque...... moita calor.
2. Mañá...... catorce anos que seu pai marchou para América.
3. ¡Hola home! canto tempo...... que non te vía.
4. Cando se emborracha un pobre todos...... ¡que borrachón!
5. Meu pai...... que iso é unha argallada, meus avós...... que é un xogo moi bonito, e eu xa non sei que......

==

Vocabulario

Adicar (v.): destinar, ocupa-lo tempo en algo.
A modo (loc.): despacio, **engorde.**
Argallada (s.f.): xoguete, enredo, cousa de nenos.
Coiro (s.m.): pel dos animais.
Enfrente (adv.): de cara a.
Galla (s.f.): parte na que se bifurca unha rama ou póla.
Traste (adx.): persoa moi argalleira, bulideira, revoltosa, xogantina.
Tirafondas (s.m.): xoguete perigoso co que se tiran pedras a gran distancia. **Tiracoios.**
Sona (s.f.): Cando algo ou alguén é moi coñecido dise que ten moita sona. **Fama**

Lección 43

Ó partido de fútbol



Ampliación: Anxo, ¿pero a ti canto che cobraron?
ANXO: **A min cen pesetas máis porque non son socio.**
TOÑO: **Habémoste facer nós; ¿non ves que lle hai que axudar ó equipo?**
XOÁN: **Claro que si... e senón dígolle eu a papá que che pague a cuota.**
TOÑO: **E o outro domingo que te chamei, ¿por onde andabas?**
ANXO: **Ese é un segredo gordo. Xa cho contarei, pero primeiro, ireiche tomar unha copa á casa.**
TOÑO: **Vale, pero iso será despois de que te leve eu ver un sitio.**

==

Gramática: Para empregar correctamente TE ou CHE utilizaremos TE cando a cousa ou persoa a que fai referencia reciba a acción do verbo, isto é, o TE funciona como obxecto directo (Chamei**te** onte) e CHE cando a acción do verbo recae indirectamente na persoa ou cousa que o pronome representa, isto é, o CHE funciona como obxecto indirecto (Díxen**che** que non). Segundo isto diremos: «Leveiche o abrigo» pero «Leveite en coche», «Chameite á casa» pero «Chamáronche pagán».

==

Exercicios: a) Indique no diálogo e na ampliación as formas comentadas na gramática.
b) Poña TE ou CHE nos espacios en branco das frases seguintes.

1. Repíto...... que el non vén esta tarde.
2. Non...... preocupes polo que me dixo.
3. Por fin... regala o que ti tanto esperabas.
4. Despois de buscalo, traía...... o disco para que o escoitases.
5. Esperámos...... ata que chegou el.
6. Explicábame que ...... traía tódolos días desde esa vila.
7. Quéro...... ver aquí ás cinco menos dez.
8. Chamou...... parvo con razón pero non penses que ...... tomou por tolo.

==

Vocabulario

Ata (prep.): indica término de dirección espacial ou temporal.
Axudar (v.): dar axuda a alguén.
Pagán (s.m. e adx.): non cristián. / Ignorante nalgunha materia.
Parvo (adx.): que non comprende ben. **Fato, tonto, pasmón.**
Tolo (adx.): que non está cordo. **Louco.**

Lección 44

Unha trasnada



Gramática: Indefinidos 1. Dentro dos indefinidos temos dúas clases de formas. Unhas son invariables, por exemplo: ninguén, alguén, calquera; e outras formas son variables, como:

algún	algunha	algúns	algunhas
todo	toda	todos	todas*
tanto	tanta	tantos	tantas
certo	certa	certos	certas
outro	outra	outros	outras
propio	propia	propios	propias

* Lembre que o indefinido «todos», «todas» contrae co artigo OS, AS: «tódolos» e «tódalas».

Exercicios: a) Suliñe as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo e na ampliación.

b) Complete os espacios en branco, con formas da gramática que demos hoxe.

1. ¡...... se atreve a dicirllo!
2. Non hai dúbida: o que ti fas está mal.
3. Hai...... tempo que non te vexo que case non te coñezo.
4. Non teño...... outro coche. Vai con coidado e a modo.
5. Quedoulle a pedra enriba das súas...... mans.
6. ...... rapaza non me fai os deberes e vai suspender.
7. ...... as tardes teño que traballar tres horas.
8. Que...... vexa o que estás a facer, senón vanche berrar.
9. Esas non me gustan, prefiro...... tipo de sabas.
10. Como...... te vexa, estamos perdidos.

Vocabulario

Dúbida (s.f.): pregunta non respostada / idea que non está nada clara.
Laranxa (s.f.): froita redonda e marela de casca ou carepa grosa.
Laranxeira (s.f.): nome da árbore que dá laranxas.
Rematar (v.): finalizar, acabar, dar remate. **Terminar.**
Saba (s.f.): tea que se pon na cama por riba do colchón.
Trasnada (s.f.): trastada.

Lección 45

Escollendo os regalos



Ampliación: Os tres irmáns van de compras. Queren regalarlles algo a seus pais e máis a seus avós. Para o avó mercaron unha cachimba e para a avoa un pano da cabeza. Para tales asuntos dá gusto ir con Carme, sempre ten o detalle preciso.

Gramática: Presentamos hoxe as restantes formas dos indefinidos. Como na lección anterior, dividímolas en variables e invariables. Son invariables algo, nada, cadaquén, quenquera, menos, mais e demais.

ningún	ningunha	ningúns	ningunhas
moito	moita	moitos	moitas
pouco	pouca	poucos	poucas
mesmo	mesma	mesmos	mesmas
abondo	abonda	abondos	abondas
		varios	varias
		ambos	ambas*

* Lembre que os indefinidos «ambos», «ambas», contraen cos artigos OS, AS, «ámbolos» e «ámbalas». Fíxese na expresión: «Non vin **cousa ningunha**». Sería incorrecto, como calco do castelán, dicir «non vin **cousa algunha**».

Exercicios: a) Suliñe as formas da gramática que aparecen no diálogo e na ampliación.
b) Complete as seguintes estructuras coas formas gramaticais que lle damos hoxe:

1. Hoxe non veu...... rapaz á escola.
2. Na miña biblioteca hai...... libros de Castelao. Debería mercar uns...... de Curros.
3. Xa hai...... días que non vés polo traballo.
4. Teño...... con este queixo, non preciso máis, excusas de mercar outro.
5. Os...... ladróns que entraron hoxe no banco roubaran xa antonte en Vigo.
6. Non che podo deixar máis de vinte pesos. Teño...... cartos.

Vocabulario

Anel (s.m.): aro de metal para adorna-los dedos. O plural é **aneis.**
Caravel (s.m.): nome dunha flor.
Cachimba (s.f.): recipiente para fumar tabaco. **Paipa.**
Escoller (v.): coller seleccionando. **Elixir.**
Pano da cabeza (s.m.): pano que levan as mulleres atado á cabeza. **Touca.**
Tenda (s.f.): sitio onde se poden comprar cousas.
Queixo (s.m.): alimento que se fai co leite. / Parte da cara que vai debaixo da boca.

Lección 45

Escollendo os regalos



Ampliación: Os tres irmáns van de compras. Queren regalarlles algo a seus pais e máis a seus avós. Para o avó mercaron unha cachimba e para a avoa un pano da cabeza. Para tales asuntos dá gusto ir con Carme, sempre ten o detalle preciso.

Gramática: Presentamos hoxe as restantes formas dos indefinidos. Como na lección anterior, dividímolas en variables e invariables. Son invariables algo, nada, cadaquén, quenquera, menos, mais e demais.

ningún	ningunha	ningúns	ningunhas
moito	moita	moitos	moitas
pouco	pouca	poucos	poucas
mesmo	mesma	mesmos	mesmas
abondo	abonda	abondos	abondas
		varios	varias
		ambos	ambas*

* Lembre que os indefinidos «ambos», «ambas», contraen cos artigos OS, AS, «ámbolos» e «ámbalas».
Fíxese na expresión: «Non vin **cousa ningunha»**. Sería incorrecto, como calco do castelán, dicir «non vin **cousa algunha»**.

Exercicios: a) Suliñe as formas da gramática que aparecen no diálogo e na ampliación.
b) Complete as seguintes estructuras coas formas gramaticais que lle damos hoxe:

1. Hoxe non veu...... rapaz á escola.
2. Na miña biblioteca hai...... libros de Castelao. Debería mercar uns...... de Curros.
3. Xa hai...... días que non vés polo traballo.
4. Teño...... con este queixo, non preciso máis, excusas de mercar outro.
5. Os...... ladróns que entraron hoxe no banco roubaran xa antonte en Vigo.
6. Non che podo deixar máis de vinte pesos. Teño...... cartos.

Vocabulario

Anel (s.m.): aro de metal para adorna-los dedos. O plural é **aneis.**
Caravel (s.m.): nome dunha flor.
Cachimba (s.f.): recipiente para fumar tabaco. **Paipa.**
Escoller (v.): coller seleccionando. **Elixir.**
Pano da cabeza (s.m.): pano que levan as mulleres atado á cabeza. **Touca.**
Tenda (s.f.): sitio onde se poden comprar cousas.
Queixo (s.m.): alimento que se fai co leite. / Parte da cara que vai debaixo da boca.

Lección 46

O día de Reis



Ampliación: O día de Reis tódolos nenos están contentos. Melchor, Gaspar e Baltasar deixaron as tendas baleiras de xoguetes e galanos. Todos teñen o seu agasallo nestes días. O Nadal acaba e comeza un ano novo cun tempo máis frío.

==

Gramática: Pasamos agora a dar unhas breves notas sobre o uso dos pronomes persoais: O, LO, NO, cando van acompañando a unha forma verbal. Non son intercambiables e cada un deles úsase nun contexto determinado. Empregarémo-la forma NO sempre despois de ditongo (debeu**no**, feriu**no**, cantou**no**); a forma LO cando vaia despois dunha forma verbal persoal, rematada en -R ou -S (come**lo**, regala**lo**, durmi**lo**); e por último, o pronome O en tódolos demais casos (regála**o**, cóme**o**, teño que **o** regalar). Fíxese que a segunda forma do artigo se une de distinto xeito ó verbo, cun guión: «Léva-**las** nenas(art.) —«léva**las**» (pron.), «hai que face-**los** encargos (art.)— «hai que face**los**» (pron.).

==

Exercicios: a) Indique no diálogo e na ampliación as formas estudiadas hoxe na gramática.
b) Siga a estructura que lle ofrecemos no seguinte exemplo: «Pescou unha nécora..... pescouna».

1. Buscaba unha casa.
2. Quería dicir moitas cousas.
3. Os avós tamén tiveron regalos.
4. Tardaba só media hora en face-la cea.
5. Bebeu unha cervexa porque tiña moita sede.
6. Servía a sopa moi quente.
7. Colleu unha goma e borrou o debuxo.
8. Colle a goma e borra o debuxo.
9. Collín a goma e borrei o debuxo.
10. Collíche-la goma e borráche-lo debuxo.

==

Vocabulario:

Agasallo (s.m.): regalo dunha persoa a outra. **Galano. Regalo.**
Baleiro (adx.): que non contén cousa ningunha.
Boneca (s.f.): xoguete que tén forma de persoa. **Moneca.**
Cervexa (s.f.): bebida alcohólica e refrescante.
La (s.f.): tecido que se fabrica co pelo das ovellas.
Sede (s.f.): gana e necesidade de beber.
Xoguete (s.m.): todo o que serve para xogaren os nenos. **Enredo.**

Lección 47

O día de Reis á noite



Ampliación: Moito tardou a amiga de Carme en convencela para que saíse con ela á discoteca da vila, onde quedara con Xosé e Luís. Carme que non se sentía moi ben, non tiña moitas ganas de ir.

Gramática: Estes que aquí lle presentamos son os presentes de subxuntivo dos verbos IR, VIR e TER.

vaia	veña	teña
vaias	veñas	teñas
vaia	veña	teña
vaiamos	veñamos	teñamos
vaiades	veñades	teñades
vaian	veñan	teñan

Fíxese ben nas construccións do tipo «non sei se vaia», «non sei que lle diga» que corresponden coas do castelán «no sé si ir», «no sé que decirle». En galego é moi frecuente a construcción que comentamos, co verbo **saber** (ou outros verbos) nunha oración negativa seguido de **que** ou **se** introducindo unha oración co mesmo suxeito có principal:

«non teño que lle diga = non teño que dicirlle»

Exercicios: a) Sinale no diálogo e na ampliación o hoxe estudiado na gramática.
b) Introduza os presentes de subxuntivo que correspondan dos verbos que van entre parénteses.

1. Dilles que (ter) a cea preparada para as nove, que de seguro chegamos aterecidos de frío.
2. Para que vós (pasar) pola súa vila no fai falta que (vir) por esa estrada.
3. Que eles (ter) en conta a tódolos veciños pode ser unha boa proba das súas intencións, pero agora non me (vir) vós con estas novas.
4. Sempre que el me (ter) na lista non será necesario que eu (ir) aí a tódalas horas.
5. Para que (volver) con máis folgos é mellor que (vir) no voso coche e (coller) ese atallo.
6. Non sei se lles (ter) conta dos rapaces.

Vocabulario:

Atallo (s.m.): camiño máis corto entre dous puntos.
Aterecer (v.): ter moito frío, tremer co frío.
De seguro (exp.): fixo, con toda seguridade.
Folgos (s.m.): alento, respiración.
Nova (s.f.): noticia que non se oíu antes./fem. de «novo».
Ter conta de (exp.): coidar, soster, ter man de, termar.
Vello (s.n.): home de moita idade / (adx.): o que ten moitos anos.

Lección 48

No médico



Ampliación: Carme ten que ir ó médico, parece que as vacacións non lle prestaron moito. Di que ten unha doenza no lombo, e que ademais a cabeza lle doe moitísimo. O médico tamén lle dixo que se lle poñían unhas inxeccións xa lle pasaba de contado.

Gramática: Dúas formas dun mesmo verbo coexisten no galego vivo de hoxe. Son as formas POÑER e PÓR; con todo, a máis empregada é poñer. Vendo os seus paradigmas podemos compara-las diferencias entre un e outro.

POÑER		PÓR	
Presente:	Imperfecto:	Presente:	Imperfecto:
poño	poñía	poño	puña
pos	poñías	pos	puñas
pon	poñía	pon	puña
poñemos	poñiamos	pomos	puñamos
poñedes	poñiades	pondes	puñades
poñen	poñían	pon	puñan

Exercicios: a) Suliñe no diálogo e na ampliación as formas estudiadas hoxe na gramática.
b) Coloque as formas do verbo POÑER ou PÓR, fágao con tódalas variantes posibles:

1. Hoxe (eles)...... as patacas na leira grande.
2. El...... da súa parte o que pode pero non dá rematado.
3. Cando tiña escola no verán...... (me) a correr e chegaba axiña.
4. Como sempre traballaba pouco nunca lle...... un dez nos exames.
5. O que eles...... como condición era lograr un posto de traballo.
6. Se vós...... cinco pesos, eu tamén os......

Vocabulario:

De contado (expr.): axiña, de seguida.
Doer (v.): sentir unha dor. / Como reflexivo significa queixarse.
Doenza (s.f.): o que padecemos cando nos doe algo.
Facer falta (expr.): cumprir, facer falla.
Inxección (s.): introducción dunha menciña na vea por medio dunha xeringa.
Leira (s.f.): extensión de terra adicada ó cultivo.
Lombo (s.m.): a parte de detrás do peito. **As costas.**
Tempas (s.f.): partes laterais da cabeza situadas entre a fronte, as orellas e as meixelas. **Os sens.**
Prestar (v.): sentar ben, gustar.

Lección 49

Outra vez na escola



Ampliación: Despois das vacacións hai que volver a traballar. Xoanciño empezou de novo as clases e unha vez máis ten que face-los deberes, prepara-las leccións, erguerse cedo, almorzar ás présas... ¡Que lata, quen dirá que os pequenos non traballamos!

Gramática: De seguido ofrecémoslle o futuro dos verbos FACER e DICIR; note as semellanzas:

direi	farei
dirás	farás
dirá	fará
diremos	faremos
diredes	faredes
dirán	farán

Exercicios: a) Suliñe no diálogo e na ampliación as formas estudiadas hoxe na gramática.
b) Poña nos ocos as formas do futuro dos verbos que cumpran nestas oracións:

1. Non...... (dicir) que el ten máis libros ca min.
2. Ese...... (facerlle) o conto ó mestre pero non conseguirá que o aprobe.
3. (Vós)...... (facer) para mañá tódalas raíces cadradas que poidades.
4. Eu non llo...... (dicir) pero vai ti saber se el llo...... (dicir).
5. ¿...... (facer) vostede ese último cumprido?
6. Vós...... (facer) a figuriña de barro coas mans.
7. De tanto darlle arroz...... (facer) llo estoxar.

Vocabulario:

Cadrado (s.m. e adx.): de catro lados iguais. / Raíz cadrada: operación matemática.
Face-lo conto (expr.): tratar de consegui-lo favor de alguén con zalamerías.
Mestre (s.m.): o que ensina ós rapaces na escola.
Rosmar (v.): dicir en voz baixa ou entre dentes.
Estoxar (v.): collerlle noxo a algo.

Lección 50

Cubrindo a quiniela



Ampliación: Para i-lo domingo a Balaídos porán autobuses en moitos sitios. Agora, con esa fichaxe arxentina, ó Coruña vaille moi ben. O adestrador dixo que poñería de porteiro a un xuvenil. «Eu non poría un mociño de dezaoito anos nun partido deses. É moi arriscado», dixo Xoaquín.

Gramática: Seguindo cos verbos POÑER e PÓR veremos hoxe as formas correspondentes ó futuro simple e ó futuro hipotético.

POÑER	PÓR	POÑER	PÓR
poñerei	porei	poñería	poría
poñerás	porás	poñerías	porías
poñerá	porá	poñería	poría
poñeremos	poremos	poñeriamos	poriamos
poñeredes	poredes	poñeriades	poriades
poñerán	porán	poñerían	porían

Recorde que o galego moderno non fai demasiado uso destas formas, senón que utiliza as perífrases «hei poñer» e «había poñer», das que máis adiante falaremos.

Exercicios: a) Na ampliación e no diálogo hai oito formas estudiadas hoxe na gramática. Sulíñeas.

b) Use as formas da lección que conveñan nos espacios en branco.

1. As galiñas...... máis se as tiveses soltas.
2. Ti...... estes números cando eu cho mande.
3. Vós...... os abrigos sempre que vaia frío.
4. Vós...... a forma correcta porque senón iravos mal.
5. Se estivese de mestre aquí...... (a nós) moitos deberes.
6. ......lle un dous, pero cremos que van perder.
7. Eu...... ben claro desde o principio quen é o xefe.

Vocabulario:

Arxentino (adx.): natural de Arxentina.
Arriscado (adx.): perigoso, que presenta risco.
Fichaxe (s.f.): contratación dun xogador.
Mozo (s.m.): home novo, cando ten ó redor de 20 anos.
Porteiro (s.m.): xogador que está na portería.
Xuvenil (adx.): relativo á mocidade./Xogador novo.
Xe (s.m.): nome da penúltima letra do alfabeto.
Xefe (s.m.): persoa que dirixe ou ten mando sobre outras.

Lección 51

Ó remata-la clase



Ampliación: Na clase de Xeografía o mestre preguntou a lección, e vai e pregúntalla a Xoán. «Vaia sorte a do rapaz! Tamén recolleu os traballos de redacción pero non llos pediu máis cós catro que estaban facendo barullo.
—¡Se cho chega a pedir a ti...!, comentoulle Xoán ó seu compañeiro.

Gramática: Pasamos aquí a mostrarlle as formas nas que concorren os pronomes ME, CHE, LLE co acusativo de 3.ª persoa. Así:

	O	A	OS	AS
ME	mo	ma	mos	mas
CHE	cho	cha	chos	chas
LLE	llo	lla	llos	llas

Exercicios: a) Sinale as formas da gramática no diálogo e na ampliación.
b) Sustitúa o obxecto directo nas seguintes oracións pola forma do cadro superior máis axeitada.

Modelo: Colleulle os zocos sen lle pedir permiso. Colleullos sen lle pedir permiso

1. Despois de que che cantaron a canción quedaches contento.
2. Traíanlle os mobles novos para a casa de teu irmán.
3. Se me chama ermitán non sei que será el.
4. Quéreme colle-la metade dos libros.
5. ...E ese día regaláronlle camaróns.
6. Entón, ¿había que sinalarche os pasos a seguir no problema?
7. Deuche esa resposta porque estaba moi enfadado.
8. ¿Por que non me respondes esa pregunta?

Vocabulario:

Barullo (s.m.): ruído, balbordo, desorde, rebumbio.
Emprestar (v.): ceder algo temporalmente.
Ermitán (s.m.): persoa que vive en soidade. / O que vive e coida da ermida.
Grego (adx.): relativo a un pobo mediterráneo.
Illa (s.f.): porción de terra rodeada de auga por todas partes.
Resposta (s.f.): contestación.
Zoco (s.m.): calzado de madeira.

Lección 52

No taller



Ampliación: Xa llelo dixo o xefe: «Vou mañá para Madrid e quero vérvo-lo **traballo que facedes». Deulle-las boas tardes e marchou.**
—«Este home é demasiado esixente, asegúrovolo eu» comenta Anxo. «E sónvo-las oito xa ¿non é así?».

Gramática: A concorrencia dos pronomes en dativo **nos vos lles** co acusativo de 3.ª persoa presenta o seguinte cadro de formas:

	LO	LA	LOS	LAS
NÓS	nolo	nola	nolos	nolas
VÓS	volo	vola	volos	volas
LLES	llelo	llela	llelos	llelas

Fíxese en que **llelo** vai referido sempre «**a eles**» mentres que **llo** é sempre respecto «**a el**». Así diremos: «Dígollelo» (a eles) pero «Dígollo» (a el). «Perdémosllelo» (a eles) pero «Perdémosllo» (a el).
Debe tamén ter en conta que cando a contracción é cun artigo deberemos usa-lo guión: «Regaláronno-los cadernos» pero «Regaláronnolos», «Abrídeno-la porta» pero «Abrídenola».

Exercicios: a) Indique na ampliación e no diálogo as formas estudiadas na gramática.
b) Traballe sobre as oracións seguintes segundo este modelo.

Xa nos dixeron que se foi o xefe...... Xa nolo dixeron.

1. Doulle o diñeiro a meus pais.
2. Cóllovo-las obras de Castelao.
3. Perdeulle uns selos da época republicana.
4. Hoxe lévannos a moto ó taller.
5. Regálanvos un cadro.
6. Por iso lles colleu xenreira.

Vocabulario:

Acender (v.): prender lume ou luz / Poñer en marcha.
Caderno (s.m.): conxunto de follas a modo de libro nas que se escribe.
Diñeiro (s.m.): nome común a tódalas moedas en metal ou papel. **Cartos.**
Peza (s.f.): parte dun instrumento ou dunha máquina.
Traballo (s.m.): actividade realizada por unha persoa. / Sitio onde se traballa.
Xenreira (s.f.): enemizade entre dúas persoas que andan sempre mirando de se facer mal.

Lección 53

De conversa na casa



Gramática: Son moitas as diverxencias co castelán á hora de coloca-lo pronome na oración.

Regra xeral: 1) Nas oracións principais ou independentes, o pronome átono que funciona como complemento vai unido e postposto ó verbo (chámase pronome enclítico): «Vinte onte».

2) Nas oracións subordinadas o pronome vai diante do verbo: «Dixo que **o** levases».

Excepcións: Hai ocasións en que o pronome vai antes do verbo na oración principal ben porque hai palabras que o atraen cara a si, ou ben en oracións que teñen unha énfase especial:

a) Adverbios, adxectivos e pronomes de cantidade atraen o pronome cara a si:
«Moito lle quería» = «Queríalle moito»
«Alguén o debe de rachar» = «Debe de rachalo alguén»
«Tódolos anos o celebramos» = «Celebrámolo tódolos anos»

b) Case ningún adverbio de tempo e lugar entra nesta excepción:
«Agora vaste e despois déixasnos sós»
«Por baixo víaselle, por riba levábao agochado».

c) Sen embargo: «Xa o fixen» e «Sempre me gustou»

d) Téñase en conta que cando «logo» atrae o pronome para si, ten un significado distinto a cando non o atrae:
«Logo fóronse» (Despois fóronse). «Regaláronlle unha xoia e logo quitáronlla»
«Logo se foron» (Axiña se foron). «Logo lle marcharon os desexos de viaxar»

a) As conxuncións e adverbios negativos atraen o pronome para antes do verbo: «Non lle deas nada», «De pequeniño nunca o levaba ás costas».

a) O mesmo ocorre cos pronomes indefinidos, interrogativos e exclamativos cando van antes do verbo: «Alguén o dixo», «¿Quen mo chamou?», «¡Cantas lles deron!».

Vocabulario:

Agochar (v.): esconder, tapar. / Poñer a cuberto do frío ou da chuvia.
Ás costas (expr.): ó lombo.
Desexo (s.m.): gana de algo, **Degaro.**
Seica (adv.): segundo din, segundo oín, segundo teño entendido... etc.
Xoia (s.f.): obxecto precioso que serve de adorno. **Alfaia.**

Lección 54

O permiso



Ampliación: Anxo e Xoaquín foron á Casa do Concello para solicitar un permiso de construcción. Queren montar un restaurante cos aforros que trouxeron da Suíza. Ó mesmo tempo queren deixar solucionado o problema do aparcamento para os posibles clientes, porque non queren que o seu restaurante contribúa a aumenta-lo caos circulatorio. A concellala deulles toda clase de facilidades porque tódolos papeis estaban en regra. Agora vaille transmiti-lo permiso ó Sr. Alcalde para que o asine.

Gramática: Os pronomes de cortesía e respeto: Os pronomes de cortesía empréganse cando se está falando cunha persoa á que parece exceso de confianza ou falta de respeto tratar de **ti**. Entón emprégase a forma **vostede** para o suxeito. Para os complementos, empréganse as formas de 3.ª persoa, que distancian ó falante do seu interlocutor: «¿**Vostede** quere que **o** leve ó médico para que **lle** dea un remedio?».

En zonas do Occidente de Galicia tamén se emprega como suxeito a forma **vós**, especialmente entre os compadres (persoas relacionadas polo bautismo ou matrimonio dos fillos): Manuela, ¿e vós onde ides?

Exercicio: Suliñe no diálogo os pronomes persoais de cortesía. Converta nas seguintes frases o tratamento normal polo tratamento de cortesía:

1. Quero que me deas aqueles libros que che deixara o ano pasado.
2. ¿Gústache a música de Mozart?, creo que a teu irmán lle gusta máis a de Schubert.
3. Non cho creo, aínda que mo xurases trinta veces non cho crería.
4. Tanto che ten ¿non? vives ti ben e non che importan os demais.
5. Queríache pedir un favor pero xa vexo que estás moi ocupado.

Vocabulario:

Alugueiro (s.m.): prezo en que se aluga algo. **Renda.**
Asinar (v.): escribir un mesmo a súa sinatura, o seu nome.
Casa do Concello: edificio municipal onde se xuntan os concellais e mailo alcalde para debatiren e solucionaren os problemas do concello.
Concello (s.m.): municipio.
Ser de lei (exp.): ser unha persoa honrada, cumpridora da lei, legal.
Terreo (s.m.): espacio de terra.
Xurar (v.): adquirir un compromiso legal con testemuñas.

Lección 55

Chegando para comer



Gramática: O pretérito pluscuamperfecto de indicativo significa unha acción real anterior a outra acción pasada («Cando chegaches eu xa comera»). Vexámo-las súas formas:

C-I	C-II	C-III
cantara	comera	vivira
cantaras	comeras	viviras
cantara	comera	vivira
cantaramos	comeramos	viviramos
cantarades	comerades	vivirades
cantaran	comeran	viviran

ATENCIÓN: En galego non existen as formas *había comido e *tiña comido co mesmo significado ca «comera». Evitemos polo tanto aberracións do tipo: «Cando chegaches eu xa *había comido». «Cando chegaches eu xa *tiña comido».

Exercicio: a) Indique no diálogo tódolos pluscuamperfectos que vexa.

b) Use os tempos que vén de aprender na gramática desta lección. Os verbos que terá que conxugar van indicados entre parénteses.

1. Fun correndo pero xa...... (saír) o autobús.
2. Pediume un grolo cando xa nós...... (beber) toda a botella
3. Mandouvos falar dun libro que non...... (ler), por iso tiña avantaxe sobre vós.
4. A policía chegou cando o ladrón xa...... (fuxir).
5. Andábache ben folgado, non...... (traballar) en todo o día.
6. Cando chegou teu pai o coche xa vos...... (marchar).
7. Nós...... (deixar) o xantar no forno para telo quente cando chegásemos.

Vocabulario:

Avantaxe (s.f.): situación pola que unha persoa está en mellores condicións ca outra. / Superioridade en calquera aspecto.

Folgado (adx.): descansado, que a penas traballa.

Forno (s.m.): sitio onde se asan as comidas ou se coce o pan.

Grolo (s.m.): parte dun líquido engulida cada vez que bebemos. **Chopo. Fecha. Buche.**

Xantar (s.m.): comida do mediodía.

Lección 56

Para ir á casa de María



Ampliación: Son as sete dun serán chuvioso. Anxo está escoitando música na sala cun bo vaso de leite quente ó lado. Carme vai saír ata a casa de María e aborrécese co seu irmán: —Isto parece unha casa de tolos— coméntalle; e Xoán coa súa característica retranca respóndelle: —Anda, pois eu aínda non me dera conta. Ó final foi á casa da súa curmá e deulle o disco que lle prometera.

Gramática: Estes que aquí lles presentamos son os paradigmas dos presentes e dos pretéritos do verbo DAR:

Pres. Ind.	Perf. Ind.	Plusc. Ind.	Pres. Subx.	Imperf. Subx.
dou	dei	dera	dea*	dese
dás	deches	deras	deas	deses
dá	deu	dera	dea	dese
damos	demos	deramos	deamos	desemos
dades	destes	derades	deades	desedes
dan	deron	deran	dean	desen

* Fíxese que de estar tamén é: Estea, esteas, estea, esteamos, esteades, estean.

Exercicios: a) Indique tódalas formas do verbo DAR que vexa no diálogo e na ampliación.

b) Complete as frases seguintes cos presentes ou pretéritos do verbo DAR:

1. Meto tódalas cousas e.... llas agora mesmo, antes de que as campás (pres. subx.).... ás 8.
2. Síntoo por ti pero eu (perf.)...... llelo, e sei que vós non me (pres.)...... nada.
3. Ti (perf.)...... llo a el onte porque non se (perf.)...... présa.
4. Se (pres.)...... con ese traballo estaredes contentos.
5. Tamén mo devolverá cando eu llo (pres. subx.)......
6. Ti (perf.)...... as gracias polo que che (perf.)...... eles.
7. Vós non llo (pres. subx.)...... a el, mellor que llo (pres. subx.)...... ela.

Vocabulario:

Aborrecerse (v.): enfadarse, amolarse, poñerse de mal humor. / Aburrirse.
Campá (s.f.): instrumento de metal que hai nas igrexas ou nos reloxios de parede que serve para anunciar algo. O obxecto que bate na campá chámase **badal** ou **sino.**
Música (s.f.): conxunto de sonidos harmónicos.
Pano das mans (s.m.): anaco de tea que serve para soa-los mocos, limpa-lo suor, etc.
Reloxio (s.m.): aparato para medi-lo tempo.
Sala (s.f.): habitación grande.
Volume (s.m.): nivel de sonido. / Espacio que ocupa un corpo.

Lección 57

Negocios



Ampliación: Xoaquín mercou un baixo despois de darlle mil voltas, aínda que ó primeiro dubidase en alugalo. Agora terao que acondicionar para que chegado o verán poida abrilo ós moitos turistas que visitan Portonovo. Non se pode dicir que mercalo lle saíse moi barato, mais, a pesar diso, en canto chegou á casa mandoulles a todos que calasen e contoullelo negocio.

Gramática: Estes que lles ofrecemos son os paradigmas do pretérito imperfecto de subxuntivo dos verbos regulares. Fan referencia a un feito irreal situado no pasado ou no presente, ou a un feito posible no futuro: «Non lle dá importancia a que pasases sen saudalo», «Se xogasedes ben o partido, gañariades».

C. I	C. II	C. III
cantase	comese	vivise
cantases	comeses	vivises
cantase	comese	vivise
cantasemos	comesemos	vivisemos
cantasedes	comesedes	vivisedes
cantasen	comesen	vivisen

Exercicio: Encha os espacios en branco coas formas da lección ou doutros verbos.

1. Dixeron que o primeiro que se (incomodar) perdería a aposta.
2. Deixoulle unha tarxeta para que lla (cubrir).
3. Recomendámoslles que os (saudar) en canto (chegar).
4. Para que (coñecer) algo sobre ese tema, tería que estudiar máis.
5. Non mereciamos que nos (chamar) á orde por esas parvadas.
6. Gañarían máis cartos se o (alugar).

Vocabulario:

Afinar (v.): deixar no prezo xusto.
Alugar (v.): arrendar, traspasar temporalmente.
Calar (v.): deixar de falar.
Dirixirse (v.): ir cara a algún sitio.
Leste (s.m.): punto por onde sae o sol.
Saudar (v.): enviar un saúdo / facer un sinal de recoñecemento.
Ventá (s.f.): aberta que se deixa na parede para que pase a luz e mailo aire. **Fiestra.**

Lección 58

De visita no local que mercaran



Ampliación: Pai e fillo foron ver hoxe a adquisición e comentaron tódolos pormenores: se o collesen antes, terían máis tempo para preparalo con calma, non obstante pensaron que cando chegase o bo tempo e medrasen os días poderían botar unha man para axudar a darlle os últimos retoques. Xoaquín tiña reparos a que os albañís lle formasen tal cisco que el non rendese o que debía no cuartiño que estaba acomodando como oficina detrás do bar.

==

Gramática: Trataremos hoxe das diferencias de uso máis destacables entre o pluscuamperfecto de indicativo e o imperfecto de subxuntivo. O pluscuamperfecto (cantara) vai referido a unha acción do pasado que xa se realizou: «Chegou cando xa marcharas». Refírese sempre a feitos reais. Pola contra, o imperfecto de subxuntivo (cantase) empregarase cando fagamos referencia a unha acción que puido suceder no pasado pero que non sucedeu: «Se comeses antes daríache tempo a colle-lo autobús», ou tamén para referírmonos a accións hipotéticas que se realizan no presente ou no futuro. «Teño medo a que llo regalase sen contar comigo», «Se a comprases mañá aínda che farán desconto». Preste atención ó seguinte: «Dixo que fora ó cine» (real, anterior) / «Dixo que fose ó cine» (posterior, recomendación). Queremos facer fincapé en que a forma **cantase** (escollida como normativa) pode ser sustituída na fala por **cantara,** pero **cantara** (pluscuamperfecto) nunca é sustituíble por **cantase**.

==

Exercicio: Complete as frases que seguen elixindo entre os dous tempos da gramática e poñendo a forma do verbo que vai suliñado.

1. Non tiña nin idea de que **chegar** de París.
2. Pareceulle de mala educación que (el) **falar** coa boca chea.
3. Teríao feito se **chegar** antes das dez.
4. Acabou de xantar cando nós **empezar** co postre.
5. Nós pensamos que porque (el) **falar** dese xeito non é máis burro.
6. Dixo que (vós) **saír** pola noite.
7. Sabía que quen **pasar** esa proba tiña grandes posibilidades.
8. Se vós **cantar** coma eles poderíades gaña-lo concurso.
9. Agora estás triste, ¡non te **meter** con el desa maneira!
10. Foron ás présas pero vós xa **marchar.**

==

Vocabulario:

Albañil (s.m.): home que tén por oficio facer ou amañar casas.
Arriar (v.): soltar, deixar / remata-lo traballo.
Asinar (v.): rubricar, poñe-lo propio nome ó pé dun documento.
Custar (v.): ter un prezo / Facerse difícil.
Cuarto (s.m.): habitación.
Oficina (s.f.): lugar onde se traballa ou exerce un oficio.

Lección 59

Día de feira



Ampliación: Tódolos mércores hai feira en Portonovo. Despois de remataren a derradeira clase da mañá, Carme e a súa amiga Uxía foron dar un paseo pola Praza Maior. Alí teñen os seus postos os polbeiros, albardeiros, cordeiros, ferreiros, zoqueiros, etc. Neste mercado pódense atopar desde camisas, pantalóns e todo tipo de farrapos, ata navallas, xoguetes, peles... A vila é un formigueiro de xente.

Gramática: Estudiaremos hoxe a distribución dos relativos:
QUE: é invariable. Pode ir acompañado polo antecedente **o, a, os, as.**
QUEN: só se usa en singular. (¿Quen foi? ¿Quen foron?).
CAL: ten un plural **cales.** É sobre todo de uso literario.
Fíxese que no galego non existe un pronome correlativo ó castelán «cuyo».
Evitemos, polo tanto, construccións como:
«O rapaz cuio pai vimos onte non é ese», ou «O coitelo cuxo gume está mal afiado non corta». Digamos: «O rapaz, ó que lle vimo-lo pai onte, non é ese» e «O coitelo co gume mal afiado (que tén o gume mal afiado) non corta».

Exercicio: Complete as frases seguintes cos relativos estudiados hoxe:
1. As rosas...... me deches estaban murchas.
2. Contáronnos as...... viñeron novas que non tiñan nin roupa que vestir.
3. A nora da Xiana, da...... che falei onte, non sabe nada diso.
4. ...... llo trouxemos non fumos nós.
5. ¿Que fixestes cos cartos.... vos deron?
6. As nenas das...... falaban son netas deste señor.
7. Non me digas...... son, porque non os quero coñecer.
8. ¿...... eran os que querían ir á excursión?

Vocabulario:

Albardeiro (s.m.): home que fai e/ou vende albardas.
Branco (adx.): da cor da neve.
Cordeiro (s.m.): home que fai e/ou vende cordas.
Farrapo (s.m.): calquera trapo vello. / Cada unha das pingas de neve. **Folerpa.**
Ferreiro (s.m.): home que traballa o ferro.
Formigueiro (s.m.): lugar onde viven as formigas. / Aplícase tamén a un continuo ir e vir de moita xente.
Gume (s.m.): fío de calquera utensilio que se emprega para cortar.
Navallas (s.f.): clase de coitelo que ó pecharse garda o fío ou gume no mango.
Pel (s.f.): a parte exterior do corpo dos homes e dos animais.
Polbeiro (s.m.): home que vende polbo nas feiras.
Polbo (s.m.): animal mariño que ten unha cabeza da que saen oito brazos ou raxos.
Zoqueiro (s.m.): home que fai e/ou vende zocas.

Lección 60

A carteira



Ampliación: Carme e a súa amiga seguen por alí de compras. Quixeron mercar un bolso e unha carteiriña e unicamente Carme escolleu unha carteira de pel de cor negra. Parecía que quería botarse a chover polo que dixeron de marchar para a casa.

Gramática: Ímoslles presentar aquí os perfectos con —X— de catro verbos irregulares: DICIR, QUERER, FACER e POÑER (PÓR).

dixen	quixen	fixen	puxen
dixeches	quixeches	fixeches	puxeches
dixo	quixo	fixo	puxo
dixemos	quixemos	fixemos	puxemos
dixestes	quixestes	fixestes	puxestes
dixeron	quixeron	fixeron	puxeron

Sobre estas formas faise o pluscuamperfecto e o imperfecto de subxuntivo: dixera, dixese, quixera, quixese, fixera, fixese, puxera, puxese. Teña en conta tamén que a vocal temática destes verbos (a que nós destacamos) é sempre aberta: dixeches, fixemos, quixestes..., etc.

Exercicios: a) Indique os perfectos con —X— que vexa no diálogo e na ampliación.
b) Elixa as formas destes perfectos que conveñan e encha os espacios en branco con elas.

1. Ti (querer)...... esperalo e así foi que chegaches tarde.
2. Os alcaldes (facer)...... daquilo un extraño asunto, pero non lles (facer) ...... falta falar da súa reputación.
3. Desque vós lle (dicir) que me visitase colleuno por costume.
4. (dicir)...... que me levases en coche e ti non me (facer)...... caso.
5. Nesa conferencia (facer)...... un chamada de atención sobre a extinción das baleas.
6. ¿Vós (poñer)...... a roupa na habitación? Si, xa a (nós, poñer)......
7. Nós (dicir)...... que o (facer)...... nós, pero el non nos (facer)...... caso.

Vocabulario:

Balea (s.f.): mamífero mariño de gran volume e peso.
Botarse a chover (expr.): empezar a chover.
Cartos (s.m.): papel ou metal que se lle dá ou tén certo valor. **Diñeiro.**
Carteira (s.f.): bolsa na que se gardan os cartos ou libros.
Relear (v.): discutir sobre o prezo de calquera cousa **Regatear.**
Tenda (s.f.): local onde se poden mercar cousas.

Lección 61

No taller amañando unha moto



Gramática: Estes que lles ofrecemos son os perfectos de catro verbos irregulares: HABER, CABER, SABER e TRAER.

houben	couben	souben	trouxen
houbeches	coubeches	soubeches	trouxeches
houbo	coubo	soubo	trouxo
houbemos	coubemos	soubemos	trouxemos
houbestes	coubestes	soubestes	trouxestes
houberon	couberon	souberon	trouxeron

Teña en conta que o verbo **haber** en perfecto pode aparecer en perífrases coa preposición **de** e máis un infinitivo, resultando un significado de «acción que estivo a piques de suceder»: «houben de caer ó río» = «por un pouco non caín ó río» = «a pouco máis caio ó río».

Exercicio: a) Encha os espacios en branco coa forma que cumpra en cada caso.

1. ¿Ti sabe-lo que me (traer)...... meus pais de Portugal? Unha caixa de mistos.
2. Vós (traer)...... lo paquete a tempo, pero non esperabamos que chegasedes así.
3. Non (haber)...... maneira de que lle aprendese a toca-la gaita.
4. Cando quixo contestar non (saber)...... ¡e iso que é moi falangueiro!
5. ¿Vós (caber)...... ben no coche do meu pai?
6. Non sei se vós (saber)...... da súa morte, pero nós fómoslle ó enterro.
7. Vós (haber)...... de chegar antes có dono da fábrica.
8. Eran novos no choio e non (traer)...... o que facía falta.
9. Onte na praia (haber)...... de afogar tres rapaces.

Vocabulario:

Aprender (v.): estudiar unha cousa ata entendela ou saber facela. / Ensinar.
Caixa (s.f.): obxecto onde se garda calquera cousa.
Choio (s.m.): traballo, ocupación, oficio./ Situación avantaxosa da que se saca moito proveito con pouco esforzo.
Falangueiro (adx.): persoa moi faladora, que gusta da conversa.
Misto (s.m.): paucíño de madeira ou cartón cunha cabeza de fósforo que se acende ó riscala.
Praia (s.f.): lugar á beiramar onde hai moita area.

Lección 62

Mercando libros



Ampliación: Moitos rapaces de hoxe a penas len libros. Este non é o caso de Irimia, a ela gústanlle moito. Agora está a ler unha novela que lle recomendaran; titúlase «A Esmorga», e é do autor ourensán Eduardo Blanco Amor. Nesa librería onde foi Carme canda a súa amiga hai moitos libros e revistas de moi boa calidade, polo que alí puideron mercar cadansúa lectura.

Gramática: En galego temos unhas formas de posesivo ligadas a un distributivo: «cadanseu, cadansúa, cadanseus, cadansúas». Cadanseu = cada un o seu, etc. Estas formas van sempre diante do obxecto posuído: «Rapaces, levade cadanseu sombreiro que quenta o sol». E totalmente incorrecto dicir: «Cadanseu rapaz levaba un sombreiro». As formas do demostrativo combínanse co indefinido «outro», dando lugar en cada caso á formación dunha palabra nova, xa que só o segundo elemento admite morfemas de xénero e número: «estoutro - a - os - as, esoutro - a - os - as, aqueloutro - a - os - as.

Exercicios: a) Indique no diálogo e na ampliación as formas estudiadas hoxe na gramática.

b) Complete as oracións seguintes coas formas tratadas na gramática:

1. Esta chambra é túa e...... é miña.
2. María e Uxía mercaron...... saias.
3. Aquela casa estaba feita en lousa e...... en madeira.
4. Aqueles beberon...... vaso de leite frío, e...... bebérono quente.
5. Aqueles debuxos foron feitos a lápiz e...... a carbón.
6. Senón levan este queixo, poden levar......, ou mellor aínda, leven......
7. O conto fala de que Iria e Roi comeron...... merenda.
8. Para facérde-lo exame traedes...... folla de papel e...... lápiz.

Vocabulario:

Lousa (s.f.): pedra plana e delgada. **Pizarra. Xisto.**
Quente (adx.): que tén ou dá calor.
Saia (s.f.): parte do vestido da muller que cobre da cintura para abaixo.

Troula (s.f.): **francachela. Esmorga.**
Coñecer (v.): ter idea dunha cousa ou chegar a sabe-la súa natureza mediante a intelixencia.

Lección 63

O carteiro



Ampliación: O outro día avisaron do correo para ir recoller un paquete: Foi na mesma tarde Anxo pero estaba pechado e tivo que volver hoxe Xoán. Xoanciño ía algo preocupado porque o carteiro seica é algo borrachiño e sempre lle fai rabear coas mozas de por alí ou con outras cousas:
—«¿E así que fostes vós os que lle roubaste-las laranxas ó cura?».
—«Nós non lle fomos señor Xosé».
—«Iades vós por alí, si, que mo contaron a min».
—«...e despois destas e doutras cousas déunolo por fin e viñemos...».
—«¡Ai burriño, burriño!». ¿Non ves que te quería ler e saber se forades vós ou non?».

= =

Gramática: Atendemos hoxe ó pretérito perfecto, imperfecto, pluscuamperfecto e imperfecto de subxuntivo do verbo IR.

Pret.Imperf.	Pret. Perf.	Pret.Plusc.	Imperf.Subx.
ía	fun	fora	fose
ías	fuches	foras	foses
ía	foi	fora	fose
iamos	fomos	foramos	fosemos
iades	fostes	forades	fosedes
ían	foron	foran	fosen

= =

Exercicios: a) Sinale as formas do verbo IR que haxa no diálogo e na ampliación.
b) Encha os espacios en branco que van entre parénteses coas formas que lle parezan máis convenientes dos verbos SER e IR.

«Hola Xurxo: xa saberás que (......) eu o que che mandou a carta anónima do outro día. A verdade é que se lle ocorreu a Luis cando (......) bañarnos ó río. Xa nos contaron das vosas andanzas por Mondoñedo e de cando (......) ve-las covas do Rei Cintolo; espero que a teu curmán xa se lle pasase o medo. Tamén saberás por el que o outro día (......) a Santiago para buscar piso, pois ben, diso nada. Quixera que (......) vós dar unha voltiña a ver se arregrades algo. Ben, neno, déixote porque me acaba de chamar quen xa che contarei. Apertas de todos estes que (......) e viñan contigo por aquelas rúas.

= =

Vocabulario:

Aperta (s.f.): aloumiño que se lle fai a unha persoa rodeándoa cos brazos. **Abrazo.**
Carteiro (s.m.): home que traballa no servicio de correos.
Correo (s.m.): conxunto de cartas, revistas, paquetes, que reparte o carteiro. / Oficina deste servicio.
Cova (s.f.): burato grande feito na terra, debaixo dela. Se non é moi grande chámase **cavouco.**
Ledo (adx.): **alegre. Peneque** (neste contexto).
Rabear (v): insistir burlonamente sobre algo. / Adoecer, desexar algo con ardor, devecer.
Seica (adv.): «teño entendido que», «parece ser que», «quizais»...
Xeral (ad.): común a todos ou á meirande parte.

Lección 64

A saída do cine



Ampliación: Anxo tiña moitas ganas de ve-la película. Oíra falar moi ben dela pero cando a viu fíxoselle algo violenta. Tratábase dunha película moi coñecida que xa vira Xoaquín en Suíza. A sala de cine da súa vila é moi ampla e ten uns asentos ben cómodos. Agora seica van comezar unha xira uns grupos de teatro que, se cadra, van a Portovello polo verán. Tamén eles están interesados na montaxe dunha obra, e teñen pensado aprender dos grupos que van vir.

= =

Gramática: Perfectos irregulares dos verbos TER e ESTAR.

eu	tiven	estiven
ti	tiveches	estiveches
el	tivo	estivo
nós	tivemos	estivemos
vós	tivestes	estivestes
eles	tiveron	estiveron

Sobre estas formas constrúense o pluscuamperfecto e imperfecto de subxuntivo: **tivera, estivera, tivese, estivese.**

= =

Exercicios: a) Indique as formas da gramática que aparezan no diálogo e na ampliación.
b) Elixa as formas destes perfectos que conveñan e encha os espacios en branco.

1. Cando nós (TER)...... que examinarnos ti (ESTAR)...... moi nerviosa.
2. Eu (ESTAR)...... onte no cine e vós non (ESTAR)...... como prometerades.
3. Vós (ESTAR)...... toda a tarde a esperar por nós e non demos chegado.
4. Ó poderdes estar onte no peirao a pescar vós (TER)...... moita sorte, eu (TER)...... que traballar.
5. Vós (ESTAR)...... (a eles) afacendo a xantar con coitelo e garfo.
6. Onte eu (TER)...... un pesadelo, soñei que vós (TER)...... un fillo que se parecía ó carteiro.
7. Ela (ESTAR)...... xexuando unha semana para perder quilos.
8. Elas (ESTAR)...... (a vós) lavando a louza e non lles destes nin as gracias.

= =

Vocabulario:

Afacerse (v.): acostumarse.
Escena (s.f.): parte dunha película ou dunha peza teatral.
Garfo (s.m.): peza de metal con dentes que se utiliza para comer. **Cuberto.**
Louza (s.f.): conxunto de pezas de cociñar. **Vaixela.**
Peirao (s.m.): lugar onde embarca a xente e onde se cargan as cousas que levan os barcos.
Pesadelo (s.m.): soño anguriante. / Preocupación grave.
Xexuar (v.): renunciar á comida.
Xira (s.f.): serie de actuacións dos artistas. **Volta.**

Lección 65

O ensaio



Ampliación: Como xa sabemos, o teatro é unha das maiores diversións de Anxo. Agora está a ensaiar unha obra cun grupo de amigos. Ensaian dous días á semana pola noitiña. Anxo adoita chegar sempre un chisquiño tarde e por iso o director rifa con el. Hoxe puido chegar antes ó ensaio, pero veu andando e atopouse cun amigo pola rúa, estiveron falando e... outra vez tarde ó ensaio.

= =

Gramática: Hoxe imos ve-lo perfecto, o pluscuamperfecto e o imperfecto de subxuntivo do verbo PODER.

Perfecto	Pluscuamperf.	Imperf. Subxuntivo
puiden	puidera	puidese
puideches	puideras	puideses
puido	puidera	puidese
puidemos	puideramos	puidesemos
puidestes	puiderades	puidesedes
puideron	puideran	puidesen

Procuremos diferenciar ben a forma poida (Presente de Subxuntivo) de puiden. Para o presente de subxuntivo vexa a lección 17.

= =

Exercicios: a) Sinale as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo e na ampliación.
b) Encha os espacios en branco coa forma correspondente dos tempos anteriores.

1. Se eu non...... chegar antes foi porque se me avariou o coche.
2. Houbemos gañarlle-lo partido, pero ó final non (nós)...... con eles.
3. (Ti, a min)...... avisar a tempo, ¿non che parece?
4. ¡Home!, ¿ti non...... bota-la cinsa no cinseiro?

c) Repase as leccións 55 e 57 nas que lle falabamos do pluscuamperfecto de indicativo e do imperfecto de subxuntivo e escriba a forma que corresponda do verbo PODER.

1. Se o...... facer, non dubides que o faría.
2. Díxome que cando...... que llo trouxese.
3. Quen...... chegar alí sería o campeón.
4. Cantou moi mal e nós non...... nin berrarlle porque había moita xente a quen lle gustaba.

= =

Vocabulario:

Adoitar (v.): ter por costume. Soer.

Cinsa (s.f.): pó que queda despois de queimar algo. **Cinza. Borralla.**

Cinseiro (s.m.): calquera recipiente destinado a recolle-la cinsa. **Cinceiro.**

Chisco (s.m.): anaco. Pouquiño. Refírese a tempo ou materia.

Noitiña (s.f.): cando empeza a noite. **Serán.**

Lección 66

Seleccionando obras



Ampliación: Anxo e Xacobe son dous namorados do cine e do teatro. Len todo o que lles cae nas mans sobre eses temas. Agora teñen pensado montar unha obra de teatro cuns amigos e eles son os encargados de seleccionala, discuten e ningunha delas os convence. Se cadra van facer unha mistura co que máis lles gustou de cada unha delas, o caso é traballar polo teatro. Desexemos que lles vaia ben.

==

Gramática: As preposicións DE e EN contraen cos pronomes persoais de 3.ª persoa (el, ela, eles, elas) e cos demostrativos que acabamos de ver (este, ese, aquel, esa, esta, aquela, iso, isto, aquilo, estoutro, esoutro, aqueloutro, esoutra, estoutra, aqueloutra, etc.). Contrae tamén cos pronomes indefinidos (algo, algún, algunha). Non contrae con adverbios e preposicións (aquí, alí, acó, aló, aí, entre,...), «De aquí a Ribadeo», «De entre eles eu escollo este»,...).

Así, escribiremos: del, nel, dela, naquel, daquel, nese, deste, disto, naquilo, nestoutro, daqueloutra, dalgo, nalgún, dalgún, nalgunha..., etc.

==

Exercicios: a) Indique as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo e na ampliación.

b) Suliñe nos diálogos as formas contractas de DE e EN cos demostrativos e cos pronomes persoais e indefinidos. Corrixa os casos de non contracción nas seguintes frases:

1. Non me dixo que era del, díxome que era de unha amiga, de aqueloutra rapaza que ti coñeces.
2. Remexe en estes caixóns, atoparás cousas interesantes en algúns de eles.
3. En aquela fonte a auga era limpa coma en esta.
4. En isto chegou de aquel castelo un guerreiro e rescatou a princesa.
5. En algunha parte estarán as fotos de aquel avó, en algún sitio teñen que estar.

==

Vocabulario:

Fonte (s.f.): manantial de auga que sae da terra. / Artificio co que se fai saí-la auga nos xardíns, rúas ou prazas. / Bandexa.

Mistura (s.f.): unión de diferentes sustancias sen perda das súas propiedades.

Necrófilo (adx.): persoa que se comprace na contemplación dos cadáveres.

Pega (s.f.): paxaro da familia dos corvos que ten manchas brancas nas ás e rabo longo.

Remexer (v.): dar movemento a algo, revolver, misturar.

Lección 67

A festa



Ampliación: A Roi dixéronlle que haberá unha festa no Instituto de Carme, van ir tódolos seus amigos. Carme non saberá ata o día seguinte se poderá ir ou non á festa. Os amigos de Roi haberán de ir se conseguen coche. Non dan falado do choio, terán boa música con «Piquete Informativo», un grupo local que está a ter moito éxito, e pasarano moi ben.

Gramática: Hoxe imos ve-los futuros (simple e do pretérito) dos verbos HABER, TER e QUERER.

terei	tería	haberei	habería	quererei	querería
terás	terías	haberás	haberías	quererás	quererías
terá	tería	haberá	habería	quererá	querería
teremos	teriamos	haberemos	haberiamos	quereremos	quereriamos
teredes	teriades	haberedes	haberiades	quereredes	quereriades
terán	terían	haberán	haberían	quererán	quererían

Son castelanismos as formas: *sabrás, *sabrían, *habrá, *habría, *tendrei, *tenderá..., etc. Procuremos evita-los. Recorde tamén que os futuros do verbo **saber** tamén son regulares (vexa a lección 37).

Exercicios: Encha os espacios seguintes coas formas verbais anteriores que correspondan:

1. Eu (ter)...... que ir alá o venres sen falta, pero non (saber)...... se vou deica hoxe á noite.
2. Nós (saber)...... axiña se eles (querer)...... pousada ou non.
3. Vós (haber)...... de face-lo que vos mandan, senón (ter)...... que apañar coas consecuencias.
4. Se lles tivesen medo ós cans, non lles (haber)...... de turrar do rabo.
5. Ti (saber)...... xa que (ter)...... aprobada a materia con boa nota.
6. El (querer)...... deitarse cedo, pois esta semana (ter)...... moito traballo.
7. Ti (ter iso)...... dito unha chea de veces, pero eu nunca (saber)...... o que me queres dicir con iso.
8. Xamais (nós saber)...... o que ten achantado ese avaro, igual (ter)...... sacas cheas de cartos e ninguén o (saber)...... nunca.

Vocabulario:

Achantar (v.): agachar, ocultar, preferentemente baixo terra.

Apañar (v.): recoller algo. / Cargar con algo.

Avariar (v.): causar dano a unha máquina ou a un obxecto. **Estropear.**

Non dar falado de X (expr.): non facer máis ca falar de X.

Pousada (s.f.): hospedaxe.

Turrar (v.): tirar con forza dalgo. Puxar. / Arremeter un animal contra algo.

Lección 68

Lecturas infantís



Ampliación: Despois de remata-lo ensaio Anxo foi para a casa, aínda que a maior parte das veces entra no «Vagalume» a tomar unhas cervexas cos amigos. No cuarto do fondo había luz, e ó entrar puido ve-lo seu irmán, todo enfrascado, que estaba a ler na famosa novela de Verne.

Gramática: Hoxe ofrecémoslle o presente e o pretérito imperfecto dos verbos LER e CRER. Son regulares en tódalas súas formas, aínda que debamos ter en conta que os encontros vocálicos na fala e na escritura se resolvan en contraccións.

Presente	
leo	creo
les	cres
le	cre
lemos	cremos
ledes	credes
len	cren

Imperfecto	
lía	cría
lías	crías
lía	cría
liamos	criamos
liades	criades
lían	crían

Téñase en conta que nalgúns casos, crer pode significa-lo mesmo ca coidar: «Creo que non veñen hoxe = Coido que non veñen hoxe». Nestes casos, debemos procurar emprega-lo verbo coidar.

Exercicios: a) Suliñe as formas da gramática de hoxe que aparecen no diálogo e na ampliación da lección de hoxe.
b) Poña a forma que corresponda en presente ou imperfecto; ou as dúas se é posible.

1. Polas noites...... media hora antes de deitarme.
2. O que me dis non cho...... ninguén.
3. ...... que tiñan unha de catorce e só tiñan once acertos.
4. Ti...... moito meu fillo, váiseche derrete-lo cerebro.
5. Meu irmán...... que non aprobaba ningunha e ó final aprobounas case todas.
6. Ese libro...... cando tiña dez anos.

Vocabulario:

Enfrascado (adx.): dise cando un está moi metido nun traballo, **absorto, abstraído.**

Idade (adx.): tempo transcorrido desde o nacemento dunha persoa ou dunha época.

Legua (s.f.): medida de lonxitude equivalente a uns cinco quilómetros e medio.

Submarino (adx.): que está debaixo das augas do mar.

Vagalume (s.m.): insecto que ten a propiedade de emitir luz pola noite. **Lucecú. Verme de luz.**

Lección 69

A nova construcción



Gramática: O verbo CONSTRUÍR como vostede pode comprobar nas viñetas é perfectamente regular, vexa agora tres tempos moi usuais:

Presente Indic.	Pres. Subxuntivo	Imperfecto
constrúo	constrúa	construía
constrúes	constrúas	construías
constrúe	constrúa	construía
construímos	construamos	construïamos
construídes	construades	construïades
constrúen	constrúan	construían

Coma CONSTRUÍR conxúganse tódolos verbos rematados en -UÍR: contribuír, atribuír, fluír, diluír, restituír, incluír... Visto que estes verbos son regulares debemos evitalas formas incorrectas construia, atribuien, destruia... En temas posteriores explicarémo--lo emprego da diérese nas 1.ª e 2.ª persoas do plural do pretérito imperfecto.

Exercicios: a) Sinale as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo.

b) Encha os espacios en branco co presente e imperfecto, cando sexa posible, do verbo construír:

1. Nós...... o que vós mandastes.
2. Hai moitos millóns investidos e aínda agora...... os aparcamentos.
3. Seremos demasiado realistas, pero é que eles...... castelos no aire.
4. Algúns albañís non facían nada mentres nós...... esta casa.
5. Unha democracia sólida non se...... en cinco días.
6. O que eu...... cando traballaba na Suíza, ... en Alemania agora.

c) Faga o mesmo cos presentes e imperfecto do verbo destruír.

1. Para que o exército contrario...... a ponte teñen que contar con máis homes e armas.
2. ...... as cousas só porque non vos gustaban.
3. Temos que intentar arregralo antes de que o ...... totalmente.
4. Nós...... as nosas casas vellas, sempre que vós...... as vosas.

Vocabulario:

Aire (s.m.): gases que hai na atmósfera. **Ar.**
Aviado (adx.): amañado, preparado, disposto. / **«Estou aviado»**: non sei como saír deste apuro.
Castelo (s.m.): construcción que noutro tempo servía para defenderse en épocas de guerra.
Garaxe (s.m.): lugar cuberto onde se gardan os coches.
Obreiro (s.m.): persoa que emprega a súa forza de traballo nos medios de producción doutro a cambio dun salario ou xornal. / Persoa que traballa. **Traballador.**

Lección 70

Hai tempo no cine



Ampliación: Anxo convenceu a seu irmán para ir ó cine. Aínda fora a semana pasada, pero en vista de que lle seguía rallando... merendaron e foron. Logo comentaron os líos de Farruco e Xurxo; estes, cando están xuntos, rin e rin sen parar. Dicíalle Anxo a Xoán: «Espero que hoxe cando riamos non sexamos tan escandalosos coma eles».

Gramática: Debemos ter en conta que, xa desde a época medieval, os encontros vocálicos se resolven en contraccións, de forma parecida ó que pasaba cos verbos ler, crer, reler, descrer e derivados. Estes son os paradigmas do presente e imperfecto de indicativo:

Presente	Imperfecto	Imperfecto de VER
río	ría	vía
ris	rías	vías
ri	ría	vía
rimos	riamos	viamos
rides	riades	viades
rin	rían	vían

O presente de subxuntivo de Rir presenta as mesmas formas có imperfecto de indicativo. Vexa no texto: «Espero que cando riamos...». Fíxese na semellanza dos imperfectos de Rir e Ver. Os verbos derivados destes que acabamos de ver conxúganse igual.

Exercicios: a) Indique as formas comentadas na gramática de hoxe que aparecen no diálogo e na ampliación.

b) Poña as formas dos verbos RIR e VER que poidan ir nos espacios baleiros das seguintes frases.

1. (El) Primeiro...... (rir), e logo choraba.
2. Cando (rir)...... é imposible falar con eles.
3. Vós (rirse)...... do que non viña a conto.
4. Estabades a ler e asemade (ver)...... a película, na que lle daba unha labazada na meixela.
5. Non (rir)...... porque querían impor respeto.
6. Cantas máis parvadas dicía máis (rir eles)...... Nós non lle (ver)...... a gracia.
7. ¿Porque...... se non entendían nadiña de nada?

Vocabulario:

Banana (v.): froita tropical de forma alongada e cor marela. **Plátano.**

Labazada (s.f.): golpe que se da na cara coa man aberta. **Sopapo. Losqueada. Bofetada.**

Meixela (s.f.): parte da cara que está entre a boca e a orella.

Parvada (s.f.): fatada, inxenuidade.

Rallar (v.): molestar, amolar, incomodar.

Sorrir (v.): poñer cara de risa.

Lección 71

Para ir á discoteca



Ampliación: Os sábados, Anxo e os seus amigos xúntanse para parolar e divertirse. As nove sairán para Viladecima. A discoteca de Viladecima non ten nada especial, pero así cambiarán de ambiente e de xente. Farruco poderá leva-lo coche de seu pai e Anxo levará a súa rechamante furgoneta, así caberán todos. ¿Que máis poderían pedir?

Gramática: Tratamos hoxe os futuros regulares destes tres verbos: CABER, SAÍR ePODER:

caberei	cabería	sairei	sairía	poderei	podería
caberás	caberías	sairás	sairías	poderás	poderías
caberá	cabería	sairá	sairía	poderá	podería
caberemos	caberiamos	sairemos	sairiamos	poderemos	poderiamos
caberedes	caberiades	sairedes	sairiades	poderedes	poderiades
caberán	caberían	sairán	sairían	poderán	poderían

Son castelanismos, e polo tanto incorreccións, formas como *cabrei, *saldremos, *podrán, *saldría, *podrían..., etc.

Exercicios: a) Sinale as formas comentadas na gramática de hoxe que aparecen no diálogo e na ampliación.

b) Suliñe tódalas formas que lle damos hoxe na gramática que aparezan nas viñetas e na ampliación. Complete as frases que veñen a seguir, enchendo os espacios en branco co futuro e/ou condicional, segundo conveña:

1. Vós...... (poder) ir cantas veces queirades.
2. ¿Cando...... (saír) as notas deste exame?
3. Non...... (caber) nese cuarto con tanta xente e terás que marchar.
4. Nós...... (poder) pinta-la nosa casa de branco este verán.
5. Eu penso que...... (saír) facendo algunha das súas.
6. ¿Sabes se o tren saíra (saír) para Ourense? - É que coido que hai folga.
7. (Poder)...... coidarse mellor o medio ambiente pero non se fai.
8. Sempre...... (caber) esa posibilidade.
9. ¿De que mente antigalega...... (saír) a idea de queima-los nosos montes?

Vocabulario:

Adiante (adv.): de frente, un pouco máis.
Ambiente (s.m.): conxunto de circunstancias que rodean a unha persoa, cousa ou acción.
Caber (v.): ter sitio.
Coller (v.): agarrar algo coas mans. / Tamén se usa como sinónimo de «caber»: poder meterse nalgún lugar. / Escoller («no cruce collemos á esquerda»).
Folga (s.f.): medida de presión para obter melloras laborais, políticas, etc. **Paro.**
Parolar (v.): pasa-lo tempo de leria. **Parrafear. Conversar.**
Verán (s.m.): tempo do ano no que vai moita calor (Xullo, Agosto e Setembro).

Lección 72

Os novos amigos



Ampliación: Entre unhas andainas e outras Anxo chegou onte ás tres e media da mañá e hoxe domingo ergueuse para xantar. Ó redor da mesa coméntalle-las incidencias da viaxe de volta ós seus familiares. Para a avoa os mozos de agora conducen coma tolos. «Non é para tanto, eu coñezo un da parentela que non hai quen conduza como el», dixo Xoanciño referíndose a seu curmán en ton burlesco.

Gramática: Os presentes dos verbos COÑECER, CONDUCIR, TRADUCIR son regulares en tódalas persoas. Igualmente son regulares no Pretérito perfecto, pluscuamperfecto e mailo Imperfecto de subxuntivo.

Presente de Indicativo			Pret. Perfecto	Pluscuamperf.	Imperfecto subxuntivo
coñezo	conduzo	traduzo	conducín	conducira	conducise
coñeces	conduces	traduces	conduciches	conduciras	conducises
coñece	conduce	traduce	conduciu	conducira	conducise
coñecemos	conducimos	traducimos	conducimos	conduciramos	conducisemos
coñecedes	conducides	traducides	conducistes	conducirades	conducisedes
coñecen	conducen	traducen	conduciron	conduciran	conducisen

Presente de Subxuntivo		
coñeza	conduza	traduza
coñezas	conduzas	traduzas
coñeza	conduza	traduza
coñezamos	conduzamos	traduzamos
coñezades	conduzades	traduzades
coñezan	conduzan	traduzan

Evitémo-los castelanismos «conduzco, traduzca, produzcamos, conduxen, produxera...»*.

Exercicio; poña a forma que corresponda do verbo que vai entre parénteses.

1. Sempre que (Conducir) sóbeme a velocidade á cabeza.
2. Otero (Traducir) a Joyce cando case ninguén o (Coñecer).
3. Asegúrame que os portugueses (Conducir) coma tolos.
4. (Traducir) dúas horas ó día porque dixo que quería aproba-lo latín dunha vez, pero que (traducir), que, ¡boa falta lle fai!
5. «Cando vostede (Conducir) mellor e (Coñecer) o Código, non teña medo que non o habemos de multar» —díxolle o garda de tráfico.

Vocabulario:

Andaina (s.): tempo longo que transcorre desde que se emprende unha viaxe.
Catar (v.): buscar, coller. / Procurar, ter cuidado, «Cata que non te sinta».
Chota (s.): cría de cabra que aínda mama. / Montón de esterco. / «Estar coma unha chota»: «Estar tolo».
Garda (s.): persoa encargada da defensa e protección de persoas e cousas.
Ton (s.): carácter dunha expresión. / Grao de elevación dun sonido.

Lección 73

De volta da festa



Gramática: CAER e SAÍR son verbos regulares pero intercalan un —i— na 1.ª persoa do singular do Indicativo Presente, que se propaga a todo o Subxuntivo.

Pres. Ind.		Pres. Subx.		Imperf. Ind.	
Caio	Saio	Caia	Saia	Caía	Saía
Caes	Saes	Caias	Saias	Caías	Saías
Cae	Sae	Caia	Saia	Caía	Saía
Caemos	Saímos	Caiamos	Saiamos	Caïamos	Saïamos
Caedes	Saídes	Caiades	Saiades	Caïades	Saïades
Caen	Saen	Caian	Saian	Caían	Saían

Igual ca estes verbos conxúganse todos aqueles rematados en: -aer, -oer, -aír, -oír. Entre eles están **doer, moer, roer, traer, oír,** e tódolos seus derivados. Lembrará do tema 68 que o verbo **construír** tamén tiña as formas **construïamos** e construïades. O emprego da diérese explícase por estoutros verbos que vemos hoxe, nos que serve para distingui-las formas do pretérito imperfecto (moïamos, moïades) das do presente de subxuntivo (moiamos,, moiades). No pretérito o -i- forma sílaba en por si, no presente forma parte dun ditongo. Os verbos como construír empregan a diérese por mante-la coherencia.

==

Exercicio: Escriba as formas que correspondan dos verbos que van entre parénteses:
1. Cando ti...... (saír), eu tamén ...... (saír).
2. Para que eu...... (traer) o coche tes que me deixa-las chaves.
3. Fómonos porque non...... (oír) nada con tanto ruído.
4. Este neno...... (distraerse) con calquera cousa.
5. A el...... (doer) aquí detrás, nas costas, pero xa foi ó médico.
6. Eu...... (moer) o millo para levalo ó forno.
7. Mira a ver se...... (remoer) as vacas, senón...... (traer) máis herba.
8. Estou fixo de que vós o...... (traer) sen sabelo.

==

Vocabulario:

Caer (v.): bater no chan ó perde-lo apoio. / «Caer ben»: causar boa impresión.
Fuciño (s.m.): nariz, normalmente dos animais. / «Caer de fuciños» = **esnafrarse, afuciñar, afurricar.**
Gargallada (s.f.): risa moi ruidosa. / **Risada.**
Millo (s.m.): planta alta de follas acabadas en bico que tén unha espiga chea de grans marelos.
Moer (v.): desfacer, esnaquiza-los grans de trigo, millo, café, etc.
Oír (v.): percibi-los sonidos. E unha forma máis galega ca **ouvir,** que é a propia do portugués.
Remoer (v.): mastica-los alimentos por segunda vez.

Lección 74

Encontro na rúa



Ampliación: Carme atopa na rúa coa Sra. Bieita, antiga veciña do barrio, unha dona gorda que fala sen cancelas. Carme non lle quere dar moita corda porque sabe que a Sra. Bieita cando bota a falar non pára, por iso fai o posible por despedirse dela e marchar. A Sra. Bieita é capaz de contarlle de novo toda a súa vida... e Carme tén moita présa.

Gramática: Fíxese nas oracións «o outro día vin **os** teus irmáns», «véñoche de visita-**lo** médico». Seguramente tén oído dicir «vin **ós** teus irmáns» e «véñoche de visitar **ó** médico». A construcción máis galega é a que nós ofrecemos no diálogo, pois este segundo uso está influído polo castelán.
Segundo isto, no galego máis correcto deberiamos dicir: «Levei Xoán á feira», «María chama os nenos», e NON «Levei a Xoán á Feira» e «María chama ós nenos». De tódolos xeitos, é aceptable emprega-la preposición A cos nomes propios, e non deben empregarse nunca cos nomes comúns:

Destituíron o gobernador civil da provincia.
Destituíron a Xosé Pereira, gobernador civil da provincia.
Viron o xefe no partido.
Viron ó Sr. Rois, o seu xefe, no partido.

Exercicio: Constrúa tres oracións con complemento directo seguindo a estructura do modelo que lle ofrecemos: vixiar - Xoán / os rapaces / o barco.

—Vós vixiastes a Xoán. —Vós vixiaste-los rapaces.—Vós vixiaste-lo barco.

1. Xulgar - Xoán Caamaño / o criminal / a actuación do artista.
2. Combater - Pedro / o enemigo / a peste.
3. Aturar - Henrique / o neno / a leria.
4. Limpar - Nandiño / o bebé / a casa.
5. Querer - Sabela / a súa nai / un coche antigo.
6. Ferir - Xavier / o guía / os cóbados.
7. Seguir - Farruco / o espía / as normas.
8. Recibir - Manolo / o convidado / as cartas.

Vocabulario:

Adeus (interx.): despedida. **Ata logo. Deica logo. Abur.**
Antigo (adx.): dise dalgo que tén moitos anos.
Caluga (s.f.): parte posterior do pescozo. **Nuca.**
Cóbado (s.m.): parte posterior e prominente da articulación do brazo e antebrazo.
Ril (s.m.): cada unha das glándulas que producen a orina. **Rin.**

Lección 75

Co avó na casa



Ampliación: O sr. Fiz, avó de Xoán, Anxo e Carme, veu da aldea para arranxar uns asuntos na delegación local da Facenda. De paso foi pola casa de seu fillo e netos para estaren todos xuntos. Xoanciño conversa tranquilamente co seu avó, falan do que fai cada un diariamente. O avó marchará cedo para a aldea e deica o mes que vén non se volverán a ver.

Gramática: Repare nas seguintes oracións do diálogo: «botar **nas** patacas», «segar **na** herba», «sachar **no** millo», «rillar **nestas** galletas», «les **nalgún** libro», «pintar **na** parede». Tamén se poderían dicir: «bota-las patacas», «sega-la herba», «sacha-lo millo», «rilla-las galletas», «les algún libro», «pinta-la parede». Sen embargo, as construccións que aparecen no diálogo son as máis galegas, polo que recomendámo-lo seu uso preferente. Polo tanto, as construccións de obxecto directo con preposición EN son as correctas en galego.

Exercicios: Coloque o pronome que lle damos ó final de cada frase no lugar que lle corresponda xunto ó verbo (diante ou detrás):

1. Non......mandaches......facer iso, polo tanto non......fago......(ME. CHO).
2. ......teño......medo ós raposos, pero non......teño......medo ós cans (LLES).
3. ¡Deus......colla......confesado! (TE).
4. Non......sabe......o xantar senón......botas......un pouco de sal (ME, LLE).
5. ¿A quen......decides......?......parece......que estades enganados (LLO, ME).
6. ......repito......que vimos unha denosiña no galiñeiro (VOS).
7. ......multaron......por cortaren unha sobreira e máis un carballo (OS).
8. .....deixamos.....as chaves que.....deixaras.....onde.....dixeras.....(CHE, NOS, NOS).

Vocabulario:

Carballo (s.m.): árbore que dá landras e que ten unha madeira moi dura e boa, empregada para facer carros.
Denosiña (s.f.): mamífero carniceiro nocturno de corpo delgado e patas curtas **donicela, doniña.**
Facenda (s.f.): conxunto de bens e riquezas persoais.
Pataca (s.f.): froito que nace debaixo da terra na raíz dunha planta.
Raposo (s.m.): mamífero carnívoro cánido, de fociño agudo e cola grosa e longa. **Golpe.**
Rillar (v.): esnaquizar cos dentes.
Sachar (v.): remexe-la terra co sacho.
Sobreira (s.f.): árbore de folla perenne, de madeira moi dura. Da súa carepa obténse a cortiza, empregada para tapar recipicientes de vidro, etc.

Lección 76

Falando en negocios



Ampliación: Xoaquín, aconsellado polo seu amigo Mario, quere mercar uns terreos en Soutolongo, a 12 Km. da vila. Antes de mercar pide consello a outro amigo, Paulo, que é economista. Paulo cre que mercar en Soutolongo é tirar cos cartos, e que o mellor é non mercar para logo non bater coa cabeza no chan. Quen puxo á venda eses terreos sabía moi ben o que facía.

Gramática: Fíxese na oración «iso é tirar cos cartos». O emprego da preposición CON con obxecto directo é moi frecuente en galego, sobre todo con algún verbo como **tirar, topar, bater**..., etc.

Fíxese na frase: «**Tiramos** unha entrada, fomos ó cine, e, á saída, **tiramos coa** entrada nunha papeleira».

Exercicio: Imos repasa-la colocación dos pronomes en galego. Sitúe nun dos ocos baleiros, segundo conveña, os pronomes que lle damos ó comenzo de cada frase.

1. ...... metemos ...... no cine despois de tira-la entrada, ... puxemos ...... a ve-la película, e como non ...... gustaba ...... marchamos. (NÓS).
2. El......deu......unha labazada na meixela, e eu......dei...... unha pancada na canela. (ME/LLE).
3. ......vou......dar un grolo de cervexa. (CHE).
4. Non......vou......dar un grolo de cervexa. (CHE).
5. Dixo que......ía......dar un grolo de cervexa. (CHE).
6. Agora......vou......dar un grolo de cervexa. (CHE).
7. Miña nai......coseu......un mendo no pantalón. (ME).
8. ......parece......que non vou poder ir hoxe ó traballo. (ME).

Vocabulario:

Acordar (v.): espertar. / Acordarse: traer á memoria, lembrarse.
Canela (s.f.): parte anterior da perna que vai desde o xionllo ata o pé.
Chan (s.m.): onde pousamo-los pés ó andar. / (Adx.): que non fai costa nin tén altos e baixos.
Mendo (s.m.): anaco de tea ou pano que se cose á roupa que está vella ou rachada. **Remendo.** O verbo é mendar, remendar ou amendar.
Rendable (adx.): que rende, que dá rendemento.
Terlle mala lei a alguén (expr.): querer mal a alguén, non estimar a alguén.
Tirar (v.): Sacar, (exemplo: «Tirei unha entrada para ir ó cine», «tirei cinco pesos do peto»). / Botar fóra, expulsar, lanzar.
Tirar de (v.): facer forza para arrastrar algo: «Todos tiramos da corda».
Tirar con (v.): botar ó chan ou ó aire... «Tira co billete nunha papeleira», «Tira con iso», «Tirei co balón ó quinto pemento». **Guindar.**
Venda (s.f.): acción e resultado de vender.

Lección 77

Non hai ninguén



Ampliación: Carme e Concha quedaron con Luís e Caitán para daren unha voltiña. Concha dille a Carme que non poderán vir por distintos motivos: un vai en Vigo e o outro no dentista. Deciden, pois, escoitar un pouco de música na casa de Concha e logo ir tomar un café ó bar. Hai días nos que os homes non se ven por ningures...

Gramática: Fíxense ben que en galego facemos distinción entre: IR EN / IR A.

IR EN TUI: nesta frase damos por suposto o «estar en Tui», metido xa na vila.

IR A TUI: nestoutra entendemos que se está de camiño cara a Tui, ignorando se se chegou ou non.

Exercicios: Poña IR EN ou IR A segundo corresponda nas seguintes frases:

1. Miña curmá vai...... Lalín (está alí xa).
2. Onte fomos...... Pobra do Caramiñal (estivemos alí) de testemuñas dun xuício.
3. Mañá iredes...... Ortigueira (estaredes alí) nunha barquiña de prata.
4. Miña avoa vai...... Xinzo de Limia (está alí).
5. Hoxé irán...... Boiro (estarán alí) nun coche que corre coma un lóstrego.
6. Agora mesmiño van...... Sobrado dos Monxes (están de camiño).
7. Agora mesmiño van...... Mondoñedo (están alí).

Vocabulario:

Lóstrego (s.m.): luz que precede ós tronos. **Relustro.**
Moa (s.f.): pedra de moer ou afiar. / Cada dente situado detrás dos incisivos.
Prata (s.f.): metal branco e brillante, máis pesado có cobre e menos có chumbo. É un dos metais preciosos.
Testemuña (s.f.): persoa que dá testemuño de algo. **Testigo.**

Lección 78

Unha molladura



Ampliación: Moitas veces Carme e Xoán xúntanse a estudiar con algún compañeiro de colexio. Xoaquín viña de ve-la obra e chegou lorcheando á casa e a súa muller mandoulle ir mudarse. É sabido o que traen consigo as molladuras: febres, catarros, dores de cabeza e gripe.

==

Gramática: Nesta e nas seguintes leccións estudiarémo-lo infinitivo galego. O noso, a diferencia do que ocorre noutras linguas, pode levar desinencias persoais. Son estas:

1	0	: andar	coller	vivir
2	-es	: andares	colleres	vivires
3	0	: andar	coller	vivir
4	-mos	: andarmos	collermos	vivirmos
5	-des	: andardes	collerdes	vivirdes
6	-en	: andaren	colleren	viviren

Fíxese que o infinitivo persoal serve para precisa-lo suxeito do verbo. Por exemplo: Nós vímolos ó vir da praia. ¿Quen viña da praia?

Viñas ti: Nós vímolos ó **vires** da praia.

Viñamos nós: Nós vímolos ó vir da praia. Ó se-lo mesmo suxeito non se conxuga o infinitivo.

Viñan eles: Nós vímolos ó viren da praia.

Viñades vós: Nós vímolos ó virdes da praia.

==

Exercicios: a) Suliñe as formas do infinitivo que aparezan nas viñetas desta lección. Pode facelo mesmo coa ampliación pero teña en conta que ás veces o **-r** pode asimilarse ó **l-** do artigo ou do pronome.

b) Repase a lección 46 e a 10 nas que falabamos disto e trate despois de conxuga-lo infinitivo dos verbos que suliñou.

==

Vocabulario:

Cas de (loc.): casa de, **onda, cabo de.**

Colexio (s.m.): centro de ensino. / Corporación de xente da mesma profesión.

Compañeiro (s.m.): persoa que xoga, estudia ou traballa con outra.

Enxugar (v.): secar unha cousa mollada.

Estrañar (v.): atopar rara unha cousa. / (-se): admirarse por algo. **Abraiarse.**

Febre (s.f.): calor de máis que ten o corpo cando un está enfermo.

Lorchear (v.): andar facendo ruído cos pés mollados. / Cando se está todo mollado dise **pingando** ou **coma un pito.**

Mudarse (v.): cambiarse de roupa. / Trasladarse dun sitio a outro.

San (adx.): que non está enfermo.

Suliñar (v.): marcar cunha liña por debaixo. / Recalcar algo notable.

Lección 79

Aloumiñando a avoa



Gramática: Poderase emprega-lo infinitivo con desinencias persoais.

1) cando o suxeito é distinto do que leva o verbo principal:
   Non é costume teu **faceres** esas cousas.
   ¡Que milagre **chegares** a tempo!
2) cando vaia introducido por unha preposición teña ou non mesmo suxeito:
   Para **chorardes** así tívovos que pasar algo grave.
   Ó **riscares** coa navalla caeulle a pintura.

Debe ter en conta que neste último apartado o infinitivo pode levalas ou non cando o verbo do que depende vai diante:

Tívovos que pasar algo grave para **chorar** así.

Exercicios: A) Complete as frases que seguen poñendo as formas que cumpran:

1. De (vivir, ti) aquí aprende o galego.
2. Ó (calar, vós) contareivos o que tiña pensado facer.
3. Por iso mesmo, por (ser, nós) máis listos, ti non o debías dicir.
4. Despois de (probalo, ti) eu non quixen saber máis nada.
5. Non foi doado velo antes de (sair, nós) do concerto.

B) Transforme estas frases introducindo nelas un infinitivo conxugado. Modelo: En canto se vaian veño eu — Ó írense veño eu.

1. Así como cheguen, nós marchamos.
2. Despois de que xungámo-las vacas, vou leva-lo carro.
3. En atopándoo disllo da miña parte.
4. Para que coñezades tanta xente tivestes que ter moita vida social.
5. Foi milagre del que hoxe esteades neses postos.

Vocabulario:

Aloumiñar (v.): pasa-la man pola cara a unha persoa ou polo pelo a un animal para demostrarlle que se lle quere ben. **Agarimar.**

Agulla (v.): instrumento que serve para coser ou calcetar. / No reloxio as que marcan as horas e os minutos.

Chapo (s.m.): especie de calcetín de lá. **Carpín. Escarpín.**

Madeixa (s.f.)fío envolto ordenadamente.

Milagre (s.m.): suceso que se sae fóra do normal.

Riscar (v.): facer unha raia. / Resfregar unha cousa dura contra outra cousa dura.

Lección 80

Aumento de soldo



Ampliación: A Anxo e a Xacobe acaban de aumentárlle-la paga. Ó pedírenlle aumento ó xefe coñécese que a este non lle fixo moita gracia pero como xa ía para tres anos que entraran a traballar no seu taller non tivo máis remedio que ceder. Nos talleres «O Mañoso» traballa a máis un rapaz novo desde hai pouco tempo:
—«Era de esperar que nolo subise» dicíalle Xoán despois de falar co señor Maside.
—«Eu non diría tanto, pero para ser sincero non hai como estar ben pago para traballar a gusto».

Gramática: Dámoslle aquí unhas breves notas sobre cando non debe usa-lo infinitivo non persoal:

1) Cando non hai suxeito persoal na frase nin posibilidade de repoñelo
Compriría **rematalo** canto antes.
Viaxar gústalle a case todo o mundo.
2) Cando dependendo dun verbo persoal ten o mesmo suxeito ca este ou ben cando un complemento do verbo en forma persoal fai de suxeito.
¡Non saberá espabilar na súa vida!
¡Ían asubiarlle debaixo da súa ventá e aborrecíase!

Exercicios: Complete as frases que seguen poñendo as formas que cumpran:

1. Para (falar ti) ben galego cómpre que estudies un pouquiño.
2. Ó (marchar nós) pecha ben a porta e non deixes entrar a ninguén.
3. Despois de (probalo vós) veredes que é un coche estupendo.
4. De (sabelo eles) non farían o tolo como fixeron.
5. Ó (saír vós) do cine, colléde-lo coche e vides á nosa casa.
6. (Estar ti) de empregado nun banco non é calquera cousa.

Vocabulario:

Asubiar (v.): facer un sonido botando aire polos beizos.
Empregado (s.m.): o que ten emprego ou ocupación.
Ouro (s.m.): metal de cor marela que brilla.
Sincero (adx.): que di a verdade.
Soldo (s.m.): paga que se recibe por un traballo ou servicio realizado.

Lección 81

Canso da pesca



Ampliación: A Sra. Xosefa, nada nesta vila hai xa moito tempo e amiga de sempre da avoa de Xoán, recrimina a Xoán porque vén todo mollado de pescar: o cesto co cinto medio retorto ás costas, a cana na man dereita e un aire resolto.

—Ai Sra. Xosefa, Os pescadores nunca lle fomos ben pagos. Mire como levo a camisa de estrea.

—Cala larchán, cala, que se tiveses máis coidado non virías con ela para aquí. E, ¿va que non sabes se xa lle pagaron a suba a tua avoa?

—Non señora, eu diso non lle son moi entendido.

= =

Gramática: O PARTICIPIO: fórmase engadindo ó morfema -ADO ós verbos da 1.ª conxugación, e -IDO ós da segunda e terceira: CANTAR - CANTADO, BEBER - BEBIDO, VIVIR - VIVIDO. Hai, sen embargo, participios irregulares como: DICIR - DITO, FACER - FEITO, VER - VISTO, MORRER - MORTO, ABRIR - ABERTO, PÓR-POSTO. Outros verbos, nembargantes, presentan dobre forma: unha regular en función verbal (coa perífrases, que xa veremos máis adiante) e outra forma irregular que funciona como adxectivo. As:

ACENDER: acendido/aceso	BENDECIR: bendecido/bendito	NACER: nacido/nado
CALMAR: calmado/calmo	CANSAR: cansado/canso	COLLER: collido/colleito
ENXUGAR: enxugado/enxoito	FARTAR: fartado/farto	LIMPAR: limpado/limpo
PAGAR: pagado/pago	PRENDER: prendido/preso	RESOLVER: resolvido/resolto
TORCER: torcido/torto		

Hai amais sustantivos relacionados con estes participios que debemos ter en conta. Son: suba, perda, gaño, venda, renda, estrea, encarga, colleita, coidado..., etc.

= =

Exercicios: 1) Repare nas viñetas e na ampliación. Nelas hai participios regulares, irregulares e sustantivos dos que falamos na gramática. Sináleos.

2) Vexa que: vista, estado, feito, coidado, colleita, saída, dito e volta, poden ser sustantivos ou participios. Faga dúas frases con cada palabra, unha frase para cada valor.

= =

Vocabulario:

Cana (s.f.): nome dunha pranta de talo alongado, fino e con nós.

Colleita (s.f.): froitos que se recollen da terra . / Acción e época de recollelos. **Anadaña.**

Cinto (s.m.): correa que se cinxe á cintura ou van.

Estrea (s.f.): primeira actuación. / Primeira vez que se usa algo.

Farto (adx.): satisfeito. / Canso.

Retorto (adx.): que non está dereito.

Lección 82

Un accidente pequeno



Gramática: Adverbios de lugar e tempo. Imos agora dar unhas breves notas sobre os adverbios. Como xa se sabe, trátanse de palabras que modifican ó verbo, ó adxectivo ou mesmo a outro adverbio, expresando circunstancias de lugar, tempo, modo. Dentro dos adverbios de tempo consideramos hoxe aqueles en que a modificación temporal se mide dunha maneira absoluta; é decir, desde o presente. En relación ós días temos este paradigma:

Trasantonte	Antonte	Onte	Hoxe	Mañá	Pasadomañá
—3 días	—2 días	—1 día	0	+1 día	+2 días

Polo que ós de lugar se refire temos dous grupos: os do grupo primeiro son estáticos (Aí o tés. Aquí pasou algo grave). Os do segundo grupo son dinámicos (Lévaos aló. Vai alá. Tráeo acá).

1.º AQUÍ (eu)	AÍ (ti)	ALÍ (el)
ACÁ 2.º ACÓ (vir)	ALÁ ALÓ (ir) ACOLÁ	

En relación á persoa que fala, a distancia márcase con:

Pouca distancia	Moita distancia
Preto - Cerca	Lonxe

= =

Exercicios: Traduza ó galego as frases que veñen a continuación:

1. Anteayer fue miércoles, hoy es viernes y mañana sábado.
2. Por allí abajo pasa el río y el agua pasa tan despacio que casi no se oye.
3. Pasado mañana hablaremos con el rector, por eso es necesario que hoy no tengamos ninguna duda sobre lo que le vamos a decir.
4. Voy a esa librería y allí te espero.
5. Estabas tan lejos que no te llamé.
6. Ahí tienes el paquete con los libros que me pediste antes de anteayer.

= =

Vocabulario:

Arrincar (v.): partir dun sitio en dirección a outro / poñer a funcionar unha máquina / sacar algo que está chantado. **Arrancar**.

Croque (s.m.): golpe dado cando baten dúas cousas / golpe dado coa cabeza. **Chichón**.

De súpeto (loc. adv.): de repente, **de sócato, de sótaque**.

Doado (adx.): que é de bo facer. **Fácil**.

Embalar (v.): aumenta-la velocidade dun móbil.

Frear (v.): deter ou modera-lo movemento.

Lama (s.f.): mistura de auga e terra que se forma cando chove moito.

Veiga (s.f.): terreo chan por onde pasa un río.


Lección 83

Á beira do río



Ampliación: Anxo e maila súa amiga Ana querían ir a algures aquela tarde. Decidiron ir pola beira do río ata a fervenza que hai pretiño do mar. Alí contemplaron a auga que caía mansamente. Detrás dela disque hai unha cova máxica na que están enterrados moitos tesouros. Máis tarde Anxo e Ana volvían para a vila falando do limpo que baixaba o río, da beleza das árbores e do niño que Ana vira no bico dun piñeiro.

Gramática: Adverbios de lugar e de tempo. Imos continuar coa lección anterior. Consideramos nesta aqueloutros adverbios de tempo en que a referencia temporal é relativa, é dicir, cando se refire a un tempo xa expresado, que tanto pode ser pasado como presente como futuro. As circunstancias poden ser **coincidencia puntual** (daquela, entón, xa, aínda, cando...), **coincidencia durativa** (mentres, entrementres...), **anterioridade remota** (antes), **posterioridade remota** (despois).



Exercicios: Traduza ó galego as frases que veñen a continuación:

1. Junto al río, delante de aquel pino había un nido caído.
2. Frecuentemente se me dirige levantando el tono de voz.
3. Había una cueva detrás de las ramas donde anidaban los petirrojos.
4. ¿Dónde está la calle del Pez Colorado? Por allí siga usted andando y la verá.
5. A veces no sabes lo que dices y así no vas a ninguna parte.
6. Ahí tienes a Juan, casi siempre es muy puntual, aunque a veces no llega nunca.
7. En alguna parte estarán las patatas que compraste anteayer.

Lección 84

O novo xiradiscos



Ampliación: O vello xiradiscos avariaba a cotío, por iso o Anxo mercou un novo coa paga do último mes. O homiño está todo ilusionado e agora andano instalando de vagar entre el e o seu irmán. Xoanciño co seu diñeiro tamén quixo axudar e foi merca-lo primeiro disco do grupo local «Piquete Informativo».

= =

Gramática: Hoxe tratámo-los adverbios e locucións adverbiais de modo. Debe ter en conta que algúns adxectivos poden funcionar tamén como adverbios: correr **lixeiro, falar alto, andar lento.**

(Para unha lista dos máis comúns, vexa o vocabulario desta lección).

= =

Exercicios: Traduza ó galego as seguintes oracións.

1. Si no conduces despacio y con cuidado podrás tener un accidente.
2. Es muy sencillo, hazlo con tiempo y ya verás cómo de esa manera no tendrás problemas.
3. Así es mejor: no volverán a hacerlo de ese modo.
4. No has hecho nada al derecho, todo lo has hecho a tontas y a locas: no es raro que lo cogiera sin hacer distinciones.
5. Estoy haciendo estos mapas y al mismo tiempo viendo la televisión.
6. Ni bien ni mal, ni mejor ni peor, sencillamente diferente.

= =

Vocabulario:

A eito (adv.): a esgalla, a moreas, a mans cheas, a montóns.
A feito (adv.): todo seguido, sen escoller, sen distinción.
A modo (adv.): vexa vocabulario das leccións 31 e 35. Paseniño.
A(s) présa(s) (adv.): con rapidez; sen moito tempo.
A propósito (adv.): adrede, expresamente.
Asemade (adv.): vexa vocabulario da lección 55.
Así (adv.): deste xeito, desta maneira.
De contado: vexa vocabulario da lección 40.

Lección 85

O entroido



Ampliación: A data do entroido estase achegando. Coma tódolos anos no Liceo farase unha festa de disfraces con premios para os mellores. Mentres que Xoanciño anda de lambón, Anxo e Carme preparan as súas máscaras. «Tamén che vos íamos nós cando eu era moza, ai se viráde-lo voso avó disfrazado de Xoán Quinto».

= =

Gramática: En galego coloquial é moi frecuente o uso de CHE, LLE, VOS, LLES, cando queremos interesa-lo noso interlocutor dispensándolle unha familiaridade especial. Son as chamadas formas pronominais de solidariedade: «Estes rapaces sonche o demo». Se ó interlocutor o tratamos de «vostede» o pronome empregado será LLE e diremos: «Estes rapaces sonlle o demo». Cando os interlocutores son varios empregaremos VÓS (tratamento familiar) e LLES (de cortesía). Así diremos: «Estes rapaces sónvo-lo demo» e «estes rapaces sónlle-lo demo». Hai tamén a posibilidade de usar dous pronomes de solidariedade seguidos: «Estes rapaces sónchevo-lo demo», pero nunca poderá aparecer dúas veces o mesmo pronome referido a un só verbo: *«Estes rapaces sóncheche o demo».

= =

Exercicio: Completa as frases que veñan a continuación co verbo e o pronome de solidariedade que se indique.

1. Non, a casa (estar) ben feita pero mal orientada. (1 interlocutor).
2. O rapaz (saber) francés pero en matemáticas (merecer) un cero. (Varios interlocutores).
3. Os donos destoutra taberna (dar) un ribeiro ben bo. (Varios interlocutores).
4. Eu (construír) o garaxe por moito menos. (1 interlocutor).
5. (Doer)me ben os cadrís. (1 interlocutor, tratamento de cortesía).
6. (Haber)lles que mercar un cadro para a sala. (1 interlocutor).
7. (Ser) unha tartaruga, (correr) os cen metros en vinte segundos. (Varios interlocutores, tratamento de cortesía).

= =

Vocabulario:

Cadro (s.m.): lenzo no que está debuxada a e pintada algunha cousa. / Figura xeométrica que tén catro lados e catro ángulos.

Demo (s.m.): ser sobrenatural que está no inferno e que trata de que os homes fagan o mal, segundo a relixión. **Diaño, diabo, demachiño**. / Neno que fai moitas trasnadas.

Entroido (s.m.): os tres días de festas do carnaval. **Antroido**.

Filloa (s.f.): tortiña moi delgada feita con ovos, leite, fariña triga e sangue de porco que ás veces leva un pouco de mel e azucre. O costume é comelas despois de Noiteboa e en Carnaval.

Lobishome (s.m.): home que se converte en lobo.

Orella (s.f.): parte externa do oído. / Fritos feitos de fariña, ovo e anís que se toman de postre polo Carnaval (orellas).

Tartaruga (s.f.): reptil que tén o corpo cuberto por unha couraza. **Sapo concho**.

Lección 86

O baile



Ampliación: Abofé que en Portovello o Entroido é das festas máis esperadas e nin sequera a chuvia que estivo caendo toda a semana poderá restarlle importancia. As críticas e os risos mistúranse sen que ninguén se sinta molesto. Desde o amencer os meniños ían polas rúas ensinando as súas máscaras: Princesas e raíñas, cregos e bispos, meigas e bruxas, labregos e caciques ben vestidos atópanse en cada esquina. Ningún personaxe parece faltar á cita da vila.

= =

Gramática: Os adverbios de afirmación e negación dinnos se algo sucede ou non. Son **sí, tamén, non, tampouco,** respectivamente, como puido comprobar ó longo das leccións anteriores. Hai con todo graos de énfase con outros adverbios e locucións adverbiais cando se dá unha resposta afirmativa ou negativa: Sí, por certo, nunca na vida...
En galego é moi común repeti-lo verbo: ¿Fuches? Fun. ¿Dixécheslle? Díxenllo.

AFIRMACIÓN	NEGACIÓN
Sí	Non
Tamén	Tampouco
Abofé	Nunca
De certo	Nin sequera
Así mesmo	Non xa

= =

Exercicios: Siga o modelo da seguinte estructura repasando as leccións en que se fala do pronome. ¿Molláche-los zapatos?
Sí, molleinos / Non, non os mollei.

1. ¿Escoitáste-las súas historias?
2. ¿Querías estar ledo?
3. ¿Sobes en coche a Xoanciño?
4. ¿Disme que me queres?
5. ¿Mercáche-la casa de meu irmán?
6. ¿Tesme o libro de Ciencias?

= =

Lección 87

Nas obras



Ampliación: Para o mes de Maio estaravos rematado o restaurante-bar de Xoaquín. Xa andou buscando camareiros, e María para a cociña válelle ben, as súas comidas goréntanlle a calquera. Xoaquín está desexando abri-las portas e ver entra-los clientes. A sala de xantar parece un miradoiro, desde ela contémplase unha fermosa paisaxe de toda a ría.

= =

Gramática: Imos tratar hoxe do DATIVO DE INTERÉS. É o que indica a persoa en proveito ou prexuício da cal se realiza a acción indicada no verbo: «Non **nos** estudia nada», «Deus lle **me** dea saúde».

= =

Exercicios: Imos repasa-la colocación dos pronomes en galego. Tén que cubri-los espacios baleiros co pronome correspondente. (Só un pronome por cada verbo).

1. ......dixo......que non......comentase......nada. (ME/LLE).
2. Non......deu......o que......esiximos...... (NOS/LLE).
3. Mañá......abrirá......a veda do coello (SE).
4. Xa......dixen......que non avisaras......, que xa......facía......eu. (CHE/LLE/O).
5. ......teño......dito que non......fagas......iso. (CHE/LLES).
6. Agora......recolles......todo ese rebumbio. (ME).
7. ......darás......lume, ou......terei......que coller eu. (ME/O).
8. Dixo......que en canto espatuxase o neno......dese......o biberón. (LLE).

= =

Vocabulario:

Albaroque (s.m.): comida sinxela que se dá para celebra-lo remate dunha obra.
Esixir (v.): pedir algo por dereito. Pedir enérxicamente.
Espatuxar (v.): mover pés, pernas ou patas violentamente (cando o que se move violentamente son as mans ou os brazos entón dise «arborexar»). // Cando as galiñas ou os cans fan buratos na terra coas patas.
Larica (s.f.): apetito ou fame.
Miradoiro (s.m.): lugar desde o cal se divisa unha bela panorámica.
Rebumbio (s.m.): ruído molesto producido por varias persoas falando ó mesmo tempo; desorde, vocerío, ruído.

Lección 88

No peirao



Ampliación: De camiño para o circo Xoanciño e seu pai pasan polo porto. Xoán non distingue ben os distintos tipos de barcos que ve no peirao. Hai gamelas, forabordas, bous, etc. Todas están amarradas ó porto ou ancoradas no fondo mariño. Un paseo en barca sería estupendo ó solpor, pero Xoán non tén forza para vogar coma un bo mariñeiro.

= =

Gramática: Hoxe **imos ve**-la comparación de igualdade coa partícula COMO/COMA:

A) COMO úsase sempre para expresa-la modalidade dunha acción:
«Isto é como ir en avión». «Non sei como dicirllo».

B) COMA e exclusivo diante de pronomes persoais: «Comeu tanto coma min».

C) COMO/COMA:

1) É indiferente cando o verbo da subordinada vai elidido, ou o que é o mesmo: diante de sustantivo, adxectivo, adverbio, pronome non persoal:
«É tan bo como/coma o pan» (Hai, con todo, certa preferencia por COMA).

2) A oración subordinada é comparativo-temporal ou comparativa condicional. Pódese usar no subordinante COMO e COMA + (cando, se, quen, que) indiferentemente:
«Fala como/coma se lle dese igual». (Hai preferencia por COMO)

= =

Exercicios: Sustitúa os espacios en branco pola forma que corresponda entre COMA e COMO.

1. Esa horta é tan grande............a túa, pero non tan coidada.
2. Vogar nunha gamela é...........viaxar en avión, pero máis canso.
3. Calou............se non soubese do que lle estaba a falar.
4. A túa nai é tan falangueira............ti.
5. Ás veces non é tan parvo............parece.
6. Esta leira está de poulo, non............cando vivían os teus avós.
7. Segue sendo tan teimoso............unha mula.
8. Nin............ti, nin............nós, é aínda moito máis alto.

= =

Lección 89

Un día no circo



Ampliación: Xa había tempo que non ían ve-los domadores, nin os anáns, tan divertidos para os nenos. Todos quedaron engaiolados ollando os pinchos e reviravoltas dos reis do circo.

= =

Gramática: Hoxe imos estudia-los comparativos de desigualdade:

1) Se o 2.º término da comparación é un pronome (MIN, TI, EL, NÓS, VÓS, ELES) só se pode usar CA: «E máis alto ca vós».
2) Diante doutras palabras hai vacilación QUE/CA, aínda que hai maior abundancia de CA: «Vale máis un fillo parvo ca tres lacazáns».
3) Úsase DO QUE cando se comparan dúas accións expresadas por verbos en forma personal: «Fai menos do que di».

USOS
- CA .. contraccións: CA + O > CÓ/CA + OS > CÓS/CA + A > CÁ/CA + ÁS > CÁS
  CA + Ó > CA Ó/CA + A (prep.) > CA A/CA + Á > CA Á/
- QUE e DO QUE

= =

Exercicio: Repase a lección das contraccións da preposición CON + artigo (L. 11). Tendo en conta que a contracción COA se pode pronunciar CA, encha os espacios en branco con aquelas ou coas partículas comparativas.

1. Prefiro xogar......meus...... ......teus.
2. Fixeron a escola máis grande......eu pensaba.
3. Sérveme mellor a min......ti.
4. ......chegada de Colón a América abríronse novos horizontes para Europa.
5. Goréntame máis o caldo de berzas......de grelos.
6. E máis obediente......avos......ti......teus pais.
7. Xacobe,......súas grandes alancadas non corría máis......nós.
8. Escribíronlle máis cartas a túa irmá......miña curmá.
9. Este pan está máis reseso......pensabamos.
10. Non houbo viño que máis ben me soubera......aquel do teu tío.
11. Afacíase mellor a ir tódolos días ó bar......instituto.
12. Ela non era moito máis guapa ...... outras, pero queríalle máis ...... mellor das súas amigas.

= =

Vocabulario

Anán (s.m.) ou adx.): persoa excesivamente pequena. O que é pequeno no seu xénero.
Enredar (v.): xogar, remexer en todo, lidar.
Gorentar (v.): gustar un alimento ou bebida. **Saber.**
Recanto (s.m.): curruncho, recuncho, esquina.
Pincho (s.m.): brinco, salto, **pinchacarneiro.**
Reviravolta (s.f.): volta rápida que se dá no aire.

Lección 90

No traballo cos obreiros



Ampliación: Con tanto traballo Xoaquín non dá avío. Hoxe chegará á casa contra as doce porque a estrada estaba mollada. Terá que ir moi a modiño pois as rodas xa non agarran ben, á parte de telas lambidas, e o firme está moi perigoso. Ademáis, a brétema non deixaba ver ben o camiño.

= =

Gramática: Usos de CONTRA. A preposición contra pode expresar:

1) LUGAR ONDE: «puxérono **contra** a parede».
2) APROXIMACIÓN TEMPORAL E ESPACIAL: «El vive alá **contra** o Castiñeiriño». «Quedaron de chegar **contra** as sete».
3) SENTIDO DE OPOSICIÓN: «Prepararon o ataque **contra** as posicións enemigas».

= =

Exercicio: Traduza ó galego as seguintes frases:

1. El jugador fue sacado del campo en una camilla.
2. La llovizna que había caído sobre la ciudad cuando salimos a pasear parecía que no nos mojaba pero nos empapó.
3. Pobrecillos, tambaleándose por la calle con la merluza que llevaban.
4. Dijo que me vendría a visitar a eso de las ocho de la tarde.
5. No había sido nada fácil convencerlos de que no molestasen a la yegua.
6. Sentí asco, estuve a punto de vomitar pero me contuve y me marché.
7. El grifo no paraba de gotear y por arreglarlo me clavó el fontanero ochocientas pesetas.
8. Su primo tiene prisa por marchar, tiene que estar en el trabajo antes de las nueve y media.

= =

Vocabulario:

Abanear(se) (v.): mover(se) para os lados.
Billa (s.f.): chave para pecha-la corrente dun fluído.
Chea (s.f.): trastorno producido pola inxestión excesiva de alcohol. **Borracheira.**
Egua (s.f.): a femia do cabalo.
Orballo (s.m.): chuvia fininã e pouco espesa **Poalla. Poalleira.**
Padiona (s.m.): utensilio para transportar cargas ou persoas entre dous, formado por dúas varas longas e tablas ou teas atravesadas. **Angarellas.**

Lección 91

A canseira



Ampliación: ¡Encima de mel, filloas! Xoaquín chega canso da obra despois dunha xornada dura de traballo e cando quere acougar un anaco lendo o xornal, comproba que este non trae máis que noticias tráxicas e sucesos negativos. María dille que non é para tanto, que non se poña así... pero o pobre do home estavos ben amolado...

= =

Gramática:

—Temos verbos que sempre son reflexivos: «suicidarse, queixarse, espreguizarse». Así, conxugarémo-lo verbo «queixarse»: quéixome, quéixaste, quéixase, queixámonos, queixádesvos, quéixanse.

—Temos outros que nunca son reflexivos: «caer, baixar, subir, marchar, morrer, calar, cansar, finar».

—Temos verbos transitivos que cando son reflexivos adquiren senso intransitivo: «erguer, inclinar, mostrar, afogar, quedar...». «Ergueu o cesto / Ergueuse cedo».

—Temos verbos que poden aparecer como reflexivos pero sempre con matiz distinto: «rir, acordar, despedir...», cando son reflexivos normalmente van seguidos da preposición DE; «rin moito / rinme dalgo», «acordo aquel día / acórdame daquel día...».

= =

Exercicios: Traduza ó galego as seguintes oracións:

1. Se marchó de casa sin decir nada.
2. Me canso mucho al correr porque fumo como un peón caminero.
3. ¡Cállate! Te he dicho mil veces que no soporto tus tonterías.
4. Están siempre serios, no se ríen nunca, qué gente más aburrida.
5. Cuando saltaba el muro se cayó del caballo y se rompió un pie.
6. Bájate de ahí, no me gusta que te subas a los árboles.
7. Se me murió el canario, en casa incluso el perro está apenado.

= =

Vocabulario:

Acougar (v.): descansar, repousar, tranquilizarse.
Lagoeiro (s.m.): obreiro que traballa na construcción de estradas.
Magoado (adx.): aflixido, con mágoa. Nalgunhas zonas de Galicia pode significar «ferido, mancado».
Semellar (v.): parecer.
Xornal (s.m.): periódico que sae diariamente. / Soldo dun día.

Lección 92

A saída do partido de balonmán



= =

Ampliación: Anxo e máis Xoán foron ver un partido de balonmán ó Pazo dos Deportes da súa vila. Xogaba o equipo local, o Botafumeiro, contra o San Cibrán do Carballiño. Os ourensáns metéronlle unha tunda escandalosa ó equipo local. O público alporizouse todo e pediu a dimisión do presidente. De volta para casa os dous irmáns van amolados pola perda do seu equipo.

= =

Gramática: Hoxe imos ve-las fórmulas comparativas «DO QUE» e «COMO QUE»:
Usaremos DO QUE en frases comparativas do tipo: «Sabe máis **do que** di», cando se establece unha comparación entre dous verbos.
Empregaremos COMO QUE en contextos comparativos do tipo:
«Pasou por nós e fixo **como que** non nos vía». (*)

= =

Exercicios:

1. O presidente fixo............non oía e marchou.
2. Ese xogador é un chaíñas, esbardalla máis...........xoga.
3. O mestre explícase ben claro, non sei porque fas............non o entendes.
4. Traballa menos............dorme, e come máis............estudia. ¡Ese rapaz é un lacazán!

= =

Vocabulario:

Baldreu (s.m. e adx.): sucio, porco, noxento..., etc. **Baldragas.**
Chaíñas (s.m. e adx.): xogador deficiente en calquera deporte ou xogo.
Gabar (v.): loar, afagar, chufar, coa intención de agradar. Gabarse e loarse a si mesmo.
Liscar (v.): marchar, fuxir.
Rosmar (v.): falar entre dentes con anoxo ou desagrado. **Bisbillotear.**
Tunda (sust.): **malleira, pallona.**
¡Outra vaca no millo! (expr.): ¡outro que tal baila!

(*) Nestes mesmos contextos pódese emprega-la fórmula «COMA QUEN (QUE):

Lección 93

Os preparativos para a viaxe a Portugal



Ampliación: Os fins de semana son as máis das veces entre aboiados e melancólicos na vila de Portovello. Xurxo e Anxo estiveron a matinar sobre facer unha viaxe ó país veciño. Para esas cousas a Anxo sempre lle dan desas arroutadas, e, ou ben o hai que felicitar, ou ben negárselle de entrada. Agora só fai falla que o Xurxo convenza á súa moza, porque sen ela non hai saída. Cómpre tamén que o venres despois de traballar collan de seguida a furgoneta e... ¡para alén do Miño!

= =

Gramática: Hoxe veremos outras expresións de obriga:
CÓMPRE QUE, FAI FALLA QUE, FAI FALTA QUE, HAI QUE, TER QUE, TER DE.
Fíxese en que **cómpre** con significado obrigativo leva acento, pois pronúnciase con **o** aberto, frente a **compre** do verbo **comprar,** que ten **o** pechado e, polo tanto, non leva acento.
Cómpre que teñamos ben presente a distinción entre as dúas derradeiras expresións:
TER DE indica estar pendente dalgo: «Teño de face-la cama e xa son as doce». «Xa son as doce e aínda teño que face-la cama», «Teño de ir a Ourense, estou citado para as cinco con Xosé».

= =

Exercicios: Transforme as seguintes oracións en obrigativas coas expresións «impersoais de obriga»: CÓMPRE QUE; FAI FALLA (QUE); HAI QUE.

1. Non esbardallar na casa dos seus pais.
2. Prender un misto para ver na escuridade.
3. Mercar unha casaca verde e dúas carautas para a obra de teatro.
4. Estudia-la lección por se pregunta o profesor.
5. Gañar un bo soldo se se quere alugar un piso xeitoso.
6. Pensar ben antes de falar para non dicir parvadas.

= =

Vocabulario:

Aboiado (adx.): **aburrido,** pasmado; o que non sabe que facer anda aboiando.
Aboiar (v.): manterse sobre a superficie da auga / Andar sen rumbo / Cubri-lo boi á vaca.
Andar/Estar aboiado (expr.): andar / estar desorientado ou desganado.
Arroutada (s.f.): impulso irreflexivo e espontáneo, ás veces violento e colérico./ (adx.): persoa arrebatada e violenta, decidida mais irreflexiva.
Carauta (s.f.): antiface, máscara.
Matinar (v.): imaxinar, pensar nalgo.

Lección 94

Camiño de Portugal



= =

Ampliación: A Maruxa deixáronlle i-los pais, e en canto Anxo e Xurxo saíron do taller non fixeron máis que colle-lo coche e «a facer quilómetros». Maruxa, a moza de Xurxo, é unha rapaza loira de ollos azuis. Coma sempre que vai en coche a viaxes longas non tardou en adormecer. Cando espertou estaban chegando a Tui. Quizais sería de esperar que o fixese de mellor xenio mais...

= =

Gramática: Os adverbios de dúbida dinnos dalgo do que o noso coñecemento non está seguro. Son entre outros: QUIZAIS, SE CADRA, TAL VEZ, IGUAL, Ó MELLOR, O MESMO, SEICA, DISQUE, etc. Para estes dous últimos repase a lección
É corrente en preguntas a partícula interrogativa ¿ou?: ¿Chegarás esta tarde ou?
Os adverbios **quizais, acaso** e **tal vez** empregan habitualmente o subxuntivo:
«**Tal vez** vaia mañá ó cine», «**Quizais** fose unha muller quen o fixo».

= =

Exercicios: A. Constrúa frases cos adverbios da lección de hoxe.
B. Traduza ó galego as oracións que seguen:

1. Puede ser que sientas que se haya ido pero él no lo siente.
2. Por mucho que digas que los tiempos han cambiado quizá ellos no te hayan perdonado.
3. Tal vez se dedicó a eso porque no le quedó otro remedio.
4. Se comentaba que lo habían asesinado al amanecer.
5. Parece ser que al anochecer habrá una fiesta de despedida.
6. A lo mejor no fue ella quien lo mandó asesinar.

= =

Vocabulario:

Adormecer (v.): quedarse durmido.
Alfándega (s.f.): oficina pública para rexistra-lo que pasa pola fronteira.
Asasinar (v.): matar unha persoa.
Loiro (adx.): da cor do trigo. **Louro.** Tamén pode significar «de cor negra».
Quilómetro (s.m.): mil metros.
Xenio (s.m.): carácter ou temperamento dunha persoa. / Artista de grande inspiración.

Lección 95

Eses grandes partidos de fútbol



= =

Ampliación: Xoán e os seus compañeiros disputaron un partido no que combateron os seus contrarios con forza e enxeño. No primeiro tempo aínda que o seu equipo dominou o campo con avantaxe non conseguiron meter ningún gol. Na segunda metade Xoán sustituíu a Marcos de extremo esquerdo, e a pesar da súa gordura pelexou coma o que máis. Ó remata--lo partido que gañaron por dous a un, beberon todos xuntos uns refrescos e comeron uns doces que compraran para celebralo.

= =

Gramática: Na nosa lingua non existe o **se** reflexivo como C.I. (dativo), de interés, que hai en castelán. Así deberemos dicir: «Vai lava-las mans» e non *«Vai lavarse as mans», «Beberon uns refrescos» e non *«Bebéronse uns refrescos», «Ten que corta-lo cabelo» e non *«Ten que cortarse o cabelo», «Fixo un traxe» e non *«Fíxose un traxe».
Note que en: «Fixo un traxe» hai ambiguidade pois ten estes dous significados:
«Fixéronlle un traxe» / «El(a) fixo un traxe»
Son polo tanto totalmente inaceptables en galego oracións como: *«Fixéronseo moi ben».

= =

Exercicio: Corrixa os castelanismos do texto que lle ofrecemos:
Ó día siguiente a abuela bebeuse un grolo de leite fría, despois botouse a andar pola carretera cara á vila. Polo camiño topouse cunha parexa da Guardia Civil. Chegou á casa da Maruxa e viuna coa cabeza toda mollada porque acababa de lavarse o pelo. Despois de falaren animadamente escolleron entre as dúas o conexo máis prestoso e empezaron a prepararseo.

= =

Vocabulario:

Cabelo (s.m.): pelo que cobre a cabeza.
Combater (v.): loitar contra algo ou contra alguén.
Doce (s.m.) pastel / (adx.): de sabor semellante ó do sucre ou do mel.
Enxeño (s.m.): talento para inventar ou levar a cabo cousas con facilidade.
Esquerdo (adx.): que está a man esquerda, contraria á dereita.
Guedellas (s.f.): cabelo longo.
Logo (adv.): a máis de significar **entón, daquela, axiña, rápido, tamén,** pode significar **«case».**
Mañanciña (s.f.): as primeiras hors da mañá.
Pelexar (v.): agarrarse entre dúas ou máis persoas. / Combater.

Lección 96

De compras polo Porto



Ampliación: Porto apareceu de súpeto coma un mar de estrelas no medio da noite. Coas primeiras luces, a cidade ensina toda a súa grandiosidade de metrópole vella. Todo nela semella un conxunto de contrastes: a súa historia mistúrase con aires de modernidade, os arrabaldos ben pobres confúndense cun centro pletórico de riqueza e fastuosidade. A xente, hoxe sábado vai e ven nos seus labores cotiáns e os nosos amigos metéronse no barullo para dar unha volta antes de que pechasen tódolos establecementos.

= =

Gramática: Teremos que ter en conta que o uso de LLE como complemento directo por O, LO, NO é un castelanismo morfolóxico que debemos de rexeitar. Así empregaremos:
Habemos de convida**lo** pero non Habemos de convidar**lle**.
Saudou**no** pola rúa pero non Saudou**lle** pola rúa.
Non os amoles pero non Non **lles** amoles.

= =

Exercicios: Repase a lección 94 e corrixa os castelanismos tanto léxicos como morfolóxicos deste texto.
A meus irmáns divírtenlles moito esas películas de cine cómico pero miña nai non llelas deixou ver e mandoulles ir cortarse o pelo. Polo camiño pararon nun bar a beberse uns refrescos e logo como xa era tarde non so puideron cortar. De volta atopáronse cun dos seus amigos que lles saludou desde o outro lado da calle cun berro e cunha carcajada ben grande polo que xa non houbo tal volta senón que se foron convidar de novo ó bar do que acababan de salir.

= =

Vocabulario:

Arrabaldo (s.m.): barrios que rodean unha cidade e forman parte dela.

Barullo (s.m.): confusión, ruído.

Cidade (s.f.): poboación que ten moitas casas e rúas.
Cotián (adx.): de tódolos días.

Liberdade (s.f.): facultade do home para decidi-lo seu modo de actuar.
Misturar (v.): xuntar cousas ou persoas diversas formando un todo.
Saudar (v.): exteriorizar alegría ou respeto ó ver de novo unha persoa.

Lección 97

A volta de Portugal



Ampliación: A viaxe por Portugal foi moi rápida, pero ó volveren case quedan sen gasolina por non ter cartos para mercala. Un garda púxolles unha multa de dous mil escudos por deixaren o coche aparcado á entrada dun garaxe; pagárona ó momento porque do contrario a grúa llelo levaría. Agora retornan sen cartos e cansos, e aínda terán que facer auto-stop ata Tui porque non lles vai chega-la gasolina... toda unha odisea...

= =

Gramática: Usos de CONFORME, SEGUNDO, DIANTE, ANTE, DURANTE...
Hoxe imos ver o significado dalgunhas das preposicións de uso común:
CONFORME: indica progresión ou acordo con respecto a algo: «Conforme a noite avanzaba, ían chegando as noticias», «Actúa conforme a túa conciencia».
SEGUNDO: ten un significado moi semellante a CONFORME: «Actúa segundo a túa conciencia».
Hai que ter coidado co emprego de DURANTE e PERANTE. A primeira preposición indica duración temporal, a segunda é sinónima de ANTE ou DIANTE DE:
«Durante varios séculos, o galego foi unha lingua que non se escribía».
«Asinaron o contrato perante un notario».

= =

Exercicios: Encha os espacios en branco coas preposicións DURANTE ou PERANTE, segundo conveña:

1. O acusado confesou............ o xuíz .... case dúas horas.
2. .... moitos anos foi presidente da República.
3. Temos que esforzarnos cada día máis............ esta situación inxusta para a nosa lingua.
4. ....a discoteca dicía unha pintada «A vaca que vai moito á feira...»
5. Agardaron............ hora e pico por nós............ a vosa casa.

= =

Vocabulario:

Algareiro (s.f. e adx.): persoa bulideira, que non para quieta.
Amolado (adx.): enfadado, anoxado.
Colleitadora (s.f.): máquina automóbil que realiza asemade as operacións da sega, malla e limpeza de cereais.
Enderezo (s.m.): residencia fixa na que habitan as persoas.
Gasolina (s.f.): producto da destilación do petróleo empregado principalmente para combustible dos automóbiles.
Grúa (s.f.): máquina que serve para erguer, trasladar e pousar cargas.
Rexo (adx.): vigoroso, forte.
Sorte (s.f.): fortuna favorable.

Lección 98

Con Estevo



Ampliación: Sábado pola tarde Xoán e Estevo falan da próxima visita a Santiago. Xoán ténlle un libro a Estevo —«A fronteira infinda» de Ferreiro— desde hai moito tempo e ata agora non o deu lido. Devolverallo luns. Estevo proponlle dar unha volta en bicicleta, pero ata que Xoán amañe os freos non poderá ser.

= =

Gramática: Hoxe imos tratar das preposicións ATA e DEICA. Hai xente que confunde os seus usos, procuremos distinguilos ben:

DEICA e ATA coinciden en que as dúas indican un límite no espacio e no tempo: «Fun **deica** Lalín», «**Ata** agora non o coñecía». A diferencia está en que DEICA abarca desde o momento presente (Deica mañá) ou lugar onde se está nese momento (Agora irei deica a túa casa) ata o límite. DEICA indica «a partir de agora ata...» ou «a partir de aquí ata...». Deica é sustituíbel por ATA pero non ó revés. DEICA tén un sentido máis restrinxido. ATA ten un sentido moito máis amplo: ¿Cántos quilómetros falta **ata Lugo**? (de aquí a Lugo).

= =

Exercicios: a) Indique as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo e na ampliación.

b) Encha os ocos baleiros con ATA/DEICA, segundo corresponda:

1. Andou detrás del .... que o conseguiu.
2. Mira ese chafariz de auga, parece que vai chegar .... o ceo.
3. Pasou a vida a aforrar .... que morreu, ... na tumba segue a aforrar.
4. Imos .... ó bochinche de alá, alí si que teñen bo viño.
5. Non che emprestarei máis nada .... que me devolvas todo o que me debes.
6. .... que lle buscou as beiras non parou, por iso levou unhas boas labazadas.
7. O imperio romano, espallou o latín .... Romenia.
8. .... mañá, ... logo e abur son fórmulas de despedida.

= =

Vocabulario:

Aforrar (v.): garda-los cartos.
Bochinche (s.m.): tabernucho pobre. **Bichinche.**
Busca-las beiras (expr.): andar a amolar a alguén insistentemente ata alporizalo.
Chafariz (s.m.): chorro de auga que sae cara a arriba.
Espallar (v.): extender, esparexer.
Infindo (adx.): que non ten fin. Infinito.
Labazada (s.f.): golpe que se dá na cara coa man aberta. Se o golpe é no lombo chámase lombeirada; na cabeza, croque; na canela, canelada; no nariz, esnafradura.

Lección 99

O turista



Ampliación: Pasadas xa as présas de onte, Xoaquín colle a mañá libre e, aproveitando que o día está abrindo, decide dar un longo paseo ata o parque para distraerse. Polo camiño atopa un turista despistado que lle ofrece levalo en troca de que polo traxecto Xoaquín lle ensine algo da vila. É un bo trato, e sempre é interesante coñecer xente.

Gramática: PARA / CARA A:

A preposición PARA. Téñase en conta, ó falar, que a pronuncia máis común desta preposición é **pra**, forma da fala que contrae coas formas do artigo definido: **pró** (para o), **prá** (para a), **prós** (para os), **prás** (para as). Os usos máis frecuentes de preposición son:

—Movemento de lugar a onde: «Esta estrada vai para Fisterra»; nese senso tamén se emprega a locución CARA A: «Vou cara a Santiago».
—anterioridade no tempo: «Tenme todo listo para luns».
—finalidade: «Estudio para enxeñeiro».
—aproximación no tempo: «Vai para dous anos que marchou».
—obxecto indirecto: «Tróuxomo para min».

A locución CARA A expresa:

—dirección a onde: «Vai cara a Niñodaguia».
—aproximación no espacio ou no tempo: «Emiten o programa cara ás oito».

Teña coidado en escribir CARA A e non CARA só. É incorrecto: *«Vai cara Santiago».

Exercicios: a) Suliñe no diálogo e na ampliación da lección de hoxe as formas comentadas na gramática.

b) Traduza ó galego as seguintes oracións:

1. Iba yo hacia la playa en mi moto cuando vi el accidente.
2. Mientras yo preparo la comida tú vete poniendo la mesa.
3. Si lloras porque has perdido el sol, las lágrimas no te dejarán ver las estrellas.
4. ¡Callad un poco! Con tal algazara no consigo escuchar lo que me dice.
5. La leche y la miel son dos alimentos indispensables para crecer.

Vocabulario:

Devecer (v.): desexar fortemente, **arelar** / decae-lo ánimo / consumir.
Enxeñeiro (s.m.): persoa que traza obras públicas ou particulares.
Lacazán (adx.): o que non quere traballar. **Preguiceiro.**
Mosteiro (s.m.): casa ou convento de frades ou monxas.
Perdoar (v): conceder perdón / disculpar.
Virar (v): varia-lo rumbo. Cambiar do opinión. Volver.

Lección 100

A excursión á capital



Ampliación: A clase de arte é unha das máis interesantes. Os alumnos poden ve-las diapositivas nas que lles ensinan as catedrais dos distintos estilos. Por outra banda, isto permítelles de cando en vez visita-los monumentos máis coñecidos. Algúns espilidos aproveitan a viaxe para máis cousas có estudio da arte. O Pórtico da Gloria é unha das máis preciadas xoias da catedral de Santiago. Claro que polo visto para outros pode ser máis interesante un percorrido polas rúas vellas, a Raíña e o Franco, ó mediodía.

= =

Gramática:	ARRIBA	ABAIXO	ENCIMA
	ENRIBA	EMBAIXO	
	DERRIBA	DEBAIXO	
	POR RIBA	POR BAIXO	

Estes adverbios de lugar que lle ofrecemos indican posición superior ou inferior respecto dun obxecto dado.

= =

Exercicios: a) Sinale as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo.
b) Traduza ó galego as seguintes oracións:

1. Este chico tiene unos conocimientos de arte japonés muy por encima de los tuyos.
2. Tienes el billete para el viaje sobre la mesa.
3. Ese departamento está en el piso de arriba. El de abajo se dejó para dar clases.
4. Se tiró al suelo y se puso encima de él de manera que lo golpeó sin compasión en toda la cara.
5. Por debajo de estas tierras corren ríos subterráneos que podrían ser aprovechados para construir pozos y regar los campos vecinos casi desérticos.

= =

Vocabulario:

Apóstolo (s.m.): cada un dos doce discípulos ós que Xesús ordenou predica-las súas doutrinas. En singular designa a Santiago, apóstolo de Galicia.

Arte (s.f.): capacidade humana para crear beleza./ Regras ou normas para facer algo correctamente.

Lenda (s.f.): relato que se foi elaborando ó longo dos anos pola tradición.

Percorrido (s.m.): traxecto, itinerario.

Sartego (s.m.): sepulcro, tumba, sepultura onde alguén está enterrado.

Xoia (s.f.): adorno de metal ou pedra preciosa. **Alfaia.**

Espilir (v.): espabilar.

Lección 101

Quedamos na vila



Gramática: Hoxe imos tratar das locucións prepositivas que indican lugar en onde: EN CÁS (DE) / ONDA / XUNTA / CABO DE / Ó PÉ DE.

(EN) CAS (DE): é unha locución moi empregada, pódese usar na forma EN CAS («está **en cas** seu irmán») ou na forma CAS DE («isto aconteceu cas do médico»).

CADO DE: é unha locución que significa «ó lado de», «o pé», «onda». Pode te-lo sentido de lugar « a onde» («vai cabo de Toño») ou lugar «en onde» («o meu coche está cabo do teu»).

ONDA: preposición de dirección ou lugar: «Vai onda túa nai».

XUNTA: ten un sentido moi semellante ás anteriores: «Senta xunta min».

CANDA: preposición cun senso distinto ás anteriores, pois significa compañía: «Imos canda el, que non lle gusta ir só».

Ó PÉ DE: é semellante a CABO DE ou ONDA: «O teu reloxio está ó pé daquel frasco».

= =

Exercicios: Nas seguintes oracións sustitúe as expresións de lugar por onda, xunta, canda, cabo de, (en) cas (de), ó pé de:

1. Veu esta tarde **a xunto de** Xacobe.
2. Vou **ó** médico **con** meu irmán.
3. Creo que o vin **cerca** deles.
4. Estabas contento de volver a tela **contigo**.
5. Subiu ó monte **connosco**.
6. Agora me lembro cando cheguei **a casa de** Pepiño.
7. Atopámolos **preto** de vós.
8. Veu **acompañándome** ata **a beira do** río.
9. Agarda que vou contigo porque che teño que contar unha cousa.
10. Foron a Arzúa pero estes non foron xunto del.
11. Traede a Xacobe convosco e non lle deades máis voltas.

= =

Vocabulario:

Contento (adx.): alegre.
Engaiolar (v.): meter nunha gaiola / Seducir con encantos / Deixarse convencer. Enganar.
Ermida (s.f.): igrexa ou capela pequena, nun sitio despoboado.
Mámoa (s.f.): monumento prehistórico de carácter funerario. Chámanselles tamén antas, modorras e madoñas.
Mouro (adx.): de cor escura ou negra / Como sustantivo significa «árabe, musulmán».
Penedo (s.m.): pena, pedra moi grande que sobresae de forma natural do terreo.

Lección 102

A chegada a Tui



Ampliación: Xurxo, Anxo e Maruxa chegan por fin á fronteira, despois de faceren varias veces «dedo». Ó chegaren alí déronse conta de que deixaran toda a documentación na furgoneta. Non poderán pasar a Galicia se nón se identifican na comisaría da fronteira, ¡por riba de caldo, sopas!

Gramática: AGÁS, EXCEPTO, SALVO, FÓRA DE, A NON SER QUE, SENÓN...,
O que tratamos hoxe na nosa gramática son as preposicións ou locucións preposicionais con sentido de exclusión: AGÁS significa «excepto», «salvo»: «Choveu tódolos días agás o luns que quentou o sol». As locucións ou expresións preposicionais «FÓRA DE» etc., veñen significa-lo mesmo.

Exercicios: a) Suliñe as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo e na ampliación.

b) Sustitúa o infinitivo que lle damos en maiúsculas pola súa forma correspondente en -RA ou -SE, p. ex. QUERER = **quixera ou quixese.**

1. CORTAR (a min) o pelo o barbeiro da rúa Vilar Ponte.
2. Se me QUERER facer este favor, agradeceríacho de verdade.
3. Xa llo DICIR moitas veces e non me quixo facer caso.
4. Aínda que ma DEIXAR nunca sabería cómo funcionaba esta radio.

c) Agora ímolo facer ó revés. Ímoslle dar unha forma incorrecta e vostede ten que sustituír pola forma correcta en galego (risque a incorrecta ou menos recomendable):

1. Díxome que xa **había feito** .... o seu traballo.
2. Se llelo **deras** .... cando volo pediron, non andarías agora preocupado.
3. Por muito que a **quixera** .... nunca faría esa parvada por ela.
4. Xa **marchases** .... cando empezou a berra-lo neno da veciña.
5. Para que **quencera** .... deberíadeslle dar ó máximo á cociña.

Vocabulario:

Barbeiro (s.m.): o que, por oficio, corta o pelo.
Comisaría (s.f.): posto de policía de carácter público e permanente.
Chover (v.): caer auga das nubes.
«Por riba de caldo, sopas» (expr.): por riba de burro, mallado. Encima de mel, filloas. Se non queres caldo: dúas tazas.
Quencer (v.): poñerse quente. **Quecer.**
Quentar (v.): darlle calor a unha cousa.

Lección 103

Cun bo electricista



Ampliación: Xoaquín anda estes días todo amolado. A instalación eléctrica que lle fixeron no restaurante é unha vergonza por culpa da ineptitude dos electricistas que contratara. Por mor disto chamou o seu curmán Bernaldo que é electricista nunha fábrica de motores de barcos. Bernaldo acordou con Xoaquín que el revisaría a instalación e arranxaría as múltiples avarías que ten. Pero o Xoaquín quere dicirlles un par de cousas ós chafalleiros...

= =

Gramática: Hoxe imos ve-las locucións prepositivas POR CAUSA DE / POR CULPA DE / CO GALLO DE / POR MOR DE / EN PROL DE

CO GALLO DE ten un sentido único: «co pretexto de»: «Foi dar unha volta co gallo de se mover un pouco».
POR MOR DE significa «con tal fin»: «Bernaldo veu por mor de arranxa-la instalación».
EN PROL DE significa «a favor de»: «Fixo un traballo en prol da conservación das baleas».

= =

Exercicio: a) Indique no diálogo e na ampliación as formas comentadas na gramática de hoxe.

b) Traduce ó galego empregando as locucións que hoxe temos na gramática.

1. Celebramos una fiesta con motivo del día de las Letras Gallegas.
2. Se me acercó pícaramente con motivo de pedirme fuego.
3. Por culpa de los chapuceros la instalación tiene fallos.
4. Con motivo de su cumpleaños le regalamos un ramo de claveles rojos.
5. No tengo dinero, por esta razón no puedo ir al teatro.

= =

Vocabulario:

Amolecer (v): abrandar, meter algo na auga para que estea menos duro. / «Poñer a amolecer»: botarlle en cara a alguén unha mala acción.
Besta (sust. e adx.): animal de catro patas / Persoa ignorante e bruta.
Caravel (s.m.): tipo de flor de folla aromática e moi fermosa.
Chafallada (s.f.): traballo mal feito ou mal rematado.
Chafalleiro (sust. e adx.): persoa que fai chafalladas.
Ramo (s.m.): conxunto natural ou artificial de flores ou pólas.
Vergonza (s.f.): sentimento de humillación, rubor. **Vergoña.**

Lección 104

As arelas de Xoán



Ampliación: Xoaquín atopa o seu fillo máis novo, Xoanciño, e cóntalle os problemas que ten coa posta en marcha do restaurante. O funcionamento é incrible: todo está desconectado ou conectado co que non lle corresponde. Quizais por iso Xoanciño quere estudiar electrónica; en canto tope con Anxo vaise informar... el si que será un bo electricista, coma Bernaldo...

= =

Gramática: As locucións prepositivas **en lugar de, no canto de, en troques de, en vez de** indican sustitución ou suplantación dun termo polo outro. Vexamos algún exemplo:
«**No canto de** face-lo parvo, ben podías botar unha man».
«Máis che valera explicarte ben **en vez de** berrares dese xeito».
«Vai facer un pouco futin **en lugar de** sentarte a ve-la televisión».
«Déronnos tres ducias de ovos **en troques do** queixo que fomos devolver ó supermercado porque estaba malo».

= =

Exercicios: a) Sinale as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo.
b) Imos facer hoxe exercicios de infinitivo conxugado. Sustitúa o anaco suliñado por un infinitivo conxugado («Cando saímos chegou = Ó sairmos chegou). Para face-lo exercicio consulte as leccións 78, 79 e 80:

1. **Se soubesedes** que aquel camiño está embruxado non iríades por el.
2. **Cando marches** deixa arrimada a cancela.
3. É un milagre **que veñan** de cando en vez sega-la herba.
4. **Estar (ti)** así non é normal, veña home, imos dar unha volta.
5. **De sabelo (vós)** non faríade-las parvadas que fixestes.
6. **Cando saíches** da nosa casa esqueciches dicir que non ías volver ata Xaneiro.
7. **Cando puxemos** a arrefece-las bebidas démonos conta que non había xelo.
8. **Se fixesen** os exercicios cando lles mandou o mestre non os farían agora ás carreiras.

= =

Vocabulario:

Arrefecer (v.): enfriar, refrixerar, arrefriar.
Ás carreiras (exp.): a toda presa.
Cancela (s.f.): porta pequena na soleira ou limiar da casa.
Embruxado (adx.): engaiolado, enfeitizado, enmeigado.
Neveira (s.f.): moble frigorífico que serve para conservar alimentos e bebidas.
Xelo (s.m.): auga solidificada por enfriamento.

Lección 105

Futuro electricista



Ampliación: Xoán quere estudiar algunha rama de F.P. pero non sabe por cal se decidir. Se del dependese colleríaas todas, pois non hai ningunha que lle desguste, ¡chístanlle todiñas! Esta indecisión está acabando coa paciencia de Anxo que trata de aconsellalo. Ó final decide estudiar electricidade, agardemos que non saia un chambón coma uns que coñecemos xa...

= =

Gramática: Conxuncións copulativas: E, MÁIS, E MÁIS, NIN. **NIN** era no galego antigo **NEN** pero hoxe só existe NIN, da mesma forma ca NINGUÉN, NINGÚN, NINGURES.
E: a pronuncia desta conxunción varía dunhas partes de Galicia a outras. A pronuncia máis xeral é **e** en tódalas ocasións, pero hai zonas en que se sente **e** ante consoante e **i** ante vocal. Con todo, debemos escribir sempre **e**.
A conxunción **e** aparece comunmente reforzada coa partícula **máis**: «Fomos eu **e máis** Pepiño». Teña en conta que **máis** asimila o artigo: «Miña avoa **e maila** túa botan falando todo o día».
As conxuncións disxuntivas e distributivas son as seguintes: OU, OU... OU, ORA... ORA, BEN... BEN, XA... XA, CAL... CAL, QUER... QUER, (QUE) QUE, VOLTA, NIN... NIN. Vexamos algún exemplo do seu uso:
«**Ou** vés connosco **ou** quedas vendo a película», «**Nin** vaias ó cine **nin** quedes na casa.

= =

Exercicios: a) Suliñe as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo.
b) Traduza ó galego as seguintes oracións. Consulte no vocabulario.

1. Anochece. Una llamarada roja se apaga en el ocaso. La lluvia cae de vez en cuando.
2. Ya es hora de que te des cuenta de lo que ha pasado. Que no te has muerto, ¿sabes?, y que te estamos esperando.
3. Seguirá con nosotros para siempre, —había dicho reciamente el clérigo—.
4. El asesino actuó como si conociese muy bien a sus víctimas, sus costumbres, su casa, hasta lo más oculto de la habitación.
5. Una bomba que destroza seres vivos, que aniquila el cerebro sin destruir un alfiler.
6. Anteayer escuché una información que me dejó atontado; una perra parió 18 cachorros.

= =

Vocabulario:

Alfinete (s.m.): cravo metálico con punta nun extremo e cabeciña no outro.
Asasino (s.m.): homicida, criminal.
Cadelo (s.m.): cría da cadela.
Chistar (v.): gustar, agradar moito unha cousa.
Destruír (v.): desfacer, derrubar.
Esnaquizar (v.): partir en anacos calquera cousa **Esbandallar.**
Laparada (s.f.): chama que surxe e se apaga rápidamente. **Labarada.**

Lección 106

Na lonxa



Ampliación: Dona María foi xunta Xosefa para que lle axudase a escolle-lo peixe. Cando chegaron estaban subastando un lote de fanecas pero ó veren as lagostras xa non se lles foron os ollos delas. De volta á casa as conversas sempre apuntan ó careira que vai á vida e aínda de cando en vez fanlle un repaso ás faladurías e marmuracións do vecindario. A última nova máis soada foi a voda de Martiño do Rapador: ¡Estes aínda che eran dos nosos! ¡Sete anos vai facer que se falaban!

= =

Gramática: Dámoslle a seguir unha lista dalgunhas locucións e conxuncións temporais:

MENTRES: indica simultaneidade e duración. O mesmo ca **mentres** pódese usar **en canto** co verbo en indicativo: «mentres ti prepára-la cea, eu fago un postre», «en canto non molesto, non teñen que dicirme nada».

EN CANTO: co verbo en subxuntivo significa inmediatez: «en canto chegues, chámame». Tamén se pode dicir: «ó chegares, chámame», «ó que chegues, chámame», «axiña que cheges, chámame», «nada máis chegares, chámame».

DESQUE: indica orixe: «desque a vin, deime conta que era boa persoa»; «desque remataron o traballo, viñeron vernos».

ASÍ QUE: tamén ten sentido de inmediatez: «así que esteas vestido, sae da casa».

= =

Exercicios: a) Indique as formas da gramática que aparecen no diálogo. b) Traduza:

1. Cuando salía se dio cuenta de que nunca más mientras viviera podría volver a entrar en su casa.
2. Tan pronto como lo supe se lo recogí todo (a ellos).
3. Aún no lo había escuchado bien cuando de pronto se levanta y se pone a gritar como un loco: «Tú lo has dicho, desde hoy el que llegue tarde, ¡a la calle!».
4. No me dejaba otra opción: en cuanto lo tuviera seguro me iría.
5. Apenas se había marchado, el gallinero se volvió a alborotar.

= =

Vocabulario:

Centola (s.f.): marisco das nosas costas moi estimado como alimento.
Costume: (s.m.): hábito collido por feitos ou actos continuados.
Falarse (v.): entre dúas persoas de distinto sexo enténdese por «ser mozos», ou ter relacións.
Faneca (s.f.): peixe pequeno comestible.
Lagostra (s.f.): marisco que ten unhas antenas moi longas. **Langosta.**
Lonxa (s.f.): sitio onde os pescadores venden o peixe.
Marmuración (s.f.): criticar ou falar mal dun que non está presente.
Rebeirar (v.): revolver ou remexer para escoller algo determinado.
Soada (adx.): que tivo moita difusión, que foi moi coñecida, que ten sona.

Lección 107

O xantar que fixo a avoa



= =

Ampliación: Así que se puxeron á mesa, a señora María presentou o seu prato do día. Todos quedaron abraiados diante dunhas boas lagostras, ¡vaia sorpresa! A ninguén da casa se lle ocorrería mercar tal cousa, pero a avoa tenvos desas felices arroutadas; acababa de cobra-lo subsidio e dixo: ¡bo! por un día, ¡ímolo celebrar! E así foi. Ó final deixaron o xantar polo dente, ¡que ben lles soubo!, e non só iso, senón que o Xoanciño, que é un lambeteiro de primeira, non parou de gaba-las excelencias do xantar da avoa.

= =

Gramática: Hoxe estudiámo-las conxuncións e locucións concesivas ASÍ, ANQUE, AÍNDA QUE, POR MÁIS QUE, SEQUERA. «Así mo pida de xeollos, non penso ceder». A principal expresión concesiva é **aínda que,** que tamén aparece nas formas reducidas **inda que** e **anque.** A expresión **mesmo que** ten un significado idéntico ás anteriores: «Mesmo que fagas iso, non vas chegar lonxe». Outras expresións concesivas son **pese a que, a pesar de que** e **sequera:** «fai iso, sequera porque cho pido eu».

= =

Exercicios: a) Suliñe no texto as formas estudiadas hoxe.
b) Traduza ó galego as seguintes frases:

1. Aunque me lo había dicho mil veces, no entendía sus palabras.
2. Por más que lo desees, tienes que trabajar la suerte, nada llueve del cielo.
3. Déjame que lo haga yo, siquiera un poquito.
4. Aunque fui a clase no entendí la explicación.
5. Por mucho que quieras no aprobarás con ese maestro, pese a que es un buen educador no sabe explicar la materia y tampoco corrige con justicia.

= =

Vocabulario:

Abraiado (adx.): sorprendido, pasmado, asombrado.
Deixar unha comida polo dente (expr.): deixala porque xa se está farto e non se pode máis.
Gabar (v.): destaca-las cualidades dalgo ou dalguén. **Loar. Chufar.** / Gabarse: presumir. **Fachendear.**
Lambeteiro (adx.): persoa a quen lle gustan moitísimo os doces. **Lambón.**
Prato (s.m.): vasixa baixa e redonda para servi-las comidas, comer nela e outros usos. / Manxar que se serve nos pratos.
Sesta (s.f.): sono que se bota despois de xantar.

Lección 108

A pancarta



Ampliación: En Portovello vai haber unha manifestación. Nos últimos meses pecharon catro empresas da vila; moitos obreiros irán ó paro, entre eles algúns amigos de Anxo. Por iso deciden facer unha pancarta e sumarse á manifestación. Todo Portovello permanecerá pechado. Anxo, Manolo, Xurxo e Maruxa traballan intensamente na súa pancarta na véspera da manifestación...

= =

Gramática: Conxuncións finais e causais.

As principais expresións finais son (A) QUE, PARA QUE e PARA: «Leva o coche a que o arregren».

As locucións causais máis empregadas son PORQUE, XA QUE, POIS, COMO: «Non comía, pois non tiña fame». Teña en conta que as oracións introducidas por POIS levan o pronome despois do verbo: «¿Queres facelo? Pois faino».

Outros exemplos son: «Pintou a fachada, pois a chuvia despintáralla», «Pintou a fachada porque a chuvia lla despintara». Teña en conta que as conxuncións atraen ó pronome para antes do verbo.

= =

Exercicios: a) Indique as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo.

b) Localiza e corrixe tódolos castelanismos e erros que atopes neste texto sustituíndoos polas formas galegas correspondentes.

«Reiu a morte, silbou cos dedos e unha muller acudiu voando como un paxaro. Na súa face estaba escrita a palabra andazo, e a seguían arredor unha grea de raposas. Con súas alas cubriu o val e non quedou home vivo.

Viuse acostado na cuberta dun formidable galeón na que bogaban cen escravos. A súa beira, sentado en unha alfombra, ía o patrón da nao. Era mouro como un azabache e levaba na cachola un molido de seda roxa».

= =

Vocabulario:

Acibeche (s.m.): variedade do lignito, dura, compacta e de cor negra. Apreciada en xoiería.

Andazo (s.m.): doenza xeral, que afecta a moita xente, mal epidémico.

Cachola (s.f.): cabeza / Couraza da centola.

Emborrancharse (v.): ensuciarse.

Face (s.f.): rostro, cara.

Grea (s.f.): rabaño de calquera clase de animais.

Xeitoso (adx.): ben disposto, ben amañado. / Referido a persoas gracioso, **ben feito**...

Véspera (s.f.): o día anterior ó que tomamos como referencia.

Lección 109

Na manifestación



Ampliación: A manifestación é un éxito: todo o pobo de Portovello está nela agás a corporación municipal. Anxo está abraiado, nunca maxinara que a xente de Portovello fose tan sensible ós problemas sociais. Hai comerciantes, armadores, mariñeiros, pescadeiros, albañís, xoieiros, barbeiros... Portovello ferve, e é que a perda de 300 postos de traballo é un motivo máis que suficiente para manifestaren solidariedade e indignación.

= =

Gramática: Conxuncións modais.

Nas conxuncións modais soamente hai que destaca-lo emprego de SEGUNDO, CONFORME (vexa a lección 96) e a alternancia de uso de COMO SE e COMA SE:

«Conforme ían avanzando as nubes, o día foi escurecendo».

«Cruzámolo pola rúa e fixo coma se non nos vise».

= =

Exercicios: a) Sinale as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo.

b) Traduza as frases que lle aparecen a continuación:

1. Te esperé un rato para que vinieras conmigo.
2. Si no te gustaba no tenías porque ponerte a llorar de esa manera.
3. Gritaba como un loco y así no había quien se entendiese.
4. Te agradezco que no me construyas la casa al pie de esa colina.
5. Atribuyó aquello a una gamberrada de estos chicos.
6. Iba hacia Fisterra cuando de pronto me acordé de que no llevaba todos los papeles necesarios para arreglar este asunto.
7. Para que te des por **enterado** te lo volveré a repetir una vez más: abajo está la sala de lectura.
8. ¿Por qué te parece que hoy hace calor?
9. Hace tiempo vimos una cascada más hermosa que esta.
10. ¡Cuánta gente! ¡En mi vida había visto una cosa igual!

= =

Vocabulario:

Concellal (s.m.): membro da xunta de goberno dun concello.

Pescadeiro (s.m.): persoa que vende peixe, **peixeiro.** As persoas que collen o peixe do mar son os **pescadores** ou **mariñeiros.**

Pobo (s.m.): conxunto de persoas dun lugar, rexión ou nación unidas por tradición, lingua, cultura e historia comúns. (1) Fíxese que «pobo» non é aplicable a localidade. En galego temos «cidade, vila e aldea», nunca «pobo» referido a localidade, senón a grupo humano.

Rachar (v.): romper unha tea, un papel ou un material semellante. / En xeral, romper.

Viruxe (s.m.): ventiño frío que vai normalmente á noitiña ou á noite.

Lección 110

O accidente



Ampliación: María aínda hai pouco sacou o permiso de conducir e ocorréuselle ir de compras no coche de Anxo. Pero ó voltar para a casa cruzóuselle outro que viña pola súa dereita: non lle deu tempo a frear e o choque foi inevitable. Axiña acudiu un axente municipal e unha chea de curiosos. O outro conductor teimaba en que el puxera o intermitente e María en que non. Ó final deixaron a liorta para outro día porque estaban a atrancalo tráfico. María, se fai falta, está disposta a ir ó xulgado.

= =

Gramática: Imos ver hoxe as principais conxuncións adversativas:
PERO.— En gran parte de Galicia pronúnciase **pro**. Esta conxunción non esixe a anteposición do pronome ó verbo: «Non se ve pero óese».
MAIS.— Significa o mesmo ca **pero,** o seu uso é meramente literario: «Gústame facelo, mais non podo». Teña coidado con distinguilo de **máis** adverbio: «Comía **máis ca** ti».
SEN EMBARGO.— O mesmo ca **non obstante,** ten un emprego bastante restrinxido. A conxunción **nembargantes** tén o mesmo significado ca **sen embargo** e un uso bastante literario: «Coidei que non viñera, **nembargantes,** el estaba alí».
CON TODO, ASI E TODO, ASI A TODO.— Emprégase comunmente na lingua falada. **Con todo** tamén aparece na lingua escrita: «Non me convence moito, **con todo** vouno mercar».

= =

Exercicios: a) Sinale as formas comentadas na gramática que aparecen no diálogo e na cidade.
b) Corrixa de castelanismos as seguintes oracións.

Aier foi **cortarse** as **melenas** para ir ben composto á voda do seu **ermano.** O Paco **cásase** o **viernes** cunha chavaliña moi xeitosa que ven sendo de alá de Brandulfe. **Solo** lle pido a **Dios** que sexan moi felices, porque xa bastante sufríu a nai para sacalos adiante. Aínda me acorda cando eran uns mocosos e andaban todo o día arrastras polo **suelo,** ¡que **chicos** aqueles! Eran trastes coma o defunto do pai! (**¡Que Dios te lo tenga en la gloria!**). Pois éche así a vida, nós **vamos** indo vellas e os nenos xa son homes...

= =

Vocabulario:

Atrancar (v.): obstruír un conducto. Estorbar, impedir; **atoar, empecer, atascar.**
Cabaleiro (s.m.): término de tratamento cortés. **Señor.** / Fidalgo de recoñecida nobreza. Que cabalga.
Chea de (loc.): unha grande cantidade dalgo.
Xuício (s.m.): facultade da persoa para distingui-lo que máis lle convén. **Opinión.** Coñecemento dunha causa polo xuíz para dictar sentencia.
Xulgado (s.m.): xunta de xuíces para daren unha sentencia. / Lugar onde se xulga.

Lección 111

Xoaquín sabe do accidente



Ampliación: O outro conductor púxose farruco con María sen moita razón. Se estaba convencido de que tiña razón non tiña porque se alporizar e aínda menos para chegar a un acordo. Como non se veña a boas vai ser difícil que amañen o asunto en pouco tempo.

Gramática: Conxuncións condicionais.

A principal conxunción condicional é **se.** As oracións condicionais pódense construír sobre todo de dous xeitos:

1) Co imperfecto de subxuntivo introducido por **se** e o futuro hipotético ou imperfecto de indicativo na outra oración: «**Se tivese cartos, construiría** un chalé», «Se o mar **fose** de petróleo, non **había** problemas de combustible». Con esta construcción expresamos **condicións irreais,** nas que se presenta un feito contrario á realidade.

2) Co presente de indicativo introducido por **se** e o mesmo tempo futuro de indicativo no consecuente: «Se hai ameixas, eu pídoas», «Se mañá temos bo tempo, iremos á praia». Con esta construcción expresamos **condicións non irreais.**

Outras construccións condicionais son DE + INFINITIVO e COMO: «De faceres iso, valas pagar», «Como non veñas a tempo, estamos perdidos».

Exercicios: a) Sinale tódalas oracións condicionais que aparecen no diálogo e na ampliación.

b) Traduza ó galego as seguintes frases:

1. Estaban riéndose unos y otros, pero creo que tus amigos se reían más que nosotros.
2. Trabajó más que yo porque no le quedaba más remedio.
3. Aunque se lo dimos a entender no quiso hacernos caso. Al final la compró de azabache.
4. ¿Para qué quieres firmar el ejercicio con rojo?
5. Le dieron una paliza y tuvieron que ir al juzgado.
6. Huyó como un cobarde. Por eso no le volví a hablar.
7. Con motivo del vigésimo aniversario de su muerte hubo grandes manifestaciones populares.

Vocabulario:

Alporizar (v.): enfurecerse, irritarse.
Brután (adx.): dise das persoas toscas e rexas.
Enteirarse (v.): coñecer algo que non se sabía. **Informarse.**
Estar fixo de (expr.): estar seguro dalgo.
Farruco (adx.): chulo. Impertinente.
Tento (s.m.): prudencia, coidado. / Seguridade e firmeza na man. / Tacto, sensibilidade.
Testemuña (s.f.): persoa que dá testemuño dalgo. **Testigo.**
Virse a boas (exp.): poñerse a ben, deixar de estar aborrecido ou enfadado.

Lección 112

Para arranxa-lo asunto



Gramática: Imos ver hoxe as perífrases verbais en galego. Ata agora vímo-la conxugación verbal, pero ás veces, os tempos verbais non poden expresar por si mesmos tódalas matizacións e aspectos das accións que precisamos empregar ou comunicar; por iso faise uso abundante dunha construcción de dúas formas verbais para un só significado: esas construccións son as perífrases (unha forma auxiliar + unha forma auxiliada que é infinitivo, xerundio ou participio).

1.—TER QUE + INFINITIVO: expresa obriga ou necesidade: «**Tes que estudiar** máis», «Estás enfermo: **tiñas que coidarte**».

2.—(NON) DAR + PARTICIPIO: expresa posibilidade da acción ata o seu remate: «A esa hora **non dá chegado**», «Nesta xeira ben o **dou feito**».

3.—BOTAR A + INFINITIVO: expresa o inicio da acción: «Chegou e **botouse a rir**».

4.—ESTAR A + INFINITIVO: pode significar dúas cousas:
  a) duración = ESTAR + XERUNDIO: «**Está a limpa-la casa** todo o santo día» = «**Está limpando** a casa todo o santo día».
  b) inminencia, acción que está a punto de suceder: «Neste momento, **está a chega-lo** tren de Coruña».

5.—ESTAR PARA + INFINITIVO: acción inminente: «Ese prato **está para caer**» (= ESTAR A + INF.): «Ese prato **está a caer**».

6.—DAR EN (OU POR) + INFINITIVO: expresa o comenzo dunha acción incontrolada: «**Deulle por agatuñar** nas paredes», ou caprichosa «**Deu en poñerse** de moda».

= =

Exercicio: A) Inclúa cada oración nunha das estructuras perifrásticas que sinalamos arriba e indique o significado:

1. Estivo a rifarlle e logo ó pobre rapaz deulle por saloucar.
2. Botou a correr coma unha lebre.
3. Están a agarda-la chegada do tren das cinco.
4. Tes que acabar de escribi-la carta.
5. Esta tarde non dou acabado o traballo.
6. Apura que está para pechar.

= =

Vocabulario:

Agatuñar (v.): trepar por un lugar dificultoso. **Gavear.**
Dano (sust.): prexuício, mal. / Deterioro.
Gadañar (v.): sega-la herba con gadaña.
Reloxio (sust.): aparato que serve para medi-lo tempo.
Saloucar (v.): tomar aire convulsiva e entrecortadamente acompañándose de choros. **Sotelar. Ter hipo.**
Taxar (v.): poñer precio, taxa ou medida. **Valorar.**
Vir ben (expr.): ser conveniente. / Quedar ou sentar ben calquera tipo de prenda.
Xeira (sust.): tempo que dura un traballo. / Cada certo tempo.

Lección 113

O coche era o de Anxo



Ampliación: Cando Anxo chegou á casa do traballo e soubo o do seu coche e do aborrecida que estaba a nai, púxose a rir:

—Pero mamá, co que eu levo andado nel e sen un só golpe.

—Ai, filliño, pois vai afacéndote á idea, agora estache sen un faro.

—Non te queixes, mamá, peores accidentes ten habido e golpes destes hainos a eito no taller, se o golpiño é como dis amáñoo eu de contado. E iso que agora non poderei: estou reparando un tractor e xa levo tempo con el.

= =

Gramática: Seguimos e rematamos hoxe coa lección das perífrases:

1.—IR + INFINITIVO: indica intencionalidade ou disposición: «Ía cambia-lo mundo». Ás veces pode indicar comenzo da acción «¡Vas caer!», ou equivalente do futuro: «Vai enfermar se se molla tanto».

2.—IR + XERUNDIO: indica duración ou progresión lenta: «Vai facendo como poidas», «o caso é ir tirando».

3.—VIR + XERUNDIO: expresa o mesmo cá anterior, pero a acción empeza no pasado: «O equipo vén perdendo fóra desque empezou a liga».

4.—ESTAR + XERUNDIO (ou ESTAR A + INFINITIVO): indica desenvolvemento da acción expresada polo verbo principal: «Está comendo» = «Está a comer».

5.—TER + PARTICIPIO e LEVAR + PARTICIPIO: indican accións rematadas, aínda que a primeira expresa que esa acción se repetía no pasado: «Tenche visto moito mundo», «Lévoche sufrido moito nesta vida».

= =

Exercicios: Inclúa cada oración nunha das estructuras perifrásticas e indique o seu significado.

1. Vouvos contar un conto de fadas.
2. Moito leva cavado na leira.
3. Non sei que fai falta para que se poña a traballar.
4. Estase acabando: non ten solución.
5. De vello púxose a aprender a ler.
6. Primeiro foino tentando, e para rematar conseguiu o que quería.
7. Este rapaz vén durmindo unha media de oito horas.
8. Tenche visto moitas películas de vaqueiros.
9. Non, vai boa que está a comer.

= =

Lección 114

No médico




Ampliación: O Anxo foi ve-lo doutor por mor da revisión médica anual que teñen que facer tódolos afiliados á Seguridade Social. O moi pillabán finxía ter moitas dores por ver se collía unha baixa temporal duns días, pero o doutor deu co seu mal: moita galbana e poucas ganas de traballar.

= =

Ortografía: Empezamos hoxe coa ortografía do galego. Nesta lección imos tratar do alfabeto: A(a), B(b), C(ce), CH(che), D(de), E(e), F(efe), G(gue), H(hache), I(i), L(ele), LL(elle), M(eme), N(ene), Ñ(eñe), O(o), P(pe), Q(cu), R(erre), S(ese), T(te), U(u), V(uve), Z(Ceta). Recorde que o nome das letras é masculino: o P, o T, o V, o X, etc.

= =

Exercicios: Sinale no seguinte debuxo as distintas partes do corpo que lle damos no vocabulario.



= =

Vocabulario (As palabras xa vistas non as volvemos definir)

Coxa (s.f.): parte da perna que vai da nádega ó xeonllo.
Doutor (s.m.): médico / universitario con grao que aprobou a **tese de doutoramento.**
Embigo (s.m.): cicatriz que queda no ventre ó cortar e seca-lo cordón umbilical.
Galbana (s.f.): **preguiza;** tendencia viciosa a non traballar.
Íngoa (s.f.): unión do ventre coas coxas. **Virillas.**
Nádegas (s.f.): as duas porcións carnosas no alto da coxa sobre as que nos sentamos.
Nocellos (s.m.): avultamento que forman a tibia e mailo peroné na unión da perna co pe. **Nortellos Nocelos. Tornecelos.**
Pillabán (adx.): **pícaro, astuto, pillo.**

Lección 115

Despois da revisión médica



= =

Ampliación: Anxo, Xurxo e Henrique, o rapaz que entrou hai pouco foron face-la revisión médica que o avogado lles pedira para arregra-los papeis do seguro. Anxo está forte coma un cañón, Xurxo aínda tampouco está mal pero aproveitando mandoulle ó médico que lle receitase algo para ver se podía limpa-lo cutis das moitas pencas que ten na cara e as espullas que ten nas mans. Máis grave parece se-lo do rapaz que tivo o outro día un accidente na moto e fixo unha boa necha na fronte a mais de destraga-los cóbados.

= =

Ortografía: En galego, a diferencia doutros idiomas románicos (francés, portugués...) **b** e **v** representan o mesmo sonido. Por iso escribiremos unha ou outra segundo a etimoloxía, é dicir, segundo no latín fose **p, b** ou **v.** Así temos: boi, cabalo, pobo, andaba, baleiro, herba, rebentar, móbil... pero avoa, avogado, avoitre, vista, vulto, varrer, vasoira, voda. Para representa-lo sonido /K/ empregaremos: **c** ante **a, o, u**: penca, colo, cuspe, e **qu** diante de **e, i**: queixo, quilo.

= =

Exercicio: Corrixa nestas frases os erros de **b** e **v, c** e **qu**.

1. A aboa pasaba todo o día a barrer.
2. O abogado foi en automóvil á boda.
3. Ó lonxe divisábase un bulto no ceo, era un aboitre negro.
4. Non lle metas máis kilómetros ó coche que lle vas reventa-lo motor.
5. Era unha bruxa moi especial, non ía montada nunha basoira, senón nun cabalo.
6. Cando hai baleiro político o povo toma a iniciativa.

= =

Vocabulario:

Alumar (v): dar luz e claridade ou acompañar con luz algo ou alguén. **Alumear.**

Avogado (s.m.): licenciado en Dereito que defende nos tribunais de xusticia ós seus clientes.

Cóbado (s.m.): parte de atrás por onde dobra o brazo.

Cella (s.f.): parte cuberta de pelo que está sobre os ollos.

Cutis (s.f.): pel do rostro.

Destragar (v.): estropear, destruír unha cousa / Non aproveitar. **Estragar.**

Espulla (s.f.): verruga.

Foco (s.m.): aparato transportable que dá luz eléctrica. Tamén se lle chama **facho.**

Fronte (s.f.): a parte máis alta da cara, entre os **sens** ou **tempas** e o cabelo. **Testa.**

Penca (s.f.): manchiña parda que nace na cara ou noutras partes do corpo.

Perigoso (adx.): que ofrece perigo ou pode causar algún dano.

Necha (s.f.): corte producido por un golpe na cabeza.

Lección 116

As parentelas



Ampliación: Hoxe Xoaquín atopou paseando o Sr. Xacinto Vilar, un velliño simpaticote e falangueiro que sabe da vida de todo o mundo en Portovello. O Sr. Vilar é algo así coma o arquivo xenealóxico da vila. Pero o terrible é cando se embala... non hai quen o pare, cóntalle a parentela de cada un ata varias xeracións atrás con tódolos devanceiros habidos e por haber... parentescos múltiples... en fin... ¡pobre Xoaquín!

Ortografía: Imos hoxe tratar das grafías NH, H e X.

A grafía NH representa unha nasal velar en posición interior de palabra; é a convención que representa o sonido de: **unh**a, algu**nh**a, ningu**nh**a, cu**nh**a, a**nh**elo, i**nh**umano, i**nh**erente...

A grafía H non representa ningún sonido pero mantense na grafía por fidelidade etimolóxica; así levan H; «home, horta, harmonía, Henrique, prohibir, exhibir», que tiñan H en latín, e non o levan «ermida, irmán, ovo, óso, orfo, ombro, oco...» porque non o tiñan en latín. As excepcións a esta regra son moi pouquiñas: escribimos «España, Xoán» por *Hespaña e *Xohán, que serían as formas derivadas dos étimos «Hispania» e «Johanis».

A grafía X ten máis dun valor en galego. Nas palabras patrimonias «eixe, axóuxere, xoves, xaneiro, xente, xeral» pronúnciase coma o francés «**ch**ien», o inglés «**sh**e» ou o alemán «**sch**nell»; pero nas palabras cultas conserva o valor latino de KS «sexo, taxi, taxa», se ben a tendencia normal da lingua é pronunciar nestes casos S: exame (esame), éxito (ésito)...

Vocabulario:

Afillado-a (s.m-f.): unha persoa respecto do seu padriño ou madriña.
Alcume (s.m.): sobrenome despectivo ou non dunha persoa ou familia. **Alcuño.**
Apelido (s.m.): nome da familia para designa-las persoas, que se transmite de pais a fillos.
Arquivo (s.m.): sitio onde se gardan datos e documentos.
Axóuxere (s.m.): caixiña redonda de metal, con dous buracos, que ten boliñas de metal ou de plástico no medio e soa cando se move.
Compadre (s.m.): padriño dun fillo / Pai do xenro ou da nora.
Devanceiro (s.m.): antecesor, proxenitor, avó.
Nome (s.m.): palabra coa que se designan persoas, obxectos ou cualidades para distinguilos dos outros.
Nora (s.f.): filla política; o fillo político é o **xenro.**
Orfo (s.m.): persoa a quen lle morreron os pais, sobre todo rapaces.
Padriño (s.m.): a persoa que presenta o neno que vai recibi-lo bautismo, confirmación ou matrimonio. / O que acompaña alguén que vai recibir algún honor.
Parentela (s.f.): conxunto de tódolos parentes.
Xeración (s.f.): conxunto de persoas que nacen nun pequeno lapso de tempo, e polo tanto teñen idade similar.

Lección 117

A casa do Sr. Vilar



Ortografía: O acento ortográfico en galego:

A) **Palabras agudas:** acentúanse cando teñen varias sílabas e rematan en vocal (mazá, puré, acolá), vocal + N, S ou NS (irmán, corazón / tirizós, champús / algúns, irmáns). Non se acentúan as monosilábicas (xa, fe, cu) nin cando rematan en ditongo AI, EI, OI, UI, OU, IU (capitais, papeis, españois, azuis, amou, partiu) ou noutra consoante.

B) **Palabras graves:** acentúanse cando rematan en consoante distinta de N ou S ou nos grupos cultos PS e XC móbil, álbum, carácter, bícepts, clímax).

C) **Palabras esdrúxulas:** acentúanse sempre (mágoa, tépedo, cómaro, lóstrego).

O acento gráfico tamén se utiliza cando as vocais I, U tónicas van antes ou despois doutra vocal átona, para indicar que forman sílaba en por si e non ditongo. Así temos «baúl, egoísmo, saia, súa, xuício, raíña, aínda, roía, Araúxo, tería, río, moía...»; quere isto dicir que se non levan acento gráfico, as vocais I, U forman ditongo coa vocal á que acompañan: «Antonio, ciencia, lingua, lingüista, saia, puido, ...».

= =

Exercicios: Darémoslle un texto sen acentuar e vostede terá que acentualo:

«Galicia, como grupo etnico, ten dereito a dignifica-la lingua que o seu propio xenio creou, porque e unha lingua capaz de ser vehiculo da cultura universal, porque lle serve para comunicarse cos pobos de fala portuguesa, porque non ten outra mellor para expresa-los seus sentimentos e porque perdendoa xa non lle quedaria razon de existir. Se Galicia non reclamase a oficialidade do seu idioma e o dereito a usalo como lingua vehicular de ensino ¿poderia presumir de capacitacion politica para rexe-la sua vida? Porque a conciencia da propia personalidade e os anceios de salva-la imponderable riqueza do seu espirito son a garantia moral que Galicia ofrece para merece-la liberdade».

= =

Vocabulario:

Cómaro (s.m.): valo ou valado que separa unha finca doutra.

Corredor (s.m.): peza estreita dunha casa que conduce ás diversas dependencias.

Fiestra (s.f.): abertura na parede dun edificio para dar luz ou airear. **Ventá.**

Mágoa (s.f.): pena, tristeza.

Pecho (s.m.): pasador que asegura portas e fiestras. **Fecho. Pechadura.**

Reixa (s.f.): rede de barras de ferro empregada como ornamento ou defensa de ventás, etc.

Solaina (s.f.): sitio no que dá plenamente o sol, particularmente na vertente sur dunha terraza ou galería dunha casa.

Sobrado (s.m.): planta alta dunha casa formada polo baixo e un único piso. **Sollado.**

Soto (s.m.): parte subterránea dunha casa.

Teito (s.m.): parte superior e interior dunha casa ou dunha habitación.

Tépedo (adx.): pouco quente. **Morno.**

Trabe (s.f.): madeira grosa e longa usada na construcción. **Viga.**

Varanda (s.f.): peza alargada de madeira ou ferro que se pon nos balcóns, nas portas, nas escaleiras, etc. para non caer.

Lección 118

A casa en venda



Ortografía: Casos especiais de acentuación:

1. Úsase o acento gráfico para distinguir dúas palabras que teñen a mesma forma na escrita para evitar confusións, así temos pares do tipo: CÓMPRE (é necesario) / COMPRE (merque), DÁ (verbo Dar) / DA (de + a), FÓRA (adv.) / FORA (vbs. Ser e Ir), MÁIS (adv.) / MAIS (conx.), PÓR (poñer) / POR (prep.), VÉN (pres. do vb. Vir)/ VEN (pres. de Ver, imp. de Vir), VÉS (pres. Vir) / VES (pres. Ver).
2. Cando o verbo leva pronomes ou se dá a combinación verbo + 2.ª forma do artigo acentúase como se fosen unha soa palabra: terán - terano, cantará - cantaravos, comes - cómelo, temos - témolo - témo- lo artigo, cóme-lo arroz, etc. As formas verbais que teñen acento diferenciador manténeno cando van seguidas do pronome ou da segunda forma do artigo: é-élle-énos, dá-dáme-dálles, etc.
3. Os acabados en —MENTE non se acentúan por seren palabras graves rematadas en vocal. Tampouco mantén o acento gráfico o primeiro termo das palabras compostas non separadas por guión: Riotorto, fervellasberzas, etc.
4. Hai casos nos que se empregaba o acento para distingui-las funcións gramaticais dunha mesma palabra, isto é algo inxustificado. Acentúanse só as formas do interrogativo e exclamativo en casos en que se produza dobre sentido: dille que queres / dille qué queres.

= =

Exercicios: Acentúe vostede as palabras que precisen acento nas frases seguintes.

1. Dalle un consello dos da tua colleita.
2. Dime con quen andas e direiche que necesitas.
3. Dame o mesmo, irei rapidamente por fora eses pesados.
4. Fora, el, pero non lle dixen nada.
5. Eche unha triste desgracia vivir nun pais no que a xente non da merito a sua lingua.
6. Compre que vaiades, mais se non queredes e cousa vosa.
7. ¿Queres que levemo-las cousas? Levadeas.

= =

Vocabulario:

Cadeira (s.f.): silla de brazos ampla e cómoda.
Coxín (s.m.): almofada pequena.
Lámpada (s.f.): utensilio de iluminación no que se provoca a incandescencia duns filamentos por medio dunha corrente eléctrica.
Moble (s.m.): obxecto para comodidade ou adorno nunha casa.
Piada (s.f.): montón.
Saba (s.f.): peza de tea coa que se cobre o colchón da cama.
Tallo (s.m.): moble para se sentar que non ten respaldo.
Veludo (sust. e adx.): tea suave que ten pelusa.
Liño (s.m.): pranta fibrosa como materia textil. / Tecido feito deste material.
Tear (s.m.): máquina para tecer.

Lección 119

A casa do Sr. Vilar é unha xoia



Ortografía: USO DO GUIÓN: O guión úsase en galego para partir unha palabra ó final de liña, para separar prefixos, para separa-los dous membros dunha palabra composta e para uni-las formas LO, LA, LOS, LAS do artigo ó verbo, adverbio ou pronomes precedentes: «Vocabulario galego - alemán», «Traíavo-la moto», «¿U-los cartos?».
Úsase o guión para separa-la segunda forma do artigo dun infinitivo, dunha forma verbal persoal rematada en -R ou -S, dun pronome átono (NOS, VOS, LLES) enclítico a un verbo e do adverbio U. Nos demáis casos a segunda forma do artigo únese directamente á palabra precedente: «canta-la canción», «fala-lo galego», «colle-las mazás» / «ti cánta-la canción», « ti fála-lo galego», «ti cólle-las mazás».

= =

Exercicios: Acentúe e poña guións cando sexa necesario no seguinte texto:
«Nos imos supor o feito de que, non se dictou ningunha ordenanza real prohibindo a lingua galega nos documentos publicos pero e indiscutible que so eran validos os documentos redactados en castelan, na lingua oficial de España. Nos imos supor que xamais se dixese «queda prohibido usar o galego»; pero e indiscutible que so se ensinou o castelan 'nas escolas e que os galegos non podian escribir e ler o idioma que falaban. ¿Houbo ou non politica asimilista? O galego —din— e unha «lingua rustica». Imos supor que non e mais ca iso pero ninguen pode negar que ainda existe. Este regocixo e a sua condolencia finxida estaria no seu punto se Galicia falase castelan; pero ainda fala galego, anque non saiba escribilo e anque lle custe traballo lelo. Calquera persoa pode decatarse de que a lingua da meseta non se impuxo pola forza da sua cultura, pois os galegos ainda preferimos a nosa «lingua rustica» a que nos impoñen. Non hai dubida de que Galicia conserva o seu idioma porque con ningun outro pode expresar as suas ideas e os seus sentimentos, e dicir, a sua cultura; e polo tanto, non hai para que falar da superioridade cultural castela, a non ser que ignoremos o valor da verba «cultura».

= =

Vocabulario:

Baeta (s.f.): pano para fregar e limpar.
Cazola (s.f.): recipiente de cociña, redondo, máis ancho ca alto.
Estropallo (s.m.): esparto para fregar.
Pingar (v.): caer pinga a pinga.
Pó (s.m.): masa de partículas de terra seca que levanta o aire e pousa nos obxectos.
Pota (s.f.): vasilla redonda cunha ou dúas asas que se utiliza para cociñar. **Ola.**
Sumidoiro (s.m.): conducto de desaugue.
Testo (s.m.): peza que pecha os recipientes. **Tello. Tapadeira.** / Recipiente onde van as plantas.
Tixola (s.f.): recipiente circular de pouco fondo e con mango que se usa para fritir ou frixir. **Tixela.**
Vasoira (s.f.): atado de ramas flexible cun mango que serve para varrer. En xeral, instrumento doméstico para varrer.
Xabrón (s.m.): producto que serve para lavar. **Xabón.**
Xestal (s.f.): arbusto de flores marelas e recendentes.

Lección 120 **O Sr. Vilar vai aluga-la casa**



Ampliación: Despois de veren a casa, Xoaquín e Vilar dan unha volta polo parque. O Sr. Vilar vai todo ilusionado fumando na súa cachimba; por fin decidiuse a aluga-la casa ó prezo que fose. O que non quere é tela morta como a ten, e como Xoaquín foi o que lle propuxo a idea ía dicindo: «Ai Xoaquinciño, es listo coma o finado do teu bisavó, nótase ben que vés sendo dos «Merlos Vellos», ¡boa familia, si señor! Acórdame cando a túa avoa... bla, bla...

Ortografía: A DIÉRESE.

a) Úsase coa letra U para indicar que se pronuncia esta vocal na sílaba GÜE, GÜI (frente a GUE, GUI): «Bilingüe», «Mingüedes» (Vb. Minguar), «argüir», «ungüento», etc.

b) Úsase tamén coa letra I na primeira e segunda persoas dos imperfectos dos verbos rematados

en -AER: Caer-caïamos, caïades. / Distraer-distraïamos, distraïades./ Etc.
en -OER: Doer-doïamos, doïades. / Remoer-remoïamos, remoïades. / Roer, moer.
en -OÍR: Oír-oïamos, oïades. / Etc.
en -AÍR: Saír-saïamos, saïades. / Etc.

A razón de colocar este signo é que o I forma sílaba en por si (sa-i-a-mos). Deste xeito distinguimos esta forma da do presente do subxuntivo: caiamos, caiades, etc. Tamen poden leva-la diérese os imperfectos dos verbos en -UÍR aínda que non se confunden formalmente cos presentes de subxuntivos; así, escribiremos «construïamos», para o imperfecto de indicativo, e «construamos» para o presente de subxuntivo.

Exercicios: Traduza ó galego as seguintes oracións; procure acentuar correctamente.

1. Nosotros de pequeños caíamos siempre de la cuna.
2. Mientras se hacía la colada oíais la radio.
3. Soñé que salíamos de un gran cubo de hielo ardiendo en llamas, ¡que pesadilla!
4. Vosotros molíais el maíz en el molino y vuestra abuela mientras tanto enrollaba los ovillos de lana que había tirado el gato por el suelo.

Vocabulario:

Berce (s.m.): leito ou cama de bordes altos para os nenos que se pode abanear ou abalar.
Bogada (s.f.): roupa lavada.
Data (s.f.): día, tempo no que sucede algo.
Erro (s.m.): equivocación. / Afirmación ou xuicio falso.
Enrolar (v.): envolver. / O contrario é **desenrolar.** Debemos diferencialo de **desenvolver,** dándolle a este un valor máis xeral e abstracto, e a **desenrolar** un valor máis material e concreto.
Moeda (s.f.): peza metálica acuñada, cun valor convencional, que serve para as transaccións comerciais.
Novelo (s.m.): bola formada ó enrola-lo fío.
Renda (s.f.): prezo no que se arrenda algo. Alugueiro. / Tributo que se paga por unha finca, un edificio, etc. / Rendemento.

Lección 121

Ás presas



Gramática: Os signos de interrogación e de admiración:
Os signos que marcan entoación interrogativa ou admirativa deben situarse ó comezo (¿ ¡) e ó final (? !) do texto afectado pola mesma: «¡Vaiche boa!, ¿por que non calas?, ¿miraches ben?, ¡meu can!». Na nosa lingua, o único que diferencia unha oración interrogativa doutra enunciativa é a distinta entoación xa desde o inicio; para advertir ó lector desta diferencia, é preciso marcar cun signo o punto en que se produce o cambio e con outro aquel en que remate.

= =

Exercicios: Traduza ó galego o seguinte texto que lle damos.
Desde Cée, la carretera de diez kilómetros lleva a la desembocadura del rio Xallas o Ezaro al pie del monte Pindo, que forma uno de los paisajes de mayor emoción de Galicia. Modernamente se ha construido el puente cerca de la embocadura combatida por las mareas. Son espléndidas las playas de Ezaro y Pindo frente a los islotes Corromeiro, Lobeira (grande y chica) y los escollos llamados «Bueyes». Al pie del Pindo, el río se lanza en soberbia cascada de un tramo, la mejor de Galicia, a corta distancia del mar. El monte, formado por enormes masas de granitos, adopta una forma de grave testa, y aún florecen en sus fisuras las higueras salvajes de que hablan el P. Sarmiento y Jovellanos en sus notas de viajes. Se le ha llamado uno de los Olimpos célticos de Galicia y es, en verdad, uno de los más bellos montes litorales de ella.

= =

Vocabulario:

Balor (s.m.): fungo que medra sobre sustancias orgánicas provocando a súa descomposición.
Carepa (s.f.): resultado de sacarlle a peladura a un vexetal, froito, etc. **Pela. Paraza. Tona. Para. Pel.**
Codelo (s.m.): anaco de pan, xeralmente duro.
Codia (s.f.): capa exterior e dura do pan, queixo, etc. **Coda.**
Cru (adx.): que non está cociñado ou ben maduro.
Culler (s.f.): utensilio para comer, cun mango rematado nunha concavidade oval.
Encetar (v.): comezar unha cousa á que se lle quita unha parte; quíta-lo primeiro anaco.
Illeu (s.m.): illa pequena.
Frangulla (s.f.): a parte mol do pan esnaquizada. **Faragulla. Migalla.**
Fendedela (s.f.): regandixa, regaña.
Lixo (s.m.): desperdicios, porcallada, pó.
Molete (s.m.): bolo pequeno de pan.
Prebe (s.m.): condimento feito de varias sustancias disoltas. **Mollo.**
Rafa (s.f.): a parte mol do pan. **Miga. Molo. Miolo.**
Rebanda (sust.): corte fino e ancho dun alimento, como pan ou queixo.
Reseso (adx.): pan ou outro alimento que xa non está mol e ademáis está moi duro.
Salgar (v.): conservar ou condimentar con sal.
Vaixela (s.f.): louza.
Xerra (s.f.): vasilla de boca ancha con asa para servir líquidos.

Lección 122

A proba de Ciencias Sociais



Ampliación: O mestre pregúntalles agora sobre o entorno no que se moven os pequenos, qué obxectos e animais ven a cotío na súa vila. Todos responden máis ou menos atinadamente agás o Eloi que teima en misturalo todo.

═══════════════════════════════════════

Ortografía: As terminacións -SE, -ITE e -TE:

1. As palabras cultas con orixe nos nomes gregos en -IS adoptan a terminación -SE e son todas do xénero feminino: «a análise, a base, a catequese, a crise, a diócese, a eclipse, a énfase, a frase, a hipótese, a paréntese, a prótese, a síntese, a tese, a xénese..., etc.». Non pertencen a este grupo palabras como «oasis» e «tenis».
2. En correspondencia co grupo anterior, as terminacións gregas -ITIS e -TIS adoptan en galego as terminacións -ITE e -TE; e tamén son todas femininas: «a apendicite, a bronquite, a diabete, a farinxite, a glote, a hepatite, a meninxite, a peritonite... etc.». De maneira similar ás solucións anteriores teñen tamén -E palabras como «acrópole, necrópole, praxe, sintaxe, epiderme...», pero dicimos «cutis» e «gratis» por teren unha orixe distinta.

═══════════════════════════════════════

Exercicios: Traduza ó galego o seguinte texto.

«Las estadísticas demuestran que el tabaco es mortal. Sin embargo, a la gente no le gusta que se le prohiba una cosa, y por ello las campañas antitabaco, como cualesquiera otras «anti», han de estudiarse detenidamente. Así, en Francia, una campaña que tenía por objetivo convencer a los jóvenes de entre 10 y 18 años de que no deben fumar tomó en cuenta que los jóvenes rechazan la dramatización y las órdenes y que justifican su costumbre de fumar porque así adquieren la posición de adultos dentro de un grupo. La agencia encargada de la campaña, tomando en cuenta este aspecto psicológico, inventó una situación «explosivo - cómica» para superar el problema. El gesto del no fumador se presentó como un gesto de independencia. Se tuvo la habilidad de no atacar el tabaco, sino de tomar distancias con respecto al cigarrillo.

═══════════════════════════════════════

Vocabulario:

Badalada (s.f.): son que produce a campá.
Capela (s.f.): edificio destinado ó culto nunha comunidade relixiosa.
Cuxo (s.m.): cría da vaca. **Xato. Xovenco. Becerro. Pucho.**
Mergullar(se) (v.): meter algo debaixo da auga ou doutro líquido de xeito que quede cuberto completamente. **Solagar. Sumerxer.**
Salgueiro (s.m.): árbore que medra á beira dos ríos e en terreos húmidos.
Sandar (v.): curar. **Sanar.**
Serpe (s.f.): reptil cilíndrico alongado. **Cobra.**
Torrar(se) (v.): quentar ó lume case ata queimar. **Tostar.**
Voda (s.f.): ceremonia para contraer matrimonio.
Xemer (v.): **Laiarse. Queixarse.**

Lección 123

O exame de Pretecnoloxía



Ampliación: O curso está a piques de rematar. Xoán e os seus compañeiros están a face-los exames finais. Hoxe toca pretecnoloxía, pero Xoán non o poderá facer porque ten unha ferida nun dedo, farao outro día. O mestre deulles a escoller entre debuxo e recortes de papel acharoado. Ó remataren terán que crava-los traballos con tacholas no taboleiro logo de poñer cadanseu nome.

= =

Ortografía: As terminacións -CIÓN, -SIÓN, -NTE, -MENTO:

1. **-ción** e **-sión:** manténense estes dous sufixos cultos: «acción, atención, canción, nación, colonización, división, invasión, televisión, excursión, división».
2. **-nte:** esta terminación permite formar sustantivos ou adxectivos sobre a base dun verbo:
   -AR — ANTE: Cantar-cantante, camiñar-camiñante.
   -ER —ENTE: Valer-valente; crecer-crecente; crer-crente.
   -IR — ENTE: Escribir-escribente; relucir-relucente; supervivente.
   — IENTE: Expedir-expediente; recibir-recipiente.
   — INTE: Saír-saínte; oír-oínte; seguir-seguinte. (Popular).
3. **-mento:** os sustantivos formados con este sufixo manteñen en tódolos casos a vocal temática do verbo que lles serve de base:
   -AR→-AMENTO: Regular-regulamento; pagar-pagamento.
   -ER→-EMENTO: Coñecer-coñecemento; esquecer-esquecemento; mover-movemento.
   -IR → -IMENTO: Pedir-pedimento; resentir-resentimento.

= =

Exercicios: Indique o significado das seguintes palabras, e o verbo de que derivan: a) nacemento, lucimento, sufrimento, crecemento, rexemento, abatemento, esmorecemento, rendemento atrevemento, desenvolvemento, asoballamento, doutoramento; b) atraente, xacente, pertencente, nacente, decadente, recendente, vidente, pendente, rexente, esixente, doente, continente, corrente, delincuente, fervente, servente, conveniente, proveniente, contribuínte, constituínte.

= =

Vocabulario:

Afiar (v.): sacar fío ou punta a un obxecto cortante ou a un lápiz.
Afialápices (s.m.): instrumento para sacar punta ós lápices.
A piques de (expr.): a punto de...
Caderno (s.m.): libriño con follas en branco para seren escritas.
Tacholas (s.f.): craviño metálico de cabeza circular que serve, por exemplo, para asegura-lo papel no tabuleiro, etc.
Dobrar (v.): pregar algo por algunha das súas partes.
Esvarar (v.): correrse con rapidez un corpo sobre outro liso ou mollado. **Escorregar.**
Erro (s.m.): concepto equívoco ou xuício falso; acción desatinada.
Papel acharoado (s.m.): dise dun papel brillante que ten unha capiña de barniz chamada «charol» por riba.
Tabuleiro (s.m.): cadro de madeira ou cortiza que se usa nas escolas para cravar nel papeis, debuxos, etc.

Lección 124

Na clase



Ampliación: Falta pouco xa para os rapaces remataren as clases. O mestre avalía os rapaces para comprobar se asimilaron ou non todo aquilo que el lles foi aprendendo ó longo do curso. Agora están a ler textos de escritores galegos coñecidos, analizando a lingua que empregan nas súas obras, por iso resulta sorprendente nalgúns autores o uso de formas estrañas que os rapaces recoñecen ó momento.

= =

Gramática: «Seudoevolucións e deformacións caprichosas»: Aparecen en escritores que saben un chisco de gramática histórica e coñecen as leis fonéticas que cambiaron o latín en galego. Moitas palabras entraron na lingua hai ben pouco pero eles transfórmana artificialmente en palabra popular galega inventando a forma desa palabra coma se levase desde sempre na lingua, así: «orgaizar» (organizar), «outo» (alto), «espeitago» (espectáculo), «norde» (norte), «esceición» (excepción), «siñificar» (significar), «ámeto» (ámbito)..., etc. Estas invencións obedecen a un radical ánimo diferencialista. Teremos ben presente que as invencións son aceptables cando non lle repugnan á lingua ou cando sexan necesarias, coma no caso dos neoloxismos (palabras novas entradas por vía culta ou formadas sobre términos populares que son necesarias na lingua para expresar conceptos novos).

= =

Exercicios: No seguinte texto, ateigado de seudoevolucións, poña a forma correcta en galego:
«Despois daquela conferenza, o cadeirádego esixiulles un novo sagrifizo ós rapaces. A fadiga do solpor refrexábase na lonxanza chea de merguranza, un veo misteiroso pousouse sobre a terra, era un espeitago de outura metafísica, unha cheúra de soidade que prendía coma o lume nos nosos folgos vidaes».

= =

Vocabulario:

Avaliar (v.): calcular e determina-lo valor.
Dar en + infinitivo (expr.) = Dar por + infinitivo. Exemplo: «Deu en falar todo o tempo». «Deuselle por falar todo o tempo».
Estraño (adx.): raro, extravagante / (sust.) doutra familia, localidade, nación...
Verba (s.f.): palabra. (este término é un neoloxismo utilizado por moitos escritores e hoxe prácticamente aceptado na lingua escrita).

Lección 125

Esquecemos algo



Ampliación: De volta para a casa decátanse de que aínda deixaron cousas sen mercar e nun arrauto final saen as dúas mulleres a fume de carozo para mercar todo aquilo que lles esquecera. O Anxo xa vai canso de tanta volta e o único que quere é chegar á casa a acougar.

= =

Ortografía: As terminacións -ANCIA, -ENCIA, -CIA, -CIO:
Nos cultismos conservamos sen alteración estas catro terminacións en galego, portugués e castelán: «distancia, ganancia, ignorancia, infancia, vixilancia, resonancia»; «esixencia, urxencia, vixencia, influencia, paciencia»; «delicia, acacia, malicia, farmacia»; «comercio, edificio, silencio, socio, xentilicio».
Noutras palabras hai separación entre castelán e portugués adoptando o galego unha posición intermedia, pois nuns casos presenta a terminación paralela á do portugués «andazo, avareza, cansazo, cobiza, crenza, doenza, pertenza, mantenza, habenza...»; e noutros a terminación culta en -cio/-cia: «diferencia, Galicia, presencia, servicio, xuício...».

= =

Exercicio: Nas tres columnas de palabras que lle damos a continuación, faga parellas de palabras relacionadas:

a) ciencia	obediencia	b) avenza	crer	c) aparencia	herdar
ambiente	conciencia	crenza	doer	paciencia	convir
eficiente	suficiencia	descrenza	pertencer	experiencia	aparentar
suficiente	orientar	doenza	manter	resonancia	experimentar
consciente	ambientar	fervenza	avirse	vixilancia	padecer
obediente	científico	habenza	descrer	herdanza	resoar
oriente	eficacia	mantenza	ferver	conveniencia	vixiar
		pertenza	haber		

= =

Vocabulario:

A fume de carozo (expr.): velozmente, con moita présa. **Foguetеado. A toda mecha.**

Agasallar (v.): dar unha cousa en mostra de afecto, consideración ou por outro motivo.

Arrauto (sust.): arrebato, impulso repentino e incontenible. / Á persoa que lle dan moitos arrautos chámanlle **arroutado.**

Mecheiro (sust.): acendedor, chisqueiro. Instrumento que serve para acende-lo lume.

Fita (sust.): tecido longo de seda. / Fío ou algo semellante, dunha ou varias cores que serve para atar, cinxir ou adornar.

Funil (sust.): instrumento oco, ancho por riba e estreito por baixo, en forma de cono rematado nun canuto que serve para transvasar líquidos.

Rolo (sust.): tecido, papel, etc., enrolado en forma cilíndrica. **Rolete.**

Suba (sust.): aumento dos prezos.

Termar (v.): ter conta dalgo. **Soster. Ter man.**

Lección 126

Na tenda de roupa e calzado



Ampliación: Carme e María seguen de compras. Agora están a comprar roupa para Xoaquín, a quen lle van mercar un traxe novo co que quedará moi guapo, e para Xoanciño, que despois de choromicar moito vai por fin consegui-lo seu chandal.

Gramática: Relacións de derivación entre verbos e nomes. Estamos vendo estes días como por medio de sufixos se pode derivar unha palabra doutra (p. ex. **crer-crenza**). Un medio máis simple consiste en engadi-la terminacións **-o, -a** e, máis raramente, **-e** a un verbo para construír un nome; ou **-ar** ou máis raramente **-er** a un nome para construír un verbo: do sustantivo **maña** faise o verbo **amañar,** e deste verbo deriva o sustantivo **amaño.**

Exercicios: 1) Nas seguintes columnas, relacione os pares verbo/sustantivo: indique o seu significado e constrúa varias oracións:

buscar	estrea	perder	suba
conversar	obriga	render	engado
escoller	busca	subir	perda
estrear	conversa	vender	renda
obrigar	escolla	engadar	venda

2) Indique o(s) sustativo(s) relacionados cos seguintes verbos e o seu significado: acougar, achegar, agasallar, aloumiñar, amañar, antollar, apretar, arrepiar, asubiar, atallar, avariar, beliscar, berrar, brincar, combater, custar, choutar, debater, dubidar, empregar, estalar, medrar, misturar, procurar, puxar, saloucar, trocar.

Vocabulario

Abotoar (v.): pechar, unir, axustar unha prenda de vestir cun botón no ollal.
Carapucha (v.): peza dun vestido que serve para cubri-la cabeza.
Chapeo (s.m.): sombreiro, prenda solta para cubri-la cabeza.
Choromicar (v.): facer que se chora, chorar sen razón suficiente, sen necesidade. O rapaz que o fai adoito é un **choromicas** ou **choromiqueiro.**
Estrear (v.): usar unha cousa por primeira vez.
Fibela (s.f.): peza de metal para axusta-las correas, os cintos...
Frouxo (adx.): pouco apertado, pouco tirante, mal atado.
Garavata (s.f.): anaco de tea en forma de tira que se pon no pescozo coa punta para abaixo.
Luva (s.f.): prenda para abriga-las mans, coa súa mesma forma. **Guante.**
Ollal (s.m.): buratiño na roupa para introduci-lobotón.
Medras (s.f.): etapa de crecemento rápido dos rapaces e mozos. **Quedar para as medras:** deixar unha prenda demasiado cumprida para máis adiante.

Lección 127

A familia non dá comprado



Ampliación: A quen lle toca o turno agora é a Anxo, para el van mercar un pixama e máis un xersei. Na sección de calzado María atopa uns zapatos moi xeitosos para ela, pero un pouco careiros para o seu peto. Xa vai chegando a noitiña e haberá que ir para casa, a mais xa levan gastado unha boa cantidade de cartos...

= =

Gramática: Grupos consonánticos: PL/PR, FL/FR. Debido á peculiar evolución fonética do galego, son frecuentes as confusións entre -l- e -r- cando unha destas consoantes fai grupo con p-, f-. A norma que debemos seguir é a de conserva-lo -l- latino das palabras cultas, e respeta-lo -r- das palabras máis adaptadas á fonética galega. Así: PL-: placa, plano, plástico, pluma, plural, templo, exemplo, explicar. PR-: prazo (e derivados, como emprazar), pracer (tamén derivados), praza, praia, prata, pranta (ou planta), cumprir, empregar (cos seus derivados). FL-: flan, flexible, inflación, reflexar (e palabras relacionadas). FR-: fraco, froco (tamén floco), frecha, frota, frouxo.

= =

Exercicio: Faga unha lista de palabras derivadas dos nomes e verbos **exemplo, explicar, prazo, pracer, praza, pranta, cumprir, empregar, reflexar, fraco** e **frouxo,** ou relacionadas con estas. Indique os seus significados e constrúa dez oracións en que aparezan as máis que poida. Por exemplo: pluma → plumón, plumaxe, emplumar, plumífero... A **plumaxe** das galiñas pode ter moitas colores: hai **plumas** castañas, negras, amarelas, iridiscentes.

= =

Vocabulario

Biqueira (s.f.): punta dos zapatos. / Infección nos beizos ou labios.
Careiro (adx.): de precio excesivo. / Especialmente, aplícase ás persoas ou establecementos que venden a prezo excesivo.
Cordón (s.m.): corda redonda de seda, liño, la, etc. / **Amalló** (cordón dos zapatos).
Dedal (s.m.): utensilio metálico para protexe-lo dedo mentres se cose. **Alferga.**
Espeta (s.f.): agulla grande para calcetar.
Emporcar (v.): poñer porca ou sucia unha cousa. **Lixar.**
Furado (s.m.): pequeno orificio nunha tea, na madeira... **Buraco, burato.**
Peto (s.m.): especie de bolsa no vestido para gardar pequenas cousas. / Caixa de madeira ou recipiente de barro para garda-los aforros.
Pixama (s.m.): indumentaria lixeira que se usa para durmir.
Sola (s.f.) parte plana do calzado na que se apoia o pe, feita xeralmente de coiro forte.

Lección 128

Nas tendas



Ampliación: Para remataren antes coas compras, Anxo, Carme e María deciden ir cada un a unha tenda distinta e xuntárense logo. María vai buscar unhas menciñas á farmacia, Anxo vai á pastelería buscar uns pasteis para celebraren a adquisición do coche, e Carme vai á carnicería comprar carne para o que queda de semana. ¿Darán acabado hoxe?

= =

Gramática: Grupos consonánticos GL/GR, CL/CR, BL/BR. Como vimos na lección anterior, nas palabras que máis tarde comenzaron a usarse en galego, chamadas cultismos, consérvase o -l-, mentres que nas que son máis antigas na nosa lingua, este -l- se transformou en -r-. Así:

GL-: globo, gloria, inglés.

GR-: regra (e algunhas palabras relacionadas, pola contra regular, regulación, regulamento), igrexa.

CL-: claro (e relacionadas), clase, clero.

CR-: cravo (e relacionadas), escravo.

BL-: blasfemo, público, publicar, feble.

BR-: branco, brando, brasón, nobre, obrigar, e palabras relacionadas.

Son posibles as dúas solucións: dobre/doble, doblez/dobrez, doblemente/dobremente. Só é posible «doblete».

= =

Exercicio: Faga unha lista de palabras relacionadas por derivación con **gloria, regra, igrexa, claro, clase, cravo, público, branco, brando, nobre, obrigar.** Indique os seus significados e constrúa cinco oracións en que aparezan as máis posibles. Exemplo: **obrigar → obriga, obrigación, obrigatorio...** Ese sinal non **obriga** a deterse, non teño a **obriga** de facelo.

= =

Vocabulario:

Biscoito (s.m.): masa de fariña, ovos e azucre cocida no forno.
Costela (s.f.): oso curvado que forma a caixa torácica.
Freba (s.f.): parte magra da carne.
Ducia (s.f.): doce unidades.
Longainzas (s.f.): embutido longo e delgado de carne de porco adobada.
Medicina (s.f.): ciencia que estudia o corpo humano e as súas enfermidades e curacións.
Menciña (s.f.): medicamento.
Pastel (s.m.): masa de fariña e manteiga no que se enrola crema. **Doce.**
Raxo (s.m.): nos animais, carne que hai entre as costelas e o lombo.
Touciño (s.m.): carne de porco con lardo.
Unto (s.m.): materia graxa para untar. / Ungüento. / **Pingo.**
Xarope (s.m.): bebida de azucre cocida en auga e zumes ou sustancias medicinais.

Lección 129

Ruando pola vila



Ampliación: Coa chegada do bo tempo chegan moitas persoas ás praias de Portovello, isto fai que a circulación sexa caótica, sobre todo no centro da vila; por iso María decide ir polas aforas á outra banda da vila, é máis rodeo pero adiántase porque non hai trafego ningún.

= =

Ortografía: Grupos consonánticos iniciados por G— (—GM—, GN—, —GN—). Manténense sempre: «maligno, dogma, gnomo, ignorante, pigmeo, magnolia, pugna, significado, resignar... etc. Por seren semicultismos presentan só —N— «ensino, ensinanza, ensinar... etc.». Deberemos evitar invencións do tipo *siñificado, *iñorar, *siñificar, *mañetófono, etc., por non teren apoio na fala.

Grupos iniciados por nasal:

1. MN—, —MN—, —NM—, —NN—: manténense sempre «alumno, amnistía, himno, innato, mnemónico, ómnibus, inmediato, inmigrante, inmorredoiro... etc.».
2. —NS— anteconsonántico: Mantense nas palabras cultas sen reducir: «consciente, constituír, inspector, instituto, transporte, transtorno, transvase...». Popularmente dise «istrumento, costipado, costante», pero deberemos escribir sempre «instrumento, constipado, constante».

= =

Exercicio: Nos casos en que exista, dea o contrario de **impaciencia, instrumento, digno, insignificante, inmorredoiro, innovación, incluír, humano, inmóbil, inconsciente, inhábil.** Por exemplo, o contrario de **inmediato** é **mediato,** o contrario de **inspirar** é **expirar.**

= =

Vocabulario:

Adiante (v.): gañar tempo ou terreo. / Pasar diante.
Aforas (s.f.): fóra dunha poboación, vila, cidade, etc.
Arredores.
Antollo (s.m.): desexo pasaxeiro e irracional. Capricho.
Arrabaldo (s.m.): zona extrema dunha vila.
Caixa de correos (s.f.): depósito para bota-las cartas para o correo.
Caseto (s.m.): cabana de madeiras con tellado de palla ou pólas ./ Vivenda pobre, especialmente nas aforas das cidades. **Cachoupa.**
Varrendeiro (s.m.): persoa que ten por oficio varrer.
Varrer (v.): limpa-lo chan cunha vasoira.

Lección 130

No supermercado



Ampliación: O coche xa está escollido, agora seguen de compras pola cidade adiante. Unha ou dúas veces por semana Anxo leva a súa nai a merca-los alimentos para varios días, así sae todo máis económico. Agora espéralles unha tarde moi axitada, teñen que mercar un pouquiño de todo.

= =

Ortografía: Grupos consonánticos que empezan por C (—CC—, —CT, —CS—, —CN—, —CD). Polo xeral mantéñense todos agás algunhas excepcións.

1. Os grupos —CC— e —CT— cando van precedidos polas vocais I, U. Esta excepción é só válida para as palabras con moita frecuencia na fala. Pero a dificultade que supón a falta dunha fronteira clara entre as palabras que toleran ou non a simplificación e o feito de que en ningún caso os outros grupos se simplifiquen (GN, GM, CS, CN, CD), xustifican que figure como preferente a opción na que se mantén o grupo sen reducir.
   A.—Hai algunhas palabras con vocalización da primeira consoante en U ou en I: arrauto, doutor, doutoramento, doutrina, pauto, suxeito, suxeitar.
   B.—Perden o C: distrito, disfrutar, respeto (pero «respecto a»).
   C.—Debemos evitar formas coma estas: *aución, *seición, *eleitricidade, *leición..., etc. en vez das correctas acción, sección, electricidade, lección.
2. O grupo KS a grafía X mantense agás cando nunha mesma palabra aparece dúas veces X intervocálico; o que se fai é sustituí-lo primeiro X por S esaxerar, esixir, e noutras palabras como estender, estraño, estranxeiro.

= =

Exercicio: Faga unha lista de palabras relacionadas por derivación con **doutor, eléctrico, esaxerar, suxeitar, esixir, estender, estrañar, escusar** e **escavar.**

= =

Vocabulario:

Acio (s.m.): grupo de bagos ou uvas unidas ó talo da vide.
Ameixa (s.f.): froita doce e zumorosa, de forma e cor variadas. / Marisco con dúas conchas de forma oval.
Améndoa (s.f.): froito seco da amendoeira.
Avelá (s.f.): froito seco da amendoeira.
Avelá (s.f.): froito seco da avelaira ou aveleira.
Morango (s.m.): planta rosácea de froito vermello e moi saboroso. Se son silvestres chamanse **amorodos.**
Bago (s.m.): froito da vide, verde, violeta ou moura, en acios, aproveitada para face-lo viño. **Uva.**
Croa (s.f.): oso da froita. **Caguña. Carabuña. Gouña.**
Oliva (s.f.): froito verde da oliveira. Del obtémo-lo aceite para cociñar.
Pexego (s.m.): froito do pexegueiro, de cor máis ben marela, cun sulco e noz lisa.
Xelado (s.m.): lambetada ou postre en estado de conxelación.
Xema (s.f.): parte central marela dos ovos das aves.
Zume s.m.): líquido das froitas e outros vexetais. **Zumo.**

Lección 131

Comprando o coche



Ampliación: Diante do escaparate, Anxo, Xoaquín e María ollan os coches que hai a vender: Anxo, como traballa nun taller é un bo asesor. Coñece ben a mercadoría e coa súa experiencia a elección será atinada. Por fin atopan un coche que lles gusta ós tres, non é un último modelo pero tampouco é malo, ¡e de prezo está moi ben!...

= =

Ortografía: Grupos consonánticos iniciados por P:

1. Grupos —PC—, —PN—, —PS— e —PT—: Mantéñense (acepción, hipnose, eclipse, reptil).
   Hai unha serie de palabras galegas que perden o primeiro elemento do grupo —PC— ou —PT—; unhas por seren vellas no idioma e outras por seren hoxe de uso frecuente: «ditongo, tritongo, inscrito, escritor, setembro».
   Amais disto, temos en galego varios casos de vocalización da consoante implosiva: «receita, receitar; preceuto, adoitar (cun significado distinto dos cultismos «precepto» e «adoptar»); bautismo, bautista e bautizar.

Grupos iniciados por B.

1. —bc—, bd—, —bl—, —bn—, —bs—, —bt—, —bv— e —bx—: Mantéñense sempre sen alteración, «abdome, oblicuo, obsequio, obter, obvio, obxecto, súbdito, subtítulo..., etc.». «Sutil» e os seus derivados perderon o B desde as orixes do noso idioma. Debemos evitar deformacións do tipo *ausorber, *ausoluto, *ouxetivo, *ouservar...
2. —BS— + consoante: Hai unha solución culta —conservación— abstemio, obsceno, substancia, subscrición, etc.; e hai outra solución popular que consiste en elimina-la primeira consoante do grupo nas palabras con moito uso: suscrición, sustantivo, sustituto, etc. Ambas solucións son válidas.

= =

Exercicio: Faga unha lista de palabras relacionadas por derivación **escribir, obxecto, obter, sustituír.** Por exemplo: escribir, escritor, subscribir, subscrición...

= =

Vocabulario:

Atinada (adx.): que ten tino. **Acertada, Asisada, Xuiciosa.**

Buguina (s.f.): aparato de sinais acústicas dos automóbiles.

Corte (s.f.): lugar cuberto e pechado para garda-las vacas ou cabalos, etc.

Feixó (s.m.): faba, pranta leguminosa, cuns pequenos froitos comestibles.

Mercadoría (s.f.): calquera cousa coa que se comercia. **Artigo. Mercancía.**

Recuar (v.): retroceder, dar marcha atrás.

Tolear (v.): volverse tolo, perde-lo xuício. **Dar en tolo. Entolear. Louquear.**

Lección 132

O derradeiro día de clase



Ampliación: Hoxe é o derradeiro día de clase, por iso o mestre quere que os alumnos se divirtan ceibando a súa fantasía. O Eloi ofrécese a contar un conto que ó final resulta ser unha mestura abraiante de contos variados; con razón o mestre dixo que aquilo era «unha caldeirada de contos».

= =

Ortografía: Grupo consonántico —SC— (medial) e SC— (inicial):

1. —SC—: consérvase nas palabras cultas: «ascensor, descender (xunto a decer), piscina, suscitar, disciplina, escisión».
   Nas patrimoniais —SC— pasóu a —C— (por exemplo, nos verbos en —ECER): «acontecer, crecer, agradecer, amolecer, amarelecer, decer (xunto a descender), envellecer, falecer, nacer...».
2. SC—: SC+e, i = Ce, Ci; nas palabras que entraron no galego máis cedo: «ciencia, cisma, cismar, cismón, científico...». Nas de recente entrada o grupo mantense apoiado nun E protético: «escena, escindir, escirrose, escintilar, escisura...». O grupo inicial SC—, igual que calquera grupo iniciado por S+ consoante, toma un E protético; tamén cando ó grupo sigan A, O, U ou consoante: «escola, escribir, escultura, etc...».

O sufixo —BLE

A solución moderna para as palabras que teñen o sufixo latino —BILIS e —BLE; «amable, estable, terrible, xeneralizable...». Consecuentemente, débese escribir «establecer, establecemento..., etc.». Tamén se pode emprega-la forma —BEL (plural —BEIS), pola sua tradición literaria: amábel, amábeis...

= =

Exercicio: Busque os sete pares de sinónimos (palabras de igual ou semellante significado) que hai na seguinte lista: descender, medrar, suceder, amolecer, faiscar, envellecer, decer, escintilar, abrandar, acontecer, cismar, crecer, avellentar, teimar. Escriba algún sinónimo máis se o coñece.

= =

Vocabulario:

Alancada (s.f.): paso máis grande cós normais.
Atallo (s.m.): camiño para chegar antes a un destino.
Caldeirada (s.f.): o que cabe dentro dun caldeiro. / Úsase especialmente na costa para referirse a unha especie de guiso de peixe, que se pode facer con un só peixe (pescada, rabada, badeixo, sardiñas...), ou misturando varios.
Chimpar (v): botar, lanzar. **Guindar. Arrebolar.**
Chosco (sust. e adx.): falto dun ollo ou da vista nun ollo.
Escorrentar (v.): meter medo facendo fuxir.
Fada (s.f.): muller que nos contos fai cousas maravillosas.
Gavear (v.): subir a un lugar alto ou pouco accesible axudándose de pés e mans. **Rubir, agatuñar.**
Gallada (adx.): dividida, ramificada.
Maxín (s.m.): imaxinación, inventiva.
Miañar (v.): sonido que emiten os gatos. **Maiar.**
Monstro (sust. e adx.): ser fantástico, extraño e desproporcionado.
Ornear (v.): produci-lo sonido que emiten os burros.
Ser quen a + infinitivo (expr.): ser capaz; atreverse.
Souto (s.m.): monte ou terreo onde hai moitos castiñeiros.

Lección 133

Proxectos para o verán



Ampliación: Xoán xa vai pensando nas vacacións. Irá á aldea do avó, e se este xa acabou coas partillas axudaralle no campo, e irán ós coenllos, e mil cousas máis... Se cadra fai un artigo sobre os animais daniños que hai no campo (denosiñas, teixugos, raposas..., etc.) para o xornal escolar.

= =

Gramática: Imos ver hoxe algunhas familias de palabras irregulares. Repare:

1. Perda de -n- entre vocais: PERDÓN, PERDOAR / RAZÓN, RAZOAR, RAZOAMENTO, RAZOABLE / SONIDO ou SON, SOAR, RESOAR / TON, ENTOAR, ENTOACIÓN.
2. Aparición dun -n- entre vocais: LÚA, LUADA, LUAR, LUNÁTICO / PERSOA, PERSOAL, PERSONAXE, PERSONALIDADE / XERAR, XERACION, XERAL, DEXENERAR, XENERALIZAR, XENERAL (sust.).
3. Aparición dun -l- entre vocais: DOR, DOENTE, DOENZA, DOER, CONDOLENCIA / SO, SOIDADE, SOLITARIO / VONTADE, VOLUNTARIO.
4. Outras palabras que convén ter en conta: ARTIGO, ARTÍCULO, ARTELLO, ARTICULAR, ARTICULACION / LIÑA, ALIÑAR, SULIÑAR, ALINEAR, ALINEACION / AMEAZA, AMEAZAR / ANTENA / CADEA / ESTREAR, ESTREA / ORGANIZACION, ORGANISMO, ORGANIZAR.
5. Comparación dalgunhas palabras galegas co castelán:

gañar, gaño, gañador (pero ganancia e gana)	ganar.
enganar(se)	engañar.
dano, danar, daniño	daño, dañar, daniño.
adiviñar, adiviño, adiviñanza	adivinar, adivino, adivinanza.
rapina	rapiña

6. Fíxese nas formas antollo, baralla, cella, coenllo, guedella, lentella, migalla, mortalla, parella, partilla, que adoito aparecen deformadas en *antoxo, *baraxa, *cexa, *conexo, etc.

Vocabulario

Artellar (v.): compoñer, xuntar, unir.

Artello (s.m.): óso sainte e arredondado das extremidades dos homes. Os dos dedos das mans tamén se chaman **cotovelos** ou **cotelos.** No pé **nocello** ou **nocelo, tornelo** ou **tornecelo.**

Daniño (adx.): que fai mal, **prexudicial.**

Delinear (v.): traza-las liñas dun debuxo ou dun proxecto.

Deliñar (v.): marcar divisións entre terreos. **Denegar.**

Doente (s.m. e adx.) : que non ten saúde. **Raiboso, danado.**

Facer partillas (expr.): reparti-la herdanza entre os herdeiros.

Teixugo (s.m.): mamífero que vive en tobos. **Porco teixo.**

Xeneral (s.m.): mando militar ó cargo dunha división de máxima gradación nos exércitos de terra e aire.

Lección 134

Ó remata-lo curso



Ampliación: Hoxe, finalizado o curso, organizaron no colexio de Xoán xogos de tódalas clases para celebra-la despedida. Os de oitavo como era o derradeiro curso tiraron unha foto todos xuntos que ben poderá pasar á posteridade polos acenos e a gracia con que saíron. Algúns están contentos e outros non tanto xa que terán que volver ós exames de setembro. Moitos pais estiveron presentes nas competicións deportivas. As máis divertidas foron as carreiras de sacos e a de chinquilimpé. Houbo tamén unha exposición e mostra dos traballos manuais que se foron facendo polo curso adiante. No parque os máis pequenos seguiron a xogar nas randeas, no tobogán e coas argolas, e os máis enredosos á pita-cega, ás escondidas e ás pandas... Agora, —¡Vacacións!

Ortografía: As terminacións -EO e -EU: responden a unha diferencia fonética real. Rematan en -EO as palabras populares procedentes do latín e as formadas co sufixo -eo a partir de verbos en -ear: ceo, veo, cheo, freo, bloqueo, etc. Isto facilita a acomodación dos cultismos, esdrúxulos ou graves: áureo, coetáneo, aéreo, marmóreo, terráqueo, núcleo, óseo, espontáneo, europeo, ateo, liceo, mausoleo, xubileo, hebreo, plebeo, trofeo, reo, chapeo, etc.
Rematan en -EU, á parte da terceira persoa dos pretéritos (comeu, bebeu, deu), as seguintes palabras populares: eu, meu, teu, seu, deus, xudeu (fem. «xudía»).

Exercicios: Corrixa os erros que haxa nas seguintes frases:
O conexo non é un animal dañino. Vén ganando ó mes corenta mil pesetas. Ó faceren as partixas correspondeume unha parexa de bois. Vou facer un artículo para o xornal sobre o estreno da obra «O adivino de rapiña» e os seus persoaxes. Perdone, señor, pero a actitude do personal é moi razonable, ademais, a súa orgaización sindical non amenaza aínda con folga ningunha. O xeneral ten un antoxo: quere orgaizar unha viaxe á luna.

Vocabulario:

Acenos (sust.): movemento da cara e/ou dos brazos e mans que denotan un certo estado de ánimo.
Argola (sust.): aro de metal.
Beliscar (v.): apretar entre os dedos un anaco de pel ou carne. **Peliscar.**
Bocexar (v.): abri-la boca involuntariamente e con respiración lenta, por fame ou sono.
Randea (sust.): tabla longa onde se sentan os nenos que está pendurado por dúas cordas nos extremos e que serve para abanearse. **Bambán. Randeeira. Arrandea.**
Andar ó chinquilimpé = xogar sobre unha soa perna non pousando a outra no chan. **A pata coxa.**
Poñerse ó cabaliño = xogar poñéndose un de cabalo e levando ó compañeiro no lombo. **A carranchapernas.**
Xogar ás escondidas = consiste en apandar un mentres os outros se agachan. O que apanda ten que os descubrir. **Ás agachadas. Escondedela.**
Xogar á pita cega = o que apanda leva os ollos tapados e ten que colle-los outros...
Xeonllo = parte por onde dobra a perna por diante.

Lección 135

Xoán vai para Soutelo



Ampliación: Despois de remata-lo curso, Xoanciño vai tódolos veráns pasar uns días á casa de seus avós. Por alí tamén anda un bo amigo, o Estevo, que ten en Soutelo tíos, curmáns e avós. Para chegar alá hai que ir nun autobús vello e lento onde tódolos pasaxeiros se coñecen polo nome. Na parada súa madriña e o Estevo, que rabeaba por ir de ruada pola aldea co seu compañeiro, estábano esperando.

= =

Ortografía: O feminino das palabras rematadas en -EO tónico ou átono é -EA (feo-fea; ateo-atea; europeo-europea). Esta terminación é tamén a doutras moitas palabras, tanto nas patrimoniais (aldea, balea, candea, cea, tea, lamprea) coma nas adaptadas doutros idiomas (cheminea, marea, polea). Polo que se refire á terminación -OA é esta a solución tradicional e maioritaria, así temos «avoa, filloa, moa, soa, boa... etc.).

= =

Exercicio: Repase a lección anterior e traduza as seguintes frases: Fíxese nas palabras relacionadas coa ortografía que damos nesta lección.

1. Las líneas aéreas no firmarán tales contratos.
2. Era de origen hebreo pero en las cárceles todos sufrimos las mismas torturas. Ella no se sintió más sola que los demás.
3. Lo mío no tiene comparación, lo tuyo no es más que cuento.
4. Fuera hebrea o judía fue buena y generosa con nosotros.
5. Tacharon su arte de plebeyo y prosaico, luego de una simple imitación de aquel pero yo no creo que sea de ese tipo.
6. Ideas expresadas de esa forma las he oído en muchos sitios.
7. Con las mareas llegó a la playa la ballena que ves en la fotografía.
8. Le dolía una muela, por eso su abuela la mandó al dentista.
9. La sangre de las venas estaba dibujada con una línea azul.

= =

Vocabulario:

Cadela (s.f.): femia do can.
Candea (s.f.): cilindro de cera, que se acende para alumar. **Vela.**
Margarida (s.f.): planta con flores de centro marelo e pétalos brancos.
Ollar (v.): mirar algo atentamente.
Rabuñadura (s.f.): ferida feita coas uñas ou cun obxecto de punta. **Rabuñazo.**
Semente (s.f.): parte do froito que contén o xérmolo dunha nova planta.
Trabar (v.): crava-ios dentes. **Morder.**
Tea (s.f.): obra feita de fios entrecruzados. **Tecido.**
Vea (s.f.): conductos que levan o sangue ó corazón.
Vela (s.f.): vexa candea.

Lección 136

Os animais da casa



Ampliación: A casa dos avós é unha casa antiga. Diante dela hai un amplo curral. Á mán dereita están as cortes das vacas e os cortellos dos porcos, mentres que á esquerda hai unha cabana cos aparellos de labranza, e dous palleiros, un de herbaseca e outro máis pequeniño de palla. Por detrás da cabana álzase un esguío alcipreste que pode ser visto case desde a mesma estrada. Alí está a aira onde no mes da sega se malla o trigo, a avea e o centeo.

= =

Ortografía: As terminacións -IÑO / -IÑA e -INO / -INA: Nas palabras patrimoniais a forma -IÑO / IÑA é a típica do galego. Así: menciña, mesquiño, pergamiño, veciño, andoriña, campesiño... etc. Nos préstamos a terminación -INO / -INA mantense inalterada: asasino, aspirina, bailarina, cantina, cartolina, doutrina, cortina, feminino, gasolina, penicilina, resina, retina, piscina, ultramarino, xelatina..., etc.

= =

Exercicios: Traduza ó galego as seguintes frases:

1. El camino de Santiago, conocido en toda Europa, trajo aquí miles de peregrinos.
2. Es mezquino por su parte el quedarse con todas las ganancias y más aún tratándose de vecinos de toda la vida.
3. Hizo sonar la bocina para que le echaran gasolina.
4. El pergamino Vindel contiene las siete cantigas de Martín Codax.

= =

Vocabulario:

Aira (s.f.): espacio de terra limpa e cha normalmente cerca da casa onde se malla.
Avea (s.f.): planta gramínea e o seu gran.
Alcipreste (s.m.): árbore da familia do pino que está verde todo o ano.
Bacoriño (s.m.): cría de porco mentres é pequeno. **Leitón. Rancho.**
Camada (s.f.): fillos de animal paridos a un tempo. **Niñada.**
Centeo (s.m.): planta gramínea parecida ó trigo que se dá en terreos pobres.
Cerdeira (s.f.): árbore que dá cereixas. **Cereixeira.**
Cocho (s.m.): mamífero doméstico do que se obtén xamón, touciño, chourizos, etc. **Porco.**
Cortello (s.m.): lugar pechado pequeno onde se gardan os porcos. **Porqueira.** Tamén se chama «cortello» ó lugar onde se gardan os cuxos, cabras e ovellas.
Curral (s.m.): sitio que hai xunto á casa de labranza, cercado e descuberto, que ten distintos usos.
Esguío (adx.): alto e delgado. **Airoso.** Ben trazado ou contorneado.
Estrar (v.): botarlle estrume ó gando para que lle serva de cama.
Gando (s.m.): conxunto de animais domésticos. **Gado.**
Herbaseca (s.f.): herba curada ó sol que é armacenada para o inverno.
Molime (s.m.): vexetación de monte como toxos, fieitos, etc., que se roza e logo serve de cama para os animais. **Estrume. Batume.** Cando está composto de vexetación mariña chámase **argueito.**
Palleiro (s.m.): morea de palla de forma cónica. Mentres o millo está sen mallar recibe o nome de «meda».
Parrulo (s.m.): ave palmípeda que vive na auga. **Pato.**

Lección 137

A liberdade do campo



Ampliación: Cando Xoán voltou da súa curta visita á lagoa o avó xa chegara e estaba descargando o rastrado de estrume. Collía os toxos e fieitos coa colmeira e íaos amontoando nun lado da currada. O señor Fiz alegrouse moito cando viu chegar ó seu neto, saltou do pico do rastro ó chan e deulle unha forte aperta.

—¿E que foi logo iso do can, meu Xoanciño?

—Xogando cos cadeliños de Pepiño. A cadela tivo ciúmes e mordeume.

Ortografía: Temos no galego moderno unha serie de palabras que perderon a nasalidade final que tiñan na Idade Media. Así: «home, virxe, imaxe, orde, xove, etc...», e que coinciden con outras coa terminación en -ME; «crime, exame, lume, costume» e cos empréstimos en -AXE «viaxe, homenaxe, liñaxe, etc.». Tódolos cultismos adáptanse seguindo esta regra: «réxime, lique, seme, ditame..., etc.». A palabra **dolmen,** plural **dolmens,** e un caso á parte.

Exercicio: Pase a galego as frases que lle ofrecemos:

1. En esas imágenes se veía la torre del homenaje, que dominaba todo el castillo.
2. El dictamen médico fue adverso y los dolores de abdomen no cesaron hasta las últimas horas de la tarde: No creo que ese régimen le vaya bien.
3. Esteban nunca logrará aprobar ese examen y nunca le concederán el papel de paje.

Vocabulario:

Bolboreta (s.f.): insecto voador con ás de cores rechamantes.

Carreiro (s.m.): camiño estreito.

Ciúme (s.m.): resentimento por alguén. / Interés por algo.

Colmeira (s.f.): instrumento de labranza, manual e con tres dentes de ferro co que se suxeita o toxo, o esterco, etc. Se ten dous dentes e é de madeira chámase **galleta** ou **gallado.**

Enxamio (s.m.): grupo de abellas, vésporas cunha raíña. Enxame. O recipiente onde se aloxan chámase **trobo** ou **colmea.** Un grupo de colmeas protexidas por un muro de pedra é unha **albariza.**

Fieito (s.m.): planta de follas alongadas, baixa, e moi común nos nosos montes. **Folgueira. Fento.**

Galleta (s.f.): pasta de fariña, leite e azucre moldeada e cocida no forno. / Colmeira.

Muxir (v.): tirarlle ou sacarlle o leite ás cabras, ás vacas, ás ovellas. **Munguir.**

Ra (s.f.): anfibio de patas traseiras longas que vive nas pozas e á beira das lagoas e ríos. As crías de ra chámanse **cágados, cabezolos** ou **culleretes.**

Rastro (s.m.): caixón de carro para levar arrastrando cousas pesadas. / Instrumento de labranza con dentes. **Angazo.**

Torrado (adx.): queimado de máis.

Toxo (s.m.): planta de follas espiñosas e flores marelas.

Véspora (s.f.): insecto semellante á abella que ten un aguillón ou ferrete que ó picar produce inflamación. **Vespa. Avéspora.**

Lección 138

A cociña vella



= =

Ampliación: A Anxo gústalle moitísimo a cociña vella dos avós, é engaiolante. O avó non é que non lle guste, o que pasa é que é pouco práctica, para el é máis práctica unha cociña de butano. Así e todo, que ben lles saben a todos as comidas feitas na cociña vella.

= =

Ortografía: Tanto en palabras cultas coma populares que veñan da terminación latina -TE, temos en galego -DE. Non escribiremos pois «verdá, virtú, salú, capacidá», senón «verdade, virtude, saúde, capacidade», e por suposto: «rede, parede, sede», que aínda se conservan na fala viva.

Do sufixo latino -TATE temos dous resultados: -TADE (maxestade, tempestade, vontade, facultade, dificultade) e -DADE (verdade, bondade, herdade, lealdade, crueldade, liberdade, singularidade, probabilidade). Debemos ter en conta o I das palabras cultas como: «enfermidade, novidade, soidade, cidade, idade...», e que os sustantivos relacionados con adxectivos en -IO teñen -IE: propio - propiedade, serio - seriedade, solidario - solidariedade, notorio - notoriedade.

= =

Exercicios: Poña en galego normativo as seguintes frases corrixindo asemade os castelanismos que vostede atope:

1. **A Libertá** de expresión é un dereito aínda non alcanzado **en este** país.
2. Os **obreros** de Chile pediron **solidaridá** a toda Sudamérica.
3. Non ten **vontá** ningunha e así non chegará a aproba-lo **examen.**
4. Tiña moita **sez** e foi beber unha **cerveza** nada máis saír da **faculdade.**
5. Xa sei que **Soledad** se erguía ó mencer **pra** estudiar, pero iso non é ningunha **novedade.**
6. Na **Edade Meia, enfermedades como** a lepra e a peste **barreron** toda Europa.

= =

Vocabulario:

Bola (s.f.): especie de empada. / Bolo de pan plano.
Fornada (s.f.): o que se coce dunha vez no forno.
Fumegar (v.): botar moito fume.
Garabullo (s.m.): pau pequeno e delgado.
Gramalleira (s.f.): cadea de ferro que pende sobre a lareira e que ten un gancho ou dentes para colga-las potas.
Lapa (s.f.): luz que fai o lume ó arder. **Chama.**
Lareira (s.f.): pedra da cociña de antes na que se acendía o lume.
Lisco (s.m.): anaquiño dun alimento, normalmente cochiño de xamón ou touciño.
Lume (s.m.): calor e luz que producen as cousas en combustión.
Muxica (s.f.): lixiño que sae voando do lume e van ardendo. **Muchicas. Moxenas. Carumas.**

Lección: 139

As cousas do campo



Ampliación: Xoán non ten acougo. Despois de xantar colleu unhas tesoiras e púxose a poda-los mirtos de arredor da casa e as edras que non deixaban medra-los castiñeiros. Seu avó quería levalo para que lle axudase sequera afalándolle ó macho nunhas leiras que tiña por labrar e gradar pero el xa tiña acordado outras cousas.

Ortografía: É preferible o sufixo moderno -ERÍA, resultado imposto en case tódolos idiomas románicos (francés, italiano, catalán, castelán...), salvo no portugués, no que a pesar de entraren en conflicto o tradicional -ARIA con -ERIA houbo unha reacción dos gramáticos a favor da primeira por diferencialismo. Así, diremos: barbería, bruxería, cabalería, carnicería, cervexería, ferrería, gandería, librería, meiguería, moblería, reloxería, serrería, zapatería, etc. Excepcións son «secretaría, notaría, testamentaría», que se forman sobre os correspondentes sustantivos: secretario - secretaría, notario - notaría... Trataremos de evitar formas como: libreiría, leiteiría, reloxeiría, etc.

Exercicio: Corrixa o que crea incorrecto nestas frases: Non atopo ese libro nas libreirías. A avería dese reló non che vai ter amaño nesa reloxeiría. En xeneral sona ben, pero hai que lle dar máis énfase á entonación. A túa xeneración está dolente e despersoalizada. Os países non aliñados seguen en soitario a súa loita perante a amenaza de guerra nuclear. Os voluntarios, que dean un paso adiante, ata esa línea.

Vocabulario:

Agra (s.f.): extensión de terreo de labrantío que pertence a varias persoas.

Acougo (s.m.): repouso, tranquilidade, sosego.

Afalar (v.): incitar ás vacas para que anden ou tiren do arado.

Bradar (v.): berra-las vacas. Os bois brúan ou bufan. Os burros ornean. As ovellas bean. Os porcos roñan ou roncan. Os cabalos rinchan. Os gatos maian, fungan ou rosman. Os cans ladran ou ouvean. Os lobos aúlan ou oulean. Os paxaros chían. Os corvos grallan. As pombas rulan ou zuran. As ras croan.

Cachelos (s.m.): patacas cocidas con ou sen a pela e partidas ou non en cachos segundo as zonas.

Cenoria (s.f.): planta que ten unha raíz de cor laranxa comestible.

Froita (s.f.): froito comestible.

Gradar (v.): achaa-las terras para un novo cultivo desfacendo os terróns.

Labrar (v.): traballa-la terra facendo regos co arado. **Arar.**

Leira (s.f.): terra de labrantío.

Manxadoira (sust.): lugar onde comen as vacas ou outros animais domésticos.

Macho (s.m.): animal de sexo masculino. / Mulo.

Pemento (s.m.): planta e froito comestible de cor verde ou vermello ás veces picante.

Peso (s.m.): cinco pesetas. / Forza con que a terra atrae ós corpos.

Prantar (v.): colocar unha pranta ou semente na terra para que medre.

Suor (s.f.): auga que sae a través da pel cando temos calor. / Aquí é equivalente de traballo, fatiga.

Tesoira (s.f.): utensilio que serve para cortar teas, papel ou outras cousas.

Xamón (s.m.): patas traseiras do porco.

Lección 140

Co ferreiro



Ampliación: Pasan os días de vacacións na casa do avó, e Xoán e Estevo andan agora cun curmán de Estevo, o Dimas, que vén sendo do seu tempo. Como o Xoanciño quería mercar unha navalla, Dimas levounos cabo dun ferreiro que vivía en Grañas, a aldea veciña. Cando chegaron á forxa o ferreiro estaba espalmando peta que peta nun fouciño. Deixou o martelo sobre a ingre e púxose a falar con Dimas que tempo había que non o ía visitar.

= =

Gramática: QUA-, CA-, CO-: usaremos QUA nas palabras cultas (cuadrangular, cuadrilla, cuadrícula, cuadrúpedo, cualidade, cuarteto, cuaternario, etc.) e CA nas patrimoniais (calquera, canto, cadro, caderno, cartos, case, catro, callar, calidade, etc.); casos especiais son: contía, corenta, corentena, coresma, e corta-feira. Non escribiremos, pois, «coase, coarto, coaxar», aínda que COA- aparece en cultismos do tipo «coagular, coágulo». Polo que se refire a GUA-, GA-, GO-, temos GUA en «guarecer, guante, guarnir; GA- en «gadaña, galdrapo, garda, gardar, garantía, garantizar»; e GO- en «gorir, gorecer, gorentar».

= =

Exercicio: Encha os buracos cunha destas palabras elixindo as que conveñan: «Gorentar, case, cadril, gadañar, corenta, se cadra, caderno, callado».

1. Doianche os .... e aínda así non deixaches de .... o prado ata acabárelo.
2. Eu .... vou, pero ela .... fixo que non vai.
3. Chegou ó número .... e deixou de contar.
4. Escribíu no seu .... o leite .... non me ....

= =

Vocabulario:

Abalar (v.): mover repetidamente unha cousa. **Abanear.**

Aceiro (s.m.): ferro mesturado con carbono duro e elástico.

Caldear (v.): mestura-lo ferro e o aceiro.

Espalmar (v.): extender unha peza de ferro esmagándoa a golpes co mazo ou co molde.

Fol (sust.): instrumento para obter aire nas forxas ou fogóns. / Bolsa da gaita.

Forxa (s.f.): lugar de traballo dos ferreiros.

Fouciño (s.m.): ferramenta que serve para segar, ten unha folla curvada moi afiada e un mango curto de madeira.

Ingre (s.f.): peza prismática de aceiro sobre o que se peta ó face-los fouciños. **Zafra.**

¡Madia leva! (expr.): expresión que indica que non é extraño o que o outro afirma, asentindo sempre algo. Ese cabalo vai gaña-la carreira. ¡Madia (que) leva! coas alancadas que dá! (é evidente, corre moito!). Equivale a «xa o creo», «home claro!», etc.

Malle (s.m.): martelo grande. / Ferramenta agrícola coa que se debulla o trigo na aira ó batelo.

Mazo (s.m.): martelo groso e pesado de ferro para esmaga-lo ferrol.

Petar (v.): bater, dar golpes. / Desexar.

Lección 141

Falando cos pais



Ampliación: Á noitiña, a nai de Xoán —que xa tiña saudade do seu neno— chamouno por teléfono. Xoán contoulle tódalas aventuras que correra na compaña dos seus amigos, e ¡como non! tamén do que lle axudaba ós avós. Onte estiveron arranxando no poleiro; pouca cousa, soamente tiveron que poñer dúas ou tres táboas e cravar catro puntas. Total, que o noso amigo está feito todo un labrego e ¡vaia!, que se lle deixasen quedaba ata ás mallas.

= =

Gramática: O timbre das vocais átonas (non acentuadas) pode variar na fala, polo que algunhas palabras teñen ás veces dúas ou máis solucións. Na lingua escrita é conveniente empregar só unha delas. Así, escribiremos LEVAR e non lovar, FERMENTO e non formento, ENTRE e non antre, ENTROIDO e non antroido, GAITEIRO e non gueiteiro, GAIVOTA e non gueivota, NUMERO e non númaro, RABAÑO e non rebaño, DESPOIS e non dispois, ENTEIRO e non inteiro, DEREITO e non direito, MELLOR e non millor, PEDIR e non pidir, PEOR e non pior, MUSICA e non múseca, CORAZON e non curazón, ÁRBORE e non arbre, VERAN e non vran, ESPÍRITO e non esprito, ADMIRAR e non ademirar, INTERES e non intrés, TRABALLAR e non traballare, RADIO e non arradio, MANUEL e non Manoel, VOZ e non voce, etc., etc.

= =

Exercicio: Pase a galego normativo o seguinte texto: Ofelia, pombiña, **areia** que eu, abrindo agora mesmo as mans, deixo **caír** nun río que **pasese,** meu río de mouros e **segredos** pensamentos. Aloumiñareite hoxe coma **ontes,** Ofelia. Bicareite na boca cando a teñas aberta **pra decirme** que non. Pro ¿que **dice** ese papel de amor?. «As **gueivotas** fuxiron da praia por vergoña de non saber **mollar os pes** nas ondas como ti», ¡lindo!

= =

Vocabulario:

Axotar (v.): escorrentar. Espantar.

Ciscar (v.): botar sen orde as cousas, extendéndoas. **Espallar. Esparexer.**

Compaña (s.f.): persoa ou persoas que van ou están con alguén. **Compañía.**

Cravar (v.): introducir algo agudo nun corpo a golpes. **Espichar. Espetar. Chantar.**

Extranxeiro (s.m. e adx.): que é doutro país ou de fóra.

Labrego (s.m. e adx.): persoa que cultiva a terra. **Labrador. Campesiño.**

Machado (s.m.): ferramenta que ten unha parte de ferro afiada e cortante, e un mango que se utiliza sobre todo para fender leña. **Brosa.**

Poleiro (s.m.): lugar (case sempre un pau atravesado) onde se recollen as galiñas. / Nun cine ou teatro é a parte máis alta da sala.

Remexer (v.): revolver, darlle voltas a algo. / **Remexerse** (v.): desenvolverse un ben na vida, ou nun campo concreto.

Rozar (v.): corta-los toxos, as silveiras, a mato, etc., dun monte.

Saudade (s.f.): recordo. Nostalxia. Morriña.

Táboa (s.f.): peza de madeira plana ou de pouco espesor.

Trabucarse (v.): entender e actuar erroneamente, **equivocarse, enganarse, confundirse.**

Lección 142

Contos de vellos



Gramática: Todos coñecemos escritores que para destaca-la personalidade do galego frente ó castelán (e mesmo ás veces frente ó portugués) recorren a diferencialismos que en nada favorecen a nosa lingua. Na lección anterior viamos xa algúns deles referidos ó timbre das vocais. Amais destes vulgarismos, temos outros; entre eles: 1) Asimilación de consoantes: soleNe por soleMNe, coluNa por coluMNa... ou disimilación: apLetar por apRetar, ceLebro por ceRebro... 2) Cambio de posición dun sonido (metátese): pERguntar por pReguntar, meLRo por meRLo, veRNes por veNRes, pERto, por pREto... 3) Eliminación da sílaba final en palabras como «bondÁ, calamidÁ, salÚ» por «bondADE, calamidADE, saÚDE. Hai tamén vulgarismos únicamente gráficos só empregados na escrita que tamén debemos rexeitar: 1) A grafía OA no canto de UA: lingOA por lingUA, cOArto por cUArto; 2) A grafía EA EO en troques de IA, IO: historEA por historIA, camEÓn por camIÓn, misterEO por misterIO... 3) E, O, nos cultismos esdrúxulos por I, U: xermánEco por xermánIco, músEca por músIca, mOller por mUller...

= =

Exercicio: Corrixa os vulgarismos e os demais erros do texto de Amado Carballo que van suliñados. Suliñe tamén as formas correctas que aparecen na gramática.

Ó outro día, a **moller** apareceú morta. E foi que o seu home, que morrera coma un can (fora a **ialma**), andaba penando os pecados da carne nas longas **fileiras** da Compaña, e veu por ela **pra** tirala deste mundo.

Confeso que cando o bo labrego nos contaba esta cousa tan inxénua e sinxela, **sintín** a **escalofriadora impresón** de **páneco,** coma se algo desprendido do mundo astral abrise de repente o meu **esprito** ás rexións **desconecidas** de mortes e pantasmas.

—Era **inda** eu moi mozo —dicía— cando nese **moíño** que vedes **arroinado,** vivía unha certa rapaza que en **verdá,** non tiña moi boa sona. Cando foi o ano da peste, **marmuraban** que deixóu morrer **ó** seu home **sen precurarlle** coidado **algún.** Fose polo que fose, o caso é que **ninguién** lle miraba á cara **i** os rapaces chamábanlle a bruxa e tiñan medo ó atoparse con ela **nalgunha** corredoira.

= =

Vocabulario:

Finar (v.): deixar de vivir. **Morrer. Falecer.**
Enmeigar (v.): perde-la razón ou á normalidade por algo supersticioso. Enfeitizar.
Esfollar (v): quitarlle a folla ó millo. **Escasular.**
Estar a mal (expr.): levarse mal cunha persoa.
Feitizo: conxunto de artes supersticiosas que deixan a un cativo de algo sobrenatural.
Mal de ollo (expr.): crenza segundo a cal a mirada de certas persoas produce mal nos animais, nas propias persoas ou no que estas teñen.

Trasno (s.m.): espíritu nocturno que toma figura de calquera animal ou mesmo de racha de vento, que o revolve todo e non produce danos graves.

Ringleira (s.f.): formación de persoas ou cousas en liña.

Lección 143

O San Cristovo



Ampliación: A primeira festa á que foi Xoanciño desque chegou a Soutelo foi ó San Cristovo. Á unha do mediodía, despois da misa, e das poxas principiou a bendición dos coches entre os estoupidos dos foguetes. Por último desfilaron as carrozas ben adornadas para as que había premios e que gañou un parente dun dos rameiros. Para remata-lo día non puido faltar por suposto un gran baile amenizado pola orquestra «Os Tarecos» e os gaiteiros locais.

= =

Gramática: O dialectalismo consiste en usar nos textos escritos riscos característicos da fala dunha bisbarra ou dunha zona concreta. Este tipo de diferencialismo sería de rexeitar no que á fonética se refire (por exemplo, representa-lo seseo e a gheada), e tamén na morfoloxía, pero non ó léxico, no que mesmo é de desexar, e isto, claro está, sempre referido á escrita e á fala culta, pois na lingua coloquial e familiar todo dialectalismo é aceptable. Nas Normas poderá ve-los criterios polos que se deu preferencia ás terminacións ÁN/Á (irmán, irmá) frente a AO/Á (irmao, irmá), ou por exemplo tamén ó plural ÓNS frente a ÓS ou OIS, ós pronomes suxeitos TI e EL frente a TU e IL, á contracción LLELO frente a LLO, ás formas COLLICHE(S) frente a COLLECHE(S), COLLEU frente a COLLIU, CANTABAMOS frente a CANTÁBAMOS, DEI frente a DIN, VIU frente a VEU (do verbo **ver**), etc., etc.
Respecto do que diciamos do dialectalismo léxico, cremos que este constitúe un dos tesouros da lingua que debemos conservar. Así: porco / cocho / marrau / curricho, ou xato / pucho / cuxo / becerro / tenreiro / xovenco, ou donicela / doniña / denosiña...

= =

Exercicios: Corrixa de dialectalismos morfolóxicos as seguintes frases:
1. Meu **irmao** e **tu sois muito** mellor persoas ca **il.**
2. Vós **fregáchede**-la louza mentres nós **cantábamos** aquelas **cancións.**
3. Os **ladrois** meteron os **xamois** nos **camiois** e fuxiron a fume de carozo.
4. Non **llo** diron as miñas **irmáns**, déronmo a mín.
5. Xa llo **din** a eles. Agora **quedais** tranquilos.

= =

Vocabulario:

Benqueridos (adx.): fórmula afectiva de tratamento, coma «queridos» ou «estimados».

Convidar (v.): invitar a alguén a algo. Convidarse: invitarse recíprocamente.

Estoupido (s.m.): acción e efecto de estoupar, romper algo violentamente e con ruido. **Estalido. Estourido.**

Foguete (s.m.): carga explosiva suxeita a unha vara que se eleva no aire ó prenderlle lume.

Fregués (s.m.): persoa que pertence a unha parroquia eclesiástica.

Orquestra (s.f.): conxunto de músicos que tocan unidos.

Poxa (s.f.): acción de puxar, venda pública ó mellor pagador.

Rameiro (s.m.): integrante da comisión de festas.

Ramista.

Sacristán (s.m.): persoa que coida da igrexa e que axuda ó crego nos actos relixiosos.

Lección 144

O ceo no verán



Ampliación: Nesta noite de verán en que o ceo está claro, o avó de Xoanciño explícalle ó seu neto os segredos das estrelas e dos astros. «Mañá, se Deus quere, virá bo tempo, ¿non viche-los roibéns ó leste?

═══════════════════════════════════════

Gramática: A pesar de existiren zonas dialectais reducidas con resultados algo distintos segundo a orixe en -OI, -OU-, -UI-, -U- escribiremos -OI- en tódolos casos en que apareza esta secuencia. Así temos: oito, coidar, loito, troita, coiro, moito, noite, froita, vasoira... e non cuidar, muito, truta, fruta, vasoura, luita, cuitelo... formas dialectais.
Non hai confusión en galego entre os ditongos OU e OI: cousa, pouco, touro, dous frente a oito, noite, loita...
Polo que se refire ó ditongo IE e UE trataremos de evitar hipergaleguismos ou ultracorreccións e vulgarismos do tipo: *cencia, *ambente, *experencia, *pacencia, *encosta, *freconte..., mantendo a secuencia en tódolos cultismos: ciencia, ambiente, experiencia, paciencia, encuesta, (ou enquisa), frecuente, obediente, suficiente, conciencia, afluencia, congruencia, delincuencia, secuestro... pero aparencia.

═══════════════════════════════════════

Exercicios: 1) As frases seguintes levan formas incorrectas que debe sustituír:

a) A brigada secreta de **estupefacentes** está **luitando** con poucos recursos contra a droga.
b) Hai **muita coisa** por facer e iso xa nolo di a **experencia.**
c) O medio **ambente** é patrimonio de todos por iso o debemos **cuidar.**
d) Segundo as últimas **encostas** a **fruta** que produce ese país non é **suficente.**
e) ¿**Levás** aquel paquete que Monolo **subeu**?
f) O **doctor** dixo que tiña **hepatitis**. Ten que **guardar** cama por prescrición médica **perante** oito **semás**.
g) Esa **pasteleiría** ten **a** costume de poñerlle moito **hovo** e pouco azucre nos seus pasteis.
h) Foi **a** mercar unha **estantaría** á **mueblería** da **calle** do P. **Perfeto**.

═══════════════════════════════════════

Vocabulario:

Búsola (s.f.): instrumento de orientación, baseado na propiedade da agulla magnética de colocarse en dirección ó pólo Norte.
Ceo (s.m.): especio que cingue a terra. Atmósfera. Lugar de gloria eterna para a relixión.
Deus (s.m.): ser supremo creador do universo. Calquera divinade pagá.
Estrela (s.f.): corpo celeste dotado de luz propia. Artista, persoa célebre.
Pecha (adx.): pechada.
Roibén (s.m.): nubes de cor vermella observables ó solpor.
Secreto (adx.): oculto, calado, do que non é coñecido por moita xente. O sust. é **segredo.**
Queixarse (v.): expresa-la mágoa ou a dor que se sente. **Laiarse.** / Protestar.

Lección 145

Despois de empapela-lo cuarto



Ampliación: Mentres Xoanciño vén da festa cos seus avós, en Portovello María e Xoaquín aínda non chegaron de traballar do bar. Coa conta dos turistas non pechan ata bastante tarde. Anxo acabou de empapela-lo seu cuarto, non sen que lle quedasen algunhas enrugas, e agora estallo a ensinar a súa irmá. Velaí a súa obra.

= =

Gramática: Os ditongos: O ditongo é o encontro de dúas vocais que forman sílaba, unha forte (**a, e, o,** sen distinción de timbre aberto / pechado) e outra débil (**i, u**). O característico do galego é a preferencia polos ditongos decrecentes (forte + débil): g**ai**ta, **au**ga, **ei**xo, **eu,** m**oi**to, m**ou**cho. Os máis frecuentes son EI e OI. Pola contra, existe certa resistencia en galego á pronuncia dos ditongos crecentes (débil + forte), e de aí que haxa grafías *LÍNGOA por LINGUA, ou *HISTÓREA por HISTORIA. Nunha palabra como PACIENCIA son posibles as pronuncias PA-CI-EN-CIA e PA-CIEN-CIA; en PIANO podemos ler PI-A-NO ou PIA-NO. En casos como VI-Ú-VA ou MU-Í-ÑO non aparece o ditongo.
Sobre as alternancias dialectais MOITO / MUITO, NOITE / NUITE, COIRO / COURO, etc., as normativas para a escrita son sempre as formas en -OI-, segundo se viu na lección anterior.

= =

Vocabulario

Ben deitar(se) que (expr.): menos mal que, bo foi / era / é que.
Enruga (s.f.): pregue ou dobrez que se fai na pel, na roupa ou en calquera cousa flexible por non estar axustada ou estar mal dobrada.
Gaita (s.f.): instrumento musical de vento, cun fol e unha especie de frauta, de orixe celta, moi característico de Galicia.
Moucho (s.m.): ave nocturna de rapina que se alimenta de insectos e ratos. / Bancos baixos, especie de tallos.

Paciencia (s.f.): virtude que impulsa a sufrir adversidades e males sen desesperar.

Piano (s.m.): instrumento musical con cordas no interior e técolas unidas a uns marteliños que baten nelas.

Sacar (v.): extraer unha cousa, movela dun sitio para outro. / No texto, conseguir! **Quitar. Tirar.**

Viúva (s.f.): persoa á que lle morreu o cónxuxe e non casou de novo.

Lección 146

Chegan os marcianos



Ampliación: Carme chama por Anxo para que veña ver unha película de marcianos que están a botar pola televisión. Dous marcianos chegan dunha remota galaxia para observa-lo comportamento dos humanos, e elixen como base as illas Cíes, na entrada da ría de Vigo.

= =

Gramática: As vocais: Variacións no timbre de **e** e **o**. Como vimos na lección 14 e seguintes, en galego distinguímo-lo **e** aberto do de **è** pechado; **o** aberto de **ò** pechado. Dixemos daquela que o **e** o **o** corresponden aproximadamente (fóra dos cultismos que vimos na lección 144, como **ambiente, ciencia,** etc.), en razón da súa orixe latina, con **ie** e **ue** do castelán. Hoxe veremos dous fenómenos que limitan esta equivalencia nos nomes (sustantivos e adxectivos):

1) Cando o **e** aparece ante consoante nasal na súa mesma sílaba, prodúcese unha nivelación: no galego occidental pronúnciase sempre **è** pechado, mentres que no galego oriental pronúnciase sempre **e** aberto. Como isto só afecta ós nomes, hai que excluí-los verbos e outras clases de palabras (pronomes como **quen, cen** e **cento,** adverbios como **ben, sempre** e **tamén,** todos eles co **e** invariablemente aberto).
2) O **-o-** e **-e-** tónicos (acentuados) dunha palabra poden ser influídos polo **-o** e **-a** finais de palabra. Este fenómeno é exclusivo do galego occidental: cando un nome remata en **-o** o **-ó-** tónico tende a pechar, deste xeito, pronúnciase **nòvo, sògro, xògo, pòsto, tòrto, mòrto, òllo;** pola contra, o **-a** pode abrir o **-ò** ou **-è-**, así, óense pronuncias como **ela, mesa, pega, hora** e **voda.**

Hai que ter en conta que o segundo fenómeno comentado (denominado 'metafonía') non é sistemático, varía de palabra a palabra e de lugar en lugar, pero en xeral afecta a máis nomes canto máis ó occidente nos situamos. Sen embargo, a metafonía afectou a uns poucos nomes en case toda Galicia, p. ex. **porto** e **medo.**

= =

Vocabulario

Coordenada (s.f.): liña que determina a posición dun punto e dos eixos ou planos relativos a ela / Oración relacionada con outra, pero que conserva a súa independencia semántica e funcional.

Deseño (s.m.): delineación ou representación dunha cousa, ou mesmo de ideas / Debuxo, obxecto deseñado ou trazado.

Grao (s.m.): medida de temperatura, ángulos ou de arcos / Cada unha das partes en que se divide unha escala / Categoría, posición, estado / Título universitario.

Ningures (adv.): (en) sitio ningún, (en) ningún lugar. É o contrario de **algures.**

Proba (s.f.): feito e resultado de probar / Razón ou testemuño para argumentar / Ensaio, experiencia / Operación para comproba-la exactitude doutra anterior.

Ría (s.f.): accidente xeográfico da costa galega, desembocadura dos ríos que o mar invadiu, incluindo o seu val.

Lección 147

Encontro cos marcianos



Ampliación: Zoko e Trako localizan unha bandada de golfiños e un baleeiro xaponés atrás deles. Os nipóns pensan facerse ricos pescando nas baleas e nos golfiños, pero os dous marcianos vanos enganar emitindo desde a súa nave o sonido dos golfiños e apartando o baleeiro da bandada.

= =

Gramática: Encontros de vocais na fala. Nesta lección imos ve-los casos máis frecuentes e importantes de resultados de encontros de dúas vocais: 1) Vocal **a**: a + a = **a**: (algo máis longo e tónico có simple **a,** p. ex.: a (prep.) + a (art.) = á, **lévaa** = léba: **fágaa** = fága): a + o = O (**ó** aberto, p. ex. a (prep.) + o (art.) = ó; **Lévao** = lébo). Dialectalmente, a + e = e (para el = prel); a + u = o (para un = pron). Por outra banda, o ditongo **ai** en sílaba anterior á acentuada pronúnciase **ei (caixón** = keixón, **bailar** = beilar). 2) Vocal **e**: cando vai en posición final de palabra, sen acentuar, a vocal **é** elídese ante calquera outra: de + a = da, de + aí = d'aí, de + el = del, este + exemplo = est'exemplo, de + importancia = d'importancia, de + o = do, de + onte = d'onte, de + un = dun. 3) Conxunción **e** (v. lección 105): a pronuncia xeral é **e** aberto en tódolos casos, pero hai zonas en que se pronuncia **i** (e mesmo **y**) ante vocal. Deste xeito, **e eu** pronúnciase /e eu/ ou /i eu/ e mesmo /yeu/.

Entre dúas vocais iguais, ou non sobre todo entre dous **a,** é moi fecuente a aparición dun- **i-** para evita-la cacofonía, e de aí as grafías incorrectas **a-i-alma, a-i-auga,** ou **aldeia, faraia, lévoio** e mesmo **faraio,** coas posibles variantes **a-y-alma...,** Normalmente escribiremos **a alma, a auga, a aula, a arte, aldea, faraa**... En palabras rematadas en consoante (sobre todo, **-r, -n** e **-l),** acostúmase a pronunciar engadíndolles unha vocal débil, semellante ó **-e: falare, mare, corazonhe, mele, ele**... Este fenómeno, abundantísimo na fala, non se representa na escrita normal.

= =

Vocabulario

Arroaz (s.m.): mamífero cetáceo, da familia dos delfínidos, que frecuenta as costas galegas.
Balceiro (s.m.): barco empregado na pesca das baleas / Pescador de baleas.
Enganar (v.): usar de enganos ou mentiras / reflexivos: caer en erro / non acertar.
Golfiño (s.m.): mamífero cetáceo, semellante ó arroaz, con fuciño máis longo.
Meirande (adx.): máis grande, de maiores dimensións, de maior tamaño.
Onda (s.f.): perturbación que se propaga con transporte de enerxía a través dun medio / Elevación ou depresión da superficie do mar en sucesión rítmica. **Vaga.**
Poboador (s.m.): o que poboa ou funda unha poboación, un lugar habitado.

Lección 148

Un día de verán



Ampliación: Xoanciño e mailos seus avós viñeron hoxe a Portovello para celebraren coa familia o Día do Apóstolo, pero Xoaquín e María, como ía moita calor, decidiron ir á praia. O Anxo, Carme e os seus amigos marcharan a Compostela ás festas e ás celebracións do Día da Patria Galega.

= =

Gramática: As consoantes.

1) Consoantes nasais: en galego, hai catro, **m, n, n, ñ**. A primeira e maila última non teñen problemas de pronuncia. A segunda represéntase como **n-** en inicial de palabra, entre vocais e ante **-t-** e **-d-**, mentres a terceira non existe en inicial de palabra, entre vocais represéntase **-nh-** e en final de palabra e en interior ante **c/z/s, k/qu/c, g/h/c, r/rr, l, n** e **m** represéntase como **-n: unha, anhelar, inhalar, inhumano, inhábil, anhídrido, once, canso, panca, domingo, canle, innovar, inmóbil**...

Téñase en conta que se despois de **non, nin, sen, ben, quen** aparecen **o, a, os, as** (pronomes ou artigos), o **-n** pronúnciase formando sílaba con estes: **no no** sentín, **be nas** oíches, ¿**que no** quixo? Despois dunha forma verbal rematada en **-n**, o pronome **o, a, os, as** forma sílaba con este **-n**, e mesmo tamén pode facela o artigo: -¿**no no** viches? -**Vino**, -¿**que na** leva? -léva**na** os seus pais; fa **na** caldeirada de ollomol.

Co adverbio negativo **non**, na fala prodúcense adoito as seguintes contraccións: **non o (s)— no'no(o) --- n'os**: eu n'os teño; **non as --- no'nas --- n'as**: n'as quere.

Ningún dos fenómenos que levamos comentado se reproduce na escritura.

2) O **-ll-** e o **-i-**: O galego distingue con claridade as pronuncias de **maio** (mes do ano) e **mallo** (do v. **mallar**); **moio** (medida de capacidade para líquidos) e **mollo** (=monllo, atado de méses). A pronuncia tradicional do **-ll-**, que é lateral (o aire sae polos lados da lingua), estase a perder a favor da pronuncia central (o aire sae por riba da lingua), pero isto non afecta necesariamente ás oposicións maio-mallo, moio-mollo...

= =

Vocabulario

Andoriña (s.f.): paxaro migratorio insectívoro, que pasa pola nosa terra na primavera e no verán.

Apóstolo (s.m.): cada un dos doce discípulos de Cristo / Especialmente, o Ápstolo Santiago.

Area (s.f.): conxunto de partículas granulosas de natureza mineral / Cada unha desas partículas.


Regata (s.f.): competición de velocidade entre varias embarcacións.

Semellar (v.): ter semellanza ou parecido con / Parecer / Imitar.

¡Vaites! (interx.): ¡Vaia!, expresión de sorpresa.

Lección 149

O seseo e a gheada



Extraído do Atlas Lingüístico de Galicia (ALGa-ILG)

Gramática: As consoantes.

1) Pronuncia de **ga, gue, gui, go, gu**: En galego, esta letra pódese pronunciar de dous xeitos, un deles é idéntico ó das linguas veciñas, e outro é o semellante ó inglés de **he**. Calquera das dúas pronuncias se dá no galego popular, pero a primeira é minoritaria, aínda que é a do galego culto, mentres que a segunda —aspirada— é a máis estendida, aínda que está desprestixiada. Ámbalas dúas pronuncias son correctas e aceptables.

Cando o -g- aparece despois de -n-, non é raro oí-la pronunciación -nk-. Así, danse formas como **dominko, ninkún**...

Pronuncia de **za, ce, ci, zo, zu**: Na zona occidental de Galicia, dáse a pronuncia -s- en palabras como **sapato, sen, sinco, soco, sume**, mentres que en parte da Galicia Central esas palabras pronúnciase **zapato, cen, cinco, zoco** e **zume**, pero **rapás, des, narís, ferós, lus**, por **rapaz, dez, nariz, feroz, luz**, formas do resto da meirande parte do territorio galego. Todas estas pronuncias son igualmente válidas no galego falado, pero hai que distinguir correctamente as grafías **c, z - s** na escrita. Con todo, téñase en conta que hai formas normativas como **esquerdo** ou **desmo**.

En zonas de seseo total (**lus, soco**), sobre todo nas Rías Baixas, pode darse unha pronuncia moi suave do **x**, cun sonido que ós galegos non seseantes lle parece moi semellante o do -s-. Así, pódense oír pronuncias similares (pero non iguais) a **sa** por **xa**, **caisa** por **caixa**, **sente** por **xente**, etc.

En final de sílaba, no é infrecuente escoita-las pronuncias vulgares como **derde, lerma, derhracia** ou **ar bestas, ár cinco, ir ór fihos**, con **-r** en vez de **-s**. Esta pronuncia non se recolle no galego culto.

Lección 150

Variedades xeográficas do galego



Variedades do galego (ALGa- ILG)
Segundo Francisco Fernández Rei

Variedades xeográficas do galego: A pesar de carecer durante moito tempo dunha variante, oral e escrita, de lingua culta común a toda Galicia, a lingua galega conserva unha grande unidade entre as súas falas. Non existen propiamente dialectos do galego, senón rasgos desigualmente repartidos que caracterizan unhas falas locais frente ás outras. Para precisar eses rasgos cumpriu dun estudio sistemático, rigoroso e demorado das falas máis representativas por parte de especialistas. O resultado dese estudio é o Atlas Lingüístico de Galicia, que, unha vez recollidos os seus materiais, se atopa en fase de ordenación e estudio. Presentamos para remata-lo curso unha tentativa de clasificación das falas galegas, incluído o galego exterior, ou sexa, o das comarcas veciñas á fronteira administrativa de Galicia. Tendo en conta as observacións que levamos feito, e mailas experiencias de vostede, a caracterización xeral das variedades do galego non lle será difícil. Compare o seu propio galego co que lle fomos ofrecendo, e ambos cos de galego - falantes das distintas zonas de Galicia que coñeza. De certo, así aprenderá máis galego. Tódalas falas galegas son igualmente correctas, válidas e aceptables e constitúen a base máis segura para a aprendizaxe do galego, pero iso non escusa o coñecemento e uso oral e escrito do **galego común,** tarefa que pretendiamos iniciar con este curso. Aledariamos que, se non conseguimos de todo o noso obxectivo, non esteamos moi lonxe del. Un último consello: non esqueza que a mellor maneira de aprender unha lingua é falala o máis posible.

Solucións

Lección 1

1. Se ti **es** rico, eu **son** o presidente do goberno.
2. Nós **somos** avós deste rapaz, e vós **sodes** irmáns deles.
3. Cando vós **estades** na oficina, ti **es** quen máis me axuda.
4. El **é** boa persoa, pero **está** un pouco ido.

Lección 2

1. María e a súa nai **falan** por teléfono do día da súa volta.
2. El **chega** mañá e eles **chegan** hoxe.
3. ¿Quen chega da Suíza? **Chegan** Xoaquín e María.
4. ¿Cando **chegades** vós? Nós **chegamos** pasadomañá. Pois nós **agardamos** por vós no aeroporto.
5. Eu **ando** varios quilómetros ó día e vós non **andades** ningún.
6. Ti **agardas** por teus pais no aeroporto.

Lección 3

1. Manolo non **vén** só no coche.
2. Os meus familiares **veñen** estas vacacións a Sanxenxo.
3. Cando **vén** de viaxe pregunta por todos.
4. Nós **vimos** sempre en coche e vós **vindes/vides** en avión.
5. Sempre que **vén** tráenos un regalo.
6. Ti **vés** con María, eu **veño** con Piño.
7. No inverno **vén** comer a este bar e agardan sempre por el.

Lección 4

1. Manolo leva **o** traxe de pana novo para a festa.
2. **A** friaxe é mala para a saúde.
3. Fago **o** personaxe de médico nesa obra de teatro, que fai **a** viaxe polo leste.
4. É un garaxe pequeno para un coche tan grande.
5. ¿Cal é ese conto que fala **da** long**a** viaxe **do** paxe?
6. Disfrutamos moito mirando **as** maravillos**as** paisaxes.

Lección 5

1. Vós **levades** présa porque **ides** a esa casa que eles **van** pechar.
2. Nós **imos** coa equipaxe e vós **ides** cos regalos.
3. Aí **veñen** os cafés, e despois **vén** o leite.
4. Eu **vou** de viaxe ós domingos polo Val do Deza.
5. Mentres el **vai** ó cine, ela **vén** á miña casa.
6. Cando eu **vou** ti sempre **vés**.

Lección 6

b)
1. A miña **irmá** é tan **lacazana** que non esperta polas mañás.
2. Ela tamén é **humana**. Non a trates así.
3. No zoo teñen unha **leoa/leona** enferma que vai morrer.
4. Hoxe vénme unha **paisana** de Bos Aires.
5. A nova profesora de Lingua é **asturiana.**
6. Elas agardan o regreso da **curmá alemana.**

c)
1. O noso veciño **italiano** era moi **urbano.**
2. Desde o verán pasado coñezo un **australiano**.
3. Está actuando na vila un **ladrón**.
4. Hai unha semana que non vén o neto do teu **irmán**.

Lección 7

1. Estes **cans** sonche ben **lambóns**.
2. Eses **camións** son do máis **ruín**.
3. Naqueles **trens** non levaron **reféns ningúns**.
4. Os moi **larcháns** colleronme **uns patíns**.
5. Son **uns mentiráns** moi **comúns**.

Lección 8

Unha vez fomos de caza ó monte. Vimos **uns** coellos e **unhas** lebres.
Os coellos eran moi grandes e **as** lebres tiñan moitas cores.
O caso foi que lles tirei **un** par de tiros, pero como non as pillei fuxiron.

Lección 9

1. **Pola** mañá os nenos e **mailas** nenas limpades esta aula.
2. Deixa o paraugas **trala** porta.
3. **Tódolos** seráns teño clase ás 7,30.
4. **Ámbolos** dous traballades pouco.

Lección 10

1. ¿**Agárda-la** túa tía ou **lévasno-la** equipaxe para a casa?
2. Non sabían **face-las** cousas.
3. **Abrímo-la** cancela e fuxiu o can.
4. Meu irmán e **mailo** teu van en Betanzos.
5. Anque te agachas **trala** porta véxote.

Lección 11

1. ¿Con quen vas de viaxe? Vou **coa** tía.
2. Imos **ó** campo. Voltamos pola tardiña **á** casa dos nosos tíos.
3. **Co** tempo que vai non imos chegar **ó** monte pero podemos parar **no** río.
4. **Coa** nova estrada chégase antes.

Lección 12

1. Nós **temos** moitas ganas de ir ó cine, se ti **tes** ganas tamén imos todos.
2. Vós **tendes/tedes** que agardar por se eles **veñen** pero ti **vés** agora.
3. Se vós **vindes/vides** hoxe a Santiago, nós **imos** mañá: estamos cheos de traballo.
4. Se ó final vós **tendes/tedes** excursión, ela **ten** que vir por aquí.
5. Eu hoxe **teño** moito labor e eles **teñen** o costume de visitarnos ós xoves.

Lección 13

b)
1. Os pastores beberon uns bocois, comeron unhas mazás e marcharon ós prados.
2. Os reis dictaron unhas leis que prohibían o costume de arrincar flores.
3. Tomaron uns cafés cuns israelís e uns marroquís.
4. Para aqueles indios os illós eran tabús.

c)
1. O leite e o mel son un sinal de prosperidade.
2. Á calor do lume ferve o sangue.
3. Xunta aquela (Cabo daquela) ponte había unha cerdeira e unha nogueira.
4. Te-lo nariz cheo de sangue seco.

Lección 15

1. Ó amalloa-los zapatos Xosé ten que desface-lo nó.
2. Dálle dó tratalo así, mais ten que facelo.
3. Antón vén á vila. Hai tempo que non o ven.
4. Antes de pórte ó pé dela mira ben quen é.

Lección 16

Exercicio oral.

Lección 17

1. Non creo que el queira beber máis leite.
2. Nós non podemos pensar que eles nos queiran facer esa xogada.
3. Con tanta friaxe non hai quen poida vivir aquí.
4. Queredes que teña máis paciencia pero calquera vos pode aturar.
5. Sei que eles o poden facer, o que pasa é que non queren.
6. Con ese pescozo tan grande pode competir coas xirafas.
7. Non queren estar de xeonllos pero meréceno.
8. ¿Qué queres poñéndote desa maneira?

Lección 18

b)
1. Mentres esa pota **quece,** vós **debedes** adoba-lo polo.
2. El **debe** saber que nós nunca **esquecemos.**
3. Sempre eu aparezo cando menos o esperades.
4. Ás veces eu **esquezo** que vós me **debedes** algúns cartos.
5. Xa sabedes que nós non **esquecemos** o que ti sempre **esqueces**.
6. Eu **padezo** unha doenza, pero non é nada grave.

c)

1 ocorre	7 podo	13 quecen	19 discorremos
2 renden	8 queres	14 esquezo	20 ferve
3 move	9 quece	15 deben	21 escorres
4 ergue	10 collemos	16 podedes	
5 acende	11 bebe	17 corren	
6 debes	12 come	18 remexes	

Nota: as vocais abertas van marcadas con letra máis negra.

Lección 19

1. Mentres el **dorme** todo o día, nós **muximos** e **xunguímo**-las vacas.
2. Eles **foxen** do país porque non lles queda outro remedio.
3. Estes **tosen** a tódalas horas, aquel **roxe** coma un león, o outro **sofre** por vós. Así vos **loce** o pelo.
4. ¿Con que material (ti) **cóbre**-las caixas?
5. Primeiro nós **cuspímoslle** na cara, e despois a el **xórdelle** esa brillante idea.

Lección 20

1. **Feren** unha peza e **séguena** para atrapala.
2. Cada vez que **sente** un ruído, **segue** o seu rastro.
3. Sempre que **desmentes** unha noticia **tes** que dicilo na radio.
4. Se ides ó monte **conseguides** adelgazar.
5. Cando **consigo** o que **quero veño** todo alegre.
6. **Descobren** a verdade e nón **menten.**

Lección 21

1. Ti sempre **pides** de máis, se **vestides** así é porque iso vos **divirte.**
2. Esta frase **refírese** a outro tema.
3. Nós **vestimos** moi ben, pero a túa tía **viste** mellor aínda.
4. Eu **íspome** cando o médico me ausculta.

Lección 22

1. Xoán **asume** tódalas súas responsabilidades, pero non o **sente.**
2. Uxía **cumpre** anos este mes, pero a verdade é que **recibe** galanos con antelación.
3. Se **finxes** sabelo, seguro que **mentes**.
4. Non nos **divertimos** gran cousa se eles **confunden** os allos con cebolas.
5. Esa muller **vive** para os seus fillos.
6. Non **serve** de nada que o digas, eles nunca **cumpren** coa palabra.

Lección 23

1. ¡**Fuxide** túzaros! ¡**Marchade** lacazáns!
2. **Poñede** un pouco de pomada nese tirizó, xa veredes como pasa.
3. ¡**Detede** esa ladroa hoxe mesmo! díxolle o comisario ós policías.
4. **Mirade,** se sodes así acabaredes coma ese furafollas.

Lección 24

1. Neses **papeis** hai debuxados uns rapaces que non teñen **fusís.**
2. Os **Cónsules** comeron uns **ollomoles** enteiros.
3. Había uns **caracois** ó pé duns **chuchameles**.
4. «Mira que eran **áxiles** e rápidos! Atravesaron os **túneles** en dous minutos.
5. Os veterinarios non daban cos **males** dos **animais.**
6. De **tales** pais **tales** fillos.
7. Os gobernos **civís** resolveron os problemas das **multinacionais.**

Lección 25

María **chamará** desde Xenebra (Suíza) para anuncia-la súa volta. O que **collerá** o teléfono **será** Xoán, pero María **quererá** falar coa avoa do rapaz e axiña **será** ela a que **chegará**.

Lección 26

1. Berra máis que non **te** sinto ben.
2. Non **che** sinto ben o que falas.
3. A ti non **che** gustan as matemáticas.
4. ¿Que **che** ocorre que semellas triste?
5. Teño que **verte** hoxe para falar contigo.
6. Se non calas máll**ote**.
7. O avó mallou**che** o lombo.

Lección 27

1. Amolabádelos moito coas vosas bromas.
2. Botabamos todo o día traballando para nada.
3. Coidabádelo morto, dabádelo por cadáver.
4. Saudabádelo con respeto.
5. Gañabámo-lo partido e venciamos na liga.

Lección 28

1. Erades máis dos que coidabamos. Debedes quedar alguén.
2. Viña túa nai e aínda tiñamos que recolle-lo que iamos levar.
3. Corrían moito cando ían en moto, agora que cando van a pé vanche máis a modo. Tiñades que velos na carreira, ¡eran os últimos!
4. Eses eran os que vivían naquela casa tan grande. Tiñan moitos cartos.
5. Eu ía de boa gana pero non con eses fachendosos.

Lección 29

a)
1. Xa **lles** digo que teñen que arregra-lo coche.
2. Non **lles** teñas medo que eles non **cho** teñen a ti.
3. Cómen**che** toda a comida e deixan**te** sen nada.

b)
1. Amolabámos**te** ben amolado.
2. Ameazában**te** co despido.
3. ¿Déixa**no** tranquilo?
4. Cháma**no** por teléfono.
5. Téñen**che** moito medo.

Lección 30

1. Non contedes **connosco** para ir á festa. Teremos que ir a outro sitio.
2. Eu xa non vos pensaba axudar, así que, tanto **comigo** coma sen **min**, o teredes que facer.
3. Para **eles/elas** que vós lles gastastes esa broma.
4. Era menos listo ca **min** e ca **ti**, seguro que lle gañabamos.
5. ¡**Contigo** non hai quen ande, sempre apurándonos!
6. Diante de **ti** non había ninguén, era-lo primeiro, non cho nego.

Lección 31

b)
1. Eu **faleilles** de ir a Portugal, pero non me **aceptaron**.
2. Ti **quedaches** comigo en facer unha gaiola; eu **lembreime** e ti non te **lembraches**.
3. Vós non **agardastes** nin cinco minutos.
4. El **amouna** moito, por iso **marchou** ó estranxeiro cando ela **casou.**

c)
1. Vós marchastes sen dicir palabra.
2. Ti analizaches mal ese problema.
3. Non miráste-lo que hai nesa gaiola.
4. ¿Vós laváste-la roupa?

Lección 32

1. Ti metíche-las cousas no coche. Vós metéste-las cousas no coche.
2. Eu bebín viño, ti bebiches auga.
3. Eles comeron moito marisco hoxe. Nós comemos moito marisco hoxe.
4. Nós perdémo-las gafas na escola.
5. Onte nós batemos tódalas marcas.

Lección 33

1. Eles **espíronse** e antes de meterse na cama **empezaron** a rezar un Pai Noso.
2. Os rapaces **sorriron** cando **gañaron** o partido.
3. María **pediulle** cartos a Xoaquín para mercar unha saia.
4. Se ti **concluíches** iso baixamos a almorzar agora mesmo.
5. Antón **sentiu** dor e sen embargo non me **avisou**.
6. Vós non sei que **elixistes** pero esa parte non me gusta.
7. Xurxo **escribiu** a novela tres meses antes, aínda que non é moi boa.
8. Eles **destituíron** o primeiro ministro por incompetente.
9. Eles **cumpriron** anos o outro día e non nos **incluíron** na lista de convidados.

Lección 34

1. **Esa** información é falsa pois non se chegou a confirmar.
2. Todos **aqueles** regatos van dar a **aquel** río que vimos antes.
3. **Este** domingo non se xoga o partido que dicían.
4. Ollos tan verdes coma **eses** non os vin.
5. **Eses** xogos non me gustan tanto coma **aqueles**.

Lección 35

1. ¿Farémolo antes do xoves? Si, habémolo facer./Si hai que o facer.
2. ¿Levaranlles un montón de libros? Si hanllos levar./Si hai que llos levar.
3. ¿Escribiraslle a teu irmán? Si heille escribir./Si hai que lle escribir.
4. ¿Irás traballar hoxe ó alpendre? Si hei ir./Si hai que ir.
5. ¿Chegaredes a tempo? Si, habemos chegar./Si hai que chegar.
6. ¿Chamarémolo pola tarde? Si habemos chamalo./Si hai que o chamar.
7. ¿Empezará a festa ese día? Si ha empezar./Si hai que a empezar.

Lección 36

1. Este **meu** home trouxo mexilóns para un ano.
2. Colleu **a súa** carpeta e foi correndo para a escola.
3. Para **a miña avoa (miña avoa)** non hai mellor regalo que unhas medias.
4. **O teu** coche e máis novo có **meu** porque che está mellor coidado.
5. Eles son ricos, **a súa** casa vale varios millóns.

Lección 37

Abro a nota e **¿sábe-lo** que me di? «Eu non **sei** o que me pasa. Unha dor moi forte obrígame a sentarme. E así foi que fun ó médico. Eu notáballe que el non **sabía** o que tiña, pero despois dun anaco e mirándome por encima do ombro díxome que debería descansar porque traballaba moito. Agora xa **sabes** porque estou de folgazán e **saberías** máis se seguise escribindo».

Lección 38

1. Nunca eu **vin** unha cheminea coma esa.
2. Eu **vexo** os azulexos novos que cambiaron na cociña.
3. El **veu** de Ourense onte á noite pero el aínda non o **viu**.
4. Vós **vistes** cantos xoguetes lles **viñeron** do estranxeiro.
5. Vós **víste**-los que chegan, pero eu desde aquí non os **vexo.**

Lección 39

7: sete / 17: dezasete / 293: douscentos noventa e tres / 184: cento oitenta e catro / 18: Dezaoito / 87: oitenta e sete / 64: sesenta e catro / 119: cento dezanove / 882: oitocentos oitenta e dous / 57: cincuenta e sete / 79: setenta e nove / 1984: mil novecentos oitenta e catro / 582: cincocentos oitenta e dous / 2.249: dous mil douscentos corenta e nove.

Lección 40

1. Eu traballo o **dobre** do que ti traballas, e mais cobro a **metade.**
2. O meu fillo xa che vai no **oitavo** curso de EXB.
3. Nun **cuarto** de hora fai o **triplo** dos demais obreiros.
4. Póñame aí **medio** quilo de castañas e pártame ese pastel ó **medio**.
5. Vivo na rúa de A. Cunqueiro, número **corenta, cuarto** esquerda.

Lección 41

1. Eu fago o que me **mandedes** vós.
2. Cando el **come** así, ti non **penses** que o fai por facernos rir.
3. Non creo que **xogue** este mes pero el que non **presuma**.
4. Aínda que ti **berres** non te han de oír.
5. Estás traballando coma un negro para que cando **morras** te enterren coma todos.
6. Cómpre que **exclúas** ese apartado para que lles **collan** máis cousas.

Lección 42

1. Hoxe non vou sachar porque **vai** moita calor.
2. Mañá **fai** catorce anos que seu pai marchou para América.
3. ¡Hola home! canto tempo **hai** que non te vía.
4. Cando se emborracha un pobre todos **din** ¡que borrachón!
5. Meu pai **di** que iso é unha argallada, meus avós **din** que é un xogo moi bonito, e eu xa non sei que **diga**.

Lección 43

1. Repíto**che** que el non vén esta tarde.
2. Non **te** preocupes polo que me dixo.
3. Por fin **che** regala o que ti tanto esperabas.
4. Despois de buscalo, traía**che** o disco para que o escoitases.
5. Esperámos**te** ata que chegou el.
6. Explicábame que **te** traía tódolos días desde esa vila.
7. Quéro**te** ver aquí ás cinco menos dez.
8. Chamou**che** parvo con razón pero non penses que **te** tomou por tolo.

Lección 44

1. **¡Calquera** (ou **ninguén)** se atreve a dicirlo!
2. Non hai dúbida: **todo** o que ti fas está mal.
3. Hai **tanto** tempo que non te vexo que case non te coñezo.
4. Non teño **ningún** outro coche. Vai con coidado e a modo.
5. Quedoulle a pedra enriba das súas **propias** mans.
6. **Algunha** rapaza non me fai os deberes e vai suspender.
7. **Tódalas** tardes teño que traballar tres horas.
8. Que **ninguén** vexa o que estás a facer, senón vanche berrar.
9. Esas non me gustan, prefiro **outro** tipo de sabas.
10. Como **alguén** te vexa, estamos perdidos.

Lección 45

1. Hoxe non veu **ningún** rapaz á escola.
2. Na miña biblioteca hai **moitos** (ou **poucos, abondos, varios**) libros de Castelao. Debería mercar uns poucos de Curros.
3. Xa hai **varios** días que non vés polo traballo.
4. Teño **abondo** con este queixo, non preciso máis, excusas de mercar outro.
5. Os **mesmos** ladróns que entraron hoxe no banco roubaran xa antonte en Vigo.
6. Non che podo deixar máis de vinte pesos. Teño **poucos** cartos.

Lección 46

1. Buscaba unha casa. Buscába**a**.
2. Quería dicir moitas cousas. Queríaa**s** dicir.
3. Os avós tamén tiveron regalos. Os avós tamén **os** tiveron./Tivérono**s**.
4. Tardaba só media hora en face-la cea. Tardaba só media hora en face**la**. Facía**a**.
5. Bebeu unha cervexa porque tiña moita sede. Bebeu**na** porque tiña moita sede.
6. Servía a sopa moi quente. Servía**a** moi quente.
7. Colleu unha goma e borrou o debuxo. Colleu**na** e borrou**no**.
8. Colle a goma e borra o debuxo. Cólle**a** e bórra**o**.
9. Collín a goma e borrei o debuxo. Collin**a** e borrei**no**.
10. Collíche-la goma e borráche-lo debuxo. Collíche**la** e borráche**lo.**

Lección 47

1. Dilles que **teñan** a cea preparada para as nove, que de seguro chegamos aterecidos de frío.
2. Para que vós **pasedes** pola súa vila non fai falta que **veñades** por esa estrada.
3. Que eles **teñan** en conta a tódolos veciños pode ser unha boa proba das súas intencións pero agora non me **veñades** con estas novas.
4. Sempre que el me **teña** na lista non será necesario que eu **vaia** aí a tódalas horas.
5. Para que **volvades** con máis folgos é mellor que **veñades** no voso coche e **collades** ese atallo.
6. Non sei se lles **teña** conta dos rapaces.

Lección 48

1. Hoxe eles **poñen/pon** as patacas na leira grande.
2. El **pon** da súa parte o que pode pero non dá rematado.
3. Cando tiña escola no verán **poñíame/púñame** a correr e chegaba axiña.
4. Como sempre traballaba pouco nunca lle **poñían/puñan** un dez nos exames.
5. O que eles **puñan/poñían** como condición era lograr un posto de traballo.
6. Se vós **poñedes/pondes** cinco pesos, eu tamén os **poño**.

Lección 49

1. Non **direi** que el ten máis libros ca min.
2. Ese **faralle** o conto ó mestre pero non conseguirá que o aprobe.
3. Vós **faredes** para mañá tódalas raíces cadradas que poidades.
4. Eu non llo **direi** pero vai ti saber se el llo **dirá**.
5. ¿**Fará** vostede ese último cumprido?
6. Vós **farede-la** figuriña de barro coas mans.
7. De tanto darlle arroz **farallo** estoxar.

Lección 50

1. As galiñas **poñerían/porían** máis se as tiveses soltas.
2. Ti **poñerás/porás** estes números cando eu cho mande.
3. Vós **poñeréde-los/poréde-los** abrigos sempre que vaia frío.
4. Vós **poñeréde-la/poréde-la** forma correcta porque senón iravos mal.
5. Se estivese de mestre aquí **poríanos** moitos deberes.
6. **Poñerémoslle/Porémoslle** un dous, pero cremos que van perder.
7. Eu **poñerei/porei** ben claro desde o principio quen é o xefe.

Lección 51

b.— 1. Despois de que **che** cantaron **a canción** quedaches contento: Despois de que **cha** cantaron, quedaches contento.
2. Traíanl**le os mobles** novos para a casa de teu irmán: Traían**llos** novos para a casa de teu irmán.
3. Se **me** chama **ermitán** non sei que será el: Se **mo** chama non sei que será el.
4. Quére**me** colle-**la metade** dos libros: Quére**ma** coller.
5. ... E ese día regalároni**le** camaróns: ....E ese día regaláron**llos.**
6. **Entón, ¿había que sinalarche os pasos** a seguir no problema: Entón ¿había que sinalar**chos?**
7. **Deuche esa resposta** porque estaba moi enfadado: Deu**cha** porque estaba moi enfadado.
8. ¿Por qué non **me** respondes **esa pregunta**?: ¿Por qué non **ma** respondes?

Lección 52

b.— 1. **Dóulle-lo diñeiro a meus pais: Dóullelo.**
2. Cóllovo**-las obras** de Castelao: Cóllovo**las.**
3. Perdeu**lle uns selos** da época republicana: Perdeu**llos.**
4. Hoxe lévann**o-la moto** ó taller: Hoxe lévann**ola.**
5. Regálan**vos un cadro:** Regálan**volo.**
6. Por iso **lles** colleu **xenreira:** Por iso **llela** colleu.

Lección 54

1. Quero que me **deas** aqueles libros que **che** deixara o ano pasado: Quero que me **dea** aqueles libros que **lle** deixara o ano pasado.
2. ¿Gusta**che** a música de Mozart? Creo que a **teu** irmán lle gusta máis a de Schubert: ¿Gústa**lle** a música de Mozart? Creo que a **seu** irman lle gusta máis a de Schubert.
3. Non **cho** creo, aínda que mo **xurases** trinta veces non **cho** crería: Non **llo** creo, aínda que mo **xurase** trinta veces non **llo** crería.
4. Tanto **che** ten, ¿non?, **vives ti** ben e non **che importan os demais: Tanto lle** ten, ¿non?, **vive vostede** ben e non **lle** importan os demais.
5. Queríа**che** pedir un favor pero xa vexo que **estás** moi ocupado: Quería**lle** pedir un favor pero xa vexo que **está** moi ocupado.

Lección 55

b.— 1. Fun correndo pero xa **saíra** o autobús.
2. Pediume un grolo cando xa nós **beberamos** toda a botella.
3. Mandouvos falar dun libro que non **lerades,** por iso tiña avantaxe sobre vós.
4. A policía chegou cando o ladrón xa **fuxira.**
5. Andábache ben folgado, non **traballara** en todo o día.
6. Cando chegou teu pai o coche xa vos **marchara.**
7. Nós **deixarámo**-lo xantar no forno para telo quente cando chegasemos.

Lección 56

b.— 1. Meto tódalas cousas e **doul**las agora mesmo, antes de que as campás **dean** as oito.
2. Síntoo por ti pero eu **déi**llelo, e sei que vós non me **destes** nada.
3. Ti **déches**llo a el onte por que non se **deu** présa.
4. Se **destes** con ese traballo estaredes contentos.
5. Tamén mo devolverá cando eu llo **dea.**
6. Ti **déche-**las gracias polo que che **deron** eles.
7. Vós non llo **deades** a el, mellor que llo **dea** ela.

Lección 57

1. Dixeron que o primeiro que se **incomodase** perdería a aposta.
2. Deixou unha tarxeta para que lla **cubrisen**. *
3. Recomendámoslles que os **saudasen** en canto **chegasen**.
4. Para que **coñecese** algo sobre o tema, tería que estudiar máis. *
5. Non mereciamos que nos **chamasen** á orde por esas parvadas.
6. Gañarían máis cartos se o **alugasen**.

* Note que existe a posibilidade de emprega-lo infinitivo nestas dúas oracións: 2) Deixou unha tarxeta para lla **cubriren**. 4) Para **coñecer** algo sobre o tema, tería que estudiar máis.

Lección 58

1. Non tiña nin idea de que **chegases** de París. *
2. Pareceulle de mala educación que el **falase** coa boca chea. *
3. Teríao feito se **chegase** antes das dez.
4. Acabou de xantar cando nós **empezaramos** co postre.
5. Nós pensamos que porque el **falase** dese xeito non é máis burro.
6. Dixo que vós **sairades** pola noite. **
7. Sabía que quen **pasase** esa proba tiña grandes posibilidades. **
8. Se vós **cantasedes** coma eles poderiades gaña-lo concurso.
9. Agora estás triste, ¡non te **meteras** con el desa maneira!
10. Foron ás présas pero vós xa **marcharades**.

* Nestas oracións tamén se podería dicir **chegaras** e **falara,** sen cambio apreciable de significado.

** Note que nestas oracións o emprego das formas en **-ra** mudaría o significado da oración: 6) Dixo que **saisedes...** (aconsellou, recomendou que saisedes). 7) Sabía que quen **pasara...** (coñece a persoa que pasou).

Lección 59

1. As rosas **que** me deches estaban murchas.
2. Contáronno-las **que** viñeron novas que non tiñan nin roupa de vestir.
3. A nora de Xiana, da **que** che falei onte, non sabe nada diso.
4. **Os que/quen** llo trouxemos non fomos nós.
5. ¿Que fixestes cos cartos **que** vos deron?
6. As nenas das **que** falaban son netas deste señor.
7. Non me digas **quen** son, porque non os quero coñecer.
8. ¿**Quen** eran os que querían ir á excursión?

Lección 60

b)
1. Ti **quixeches** esperalo e así foi que chegaches tarde.
2. Os alcaldes **fixeron** daquilo un extraño asunto, pero non lles **fixo** falta falar da súa reputación.
3. Desque vós lle **dixestes** que me visitase colleuno por costume.
4. **Díxenche** que me levases en coche e ti non me **fixeches** caso.
5. Nesa conferencia **fixeron** unha chamada de atención sobre a extinción das baleas.
6. ¿Vós **puxéste-la** roupa na habitación? Sí, xa a **puxemos.**
7. Nós **dixemos** que o **fixemos** nós, pero el non nos **fixo** caso.

Lección 61

Exercicio:

a)
1. ¿Ti sábe-lo que me **trouxeron** meus pais de Portugal? Unha caixa de mistos.
2. Vós **trouxéste-lo** paquete a tempo, pero non esperabamos que chegasedes así.
3. Non **houbo** maneira de que lle aprendese a toca-la gaita.
4. Cando quixo contestar non **soubo** ¡e iso que é moi falangueiro!
5. ¿Vós **coubestes** ben no coche de meu pai?
6. Non sei se vós **soubestes** da súa morte, pero nós fómoslle ó enterro.
7. Vós **houbestes** de chegar antes có dono da fábrica.
8. Eran novos no choio e non **trouxeron** o que facía falta.
9. Onte na praia **houberon** de afogar tres rapaces.

Lección 62

Exercicios:

b)
1. Esta chambra é túa e **estoutra** é miña.
2. María e Uxía mercaron **cadansúas** saias.
3. Aquela casa estaba feita en lousa e **estoutra** en madeira.
4. Aqueles beberon **cadanseu** vaso de leite frío, e **aqueloutros** bebérono quente.
5. Aqueles debuxos foron feitos a lápiz e **estoutros** a carbón.
6. Se non levan este queixo, poden levar **estoutro,** ou mellor aínda, leven **esoutro.**
7. O conto fala de que Iria e Roi comeron **cadansúa** merenda.
8. Para facérde-lo exame traedes **cadansúa** folla de papel e **cadanseu** lápiz.

Lección 63

Exercicios:

b).— 1. Hola Xurxo: xa saberás que **fun** eu o que che mandou a carta anónima do outro día. A verdade é que se lle ocorreu a Luis cando **fomos** bañarnos ó río. Xa nos contaron das vosas andanzas por Mondoñedo e de cando **iades** ve-las covas do rei Cintolo; espero que a teu curmán xa se lle pasase o medo. Tamén saberás por el que o outro día **veu** a Santiago para buscar piso, pois ben, diso nada. Quixera que **viñerades** vós dar unha voltiña, a ver se arregrades algo. Ben, neno, déixote porque me acaba de chamar quen xa che contarei. Apretas de todos estes que **ían** e viñan contigo por aquelas rúas.

Lección 64

Exercicios:

b).—

1. Cando nós **tivemos** que examinarnos ti **estiveches** moi nerviosa.
2. Eu **estiven** onte no cine e vós non **estivestes** como prometerades.
3. Vós **estivestes** toda a tarde a esperar por nós e non demos chegado.
4. Ó poderdes estar onte no peirao a pescar vós **tivestes** moita sorte, eu tiven que traballar.
5. Vós estivéstelos facendo a xantar cun coitelo e cun garfo.
6. Onte eu **tiven** un pesadelo, soñei que vós **tiverades** un fillo que se parecía ó carteiro.
7. Ela **estivo** xexuando unha semana para perder quilos.
8. Elas **estivéranvos** lavando a louza e non lles destes nin as gracias.

Lección 65

b).—

1) Se non **puiden** chegar antes foi porque se me avariou o coche.
2) Houbemos gañárlle-lo partido, pero ó final non **puidemos** con eles.
3) **Puidécheswme** avisar a tempo, ¿non che parece?
4) ¡Home! ¿ti non **puideches** bota-la cinsa no cinseiro?

c).—

1) Se o **puidese** facer, non dubides que o faría.
2) Díxome que cando **puidese** que o trouxese.
3) Quen **puidese** chegar alí sería campeón.
4) Cantou moi mal pero nós non **puidemos** nin berrarlle porque había moita xente a quen lle gustaba.

Lección 66

1. Non me dixo que era **del,** dixo que era **dunha** amiga, **daqueloutra** rapaza que ti coñeces.
2. Remexe **nestes** caixóns, atoparás cousas interesantes **nalgún deles.**
3. **Naquela** fonte a auga era limpa coma **nesta.**
4. **Nisto** chegou **daquel** castelo un guerreiro e rescatou a princesa.
5. **Nalgunha** parte estarán as fotos **daquel** avó, **nalgún** sitio teñen que estar.

Lección 68

1. Polas noites **leo** media hora antes de deitarme.
2. O que me dis non cho **cre** ninguén.
3. **Crían** que tiñan unha de catorce e só tiñan once acertos.
4. Ti **les** moito meu fillo, váiseche derrete-lo cerebro.
5. Meu irmán **cría** que non aprobaba ningunha e ó final aprobou case todas.
6. Ese libro **lino** cando tiña dez anos.

Lección 69

a) **constrúo, constrúa, constrúes, construiamos**

b)

1. Nós **construímo-lo** que vós mandastes.
   Nós **construïámo-lo** que vós mandastes.
2. Hai moitos millóns invertidos e aínda agora **constrúen** os aparcamentos.
3. Seremos demasiados realistas pero é que eles **constrúen** castelos no aire.
4. Algúns albañís non facían nada mentres nós **construiamos** esta casa.
5. Unha democracia sólida non se **constrúe** en cinco días.
6. O que eu **construía** cando traballaba na Suíza, **constrúoo** en Alemania agora.

c)

1. Para que o exército contrario **destrúa** a ponte teñen que contar con máis homes e armas.
2. **Destruiáde**-las cousas só porque non vos gustaban.
   Destruíde-las cousas só porque non vos gustaban.
3. Temos que intentar arregralo antes de que o **destrúan** totalmente.
4. Nós **destruímo**-las nosas casas vellas, sempre que vós **destruiáde**-las vosas.

Lección 70

1. Primeiro **ría,** e logo choraba.
2. Cando **rin** é imposible falar con eles.
3. Vós **riádesvos** do que non viña a conto.
4. Estabades a ler e asemade **viáde**-la película, na que lle daba unha labazada na meixela.
5. Non **rían** porque querían impór respeto.
6. Cantas máis parvadas dicía máis **rían** eles. Nós non lle **viámo**-la gracia.
7. ¿Por que **rían** se non entendían nadiña de nada?

Lección 71

1. Vós **poderedes** ir cantas veces queirades.
2. ¿Cando **sairán/sairían** as notas deste exame?
3. Non **caberás** nese cuarto con tanta xente e terás que marchar.
4. Nós **poderemos/poderiamos** pinta-la nosa casa de branco este verán.
5. Eu penso que **sairá/sairía** facendo algunha das súas.
6. ¿Sabes se o tren **sairá/sairía** para Ourense? É que coido que hai folga.
7. **Podería** coidarse mellor o medio ambiente pero non se fai.
8. Sempre **caberá/cabería** esa posibilidade.
9. ¿De que mente antigalega **sairía** a idea de queima-los montes?

Lección 72

1. Sempre que **conduzo** sóbeme a velocidade á cabeza.
2. Otero **traduciu** a Joyce cando case ninguén o **coñecía.**
3. Asegúrame que os portugueses **conducen** coma tolos.
4. **Traduce** dúas horas ó día porque dixo que quería aproba-lo latín dunha vez, pero que **traduza,** que, ¡boa falta lle fai!
5. «Cando vostede **conduza** mellor e **coñeza** o Código, non teña medo que non o habemos de multar» —díxolle o garda de tráfico.

Lección 73

1. Cando ti **saias,** eu tamén **saio.**
2. Para que eu **traia** o coche tes que me deixa-las chaves.
3. Fómonos porque non **oiamos** nada con tanto ruído.
4. Este neno **distráese** con calquera cousa.
5. A el **dóelle/doíalle** aquí detrás, nas costas, pero xa foi ó médico.
6. Eu **moio** o millo para levalo ó forno.
7. Mira a ver se **remoen** as vacas, senón **traes** máis herba.
8. Estou fixo de que vós o **traiades/traedes** sen sabelo.

Lección 74

1. Eu xulguei mal **a Xoán Caamaño**
   O xuíz xulgaba **o criminal.**
   Non teño criterio para xulga-**la actuación do artista.**
2. El combateu **a Pedro** nese punto.
   Nunca se distinguiu por combate-**lo enemigo.**
   Adicouse a combate-**la peste.**
3. Nin Henrique atura **o neno** nin o neno atura **a Henrique.**
   Non atura **a leria de Carlos.**
4. Limpei **a Nandiño.**
   Limpou ben **o bebé.**
   Pasou a mañá limpando **a casa.**
5. Todos queremos **a Sabela.**
   Quere moito **a súa nai.**
   Queremos **un coche antigo.**
6. Sen querer, feriu **a Xavier.**
   Feríronno-**lo guía.**
   Ferín **os cóbados.**
7. Seguiron **a Farruco** ata a casa.
   Foron seguindo **o espía** por todo Muros.
   Vaite afacendo a segui-**las normas.**
8. Recibiron **a Manolo** todos emocionados.
   Supoño que recibiría-**lo convidado** como el merece.
   Recibín **as cartas** que me enviaches.

Lección 75

1. Non **me** mandaches facer iso, polo tanto non **cho** fago.
2. Téño**lles** medo ós raposos, pero non **lles** teño medo ós cans.
3. ¡Deus **te** colla confesado!
4. Non **me** sabe o xantar se non **lle** botas un pouco de sal.
5. ¿A quen **llo** dicides? Parécе**me** que estades enganados.
6. Repíto**vos** que vimos unha denosiña no galiñeiro.
7. Multáro**nos** por cortaren unha sobreira e máis un carballo.
8. Deixámos**che** as chaves que **nos** deixaras onde **nos** dixeras.

Lección 76

1. Metémo**nos** no cine despois de tira-la entrada, puxémo**nos** a ve-la película e como non **nos** gustaba, marchamos.
2. El deu**me** una labazada na meixela, e eu dei**lle** unha pancada na canela.
3. Vou**che** dar un grolo de cervexa.
4. Non **che** vou dar un grolo de cervexa.
5. Dixo que **che** ía dar un grolo de cervexa.
6. Agora vou**che** dar un grolo de cervexa.
7. Miña nai coseu**me** un mendo no pantalón.
8. Paréce**me** que non vou poder ir hoxe ó traballo.

Lección 77

1. Miña nai vai **en** Lalín.
2. Onte fomos **á** Pobra do Caramiñal de testemuñas dun xuício.
3. Mañá iredes **á** Ortigueira nunha barquiña de prata.
4. Miña avoa vai **en** Xinzo de Limia.
5. Hoxe irán a **Boiro** nun coche que corre coma un lóstrego.
6. Agora mesmiño van **en** Sobrado dos Monxes.
7. Agora mesmo van **en** Mondoñedo.

Como se observa polos exercicios, a construcción **ir en** soamente pode referirse ó presente. Pode aparecer cunha forma de futuro, pero se esta se emprega con valor de dúbida ou posibilidade presente: —¿Onde está Xoana? —Eu qué sei, **irá en** Muros.

Lección 78

a) Traballar, traballares, traballar, traballarmos, traballardes, traballaren, estudiar, estudiares, estudiar, estudiarmos, estudiardes, estudiaren (escampar): é un verbo impersoal, non se conxuga.
mollarme, molláreste, mollarse, mollármonos, mollárdesvos, mollárense.
ver, veres, ver, vermos, verdes, veren.
ir, ires, ir, irmos, irdes, iren.
mudarme, mudáreste, mudarse, mudármonos, mudárdesvos, mudárense.

Lección 79

a).—
1. De **vivires** aquí, aprende o galego.
2. Ó **calardes** contaréivo-lo que tiña pensado facer.
3. Por iso mesmo, por **sermos** máis listos, ti non o debías dicir.
4. Despois de **probárelo,** eu non quixen saber máis nada.
5. Non foi doado velo antes de **saírmos** do concerto.

b).—
1. **Así como cheguen,** nós marchamos: **Ó chegaren,** nós marchamos.
2. **Despois de que xungámo-las vacas,** vou leva-lo carro: **Despois de xunguírmo-las vacas,** vou leva-lo carro.
3. **En atopándoo** disllo da miña parte: **Ó atopárelo,** disllo da miña parte.
4. **Para que coñezades** tanta xente, tivestes que ter vida social: **Para coñecerdes** tanta xente, tivestes que ter moita vida social.
5. Foi un milagre del **que esteades hoxe neses postos:** Foi un milagre del **estardes** hoxe neses postos.

Lección 80

1. Para **falares** ben galego cómpre que estudies un pouquiño.
2. Ó **marcharmos** pecha ben a porta e non deixes entrar a ninguén.
3. Despois de **probárdelo** veredes que é un coche estupendo.
4. De **sabéreno** non farían o tolo como fixeron.
5. Ó **saírdes** do cine, colléde-lo coche e vides á nosa casa.
6. **Estares** ti empregado nun banco non é calquera cousa.

Lección 81

1. Desde o cume do monte víase unha bonita **vista.**
   A túa amiga foi **vista** hai días cuns amigos do Brasil.
2. Nese país seguen en **estado** de sitio.
   Ter **estado** en París non lle serviu de moito.
3. Nesa crónica relataban os **feitos** e fazañas de Percival.
   Despois de **feito** o atraco marcharon nunha moto de cor verde.
4. Anda con **coidado** que ese cuarto está moi escuro.
   Ten experiencia por ter **coidado** moitos velliños nese asilo.
5. **Colleita** mollada é media anada.
   Colleita a roupa xa te podes adicar a outros labores.
6. A **saída** do avión con destino ás Canarias está prevista para as cinco da tarde.
   Déronse varias desercións aínda non ben **saída** a carreira de Ourense.
7. Coido que por aquel **dito** xa se identificou abondo.
   Téñoche **dito** o verdadeiro nome dese xogador de balonmán varias veces.
8. Suspenderon no último momento a **volta** ciclista a Galicia.
   Cómpre que o fagades axiña para que a carta sexa **volta** dentro do prazo fixado.

Lección 82

1. **Antonte** foi mércores, **hoxe** é venres e **mañá** é sábado.
2. Por **alá** abaixo pasa o río e a auga pasa tan a modo que case non se oe.
3. **Pasadomañá** falaremos co rector, por iso é necesario que hoxe non teñamos ningunha dúbida sobre o que lle imos dicir.
4. Vou a esa librería e **alí** espérote.
5. Estabas tan **lonxe** que non te chamei.
6. **Aí** te-lo paquete cos libros que me pediches **trasantonte.**

Lección 83

1. Xunta ó río, diante daquel piñeiro había un niño caído.
2. A miúdo dirixeseme levantando o ton de voz.
3. Había unha cova detrás das pólas (ramas) onde aniñaban os paporrubios.
4. ¿Onde está a rúa do Peixe Colorado (Vermello)? Por alí siga andando e veraa.
5. As veces non sábe-lo que dis e así non vas a ningunha parte.
6. Aí tes a Xoán, case sempre é moi puntual, aínda que por veces non chega nunca.
7. Nalgún sitio estarán as patacas que mercaches antonte.

Lección 84

1. Se non conduces a modo e con coidado poderás ter un accidente.
2. É moi sinxelo, faino de vagar e xa verás como dese xeito non terás problemas.
3. Así é mellor: non volverán a facelo desa maneira.
4. Non fixeches nada ó dereito, todo o fixeches sen tino: non é raro que o collera a feito.
5. Estou facendo estes mapas e asemade vendo a televisión.
6. Nin ben nin mal, nin mellor nin peor, sinxelamente diferente.

Lección 85

1. Non, a casa esta**che** ben feita pero mal orientada.
2. O rapaz sábe**vos** francés pero en matemáticas merécevo**s** un cero.
3. Os donos destoutra taberna dan**vos** un ribeiro ben bo.
4. Eu construín**che** o garaxe por moito menos.
5. Dóen**lle**me ben os cadrís.
6. Há**iche**lles que mercar un cadro para a sala.
7. **Élles** unha tartaruga (un sapoconcho), córre**lles** os cen metros en vinte segundos.

Lección 86

1. Si, escoitámo**las** / Non, non **as** escoitamos.
2. Si, queríao / Non, non **o** quería.
3. Si, súbo**o** / Non, non **o** subo.
4. Si, dígo**cho** / Non, non **cho** digo.
5. Si, merquei**na** / Non, non **a** merquei.
6. Si, téño**cho** / Non, non **cho** teño.
7. Si, cóubo**nos** / Non, non **nos** coubo.
8. Si, podo. / Non, non podo.
9. Si, sigo / Non, non sigo.

Lección 87

1. Díxo**me** que non **lle** comentase nada.
2. Non **nos** deu o que **lle** esiximos.
3. Mañá abrira**se** a veda do coello.
4. Xa **che** dixen que non **o** avisaras, que xa o facía eu.
5. Téño**che** dito que non **lles** fagas iso.
6. Agora recólles**me** todo ese rebumbio.
7. ¿Daras**me** lume ou terei**no** que coller eu?
8. Díxo**lle** que en canto espatuxase o neno **lle** dese o biberon.

Lección 88

1. Esa horta é tan grande **coma** a túa.
2. Vogar nunha gamela é **coma** viaxar en avión pero máis canso.
3. Calou **como** (**coma**) se non soubese do que lle estaba a falar.
4. A tua nai é tan falangueira **coma** ti.
5. Ás veces non é tan parvo **como** parece.
6. Esta leira está de poulo, non **coma** (**como**) cando vivían os teus avós.
7. Segue sendo tan teimosa **coma** unha mula.
8. Nin **coma** ti, nin **coma** nós, é aínda moito máis alto.

Lección 89

1. Prefiro xogar **cos** meus **ca cos** teus.
2. Fixeron a escola máis grande **do que** eu pensaba.
3. Sérveme mellor a min **ca a** ti.
4. **Coa** chegada de Colón a América abríronse novos horizontes para Europa.
5. Goréntame máis o caldo de berzas **có** de grelos.
6. É máis obediente **cos** avós **ca** ti **cos** teus pais.
7. Xacobe, **coas** súas grandes alancadas non corría máis **ca** nós.
8. Escribíronlle máis cartas á túa irmá **ca á** miña curmá.
9. Este pan está máis reseso **do que** pensabamos.
10. Non houbo viño que máis me soubese **ca** aquel do teu tío.
11. Afacíase mellor a ir tódolos días ó bar **ca ó** instituto.
12. Ela non era moito máis guapa **cás** outras, pero queríalle máis **ca á** mellor das súas amigas.

Lección 90

1. O xogador foi sacado do campo nunha padiola (en angarellas).
2. O orballo que caera sobre a cidade cando saímos a pasear parecía que non nos mollaba pero empapounos.
3. ¡Pobriños, tordeando (abaneándose) pola rúa coa borracheira (chea) que levaban!
4. Dixo que me viría visitar contra as oito do serán.
5. Non fora nada fácil convencelos de que non molestasen a egua.
6. Sentín noxo, estiven a piques de (houben) vomitar (gomitar), pero contívenme e funme.
7. A billa non paraba de pingar (gotear) e por arranxalo (arregralo, amañalo) ripoume o fontaneiro oitocentas pesetas.
8. O seu curmán ten présa por marchar, ten que estar no traballo antes das nove e media.

Lección 91

1. Marchou da casa sen dicir nada (res).
2. Canso moito ó correr porque fumo coma un lagoeiro.
3. ¡Cala! Téñoche dito mil veces que non soporto (aturo) as túas parvadas (fatadas).
4. Están sempre serios, non rin nunca, ¡que xente máis aburrida!
5. Cando saltaba o muro caeu do cabalo e rompeu un pé.
6. Baixa de aí, non me gusta que subas ás árbores.
7. Morreu o canario, na casa mesmo o can está magoado (apenado).

Lección 92

1. O presidente fixo **coma quen que** (**como que**) non oía e marchou.
2. Ese xogador é un chaíñas, esbardalla máis **do que** xoga.
3. O mestre explícase ben claro, non sei porque fas **coma quen que** (**como que**) non entendes.
4. Traballa menos **do que** dorme, e come máis **do que** estudia, ¡ese rapaz é un lacazán!

Lección 93

1. **Cómpre** non esbardallarmos na casa dos seus pais.
2. **Fai falla** acender (prender) un misto para veres na escuridade.
3. **Hai que** mercar unha casaca verde e dúas carautas para a obra de teatro.
4. **Cómpre** estudiaren a lección por se pregunta o profesor.
5. **Fai falla** que gañe un bo soldo se quero alugar un piso xeitoso.
6. **Hai que** pensalo ben antes de falar para non dicir parvadas.

(en calquera caso pode vostede empregar calquera das tres expresións que lle damos).

Lección 94

1. **Quizais** sintas (**se cadra** sentes) que se fose pero el non o sente.
2. Por moito que digas que os tempos cambiaron **quizais** eles non te perdoasen.
3. **Tal vez** se adicou a iso porque non lle quedou outro remedio.
4. **Disque** o asasinaran ó amencer (amañecer).
5. **Seica** ó lusco-fusco (solpor, serán, á noitiña) haberá unha festa de despedida.
6. **Se cadra** (**igual**) non foi ela quen o mandou asasinar.

Lección 95

Ó día **seguinte** a **avoa bebeu** un grolo de leite **frío** e despois botouse a andar pola **estrada** cara á vila. Polo camiño atopouse cunha **parella** da **Garda** Civil. Chegou á casa da Maruxa e viuna coa cabeza toda mollada porque acababa de **lava-lo** pelo. Despois de falaren animadamente escolleron entre as dúas o **coello** máis prestoso e empezaron a **preparalo.**

Lección 96

A meus irmáns **divírtenos** moito esas películas de cine cómico pero miña nai non llelas deixou ver e **mandounos** ir **corta-lo** pelo. Pararon nun bar a **beber** uns refrescos e logo como xa era tarde **non o** puideron cortar. De volta atopáronse cun dos seus amigos que **os saudou** desde o outro lado da **rúa** cun berro e cunha **gargallada** ben grande polo que xa non houbo tal volta, senón que se foron convidar de novo ó bar do que acababan de **saír.**

Lección 97

c).—
1. O acusado confesou **perante** o xuíz durante case dúas horas.
2. **Durante** moitos anos foi presidente da república.
3. Temos que esforzarnos cada día máis **perante** esta situación inxusta para a nosa lingua.
4. **Perante** a discoteca dicía unha pintada «A vaca que vai moito á feira non é a que máis se vende».
5. Agardaron **durante** hora e pico por nós **perante** a vosa casa.

Lección 98

1. Andou detrás del **ata** que o conseguiu.
2. Mira ese chafariz de auga, parece que vai chegar **deica** o ceo.
3. Pasou a vida a aforrar **ata** que morreu, **ata** na tumba segue a aforrar.
4. Imos **deica** o bochinche de alá, alí si que teñen bo viño.
5. Non che emprestarei máis nada **ata** que me devolvas todo o que me debes.
6. **Ata** que lle buscou as beiras non parou, por iso levou unhas boas labazadas.
7. O imperio romano espallou o latín **ata** Romenia.
8. **Deica (ata)** mañá, **deica (ata)** logo e abur son fórmulas de despedida.

Lección 99

1. Ía eu cara á praia na moto cando vin o accidente.
2. ¡Móvete rapariga! Estás feita unha lacazana.
3. Mentres eu preparo a comida ti vai poñendo (pondo) a mesa.
4. Se choras porque perdiche-lo sol, as bágoas non che deixaran ve-las estrelas.
5. ¡Calade un pouco! Con tal rebumbio (balbordo, barullo) non consigo escoita-lo que me di.
6. Morro de ganas (debezo) por velo. É tan guapo, tan alto, tan...
7. O leite e o mel son dous alimentos indispensables para medrar.
8. Mañá xantaremos sardiñas asadas con pan de millo.

Lección 100

1. Este rapaz ten uns coñecementos de arte xaponesa moi **por riba** dos teus.
2. Te-lo billete para a viaxe **derriba** da mesa.
3. Ese departamento está no piso de **arriba**. O de **abaixo** deixouse para dar clases.
4. Tirouse ó chan e púxose **enriba** del de maneira que lle petou (bateu) en toda a cara sen compaixón.
5. **Por debaixo** destas terras corren ríos subterráneos que poderían ser aproveitados para construír pozos e rega-los campos veciños case desérticos.

Lección 101

1. Veu esta tarde **onda** Xacobe.
2. Vou **onda** o médico **canda** meu irmán.
3. Creo que o vin **ó pé deles.**
4. Estabas contento de volver a tela **canda** ti.
5. Subiu ó monte **canda nós.**
6. Agora me lembro cando cheguei **cas** Pepiño.
7. Atopámolos **cabo de** vós.
8. Veu **canda** min ata **ó pé do** río.
9. Agarda que vou **canda** ti porque che teño que contar unha cousa.
10. Foron a Arzúa pero estes non foron **xunta** el.
11. Traede a Xacobe **canda** vós e non lle deades máis voltas.

Lección 102

a)
1. **Cortárame** o pelo o barbeiro da rúa Vilar Ponte.
2. Se me **quixeses** facer este favor agradeceríacho de verdade.
3. Xa llo **dixera** moitas veces e non me quixo facer caso.
4. Aínda que ma **deixase** nunca sabería como funcionaba esta radio.

b)
1. Díxome que xa **fixera** o seu traballo.
2. Se llelo **deses** cando volo pediron, non andarías agora preocupado.
3. Por moito que a **quixese** nunca faría esa parvada por ela.
4. Xa **marchara** cando empezou a berra-lo neno da veciña.
5. Para que **quencese** deberiádeslle dar ó máximo á cociña.

Lección 103

1. Celebramos unha festa **co gallo do** día das Letras Galegas.
2. Achegóuseme picaramente **co gallo de** pedirme lume.
3. **Por culpa** dos chafalleiros a instalación ten fallos.
4. **Con motivo** do seu aniversario regalámoslle un ramo de caraveis vermellos.
5. Non teño cartos, **xa que logo** non podo ir ó teatro.

Lección 104

1. De **saberdes** que aquel camiño estaba embruxado non iríades por el.
2. Ó **marchares** deixa arrimada a cancela.
3. É un milagre **virdes** de cando en vez sega-la herba.
4. **Estares** así non é normal, veña home, imos dar unha volta.
5. De **sabérdelo** non fariáde-las parvadas que fixestes.
6. Ó **saíres** da nosa casa esqueciches dicir que non ías volver ata Xaneiro.
7. Ó **poñermos** a arrefece-las bebidas démonos conta de que non había xelo.
8. De **faceren** os exercicios cando lles mandou o mestre os farían agora ás carreiras.

Lección 105

1. Anoitece. Unha laparada vermella apágase no solpor. A chuvia cae de cando en vez.
2. Xa é hora de que te deas conta (decates) do que pasou: que non morriches ¿sabes?, e que te estamos agardando.
3. Seguirá connosco/onda nós/canda nós para sempre-dixera rexamente o crego.
4. O asasino actuou como se coñecese moi ben as víctimas, os seus costumes a súa casa, ata o máis agachado do cuarto.
5. Unha bomba que esnaquiza seres vivos, que aniquila o cerebro sen destruír un alfinete.
6. Antonte escoitei unha información que me deixou aparvado; unha cadela pariu dezaoito cadelos.

Lección 106

1. Cando saía deuse conta (decatouse) de que nunca máis, mentres (en canto) vivise, podería volver a entrar na súa casa.
2. Así que (ó que, en canto) o souben recollínllelo todo.
3. Aínda non o escoitara ben cando de súpeto se ergue e se pon a berrar coma un tolo: «Fuches ti o que o dixo: 'desde hoxe o que chegue tarde, ¡á rúa!'».
4. Non me deixaba outra opción: en canto a tivese seguro iríame.
5. Así que marchou, o galiñeiro volveu a alborotarse.

Lección 107

1. Aínda que mo dixese mil veces, non entendía as súas palabras.
2. Por máis que o desexes, tes que traballa-la sorte, nada chove do ceo.
3. Déixame que o faga eu, sequera un pouquiño.
4. Aínda que fun á clase non entendín a explicación.
5. Por máis que queiras non aprobarás con ese mestre, anque sexa un bo educador non sabe explica-la materia e tampouco corrixe con xusticia.

Lección 108

Riu a morte, asubiou cos dedos, e unha muller acudiu voando coma un paxaro. Na súa face estaba escrita a palabra andazo e seguíanas arredor unha grea de raposas. Coas súas ás cubriu o val e non quedou home vivo. Viuse deitado na cuberta dun formidable galeón no que bogaban cen escravos. Á súa beira sentado nunha alfombra ía o patrón da nao. Era mouro coma un acibeche e levaba na cachola un molido de seda vermella.

Lección 109

1. Agardeite un anaco para que viñeses comigo.
2. Se non che gustaba non tiñas porque poñerte a chorar desa maneira.
3. Berraba coma un tolo e así non había quen se entendese.
4. Agradezoche que non me constrúa-la casa ó pé dese outeiro.
5. Atribuiu aquilo a unha trasnada deses rapaces.
6. Ía cara a Fisterra cando de súpeto me lembrei de que non levaba tódolos papeis necesarios para arregrar ese asunto.
7. Para que te deas por enteirado volvereicho a repetir unha vez máis: embaixo está a sala de lectura.
8. ¿Por que che parece que hoxe non fai calor?
9. Hai tempo vimos unha fervenza mais fermosa ca esta.
10. ¡Que de xente! ¡Na miña vida vira unha cousa igual!

Lección 110

b)

1. Onte foi corta-las guedellas para ir ben composto á voda do seu irmán. O Paco casa o venres cunha chavaliña moi xeitosa que vén sendo de alá de Brandulfe. Só lle pido a Deus que sexan moi felices, porque xa bastante sufriu a nai para sacalos adiante. Aínda me acorda cando eran uns mocosos e andaban arrastras polo chan, ¡Que rapaces aqueles! ¡Eran trastes coma o defunto do pai! (¡Que Deus cho teña na gloria!). Pois éche así a vida, nós imos indo vellas e os nenos xa son homes...

Lección 111

1. Estaban rindo uns e outros, pero creo que os teus amigos rían máis ca nós.
2. Traballou máis ca min porque non lle quedaba máis remedio.
3. Aínda que llo demos a entender non quixo facernos caso. Ó final comprouna de acibeche.
4. ¿Para que queres asina-lo exercicio con vermello?
5. Déronlle unha malleira e tiveron que ir ó xulgado.
6. Fuxiu coma un cobarde. Por iso non lle volvín a falar.
7. Co gallo do vixésimo aniversario da súa morte houbo grandes manifestacións populares.


Lección 112

1. Estar a rifarlle: duración «estar rifándolle».
   Darlle por saloucar: comenzo de acción incontrolada «dar en saloucar».
2. Botar a correr: inicio dunha acción «empezar a correr».
3. Estar a agardar: acción que está ocorrendo «estar agardando».
4. Ter que acabar: necesidade «cómpre que acabes».
5. Dar acabado: posibilidade de acción ata a fin «conseguir acabar».
6. Estar para pechar: acción inminente «estar a punto de pechar».

Lección 113

1. Ir contar: intención e inicio da acción «que ten ganas e que vai contar agora o conto».
2. Levar cavado: acción que se daba no pasado e que se vai acumulando.
3. Poñerse a traballar: comenzo brusco da acción «botarse a traballar».
4. Estarse acabando: duración do significado da acción expresada polo xerundio «acabando».
5. Poñerse a aprender: acción principiada repentinamente.
6. Ir tentando: desenvolvemento gradual da acción.
7. Vir durmindo: progresión da acción durativa comezada no pasado.
8. Ter visto: pasado reiterativo, acción pasada repetida varias veces.
9. Estar a comer: acción durativa equivalente ó xerundio «comendo».

Lección 114



Lección 115

1. A avoa pasaba todo o día a varrer.
2. O avogado foi en automóbil á voda.
3. Ó lonxe divisábase un vulto no ceo, era un avoitre negro.
4. Non lle metas mais quilómetros ó coche que lle vas rebenta-lo motor.
5. Era unha bruxa moi especial, non ía montada nunha vasoira, senón nun cabalo.
6. Cando hai baleiro político o pobo toma a iniciativa.

Lección 116

(Non hai exercicio).

Lección 117

«Galicia, como grupo étnico, ten dereito a dignifica-la lingua que o seu propio xenio creou, porque é unha lingua capaz de ser vehículo de cultura universal, porque lle serve para comunicarse cos pobos de fala portuguesa, porque non ten outra mellor para expresa-los seus sentimentos e porque perdéndoa xa non lle quedaría razón de existir. Se Galicia non reclamase a oficialidade do seu idioma e o dereito a usalo como lingua vehicular de ensino ¿podería presumir de capacitación política para rexe-la súa vida? Porque a conciencia da propia personalidade e os anceios de salva-la imponderable riqueza do seu espírito son a garantía moral que Galicia ofrece para merece-la liberdade».

Lección 118

1. Dálle un consello dos da túa colleita.
2. Dime con quen andas e direiche qué necesitas.
3. Dáme o mesmo, irei rapidamente pór fóra eses pesados.
4. Fora el, pero non lle dixen nada.
5. Éche unha triste desgracia vivir nun país no que a xente non dá mérito a súa lingua.
6. Cómpre que vaiades, mais se non queredes é cousa vosa.
7. ¿Queres que levémo-las cousas? Levádeas.

Lección 119

«Nós imos supo-lo feito de que, non se dictou ningunha ordenanza real prohibindo a lingua galega nos documentos públicos pero é indiscutible que só eran válidos os documentos redactados en castelán, na lingua oficial de España. Nós imos supor que xamais se dixese «queda prohibido usa-lo galego»; pero é indiscutible que só se ensinou o castelán nas escolas e que os galegos non podían escribir e le-lo idioma que falaban. ¿Houbo ou non política asimilista? «O galego —din— é unha lingua rústica». Imos supor que non é máis ca iso pero ninguén pode negar que aínda existe. Este regocixo e a súa condolencia finxida estaría no seu punto se Galicia falase castelán; pero aínda fala galego, anque non saiba escribilo e lle custe traballo lelo. Calquera persoa pode decatarse de que a lingua da meseta non se impuxo pola forza da súa cultura, pois os galegos aínda preferimos a nosa lingua rústica a que nos impoñen. Non hai dúbida de que Galicia conserva o seu idioma porque con ningún outro pode expresa-las súas ideas e os seus sentimentos, é dicir, a súa cultura; e polo tanto, non hai para que falar da superioridade cultural castelá, a non ser que ignorémo-lo valor da verba cultura».

Lección 120

1. Nós de pequenos caïamos sémpre do berce.
2. Mentres facía a bogada oïáde-la radio.
3. Soñei que saïamos dun gran caldeiro de xelo ardendo en lapas, ¡Que pesadelo!
4. Vós moïáde-lo millo no muiño e a vosa avoa entre tanto enrolaba os novelos de la que tirara o gato polo chan.

Lección 121

Desde Cee, a estrada de dez quilómetros leva á embocadura do río Xallas ou Ézaro ó pé do monte Pindo, que forma unha das paisaxes de maior emoción de Galicia. Modernamente construiuse a ponte preto da embocadura combatida polas mareas. Son espléndidas as praias de Ézaro e Pindo frente ós illeus Corromeiro, Lobeira (grande e pequena) e os cons chamados «Bois». Ó pé do Pindo, o río lánzase en soberbia fervenza dun treito, a mellor de Galicia, a curta distancia do mar. O monte, formado por enormes masas de granito, adopta unha forma de grave testa, e aínda florecen nas súas fendedelas as figueiras bravas de que falan o Padre Sarmiento e Jovellanos nas súas notas de viaxe. Chamáronlle un dos Olimpos célticos de Galicia e é en verdade, un dos máis fermosos montes litorais dela.

Lección 122

As estadísticas demostran que o tabaco é mortal. Sen embargo, á xente non lle gusta que se lle prohiba unha cousa, e por iso as campañas anti-tabaco, coma calquera outra «anti», teñen que estudiarse detidamente. Así, en Francia, unha campaña que tiña por obxectivo convence-los xoves de entre 10 e 18 anos de que non deben fumar tivo en conta que a xente nova rexeita a dramatización e as ordes e que xustifica o seu costume de fumar porque así adquiren a posición de adultos dentro dun grupo. A axencia encargada da campaña, tomando en conta este aspecto psicolóxico, artellou unha situación «explosivo - cómica» para supera-lo problema. O xesto do non fumador presentouse coma un xesto de independencia. Tívose a habelencia de non ataca-lo tabaco, senón de manter distancias con relación ó cigarro.

Lección 123

Nacemento (sust.): Acto ou efecto de nacer, brotar, aparecer / Orixe, estirpe, casta / Causa, principio. **Nacencia** deriva do v. **nacer.**
Nacer (v.): Vir ó mundo / Comenzar a ter vida / Saír do ovo / Comenzar a brotar / Aparecer / Principiar / Formarse, constituírse.
Lucimento (sust.): Acto de lucir(se).
Lucir (v.): Emitir luz, brillar / Lucirse (v.): Demostrar sabedoría ou ben facer.
Sufrimento (Sust.): Acto ou efecto de sufrir.
Sufrir (v.): Experimentar dor / Padecer, soportar.
Crecemento (sust.): Acto ou efecto de crecer / Desenvolvemento progresivo.
Crecer (v.): Aumentar en número, tamaño ou intensidade / **Medrar**.
Rexemento (sust.): Acto ou efecto de rexer / Goberno, dirección, réxime / Corpo de tropas.
Rexer (v.): Gobernar, dirixir, administrar.
Abatemento (sust.): Acto ou efecto de abater.
Abater (v.): Baixar de posición, derribar, abaixar / Abaterse (v.): Pórse triste.
Esmorecemento (sust.): Acción ou efecto de esmorecer.
Esmorecer (v.): Desalentar, afrouxar, perder ou facer perde-lo ánimo ou o vigor.
Rendemento (sust.): Acto ou efecto de render / Lucro, proveito / Nunha transformación de enerxía, relación entre a enerxía útil e a enerxía fornecida ó dispositivo transformador.
Render (v.): (tr.) Suxeitar, dominar / Entregar / Conmover // (intr.) Dar de si, dar lucro. **Fundir**.
Atrevemento (sust.): Acto ou efecto de atreverse, audacia / Petulancia, afouteza.
Atreverse (v.): Determinarse ó que é difícil ou arriscado. **Arriscarse, ousar**.
Desenvolvemento (sust.): Acto ou efecto de desenvolver / Progreso, aumento. É preferible empregar esta palabra e non **desenrolo**.
Desenvolver (v.): Desembrullar, tirarlle a envoltura a algo / Facer medrar, progresar. É preferible esta palabra a desenrolar no sentido de «progresar».
Asoballamento (sust.): Acción ou efecto de asoballar / Vexación, aldraxe. **Asoballo**.
Asoballar (v.): Pasar por enriba dun cultivo, estragándoo / Abater, humillar, vexar / Aldraxar / Suxeitar, render a obediencia; exercer dominio con violencia e inxusticia.
Doutoramento (sust.): Acto ou efecto de doutorar ou doutorarse.
Doutorar (v.): Conferi-lo grao de doutor / Doutorarse: adquiri-lo doutorado, o grao de doutor.
Atraente (adx.): Que atrae, agradable. **Atractivo**.
Atraer (v.): Facer aproximar / Seducir, encontrar.
Xacente (adx.): Que xace.
Xacer (v.): Estar deitado / Estar sepultado / Permanecer.
Pertencente (adx.): Que pertence; propio, relativo, concernente.
Pertencer (v.): Ser propiedade ou facer parte de.
Nacente (adx.): Que nace, que comenza a aparecer// (sust.): Lado onde nace o sol, oriente / Lugar onde brota auga, fonte.
Decadente (adx.): Que está en decadencia.
Decaer (v.): Estar en decadencia, baixar, declinar; perde-lo vigor, empobrecer.
Recendente (adx.): Que recende, que cheira moi ben.
Recender (v.): Exalar cheiro agradable, ter cheiro forte e agradable. **Arrecender**.

Lección 123 (Continuación)

Vidente (adx.): Que ve/ Persoa que ten visións, que adiviña.
Ver (v.): Exerce-lo sentido da vista.
Pendente (adx.): Que pende ou está suspenso / Que non está aínda resolto // (sust.): Costa, encosta.
Rexente (adx.): Que rexe ou dirixe // (sust.): Persoa encargada de gobernar provisionalmente.
Esixente (adx.): Recto, que pide moito, que esixe.
Esixir (v.): Reclamar en virtude dun dereito / Ordenar imperiosamente / Precisar absolutamente.
Doente (adx.): Que padece enfermidade ou está falto de saúde / Referido ás persoas, irritado, enfurecido / Referido ós cans, rabioso, que padece rabia.
Doer (v.): Ter ou producir dor.
Continente (adx.): Que contén / Que observa continencia, casto // (sust.): Cada unha das grandes extensións ininterruptas de terra da corteza terrestre.
Conter (v.): Ter dentro de si, encerrar, incluír, abranguer / Reter, enfrear.
Corrente (adx.): Que corre / Actual, vulgar, habitual // (sust.): Curso de auga / Movemento ordenado de cargas eléctricas.
Correr (v.): Andar con velocidade / Circular, pasar, ir pasando / Decorrer / Deslizar / Divulgar / Perseguir / Percorrer.
Delincuente (adx.): Que delinque.
Delinquir (v.): Cometer un delito ou falta.
Fervente (adx.): Que ferve / Fervoroso, ardente. **Afervoado**.
Ferver (v.): Quentar un líquido ata que bula.
Servente (adx.): Persoa que serve / Criado, servo / Axudante dun oficial / Home ou muller que fai recados.
Servir (v.(: (tr) Estar ó servicio de, prestar un servicio a / Auxiliar / Fornecer, proporcionar, administrar // (intr) Valer / Servirse: Valerse, utilizar, facer uso.

Lección 124

Despois daquela conferencia, o catedrático esixiulles un novo sacrificio ós rapaces. A fatiga do solpor reflexábase na distancia chea de amargura, un veo misterioso apousou sobre a terra, era un espectáculo de altura metafísica, unha chea de soidade que prendía coma o lume nos nosos folgos vitais.

Lección 125

a) ciencia - científico
ambiente - ambientar
eficiente - eficacia
suficiente - suficiencia
consciente - conciencia
obediente - obediencia
oriente - orientar

b) avenza - avirse
crenza - crer
descrenza - descrer
doenza - doer
fervenza - ferver
habenza - haber
mantenza - manter

c) pertenza - pertencer
aparencia - aparentar
paciencia - padecer
experiencia - experimentar
resonancia - resoar
vixilancia - vixiar
herdanza - herdar
conveniencia - convir

Lección 126

1) 1—buscar .... busca
2—conversar .... conversa
3—engadar .... engado
4—escoller .... escolla
5—estrear .... estrea
6—obrigar .... obriga
7—perder .... perda
8—render .... renda
9—subir .... suba
10—vender .... venda

Buscar (v.): facer algo para atopar, achar ou encontrar unha persoa ou cousa. **Procurar.**
Busca (sust.): acción de buscar. **Procura.**
Conversar (v.): falar unha ou varias persoas con outra ou outras.
Conversa (s.f.): acción de conversar. **Conversación.**
Engadar (v.): atraer con **engado.** / Enganar con promesas ou artimañas.
Engado (s.m.): cebo para capturar peixes ou outros animais.
Escoller (v.): coller ou elixir unha ou máis persoas ou cousas entre varias outras.
Escolla (s.f.): acción de escoller.
Estrear (v.): usar por vez primeira. Representar por primeira vez un espectáculo público.
Estrea (s.f.): acción de estrear.
Obrigar (v.): poñer como debe, forzar.
Obriga (s.f.): imposición ou esixencia / Documento notarial ou privado en que se recoñoce unha débeda ou se promete o seu pago / Papel que impón o pagamento dunha cantidade nun tempo determinado / **Obrigación.**
Perder (v.): deixar de ter, ou non atopar, unha cousa que se posuía / Estregar unha cousa / Dito de xogos ou acción en que existe rivalidade, non obte-la victoria.
Perda (s.f.): acción de perder / Carencia, privación do que se posuía / Cantidade ou cousa perdida.
Render (v.): vencer, suxeita-lo enemigo / Dar utilidade unha persoa ou cousa. **Fundir.**
Renda (s.f.): utilidade ou beneficio que rende periódicamente unha cousa, ou o que debe se cobrar / O que paga en cartos ou especies un arrendatario. / **Alugueiro.**
Subir (v.): transportase ou elevase a lugar máis alto, ir para arriba. **Elevar, ascender, erguer.**
Suba (s.f.): acción e efecto de subir / Especialmente alza de prezos.
Vender (v.): traspasar a outro por un prezo a propiedade que un posúe.
Venda (s.f.): acción e efecto de vender / Contrato polo que se transfire o dominio alleo unha cousa propia polo prezo pactado.

2) Indicámoslle entre parénteses a lección en que aparecen definidas algunhas palabras:

acougar (91) .... acougo (139)
achegar .... achega
agasallar (125) .... agasallo (46)
aloumiñar (79) .... aloumiño
amañar (29) .... amaño
antollar .... antollo (129)
apertar .... aperta (63) aperto
arrepiar .... arrepío
asubiar (80) ....asubío
atallar...................... atallo (47)
avariar (67) .... avaría
beliscar (134) .... belisco
berrar (26).............. berro
brincar .... brinco, brinca
combater (95).......... combate
custar (58).............. custo, custa, custe
choutar .... chouto
debater.................... debate
dubidar .... dúbida (44)
empregar .... emprego
estalar .... estalo
medrar (41)............ medra
misturar (96) .... mistura (66)
procurar .... procura
poxar....................... poxa (143)
saloucar (112) .... salouco
trocar .... troca, troque, troco

Lección 126 (Continuación)

Achegar (v.): aproximar, acercar unha cousa a outra da que está separada / Achega-la porta: entornala.
Achega (s.f.): axuda, amparo / O que se xunta á parte principal, aditamento / **Contribución, contributo** (sen a súa achega sabe deus o que sería dela).
Aloumiño (s.m.): agarimo que se lle fai a alguén para demostrarlle que lle queremos ben (miña nai fíxome un aloumiño).
Amaño (s.m.): arregro, arranxo (Ese reloxio non tén amaño) / Disposición para obrar con maña / Artificio para conseguir algo ilícito, trampa (Gañou con amaños).
Antollar (v.): desexar algo, xeralmente por capricho (Antollóuselle marchar para Beariz) / Figurarse como probable algunha cousa (Antóllaseme que vai chover).
Apertar (v.): cinxir fortemente / Estreitar contra o peito / Comprimir ou reduci-lo volume / Esixir (O noso mestre apértanos moito).
Aperto (s.m.): acción e efecto de apertar / Apuro, perigo (Vímonos nun aperto).
Arrepiar (v.): producir arrepío. **Espantan** / Poñe-los pelos de punta co medo (Arrepíame o que me dis).
Arrepío (s.m.): estremecimento producido polo frío, o medo ou un susto (Deulle un arrepío cando o oíu).
Asubío (s.m.): son que se fai o botar aire polos beizos (Escoitei un asubío no monte) / Instrumento para asubiar.
Atallar (v.): ir por un atallo (se queres chegar antes atalla por aquí) / Cortar, dete-lo curso dalgunha cousa.
Avaría (s.f.): dano que sofre unha máquina (O coche tén unha avaría).
Belisco (s.m.): acción e efecto de beliscar (Encheuse de darme beliscos).
Berro (s.m.): acción e efecto de berrar / Voz moi forte (Oín un berro na carballeira).
Brincar (v.): dar brincos, **choutar, saltar, pular** (Ía brincando de pena en pena) / Xogar, divertirse (Ide brincar por aí).
Brinco (s.m.): acción e efecto de brincar. Movemento que consiste en erguerse do chan verticalmente. **Chouto. Pulo. Salto.** (Peguei un brinco canto te vin).
Brinca (s.f.): acción e efecto de brincar / Broma, diversión (Fomos de brinca en brinca toda a noite) / **Anzó** pequeno.
Combate (s.m.): acción e efecto de combater. **Loita.**
Custa (s.f.): traballo / Cantidade que se paga por unha cousa. **Custe, custo.**
Choutar (v.): brincar, andar a choutos, a pulos (A vaca choutou por riba do valado) / **Brincar, pular.**
Chouto (s.m.): acción e efecto de choutar. **Brinco, pulo, salto.**
Debater (v.): discutir unha cousa (Quedamos debatendo o asunto).
Debate (s.m.): acción e efecto de debater. **Discusiln** (O debate estivo controlado pola oposición).
Dubidar (v.): non estar certo dunha cousa, ter dúbidas (Dubido moito que o fixera el).
Empregar (v.): darlle a emprego a alguén (Empregaron a vinte traballadores) / Gastar, consumir (Empreguei tódolos cartos que tiña nuns zapatos novos).
Emprego (s.m.): oficio, ocupación / Acción e efecto de empregar ou empregarse (Tén un emprego moi bo).
Estalar (v.): rebentar con estrondo (Estalou o foguete) **Estoupar, estourar, explotar.**

Lección 126 (Continuación)

Estalo (s.m.): acción e efecto de estalar. **Estalido.**
Medra (s.f.): aumento, mellora dunha cousa / Crecemento dun rapaz (O Xoán está na medra).
Procurar (v.): tratar de conseguir algo que se desexa. Buscar (Cada un procura o que lle importa) / Coidar, amparar (O que teña fillos que os procure).
Procura (sust.): boa dilixencia ou coidado co que se leva un asunto / **Busca** (Detrás da procura vén a ventura).
Puxar (v.): facer forza contra unha cousa (Cando non acende o coche hai que lle puxar) / Facer presión para conseguir algo / **Poxar.**
Poxar (v.): aumenta-lo prezo posto a unha cousa que se subhasta públicamente. / **Puxar** (Ó final deixei de puxar porque eran moitos cartos para min).
Puxa (s.f.): acción e efecto de puxar / **Poxa.**
Salouco (s.m.): xemido semellante ó hipo que adoita preceder ó pranto (Entre salouco e salouco queixábase) / **Sotelo.**
Trocar (v.): cambiar unha cousa por outra (Os nenos trocan estampas de futbolistas). **Intercambiar** / Dicir unha cousa por outra (O neno trocou a lección e dixo unha que non era) **Trabucar(se).**
Troco (s.m.): moedas miúdas dadas en lugar doutra de igual valor. **Cambio** / Operación consistente en cambiar moedas dun país polas doutro país. **Troca. Intercambio, troque** (¿Fixéche-lo troco dos marcos?).
Troque (s.m.): **troco** cambio / contrato no que as partes se obrigan a dar, respectivamente, unha cousa por outra / **En troques:** pola contra. Indicar a oposición do que se vai dicir co que xa se dixo / **Troque a troque:** Cara a cara.
Troca (s.f.): troco, troque, cambio. Acción e efecto de trocar (Saín perdendo na troca).

Lección 127

1) **Exemplo** (s.m.): todo o que serve como modelo ou para ser imitado.
Exemplar (adx.): que serve de exemplo / (s.m.): Cada individuo dentro dunha especie / Cada unidade da edición dun libro.
Exemplaridade (s.f.): cualidade, do que é exemplar.
Exemplario (s.m.): colección de exemplos.
Exemplificación (s.f.): acto ou efecto de exemplificar.
Exemplificar (v.): pór exemplos para explicar.
Exemplificativo (adx.): que exemplifica.
Puxo como **exemplo** o que se levasen publicados 5.000 **exemplares** dese libro.
2) **Explicar** (v.): facer intelixible unha determinada cuestión.
Explicación (s.f.): esclarecemento dalgo.
Explicador (s.m.): aquel que explica.
Explicativo (adx.): que tén como fin explicar.
Explicable (adx.): que ten explicación.
O mestre tratounos de **explicar** como funciona o sistema de T.V. pero eu coido que é **inexplicable** de non coñercémo-lo medio un pouco.
3) **Prazo** (s.m.): tempo determinado para a realización dunha cousa.
Aprazar (v.): transferir para outro día o prazo marcado. **Adiar.**
Aprazamento (s.m.): acto ou efecto de aprazar. **Adiamento.**
Emprazar (v.): citar a alguén para comparecer nun determinado prazo.

Lección 127 (Continuación)

Para **apraza**-lo examen cumpriría decirllo polo mesmo dentro dun **prazo** máximo de tres días: Así non se aborrecería.

4) **Pracer** (v.): agradar, compracer, gustar / (s.m.): estado afectivo agradable da sensualidade / Satisfacción: **gozo, agrado, gusto.**
Compracer (v.): agradar.
Pracenteiro (adx.): que denota pracer. Agradable.
Non creas, non me **comprace** nin me agrada que as autoridades lle dean o «visto e **prace**».

5) **Praza** (s.f.): sitio público e espacioso rodeado de edificios / Sitio con moitas tendas onde se venden productos de consumo diario. **Mercado /** Posto de traballo.
Desprazar (v.): mudar unha cousa dun sitio para outro.
Reemprazar (v.): ocupa-lo lugar que antes era ocupado por outro.
Desprazamento (s.m.): acción e efecto de desprazar.
Na penúltima xornada da Volta Ciclista a Galicia os corredores bascos **desprazaron** ós galegos dos primeiros postos da clasificación. Mañá na derradeira etapa decidirase quen vestirá o «maillot» amarelo na **Praza** do Obradoiro.

6) **Pranta** (s.m.): vexetal / Parte inferior do pé que pisa o chan / Plano da sección horizontal de construcción, pezas ou obxectos.
Prantar (v.): meter na terra unha pranta para que medre.
Prantación (s.f.): acto ou efecto de prantar/Conxunto de vexetais prantados nun terreo.
Prantador (s.m.): aquel que pranta.
Tamén son válidas as formas cultas con PL-: Planta/Plantar/Plantación/Plantador.

7) **Cumprir** (v.): executar ou levar a cabo puntualmente / Chegar a ter determinada idade. **Facer anos** / Ser preciso ou ser necesario.
Cumpridor (s.m.): que cumpre a perfección unha cousa e sobre todo aquelas que promete.
Cumprimento (s.m.): acto ou efecto de cumprir / Actos ceremoniosos de dignatarios ó xefe do estado / **Observancia.**
Cumprimentar (v.): dirixir ou presentar cumprimentos ou cumpridos.
Cumprido (adx.): completo / longo, abundante / mostra de cortesía. **Cumprimento.**

8) **Empregar, emprego**: ver lección 126
Desemprego (sust.): situación da persoa que non ten emprego. **Paro.**

9) **Reflexar** (v.): facer retroceder ou torna-la luz, a calor ou o sonido nunha superficie lisa.
Reflexo (s.m.): luz reflexada / movemento ou sentimento involuntario producido como reacción a un estímulo.
Reflexión (s.f.): acción e efecto de reflexar / acción e efecto de reflexionar.
Reflexionar (v.): considerar novamente ou de vagar unha cousa.
Reflector (s.m.): aparato óptico que reflexa raios luminosos.
Reflexivo (adx.): persoa que actúa despois de reflexionar.
Irreflexivo (adx.): persoa que actúa sen reflexionar. **Arroutado.**

10) **Fraco** (adx.): persoa ou animal con pouca carne. **Delgado** / Sen forza. **Débil. Feble. Frouxo.**
Enfraquecer (v.): adelgazar / Debilitarse.

11) **Frouxo** (adx.): pouco apertado, pouco tirante / Sen forzas. **Débil, Fraco, Feble.**
Afrouxar (v.): desapertar, deixar máis solto / Debilitar, perder forza.

Lección 128

1) **Gloria** (s.f.): celebridade adquirida por calquera feito heroico ou servicio prestado ás ciencias, ás letras, etc. **Sona, honra** / Ben-aventuranza / O que ennobrece e ilustra.
Gloriar (v.): encher de gloria. **Honrar.**
Glorificación (s.f.): acto de glorificar, ascensión á ben-aventuranza.
Glorificar (v.): dar gloria a alguén / Prestar culto ou homenaxe.
Glorioso (adx.): que dá ou está cheo de gloria.
2) **Regra** (s.f.): instrumento que usamos para face-las liñas dereitas no papel / Leis ou estatutos que rexen certas ordes relixiosas / Normas ou principios, tamén referidas ás ciencias.
Regrado (adx.): prudente, moderado.
Regrón (s.m.): regra grande empregada por canteiros, carpinteiros, etc.
Regrar (v.): trazar liñas co auxilio da regra.
Arregrar (v.): poñer en regra. **Amañar. Arranxar.**
Teña en conta que en relación co semicultismo **regra** «norma» están a palabra patrimonial **rella** «do arado», os cultismos **regulación, regulamento, regular, regularidade, regularizar** e o seguramente préstamo do catalán **reixa.**
3) **Igrexa** (s.f.): conxunto de fieis ligados pola mesma fe en Cristo / Lugar onde se di a misa.
Igrexario (s.m.): conxunto das igrexas dunha diócese / Terras que pertencían a unha igrexa das que o crego cobraba e levaba os desmos de carácter privativo.
Igrexeiro (adx.): propio da igrexa / O que frecuenta igrexas. **Beato.**
Igrexiña (s.f.): igrexa pequena. **Igrexola. Capela. Ermida.**
4) **Claro** (adx.): aquilo que se ve ben ou que a vista pode atravesar facilmente. / (adv.): con clareza, que é doado de entender.
Clareza (s.f.): cualidade do que é claro. **Transparencia. Intelixible.**
Clarear (v.): tornar claro / Poñe-la roupa branca ó sol despois de face-la bogada, regándoa con frecuencia para que colla maior brancura / Comenzar a amencer ou amañecer.
Clarexar (v.): o mesmo que **clarear.**
Clareira (s.f.): sitio claro e sen vexetación que soe haber no medio dos bosques.
Clarón (s.m.): luz intensa, grande claridade.
Clara (s.f.): parte do ovo que envolve a xema.
Claramente (adv.): de modo claro.
5) **Clase** (s.f.): conxunto de persoas, animais, prantas ou cousas que teñen algo parecido / lugar onde se dan as leccións / lección.
Clasificar (v.): distribuír en clases / Determina-la clase.
Clasificable (adx.): que se pode clasificar.
Clasificación (s.f.): acto, efecto ou proceso de clasificación.
6) **cravo** (s.m.): peza con punta e cabeza de ferro para espetar nunha cousa / Tumor duro nos cascos das cabalerías.
Cravar (v.): introducir un cravo ou outra cousa aguda a forza de golpes nalgún corpo.
Craveira (s.f.): furado onde se introduce o cravo na ferradura.
Cravería (s.f.): lugar onde se fabrican cravos.
7) **Público** (s.m.): pobo en xeral, **auditorio, concorrencia, asistencia /** (adx.): relativo ó pobo, que é de todos / Relativo ó goberno dun país.

Lección 128 (Continuación)

Públicamente (adv.): en público.
Publicar (v.): tornar público e notorio / Editar.
Publicidade (s.f.): cualidade do que é público. **Divulgación, difusión.**
Hai que salientar tamén a inoperancia da caída do —n— intervocálico nos cultismos **publicano** «cobrador romano», **republicano** «relativo ou pertencente á república». Evitaremos xa que logo a extensión abusiva do sufixo —**an** a casos do tipo *republicán, *urbán, *rosalián, *americán.

8) **Branco** (adx.): que ten a cor da neve ou do leite.
Brancor (s.m.): cualidade do que é branco. **Brancura.**
Brancura (s.f.): o mesmo que **brancor.**
Brancuxo (adx.): que tira a branco.
Branquear (v.): poñer branca unha cousa. **Branquexar.**
Branquexar (v.): o mesmo que **branquear.**
Esbrancuxado (adx.): pálido, descolorido.
Esbrancuxar (v.): poñerse ou quedar pálida unha persoa ou cousa.

9) **Brando** (adx.): o que perde doadamente a forma cando se aperta; tenro e suave ó tacto. **Mol.**
Brandura (s.f.): cualidade do que é brando. **Moleza.**
Abrandar (v.): poñer branda unha cousa. / (ref.): ceder alguén nun capricho. **Abrandecer, amolecer.**
Abrandecer (v.): o mesmo que **abrandar.**

10) **Nobre** (s.m.): persoa que pertence á nobreza / (adx.): que forma parte da nobreza ou que é propio dela / Ilustre, excelente, elevado.
Nobreza (s.f.): cualidade do que é nobre / Fidalguía herdada polos méritos dun antepasado ou doada polo soberano.
Ennobrecer (v.): tornar ou facerse nobre, dignificar.
Ennobrecedor (adx.): que ennobrece.

Exemplos:

O mestre Mateo inmortalizouse no Pórtico da **Gloria**.
Non penses que foi un acto **glorioso,** héroes deses hainos a eito.
Nese cartel de seguro que non empregou **regra** ningunha.
Seica o televisor llo **arregrou** un chafalleiro.
Brancura coma a dese deterxente non a vin en ningures.
¿Qué che pasa que andas todo **esbrancuxado**?
Branqueou de novo a casa e iso que aínda a caleara o verán pasado.
Éche moi **igrexeiro**, non coma outros que non pisan a **igrexa** en todo o ano.
Pon a roupa a **clarear**, xa verás como así che queda máis **branca**.
Deixoulle dito ben **claro** a **clase** de **cravos** que debía utilizar.
Disque a **nobreza** ten o sangue azul, pero non é o sangue o que **ennobrece** as persoas.
Moitos **nobres** galegos cubríronse de **gloria** na guerra contra os mouros pero outros houbo que nunca voltaron ás súas terras.
Ó final seu pai **abrandouse** e deixoulles ir á festa.

Lección 129

Impaciencia - paciencia
Instrumento - non ten contrario
Digno - indigno
Insignificante - Significante
Inmorredoiro - morredoiro
Innovación - non ten contrario
Incluír - excluír
Humano - inhumano
Inmóbil - móbil
Inconsciente - consciente
Inhábil - hábil

Lección 130

Doutor: doutorado, doutoral, doutoralmente, doutoramento, doutorando, doutorar.
Eléctrico: electricidade, electricismo, electricista, electrificar, electrizar, electrizable.
Esaxerar: esaxerado, esaxerador, esaxeración, esaxero.
Suxeitar: suxeitador, suxeitable, suxeito.
Esixir: esixible, esixibilidade, esixente.
Estender: estendible, estendedura, estendedor, estendedoiro (pero os cultismos, extensión, extensamente, extensímetro, extensible, extensivo, extenso).
Estrañar: estrañable, estrañeza, estrañamento.
Escusar: escusatorio, escusable, escusado, escusa.
Escavar: escavación, escavador, escavadora.

Lección 131

Escribir: adscribir, adscrición, circunscribir, circunscrición, describir, descrición, descritivo, descrito, descritor, escrito, escritor, escritorio, indescritible, inscribir, inscrición, inscrito, prescribir, prescrición, prescrito, proscribir, proscrición, proscrito, subscribir, subscrición, subscrito, subscritor, transcribir, transcrición, transcritor.
Obxecto: obxectivo, obxectivismo, obxectividade, obxectivar, obxectivamente, obxectivación.
Obter: obtención, obtenible.
Sustituír: sustitución, sustituínte, sustituír, sustituíble, sustitutivo.
Hai que ter en conta que no caso do grupo —bs— hai unha tendencia popular a elimina-la primeira consoante nas palabras con moito uso. Deste xeito escribiremos: **suscrición** ou **subscrición, substituír** ou **sustituír, substantivo** ou **sustantivo**, etc.

Lección 132

Descender - decer / baixar, caer, decaer, declinar, diminuír
Medrar - crecer / desenvolverse, pular
Suceder - acontecer / ocorrer, pasar, sobrevir
Amolecer - abrandar / afrouxar, enternecer, serenar, sosegar
Faiscar - escintilar / chispar, brillar, fulxir, resplandecer
Envellecer - avellentar / avellar
Cismar - teimar / obsesionarse, preocuparse, insistir

Lección 134

O **coenllo** é un animal moi **daniño**. Vén **gañando** ó mes corenta mil pesetas. Ó faceren as **partillas** correspondeume unha **parella** de bois. Vou facer un **artigo** para o xornal sobre a **estrea** da obra «O **adiviño** da **rapina**» e os seus personaxes. **Perdoe**, señor, pero a actitude do **persoal** é moi **razoable**, ademais, a súa **organización** sindical non **ameaza** aínda con folga ningunha. O xeneral ten un **antollo**: quere **organizar** unha viaxe á **lúa**.

Lección 135

1. As liñas aéreas non asinarán tales contratos.
2. Era de orixe hebrea pero nos cárceres todos sufrímo-las mesmas torturas. Ela non se sentiu máis soa cós mais.
3. O meu non ten comparanza, o teu non é máis ca conto.
4. Fora hebrea ou xudía foi boa e xenerosa connosco.
5. Chataron a súa arte de plebea e prosaica, xa que logo dunha simple imitación daquela, pero eu non creo que sexa dese tipo.
6. Ideas expresadas desa forma oínas eu en moitos sitios.
7. Coas mareas chegou á praia a balea que ves na fotografía.
8. Doíalle unha moa, por iso a súa avoa a mandou ó dentista.
9. O sangue das veas estaba debuxado cunha liña azul.

Lección 136

1. O camiño de Santiago, coñecido en toda Europa, trouxo aquí miles de peregrinos.
2. É mesquiño pola súa parte o quedar con tódalas ganancias (con todo o gaño), e máis aínda tratándose de veciños de toda a vida.
3. Fixo soa-la buguina para que lle botasen (lle botaren) gasolina.
4. O pergamiño (o pergameo) Vindel contén as sete cantigas de Martín Codax.

Lección 137

1. Nesas imaxes víase a torre da homenaxe, que dominaba todo o castelo.
2. O dictame médico foi adverso e as dores de abdome non pararon ata as últimas horas da tarde: non creo que ese réxime lle vaia ben.
3. Estevo non logrará aprobar ese exame e xamais lle concederán o papel de paxe.

Lección 138

1. A **liberdade** de expresión é un dereito aínda non alcanzado **neste** país.
2. Os **obreiros** de Chile pediron **solidariedade** a toda Sudamérica.
3. Non ten **vontade** ningunha e así non chegará a aproba-lo **exame**.
4. Tiña moita **sede** e foi beber unha **cervexa** nada máis saír da **facultade.**
5. Xa sei que **Soidade** se erguía ó mencer **para** estudiar, pero iso non é ningunha **novidade**.
6. Na **Idade Media, enfermidades** coma a lepra e a peste **varreron** toda Europa.

Lección 139

Non atopo ese libro nas **librerías**.
A **avaría** dese **reloxio** no che vai ter amaño nesa **reloxería**.
En **xeral soa** bén, pero hai que lle dar máis énfase á **entoación**.
A túa **xeración** está **doente** e e **despersonalizada**.
Os países non aliñados seguen en **solitario** a súa loita perante a **ameaza** de guerra nuclear.
Os voluntarios que dean un paso adiante, ata esa **liña**.

Lección 140

1. Doíanche os **cadrís** e aínda así non deixaches de **gadaña**-lo prado ata acabárelo.
2. Eu **se cadra** vou pero ela **case** fixo que non vai.
3. Chegou ó número **corenta** e deixou de contar.
4. Escribiu no seu **caderno**: o leite **callado** no me **gorenta**.

Lección 141

Ofelia, pombiña, **area** que eu abrindo agora mesmo as mans, deixo **caer** nun río que **pasase**, meu río de mouros e **secretos** pensamentos. Aloumiñareite hoxe coma **onte** Ofelia. Bicareite na boca cando a teñas aberta **para dicirme** que non. **Pero** ¿que di ese papel de amor? «As **gaivotas** fuxiron da praia por vergoña de non saber **molla-los pés** nas ondas coma ti», ¡lindo!

Lección 142

Ó outro día, a **muller** apareceu morta. E foi que o seu home, que morrera coma un can (**fóra** a alma), andaba penando os pecados da carne nas longas **ringleiras** da Compaña, e veu por ela **para** tirala deste mundo.
Confeso que cando o bo labrego nos contaba esta cousa tan inxenua e sinxela, **sentín** a arrepiante impresión de **pánico**, coma se algo desprendido do mundo astral abrise de repente o meu **espírito** ás rexións **descoñecidas** de mortes e pantasmas.
—Era eu **aínda** moi mozo —dicía— cando nese **muíño** que vedes **arruinado,** vivía unha certa rapaza que en **verdade**, non tiña moi boa sona. Cando foi o ano da peste, **murmuraban** que deixou **morre-lo** seu home sen **procurarlle** coidado **ningún**. Fose polo que fose, o caso é que **ninguén o** miraba á cara **e** os rapaces chamábanlle a bruxa e tiñan medo ó atoparse con ela nalgunha corredoira.

Lección 143

1. Meu **irmán** e **ti sodes moito** mellor persoas ca **el**.
2. Vós **fregáste**-la louza mentres nós **cantabamos** aquelas **cancións**.
3. Os **ladróns** meteron os **xamóns** nos **camións** e fuxiron a fume de carozo.
4. Non **llelo** deron **ás miñas irmáns**, déronmo a min.
5. Xa **llelo dei** a eles. Agora **quedades** tranquilos.

Lección 144

1. A brigada de **estupefacientes** está **loitando** con poucos recursos contra a droga.
2. Hai **moita cousa** por facer e iso xa nolo di a **experiencia**.
3. O medio **ambiente** é patrimonio de todos, por iso o debemos **coidar**.
4. Segundo as últimas **encuestas** (ou **«enquisas»** ou **«inquéritos»)** a **froita** que produce ese país non é **suficiente.**
5. ¿**Levades** aquel paquete que Manolo **subiu**?
6. O **doutor** dixo que tiña **hepatite**. Ten que **gardar** cama por prescrición médica **durante** oito **semanas.**
7. Esa **pastelería** ten **o** costume de poñerlles moito **ovo** e pouco azucre ós seus pasteis.
8. Foi mercar unha **estantería** á **moblería** da **rúa** do P. **Perfecto.**

VOCABULARIO

A

A (s. m.).— Primeira letra do abecedario / Art. f. / Pron. pers. / Prep.
Á (1) (s.f.).— Parte das aves e insectos e dalgúns aparatos, que lles serve para voar. *Ala*.
(2).— Contracción da preposición *a* e do artigo *a*.
ABAIXO (adv. lug.).— Nun sitio máis baixo.
ABALAR (v.).— Mover repetidamente unha cousa. *Abanear*.
ABANEAR (SE) (v.).— Mover (se) para os lados.
ABATEMENTO (s.m.).— Acción de abater / Desfalecemento, esvaemento.
ABDOME (s.m.).— Ventre, panza.
ABERTO (adx.).— Que está sen pechar.
ABOIADO (adx.).— *Aburrido*, pasmado.
ABOIAR (v.).— Manterse sobre a superficie da auga / Andar sen rumbo / Cubri-lo boi á vaca.
ABONDAR (v.).— Ser suficiente, ser abondo.
ABONDO (adx. e adv.).— En cantidade igual ou maior á que fai falta.
ABORRECERSE (v.).— Enfadarse, amolarse, poñerse de mal humor / Aburrirse.
ABOTOAR (v.).— Pechar, unir, axustar unha prenda de vestir cun botón no ollal.
ABRAIADO (adx.).— Sorprendido, pasmado, asombrado.
ABRANDAR (v.).— O mesmo que amolecer.
ABRIR (v.).— Aparta-la porta ou a tapa dalgo / Fender, rachar / Dislocar, saír un óso do seu sitio.
ABSTEMIO (adx.).— Que non bebe nada que teña alcohol.
ACÁ (adv. lug.).— Sinala o sitio onde se atopa o que fala / (adv. temp.).— Precedido das prep. *de, desde*... denota tempo presente.
ACACIA (s.f.).— Nome común a certas árbores ou arbustos que poden ser incluídas na familia das leguminosas.
ACCIÓN (s.f.).— Operación e resultado dunha forza ou potencia / Efecto de facer / Cada unha das partes que integran o capital dunha sociedade ánonima / Desenvolvemento dos feitos que constitúen o contido dunha obra literaria, película, etc. e forman a trama ou argumento.
ACEIRO (s.m.).— Ferro misturado con carbono duro e elástico.
ACENDER (v.).— Prender lume ou luz / Poñer en marcha.
ACENO (s.m.).— Movementos da cara e / ou dos brazos e mans que denotan un certo estado de ánimo.
ACESO (adx.).— Que arde ou aluma.
ACIBECHE (s.m.).— Variedade do lignito, dura, compacta e de cor negra. Apreciada en xoiería.
ACIO (s.m.).— Grupo de bagos ou uvas unidas ó talo da vide.
ACÓ (adv. lug.).— A este lugar.
ACOLÁ (adv. lug.).— Alá lonxe.
ACONTECER (v.).— Suceder. Ocorrer.
ACORDAR (v.) (1).— Espertar / / (2).— Traer á memoria. *Lembrar*.
ACOUGAR (v.).— Descansar, repousar, tranquilizarse / Parar quieto.
ACOUGO (s.m.).— Repouso, tranquilidade, sosego.
ACRÓPOLE (s.f.).— Parte máis alta e fortificada das antigas cidades gregas.
A CUSTA DE (expre.).— É o mesmo ca *a conta de*.
ACHANTAR (v.).— Agachar, ocultar, preferentemente baixo terra.
ACHEGA (s.f.).— Axuda, amparo.
ACHEGAR (v.).— Aproximar, acercar unha cousa a outra da que está separada. *Arrimar*. Acercar / *Achega-la porta:* entornala.
ADEUS (interx.).— Despedida. *Ata logo. Deica logo. Abur*.
ADIANTAR (v.).— Gañar tempo ou terreo; pasar diante.
ADIANTE (adv.).— De frente, un pouco máis.
ADICAR (v.).— Destinar/ocupa-lo tempo nalgo.
ADIVIÑANZA (s.f.).— *Adiviña*. Frase que encerra algo que hai que acertar.
ADIVIÑAR (v.).— Descubrir, acertar.
ADIVIÑO (s.m.).— Persoa que adiviña o que vai pasar.
ADMIRAR (v.).— Producir asombro. *Asombrar* / Atopar extraordinaria algunha cousa.
ADOBAR (v.).— Poñer condimentos ós alimentos.

ADOITAR (v.).— Ter por costume. Soer.
ADORMECER (v.).— Quedarse durmido.
ADRO (s.m.).— Terreo que hai diante da igrexa.
ADSCRIBIR (v.).— Atribuir / Destinar alguén a un emprego ou servicio. Inscribir. Rexistrar.
ADSCRICIÓN (s.f.).— Estado de adscrito. Inscrición.
ADVERTIR (v.).— Avisar, aconsellar, previr / Ver de pronto, notar.
A EITO (adv.).— A esgalla, a moreas, a mans cheas, a montóns.
AÉREO (adx.).— Relativo ou pertencente ó aire / Sutil.
AEROPORTO (s.m.).— Lugar onde despegan e toman terra os avións.
AFACERSE (v.).— Acostumarse.
AFALAR (v.).— Incitar ás vacas para que anden ou tiren do arado.
AFECCIONADO (adx.).— Que cultiva ou ten afección por unha arte ou un deporte.
A FEITO (adv.).— Todo seguido, sen escoller, sen distinción.
AFIAR (v.).— Sacar fío ou punta a un obxecto cortante ou a un lápiz.
AFIALÁPICES (s.m.).— Instrumento para sacar punta ós lápices.
AFILLADO (s.m.).— Unha persoa respecto do seu padriño ou madriña.
AFINAR (v.).— Deixar no prezo xusto.
AFLUENCIA (s.f.).— Concorrencia.
AFOGAR (v.).— Morrer ou matar por falta de alento.
AFORAS (s.f.).— Fóra dunha poboación, vila, cidade. *Arredores.*
AFORRAR (v.).— Garda-los cartos.
A FUME DE CAROZO (expre.).— Moi á présa.
AGARDAR (v.).— Esperar.
AGASALLAR (v.).— Dar unha cousa en mostra de afecto, consideración ou por outro motivo. / Tratar con atención e cariño. / Regalar. Obsequiar.
AGASALLO (s.m.).— Regalo dunha persoa a outra. *Galano, Regalo.*
AGATUÑAR (v.).— Trepar por un lugar dificultoso.
AGOCHAR (v.).— Esconder, tapar / Poñer a cuberto do frío ou da chuvia.
AGORA (adv.).— Neste momento.
AGRA (s.f.).— Extensión de terreo de labrantío que pertence a varias persoas.
AGREDIR (v.).— Atacar con violencia.
AGUIA (s.f.).— A máis grande ave de rapina.
AGULLA (s.f.).— Instrumento que serve para coser ou calcetar / No reloxio as que marcan as horas e os minutos.

AÍ (adv.).— Nese lugar.
AÍNDA (1) (adv.).— Antes si, e nese momento tamén. *Inda.* (2) *Aínda que,* (conx.). Máis que, por moito que, anque.

AÍNDA QUE (conx. adver.).— Anque. Inda que.
AIRA (s.f.).— Espacio de terra limpa e cha, normalmente cerca da casa onde se malla.
AIRE (s.m.).— Gases que hai na atmósfera.
ALÁ (adv. lug.).— Naquel sitio, distante.
ALANCADA (s.f.).— Paso máis grande cós normais.
ALBAÑIL (s.m.).— Home que ten por oficio facer ou amañar casas. Albanel.
ALBARDEIRO (s.m.).— Home que fai e / ou vende albardas.
ALBAROQUE (s.m.).— Comida sinxela que se dá para celebra-lo remate dunha obra.
ÁLBUM (s.m.).— Libro onde se xuntan selos, fotografías, etc.
ALCIPRESTE (s.m.).— Árbore da familia do piñeiro que está verde todo o ano.
ALCUME (s.m.).— Sobrenome despectivo ou non dunha persoa ou familia. *Alcuño.*
ALDEA (s.f.).— Conxunto pequeno de casas.
ALFÁNDEGA (s.f.).— Oficina pública para rexistra-lo que pasa pola fronteira.
ALFINETE (s.m.).— Cravo metálico con punta nun extremo e cabeciña no outro.
ALGAREIRO (s.m. e adx.).— Persoa bulideira, que non pára quieta.
ALGUÉN (pron.).— Unha ou varias persoas que non coñecemos.
ALGÚN (pron.).— Un ou varios, sen sabermos cantos.
ALÍ (adv.).— Naquel lugar, naquela situación.
ALIÑACIÓN (s.f.).— Formación en liña / Conxunto de xogadores dun equipo convocados para xogar.
ALIÑAR (v.).— Poñer en liña recta / Compoñer, ataviar. / Igualar, nivelar a cordel. // Condimentar unha comida.
ALMORZAR (v.).— Comer por primeira vez de mañá.
ALMORZO (s.m.).— A comida da mañá.
ALÓ (adv.).— Por aquel lugar.
ALOUMIÑAR (v.).— Pasa-la man pola cara dunha persoa ou polo pelo dun animal para demostrarlle que se lle quere ben. *Agarimar. Acariñar* / Gabar unha persoa para gañarse a súa vontade. / Facerlle agasallos a alguén.
ALOUMIÑO (s.m.).— Agarimo que se lle fai a alguén para demostrarlle que lle queremos ben.
ALPENDRE (s.m.).— Cabana onde se garda a leña, as ferramentas, etc.

ALPORIZAR (v.).— Alterarse, exaltarse, irritarse.
ALUGAR (v.).— Arrendar, transpasar temporalmente.
ALUGUEIRO (s.m.).— Prezo en que se aluga algo. *Renda.*
ALUMAR (v.).— Dar luz e claridade ou acompañar con luz algo ou alguén. *Alumear.*
ALUMNO (s.m.).— Persoa que asiste a un centro de ensino para recibir instrución.
ALLO (s.m.).— Pranta de sabor forte con forma de cabeza composta de «dentes» que se emprega na cociña.
AMABLE (adx.).— Agradable. Persoa que trata ben ás demais.
AMALLOAR (v.).— Asegura-los zapatos amarrando os amallós. Agulletar. Amarrar. Atar.
AMAÑAR (v.).— Compoñer algo que estaba descomposto ou estragado. / Arranxar, preparar / (v. prnl). Darse maña, apañarse.
AMAÑO (s.m.).— Todo o que se precisa para facer unha cousa / Disposición para obrar con maña / Artificio para conseguir algo ilícito, *trampa* / Arregro, arranxo.
AMAR (v.).— Ter amor, querer / Desexar.
AMBIENTAR (v.).— Crear ambiente / Facer entrar a alguén no ambiente no que se está. / (v. ref.).— Adaptarse.
AMBIENTE (s.m.).— Conxunto de circunstancias que rodean a unha persoa, cousa ou acción / O air que se respira. / Medio social no que se vive.
AMBOS (Pron.).— Un e mailo outro; os dous.
AMEAZAR (v.).— Anunciar, advertir / Deixar ve-la intención de facer mal.
AMEIXA (s.f.).— Froita doce e zumosa, de forma e cor variadas. / Molusco comestible.
AMEIXEIRA (s.f.).— Árbore que dá ameixas.
AMENCER (v.).— O nacer do día.
AMÉNDOA (s.f.).— Froito da amendoeira.
AMIEIRO (s.m.).— Árbore que se atopa na beira dos ríos e que dá boa madeira para facer zocos. *Ameneiro.*
AMNISTÍA (s.f.).— Perdón colectivo de delitos políticos, outorgado pola lei.
A MODIÑO (adv.).— Despacio, de vagar, lentamente.
A MODO (adv.).— *De vagar.*
AMOLADO (adx.).— Enfadado, anoxado.
AMOLAR (v.).— Molestar, estorbar, incomodar.
AMOLECER (v.).— Meter algo na auga para que estea menos duro / «Poñer a amolecer». Botarlle en cara a alguén unha mala acción.
AMORTECEDOR (s.m.).— Peza do coche para suaviza-los golpes ó correr.
ANACO (s.m.).— Porción pequena dalgunha cousa.
ANÁLISE (s.f.).— Reducción dun todo ás súas partes / Estudio polo miúdo dunha obra, proceso ou situación.
ANALIZAR (v.).— Examinar pormenorizadamente, facer unha análise.
ANANO (s.m. ou adx.).—Persoa excesivamente pequena./O que é pequeno no seu xénero.
ANCORAR (v.).— Amarra-lo barco coa áncora ó fondo do mar.
ANDAINA (s.f.).— Tempo longo que transcorre desde que se emprende unha viaxe.
ANDAR (v.).— Moverse, ir; dise case sempre cando un vai a pé. *Camiñar* // Andar a / para + infitivo forma unha perífrase que indica algo que está próximo a ocorrer / Andar a + infinitivo forma unha perífrase imperfectiva. Indica algo que está ocorrendo = Andar + xerundio forma unha perífrase imperfectiva.
ANDAR Ó CHINQUILIMPÉ (expre.).— Xogar sobre unha soa perna non pousando a outra no chan. *Á pata coxa.*
ANDAZO (s.m.).— Doenza xeral, que afecta a moita xente, mal epidémico. / Mal costume ou vicio que se espalla á présa // Cando a enfermidade afecta ós animais dise *Peste.*
ANEL (s.m.).— Aro de metal para adorna-los dedos. O plural é *aneis.*
ANHELO (s.m.).— Desexo vehemente, ansia. *Arela.*
ANIMAL (s.m.).— Ser viviente dotado de movemento e sensibilidade / Adx. e s.m. Persoa violenta ou ignorante. Neste sentido equivale a *túzaro.*
ANIMAR (v.).— Comunicar sentidos e movementos ó corpo / Alentar, infundir ánimo, valor e enerxía.
ANO (s.m.).— Medida de tempo de 365 días.
ANQUE (conx. adver.).— Inda que, aínda que.
ANTE (prep.).— En presencia dalgunha persoa ou cousa. *Diante de. Perante.*
ANTENA (s.f.).— Conductor que capta ou emite ondas electromagnéticas en radio e televisión. / Apéndices sensoriais que teñen certos artrópodos na cabeza.
APAÑAR (v.).— Recoller algo / Cargar con algo.
APARCADEIRO (s.m.).— Lugar onde se deixan aparcados os coches.
APARENCIA (s.f.).— Aspecto exterior polo que xulgámo-lás persoas ou cousas.
APARENTAR (v.).— Dar a entender algo que non é ou non hai.

APELIDO (s.m.).— Nome da familia para designa-las persoas, que se transmite de pais a fillos.
APENDICITE (s.f.).— Enfermidade que consiste nunha inflamación do apéndice.
APERTA (s.f.).— Aloumiño que se lle fai a unha persoa rodeándoa cos brazos. *Abrazo*. «*Apertas* de todos estes».
APERTAR (v.).— Cinxir fortemente. Estreitar contra o peito / Comprimir ou reduci-lo volume / Esixir.
APERTO (s.m.).— Acción e efecto de apertar. / Apuro, perigo.
APETECER (v.).— Gustar, *petar*.
A PIQUES DE (expr.).— A punto de...
APÓSTOLO (s.m.).— Cada un dos doce discípulos ós que Xesús ordenou predica-las súas doctrinas. En singular designa a Santiago, apóstolo de Galicia.
APRENDER (v.).— Estudiar unha cousa ata entendela ou saber facela. / Ensinar.
A PROPÓSITO (adv.).— Adrede, expresamente.
APURAR (v.).— Moverse rápidamente.
AQUELOUTRO (demostrativo + indefinido).
AQUÍ (adv.).— Neste sitio.
ÁRBORE (s.f.).— Planta grande composta de raíz, toro e pólas.
AREA (s.f.).— Conxunto de partículas granulosas de natureza mineral / Cada unha desas partículas.
ARGALLADA (s.f.).— Xoguete, enredo, cousa de nenos.
ARGOLA (s.f.).— Aro de metal.
ARGÜIR (V.).— Deducir, aclarar / Argumentar, impugnar / Acusar.
ALMACÉN (s.m.).— Lugar onde se gardan mercadorías.
ARQUIVO (s.m.).— Sitio onde se gardan datos e documentos.
ARRABALDO (s.m.).— Barrios que rodean unha cidade e forman parte dela.
ARRANXAR (v.).— Arregrar / Por en orde.
ARRAUTO (s.m.).— Impulso repentino e incontenible / Á persoa que lle dan moitos arrautos chámanlle *arroutado*.
ARREFECER (V.).— Enfriar, refrixerar, arrefriar.
ARREPIAR (v.).— Producir arrepío. Espantar. Poñerse os pelos de punta co medo.
ARREPÍO (s.m.).— Estremecemento producido polo frío, o medo ou un susto.
ARRIAR (v.).— Soltar, deixar, remata-lo traballo.
ARRIBA (adv.).— No alto ou cara ó alto.
ARRINCAR (v.).— Partir dun sitio en dirección a outro / Poñer a funcionar unha máquina / Sacar algo que está chantado. *Arrancar*.
ARRISCADO (adx.).— Perigoso, que presenta risco.
ARROAZ (s.m.).— Mamífero cetáceo, da familia dos delfínidos, que frecuenta as costas galegas.
ARROUTADA (s.f.).— Impulso irreflexivo e espontáneo, ás veces violento e colérico / (adx) Persoa violenta, decidida máis irreflexiva.
ARTELLO (s.m.).— Óso saínte e arredondeado das extremidades dos homes.
ARTICULACIÓN (s.f.).— Unión natural de dous ou máis ósos. *Artello* / Punto de unión entre pezas dunha máquina / Son articulado da voz.
ARTICULAR (v.).— Reconstruir unha articulación desconxuntada / Pronunciar.
ARTIGO (s.m.).— Partícula que se antepón a un substantivo para lle determina-lo sentido // Escrito doctrinal ou literario inserto nun xornal // Mercadoría, producto posto á venda // Cada unha das divisións sinaladas cun número de orde, feitas nos textos lexislativos, estatutos, etc.
ARXENTINO (adx.).— Natural da Arxentina.
AS (art. f. plural).— Acusativo do pronome feminino plural da 3.ª persoa.
ASASINAR (v.).— Matar unha persoa.
ASASINO (s.m.).— Homicida, criminal.
ÁS CARREIRAS (expr.).— A toda présa.
ÁS COSTAS (expr.).— Ó lombo.
ASEMADE (adv.).— Unha vez que. Logo. Logo que / (conx.).— Tan pronto. Así que. En canto / Ó cabo; por fin.
ASÍ (adv.).— Dese xeito, desa maneira.
ASÍ A TODO (loc. conx. advers.).— Sen embargo, nembargantes, con todo.
ASÍ E TODO (loc. conx. advers.).— *Con todo*. Sen embargo.
ASÍ MESMO (loc. adv. de afirmación).— Tamén.
ASINAR (v.).— Escribir un mesmo a súa sinatura, o seu nome.
ASÍ QUE (loc. t.).— En canto.
ASOBALLAMENTO (s.m.).— Acción e efecto de asoballar. *Asoballo*.
ASPIRINA (s.f.).— Remedio feito de ácido acetilsalicílico de acción analxésica.
ÁS PRÉSAS (adv.).— Con rapidez, sen moito tempo.
ÁS TOAS (adv.).— Face-las cousas ás toas: sen pensalas; ó que saia.
ASUBIAR (v.).— Facer sonido botando aire polos beizos. / Producir asubíos coa boca ou cun asubío.

ASUBÍO (s.).— Son que se fai ó botar aire polos beizos.
ASUMIR (v.).— Tomar para sí.
ASUSTAR (v.).— Meterlle medo a alguén. / *Asustarse* (v. pron.) Coller medo dalgo.
ATA (prep.).— Indica término de dirección especial ou temporal.
ATALLAR (v.).— Ir por un atallo. / Cortar, dete-lo curso dalgunha cousa.
ATALLO (s.m.).— Camiño máis corto entre dous puntos.
ATENCIÓN (s.f.).— Acto de atender/Interés, consideración.
ATEO (adx.).— Que non cre en Deus.
ATERECER (v.).— Ter moito frío, tremer co frío.
ATINADA (adx.).— Que ten tino. *Acertada, Asisada, Xuiciosa.*
ATOPAR (v.).— Encontrar algo ou alguén. *Topar con.*
ATRAENTE (p. a. de Atraer)/ (adx.).— Que atrae.
ATRANCAR (v.).— Obstruír un conducto. Estorbar, impedir / *atoar, empecer, atascar.*
ATREVEMENTO (s.m.).— Acción de atreverse / Valor, ousadía.
ATRIBUÍR (v.).—Conferir (unha atribución); imputar; outorgar; dar.
ATURAR (v.).— Soportar a alguén / Sufrir en silencio unha dor, unha desgracia ou unha impertinencia.
ÁUREO (adx.).— Brillante. Da cor do ouro.
AUTOESCOLA (s.f.).— Escola onde se aprende a conducir.
AVALIAR (v.).— Calcular e determina-lo valor.
AVANTAXE (s.f.).— Situación pola que unha persoa está en mellores condicións ca outra / Superioridade en calquera aspecto.
AVAREZA (s.f.).— Desexo incontrolado de riquezas para atesouralas
AVARÍA (s.f.).— Dano que sofre unha máquina.
AVARIAR (v.).— Producir unha avaría / *Avariarse* (v. prnl.).— Sufrir unha avaría.
AVE (s.f.).— Animal que ten ás, voa e pon ovos.
AVEA (s.f.).— Planta gramínea e o seu gran.
AVELÁ (s.f.).— Froito seco da avelaira ou aveleira.
AVELLAR (v.).— Poñer vello. *Avellentar.*
AVELLENTAR (v.).— Poñer vello antes de tempo. *Anvellecer.*
AVIADO (adx.).— Amañado, preparado, disposto / *Estou aviado:* non sei como saír deste apuro.
AVIR (v.).— Axustar. Concordar partes discordes / Acontecer, ocorrer // (v. refx.). *Avirse.* Entenderse ben con algunha persoa ou cousa / Acomodarse. Afacerse.
AVOA (s.f.).— Nai do pai ou da nai. O masculino desta palabra é *avó.*
AVOGADO (s.m.).— Licenciado en Dereito que defende nos tribunais de xusticia ós seus clientes.
AVOITRE (s.m.).— Ave de rapina de gran envergadura que se alimenta de carroña.
AXEITADO (adx.).— O que é apropiado, o que convén.
ÁXIL (adx.).— Lixeiro, veloz, que se move con frescura.
AXIÑA (adv.).— Rápido, *de contado.*
AXOTAR (v.).— Escorrentar, espantar.
AXÓUXERE (s.m.).— Caixiña redonda de metal, con dous buracos, que ten boliñas de metal ou de plástico no medio e soa cando se move.
AXUDAR (v.).— Dar axuda a alguén.
AZUL (adx. e s.).— Quinta color do espectro solar. A súa tonalidade está entre o verdoso e o violado.

B

BACORIÑO (s. m.).— Cría de porco mentres é pequeno. *Leitón, Rancho.*
BACHARELATO (s. m.).— Estudios de ensino medio.
BADALADA (s. f).— Son que produce a campá.
BAETA (s. f.).— Pano para fregar e limpar.
BAGAXE (s. f.).— A carga, o equipamento para unha acción ou viaxe.
BAGO (s. f.).— Froito da vide, verde, violeta ou moura, en acios, aproveitada para face-lo viño. *Uva.*
BÁGOA (s. f.).— Pinga de auga que sae dos ollos ó chorar. *Lágrima.*
BAILARÍN (adx.).— Que baila / (s.).— Profesional do baile.
BAIXAR (v.).— Pór unha cousa nun sitio máis baixo ca onde estaba antes / Ir desde un sitio a outro máis baixo / Ir a menos o valor ou prezo dunha cousa.
BAIXO (1) (adx.).— De menos altura cá que esperamos. (2). Debaixo. Por baixo.
BALDREU (adx.).— Sucio, porco, noxento... etc. *Baldragas.*
BALEA (s. f.).— Mamífero mariño que ten gran volume e peso.
BALEEIRO (s.).— Barco empregado na pesca das baleas / Pescador de baleas.

BALEIRO (adx.).— Que non ten nada dentro.
BALONMÁN (s. m.).— Nome dun deporte.
BALOR (s. m.).— Fungo que medra sobre sustancias orgánicas aproveitando a súa descomposición.
BANANA (s. f.).— *Plátano*, froita tropical de forma alongada e cor marela.
BARBEIRO (s. m.).— O que, por oficio, corta o pelo.
BARBERÍA (s. f.).— Sito onde cortamo-lo pelo e nos afeitamos.
BARULLO (s. m.).— Ruído, desorde, rebumbio.
BASE (s.f.).— Fundamento no que descansa unha cousa / Pé dunha columna ou estatua / Cara ou lado que serve de sustentación a unha figura xeométrica.
BATER (v.).— Dar golpes / Atopar casualmente.
BAÚL (s.m.).— Cofre grande.
BEBER (v.).— Tomar un líquido.
BECERRO (s.m.).— Cría da vaca. *Xato, cuxo, xovenco, pucho.*
BELEZA (s. f.).— Fermosura.
BELISCAR (v.).— Apertar entre os dedos un anaco de pel ou carne. / Dar beliscos. *Amoxetar. Peliscar* / Tomar unha cousa en pequena cantidade.
BELISCO (s. m.).— Acción e efecto de beliscar.
BEN (s.m.).— O que é bo, útil / (s.m. pl.).— Facenda, riquezas.
BEN (adv.).— Como é debido, con gusto / Úsase ás veces como afirmación. (Conx. disx.).— *Ben... Ben.*
BEN DEITAR(SE) QUE (exp.).— Menos mal que, bo foi / era / é que.
BENDITO (adx.).— Santo. Ben-aventurado / *É un bendito* = Dise da persoa de bo corazón.
BENQUERIDOS (adx.).— Fórmula afectiva de tratamento, coma «queridos» ou «estimados».
BERCE (s. m.).— Leito ou cama de bordes altos para os nenos que se pode abanear ou abalar.
BERRAR (v.).— Dar berros, falar moi alto / Discutir, *rifar*. Gritar, dar gritos. Levanta-la voz en exceso / Disputar, loitar.
BERRO (s. m.).— Acción e efecto de berrar / Voz moi forte.
BESTA (s. e adx.).— Animal de catro patas / Persoa ignorante e bruta.
BÍCEPS (s.m.).— Músculo flexor do brazo.
BILINGÜE (adx.).— Que fala dúas linguas / Que está escrito en dúas linguas.
BILLA (s. f.).— Chave para pecha-la corrente dun fluído.
BILLARDA (s. f.).— Xogo infantil no que cun pau se golpea outro máis pequeno. Tamén se chama *estornela, caño* ou *pateiro*.
BICO (s. m.).— Parte máis alta dunha cousa / Boca das aves. *Pito, peteiro* / Aloumiño cos beizos. *Chucho*.
BIQUEIRA (s. f.).— Punta do calzado / Infección nos beizos.
BISCOITO (s. m.).— Masa de fariña, ovos e azucre cocida no forno.
BISPO (s. m.).— Cargo na Igrexa que goberna unha diócese.
BLOQUEO (s.m.).— Acción de bloquear / Asedio.
BO (adx.).— Que está ben, o seu contrario é *malo*. / Que é conforme ó uso a que é destinado. De boa calidade. / Que ten bondade. Virtuoso.
BOCEXAR (v.).— Abri-la boca involuntariamente e con respiración lenta, por fame ou sono.
BOCOI (s. m.).— Pipa de viño, grande, que leva menos de cinco moios.
BOCHINCHE (s. m.).— Tabernucho pobre. *Bichinche*.
BOGADA (s. f.).— Roupa lavada.
BOGAR (v.).— Remar. O contrario é *cear*.
BOI (s.m.).— Macho da vaca. *Touro.* / Especie de marisco semellante á nécora pero máis grande.
BOLA (s. f.).— Especie de empada. / Bolo de pan plano.
BOLBORETA (s. f.).— Insecto voador con ás de cores rechamantes.
BOLO (s.m.).— Pan pequeno e redondo.
BONDADE (s.f.).— Inclinación natural a facer ben.
BONECA (s. f.).— Xoguete que ten forma de persoa. *Moneca*.
BOTAR (v.).— Poñer ou meter algo nun sitio. / Expulsar, mandar para fóra.
BOTAR (v).— Poñer a flote un barco novo.
BOTARSE A CHOVER (expr.).— Empezar a chover.
BOTARSE DE PEITO (expr.).— Tirarse a facer algo sen pensalo.
BRADAR (v.).— Berra-las vacas. Os bois brúan ou bufan. Os burros ornean. As ovellas bean. Os porcos roñan ou roncan. Os cabalos rinchan. Os gatos maian, fungan ou rosman. Os cans ladran ou ouvean, os lobos aúlan ou oulean. Os paxaros chían. Os corvos grallan. As pombas rulan ou zuran. As ras croan.
BRANCO (adx.).— Da cor da neve.
BRILLAR (v.).— Emitir luz, *lucir*.
BRINCA (s.f.).— Acción e efecto de brincar. Broma, diversión // *Anzó* pequeno.

BRINCAR (v.).— Dar brincos, choutar, saltar, pular. / Xogar, divertirse.
BRINCO (s. m.).— Acción e efecto de brincar. Movemento que consiste en erguerse do chan verticalmente. *Chouto. Pulo, Salto.*
BRONQUITE (s.f.).— Enfermedade que consiste nunha inflamación dos bronquios.
BRUTÁN (adx.).— Dise das persoas toscas e rexas.
BRUXERÍA (s.f.).— Supersticións e enganos que practican as bruxas. *Meiguería.*
BRUXO (s. adx.).— Persoa que segundo a xente fixo pautos co demo.
BUGUINA (s. f.).— Aparato de sinais acústicas dos automóbiles.
BULIR (v.).— Moverse moito. Tamén se di da auga que bota moitas gurgullas.
BUSCA (s.f.).— Acción de buscar / Conxunto de cazadores que percorren o monte detrás da caza.
BUSCAR (v.).— Tratar de atopar, Procurar. / Investigar.
BUSCA-LAS BEIRAS (expr.).— Andar a amolar a alguén insistentemente ata alporizalo.
BÚSOLA (s. f.).— Instrumento de orientación, baseado na propiedade da agulla magnética de colocarse en dirección ó Polo Norte.
BUXAINA (s. f.).— Peza de madeira que se bota a bailar nun cordel. *Trompo.*

C

CABALEIRO (s. m.).— Término de tratamento cortés. *Señor* / Fidalgo de recoñecida nobreza. / Adx. Que cabalga.
CABALERÍA (s. f.).— Animal no que se cabalga.
CABALO (s. m.).— Mamífero équido grande e forte que tén quina longa e que amansado lle é útil ó home. / Peza do xadrez / Carta da baralla entre o rei e a sota.
CABELO (s. m.).— Pelo que cobre a cabeza.
CABER (v.).— Ter sitio.
CABO (s.m.).— Calquera dos extremos das cousas / Corda que se usa nas embarcacións / Parte de terra que se mete no mar / Nome de varios graos inferiores da milicia / Parte, lugar, sitio ou límite dun espacio / *Cabo de ano:* Oficio relixioso celebrado por un difunto o día no que se fai o ano do seu pasamento / *Cabo de:* (loc. prep.).— Ó pé de, beira de.
CACHELOS (s. m.).— Patacas cocidas con ou sen pela e partidas ou non en cachos segundo as zonas.
CACHIMBA (s. f.).— Recipiente para fumar tabaco. *Paipa.*
CACHOLA (s. f.).— Cabeza. Couraza da centola.
CADANSEU (distributivo + posesivo).— A cada un, un.
CADEA (s.f.). (1).— Conxunto de aros metálicos empatados un no outro // (2). Edificio onde se encerra ós que fixeron algún mal. *Cárcere.*
CADEIRA (s. f.).— Silla de brazos ampla e cómoda.
CADELA (s. f.).— Femia do can.
CADELO (s. m.).— Cría de cadela.
CADERNO (s. m.).— Conxunto de follas a modo de libro onde se escribe.
CADRADO (s. adx.).— De catro lados iguais / Raíz cadrada: operación matemática.
CADRIL (s. m.).— Rexión lateral do corpo humano por riba da cintura pola parte das costas / Óso que sobresae das ancas dos animais.
CADRO (s. m.).— Lenzo no que está debuxada e pintada unha cousa / Figura xeométrica que ten catro lados e catro ángulos.
CAER (v.).— Bater no chan ó perde-lo apoio / *«caer ben»:* causar boa impresión. / Vir unha cousa de arriba polo seu propio peso / Estar situado nalgunha parte ou cara a algún sitio / Acaer.
CAIXA (s. f.).— Obxecto onde se garda calquera cousa.
CAIXA DE CORREOS (s. f.).— Depósito para bota-las cartas para o correo.
CAFÉ (s.m.).— Gran dunha pranta que despois de moídos e fervidos dan unha bebida moura e amarga; tamén se lle chama así a esta bebida e ós sitios onde se pode ir tomar.
CAL (s.m.).— Óxido de calcio; substancia branca, terrosa, lixeira, cáustica e alcalina. / Mistura de cal, terra, etc., que usan os albaneis / Líquido de cal e auga co que se branquean as paredes.
CAL (s.f.).— Canle por onde corre a auga / Suco que abre o arado na terra / Espacio de terra formada pola parte baixa de dúas montañas ou alturas pouco distantes entre sí.
CAL (pron. relat. m. e f.).— Interrogativo.
CAL (adv.).— De igual maneira; como / (conx. distr.).— *Cal... Cal.*
CALAMIDADE (s.f.).— Desgracia que afecta a moita xente / Persoa desgraciada ou que non vale para nada.

CALAR (v.).— Deixar de falar / Gardar silencio / Deixar de facer calquera tipo de ruído. / Absterse de dici-lo que se sente ou se sabe.
CALDEAR (v.).— Mistura-lo ferro e o aceiro.
CALDEIRADA (s. f.).— O que cabe dentro dun caldeiro. / Úsase especialmente na costa para referirse a unha especie de guiso de peixe, que se pode facer cun só peixe (pescada, rabada, badeixo, sardiñas) ou misturando varios.
CALIDADE (s.f.).— Valor intrínseco dunha cousa resultante de comparala con outras da súa mesma categoría.
CALMO (Adx.).— Que está en calma. Repousado, tranquilo.
CALOR (s.f.).— Forma de enerxía asociada co movemento individual de átomos ou moléculas dun corpo, a que se deben os fenómenos caloríficos / Sensación experimentada por un corpo ante outro de temperatura máis alta. / Afectuosidade ou trato amistoso.
CALQUERA (pron. ind.).— Unha persoa ou cousa sen que importe cal.
CALUGA (s. f.).— Parte posterior do pescozo. *Nuca.*
CALLAR (v.).— Provoca-la formación dunha masa xelatinosa a partir dun líquido.
CAMADA (s. f.).— Fillos de animal paridos dun tempo. *Niñada.*
CAMAREIRO (s. m.).— O mozo ou persoa que atende nun bar.
CAMIÑAR (v.).— Andar a pé.
CAMIÓN (s.m.).— Vehículo para transportar cargas pesadas.
CAMPÁ (s. f.).— Instrumento de metal que hai nas igrexas ou nos reloxios de parede que serve para anunciar algo. O obxecto que bate na campá chámase *badal* ou *sino.*
CAMPESIÑO (s. e adx.).— Do campo / Labrego. Persoa que vive traballando no campo.
CAMUFLAXE (s. f.).— Disfrace, máscara que cobre a verdadeira aparencia.
CAN (s. m.).— Animal doméstico que coida a casa. O feminino é *cadela.*
CANA (s. f.).— Nome dunha pranta de talo alongado, fino e con nós.
CANCELA (s. f.).— Porta pequena na soleira ou limiar da casa.
CANCIÓN (s.f.).— Composición en verso feita para porlle música e cantala. *Cántiga.* Composición lírica dividida en estancias longas, todas con igual número de versos.
CANDA (prep.).— Ó mesmo tempo ca.
CANDEA (s. f.).— Cilindro de cera que se acende para alumar. *Vela.*
CANDO (adv.).— Nese tempo, cada vez que, unha vez que.
CANELA (s. f.).— Parte anterior da perna que vai desde o xeonllo ata o pé.
CANSAZO (s.m.).— *Cansancio.* Falta de forzas que temos cando nos fatigamos. *Canseira* (teño un cansazo no corpo que non podo comigo).
CANSEIRA (s. f.).— Debilidade producida pola fatiga, *cansazo.*
CANSO (adx.).— Canseiro, fatigado dun esforzo. Fatigado.
CANTANTE (s.m.).— Persoa que canta.
CANTAR (v.).— Producir coa voz sons harmoniosos. / Compoñer ou recitar poemas. / Producir ruídos certos animais ou obxectos. / Confesar algo. / *Canta-las corenta* (fig.) Dicirlle a alguén unha verdade desagradable para él.
CANTINA (s.f.).— Establecemento onde se venden bebidas e algún alimento.
CANTO (s.m.) (1).— Feito ou resultado de cantar / Música vocal / Composición poética. (2).— Beira ou esquina de algunha cousa. (3).— Coio redondo que hai nos ríos.
CANSAR (v.).— Producir cansancio. Fatigar. / Molestar / Quedar canso / *Cansarse* (ref.).— Fatigarse.
CAPACIDADE (s.f.).— Espacio vacío dunha cousa / Propiedade dunha cousa de poder conter outra // Aptitude para algo.
CAPELA (s. f.).— Edificio destinado ó culto dunha comunidade relixiosa.
CAPITAL (adx.).— Relativo á cabeza / Moi importante / (Adx. e sust.).— Cidade principal dun estado ou provincia. // (s.m.).— Cantidade de diñeiro ou bens, patrimonio / Factor da producción constituído polo diñeiro frente ó traballo.
CARA (s.f.). (1).— Parte do corpo onde témolos ollos, o nariz e a boca / (2). Cada un dos lados dunha cousa. / (3).— *Cara a* (loc. prep.) Camiño de. En dirección a.
CARACOL (s.m.).— Molusco gasterópodo comestible; de cuncha en espiral e con tentáculos. // Parte do oído interno formado por un cono en espiral.
CARÁCTER (s.m.).— Maneira de ser dunha persoa / Marca, sinal / Firmeza / Signo de escritura e o seu estilo.
CARAPUCHA (s. f.).— Peza dun vestido que serve para cubri-la cabeza.
CARAUTA (s. f.).— Antiface, máscara.
CARAVEL (s. m.).— Nome dunha flor.
CARBALLEIRA (s. f.).— Sitio onde hai moitos carballos.
CARBALLO (s. m.).— Árbore que dá lan-

dras e que ten unha madeira moi dura e boa, empregada para facer carros.
CAREIRO (adx.).— De prezo excesivo / Especialmente aplícase a persoas ou establecementos que venden a prezos excesivos.
CAREPA (s. f.).— Resultado de sacarlle a peladura a un vexetal, froito, etc. *Pela. Paraza. Tona. Pel.*
CARNÉ (s. m.).— Permiso oficial para conducir./Documento persoal que acredita algo.
CARNE (s.f.).— Parte mol do corpo dos animais, entre a pel e os ósos // Alimento constituído por animais terrestres e aves. // Parte mol da froita que está cuberta pola pela.
CARNICERÍA (s.f.).— Lugar onde venden carne / Resultado dun crime moi violento.
CARREIRO (s. m.).— Camiño estreito.
CARTEIRA (s. f.).— Bolsa na que se gardan os cartos ou libros.
CARTEIRO (s. m.).— Home que traballa no servicio de Correos.
CARTOLINA (s.f.).— Cartón fino e liso.
CARTOS (s. m.).— Papel ou metal ó que se lle dá ou ten certo valor. *Diñeiro.*
CASA DO CONCELLO.— Edificio municipal onde se xuntan os concellais e máilo alcalde para debateren e solucionaren os problemas do concello.
CASAR (v.).— Contraer matrimonio. O verbo é «casar» e non «casarse».
CAS DE (loc. pre.).— Á, ou na casa de.
CASE (adv.).— Que falta pouco.
CASETO (s. m.).— Cabana de madeiras con tellado de palla ou pólas. / Vivenda pobre, especialmente nas aforas das cidades.
CASTELO (s. m.).— Construción que noutro tempo servía para defenderse en épocas de guerra.
CASTIÑEIRO (s.m.).— Árbore que dá castañas.
CATALÁN (s. e adx.).— Que é de Cataluña. / s. m. Lingua falada en Cataluña.
CATA QUE (expr.).— Mira que, olla que.
CATAR (v.).— Buscar, coller / Procurar, ter coidado.
CATEQUESE (s.f.).— Acto relixioso no que se ensina a doutrina católica.
CATIVO (s. adx.).— Pequeno, pícaro, rapaciño. / Preso, escravo. / (Adx) de pequeno tamaño ou de mala calidade.
CAVIAR (s.m.).— Manxar feito das ovas do esturión.
CATRO (adx. num.).— Dous máis dous.
CAZOLA (s. f.).— Recipiente de cociña, redondo, máis ancho que alto.
CEA (s. f.).— A comida da noite.
CEBOLA (s.f.).— Pranta de horta cunha cabeza formada por capas.
CEDO (adv.).— Antes da hora esperada, pronto. De mañá.
CEGO (s. m.).— O que non ve. / Adx. que non ve.
CELLA (s. f.).— Parte cuberta de pelo que está sobre os ollos.
CENORIA (s. f.).— Planta que ten unha raíz de cor laranxa comestible.
CENTEO (s. m.).— Planta gramínea parecida ó trigo que se dá en terreos pobres.
CENTOLA (s. f.).— Marisco das nosas costas moi estimado como alimento.
CEO (s. m.).— Espacio que cingue a terra. Atmósfera. / Lugar de gloria eterna para a relixión.
CERCA (adv. lug.).— Ó lado. *Preto.*
CERDEIRA (s. f.).— Árbore que dá cereixas. *Cereixeira.*
CEREBRO (s.m.).— Parte superior do encéfalo, centro do sistema nervioso e da intelixencia.
CERTO (adx.).— Verdadeiro / Úsase algunhas veces como adx. indeterminado. / (Adv.) Si, verdadeiramente / Por certo: Certamente, por outra banda.
CERVEXA (s. f.).— Bebida alcohólica e refrescante.
CERVEXERÍA (s.f.).— Establecemento onde venden cervexas.
CIDADE (s. f.).— Poboación que ten moitas casas e rúas.
CIENCIA (s. f.).— Conxunto que coñecemos dunha determinada materia. Saber / Cultura / Coñecemento sistematizado das cousas baseado no estudio e na experimentación / Parte concreta deste saber, que trata dunha determinada materia.
CIENTÍFICO (adx.). Relacionado cunha ciencia ou axustado ás súas regras / (S. e adx.).— Persoa que se adica a unha ciencia.
CINSA (s. f.).— Pó que queda despois de queimar algo. *Cinza. Borralla.*
CINSEIRO (s. m.).— Calquera recipiente destinado a recolle-la cinsa. *Cinceiro.*
CINTO (s. m.).— Correa que se cingue á cintura ou van.
CIRCUNSCRIBIR (v.).— Poñer límites a unha cousa / Abranguer. Limitar algo arredor.
CIRCUNSCRICIÓN (s.f.).— Acto de circunscribir / Límite da extensión dun corpo ou dunha superficie.
CISCAR (v.).— Botar sen orde as cousas polo chan. *Espallar. Esparexer.*
CISMAR (v.).— Pensar moito nunha cousa. Darlle voltas a unha cousa na cabeza. *Matinar, Teimar.*

CIÚME (s. m.).— Resentimento por alguén.
CLÍMAX (s.m.).— Gradación ascendente / Período crítico; punto culminante.
COAGULAR (v.).— O m. que callar.
COÁGULO (s.m.).— Porción dun líquido callado / Porción de sangue sen soro.
CÓBADO (s. m.).— Parte posterior e prominente da articulación do brazo e antebrazo.
COBERTURA (s. f.).— O que resgarda dalgo.
COBIZA (s.f.).— *Avareza.* Desexo incontrolado de riquezas / Desexo vehemente de cousas boas / *Desexo sexual* / Envexa.
COBIZOSO (adx.).— O que desexa os bens dos demais. *Envexoso.*
COCIÑEIRA (s. f.).— A que fai de comer.
COCHO (s. m.).— Mamífero doméstico do que se obtén xamón, touciño, chourizos. *Porco.*
CODELO (s. m.).— Anaco de pan, xeralmente duro.
CODIA (s. f.).— Capa exterior dura do pan, queixo, etc. *Coda.*
COENLLO (s. m.).— Animal doméstico da familia dos roedores.
COETÁNEO (adx.).— Da mesma época.
CO GALLO DE (loc. prep.).— Por causa de, con *motivo* de.
COGUMELOS (s. m.).— Seta, fungo do monte.
COIDADO (s.m.).— Atención, solicitude / Ansia, dilixencia, preocupación nun negocio que está a cargo dun / (interx.) Úsase como ameaza ou diante dun perigo como advertencia / P.P. de coidar e coidarse.
COIDAR (v.). (1). Procurar que non lle pase mal ningún a alguén ou a algo; tamén que non faga mal / (2). Ter por certa unha cousa. Ter conta / Ter unha opinión ou un xuício.
COIRO (s. m.).— Pel dos animais.
COLEXIO (s. m.).— Centro de ensino. / Corporación de xente da misma profesión.
COLMEIRA (s.).— Instrumento de labranza, manual e con tres dentes de ferro co que se suxeita o toxo, o esterco, etc., *galleta.* Se ten dous dentes e é de madeira chámase gallado.
COLO (s.m.).— Parte estreita por onde a cabeza se xunta co corpo. / Parte do corpo onde as persoas sentan ou arrolan ós nenos.
COLONIZACIÓN (s.f.).— Acción de colonizar. Consiste en establecer colonias nun territorio alleo por medio das armas ou por sumisión económica, para explotalas en beneficio da nación colonizadora.
COLORIÑO (s. m.).— Cor viva e rechamante, que destaca.
COLUMNA (s.f.).— Pilar cilíndrico que serve para sustenta-los edificios ou só para adornar / Cada unha das subdivisións verticais dos xornais ou de certos libros.
COLLEITA (s. f.).— Froitos que se recollen da terra. / Acción e época de recollelos. *Anada.*
COLLEITADORA (s. f.).— Máquina automóbil que realiza asemade as operacións da sega, malla e limpeza de cereais.
COLLEITO.— Part. de p. de *Coller.*
COLLER (v.).— Agarrar algo coas mans. / Caber. / Torcer.
COMA.— Conx. comparativa.
CÓMARO (s. m.).— Valo ou valado que separa unha finca. / Outeiro de pouca altura.
COMA SE (loc. conx. modal).— Como se.
COMBATE (s.m.).— Acción e efecto de combater. *Loita.*
COMBATER (v.).— Loitar contra algo ou contra alguén. / Contender / Impugnar, contradicir.
COMER (v.).— Tomar comida.
COMERCIO (s.m.).— Feito e resultado de comerciar / Establecemento comercial. / Conxunto de actividades comerciais.
COMISARÍA (s. f.).— Posto de policía de carácter público e permanente.
COMO SE (loc. conx. modal).— Coma se.
COMO (adv. de modo).— De que maneira.
COMPADRE (s. m.).— Padriño dun fillo / Pai do xenro ou da nora.
COMPAÑA (s. m.).— Persoa ou persoas que van ou están con alguén. *Compañía.*
COMPAÑEIRO (s. m.).— Persoa que xoga, estudia ou traballa con outra.
COMPETIR (v.).— Loitar entre sí dúas persoas para lograr algo / Igualar en calidade unha cousa a outra.
COMPRAR (v.).— Trocar unha mercadoría por diñeiro, *Mercar.*
CON (s. m.).— Penedo da beiramar. *Farallón.*
CONCELLAL (s. m.).— Membro da xunta de goberno dun concello.
CONCELLO (s. m.).— Municipio.
CONCIENCIA (s.f.).— Coñecemento que o home tén da súa propia existencia e actividade / Coñecemento da bondade ou maldade dos actos.
CONCORRER (v.).— Acudir.
CONDOLENCIA (s.f.).— Compaixón. Pésame. Dó.
CONDUCIR (v.).— Servir de conductor, guiar, levar ou traer. / Rexentar, gobernar / Ir dar a.
CONGRUENCIA (s.f.).— Conexión lóxica / Conveniencia.

CONFESAR (v.).— Dicir ou recoñece-lo que un pensa ou fixo, especialmente un delito ou pecado / Administrar un cura o sacramento da confesión / Proclamar un a súa fe ou ideais.
CONFORME (adv.).— Segundo. Da maneira que.
CONFUNDIR (v.).— Misturar varias cousas de maneira que non se distingan / Trabucar / Turbar / Non distinguir, tomar unha cousa por outra.
CONSCIENCIA (s.m.).— Estado no que un se decata do que fai e do que pasa ó seu redor.
CONSCIENTE (adx.).— Que ten conciencia dos seus actos.
CONSTANTE (adx.).— Que ten constancia. Persistente, firme / Formado de // (s.f.).— (mat.) Factor invariable nunha fórmula ou expresión alxébrica.
CONSTIPADO (s.m.).— Catarro / Adx.— Que ten catarro.
CONSTITUÍNTE (Adx. e s.).— Que constitúe / Membro dunhas cortes constituíntes.
CONSTITUÍR (v.).— Compoñer / Establecer.
CONSTRUÍR (v.).— Levantar unha obra.
CÓNSUL (s.m.).— Representante dun país nunha cidade estranxeira / Nome dado en distintas épocas e países a certos maxistrados.
CONTENTO (adx.).— Alegre. Ledo.
CONTÍA (s.f.).— Cantidade, porción grande dalgunha cousa, ou suma de varias cantidades.
CONTINENTE (P. a. de Conter).— Que contén / (s.m.).— O que contén en sí outra cousa / Grandes masas de terra firme rodeadas polo mar, que pola súa grande extensión non poden ser consideradas illas.
CON TODO (loc. advers. conx.).— Así e todo. Sen embargo. Aínda así.
CONTRA (prep.).— Denota oposición ou contrariedade. Indica situación ou colocación. Cara a, por.
CONTRIBUÍNTE (adx. e s.).— Que paga os impostos / Que contribúe a un fin con cartos ou outra axuda.
CONTRIBUÍR (v.).— Cooperar, axudar.
CONVENIENTE (adx.).— Que é útil ou de proveito.
CONVERSA (s. f.).— Diálogo, conversación.
CONVERSAR (v.).— Falar entre dúas ou máis persoas.
CONVIR (v.).— Ser útil ou de proveito / Estar ou porse de acordo; recoñecer.
CONVIDAR (v.).— Invitar a alguén a algo. Convidarse: invitarse reciprocamente.
CONVIVENCIA (s.f.).— Vida en común de dúas ou máis persoas.
COÑECEMENTO (s.m.).— Resultado de coñecer / Intelixencia, entendemento / Consciencia da realidade.
COÑECER (v.).— Ter idea dunha cousa ou chegar a sabe-la súa natureza mediante a intelixencia.
COORDENADA (s. m.).— Liña que determina a posición dun punto e dos eixos ou planos relativos a ela / Oración relacionada con outra, pero que conserva a súa independencia semántica e funcional.
COR (s.f.).— Impresión que a luz transmitida polos corpos produce no órgano da vista / Coloración / Tinta de pintar / Rubor das faces. *Color*.
CORAZÓN (s.m.).— Órgano vital do home e dos animais, centro do sistema vascular e da circulación do sangue / Sentimento interior / Centro dalgo.
CORDA (s.f.).— Xogo que consiste en facer xirar un cordel de xeito que saltando pase por debaixo dos pés e por riba da cabeza. / Conxunto de fíos entrelazados para prender ou apertar.
CORDEIRO (s.m.).— Home que fai e / ou vende cordas.
CORDÓN (s.m.).— Corda redonda de seda, liño, lá, etc. *Amalló* (cordón dos zapatos).
CORENTA (Adx. num).— Catro veces dez.
CORENTENA (s.f.).— Conxunto de 40 unidades / Período de illamento dos que poden portar un contaxio.
CORESMA (s.f.).— Tempo litúrxico de penitencia desde o mércores de cinsa ata a Pascua de Resurrección.
CORREDOR (s.m.).— Peza estreita dunha casa, que conduce ás diversas dependencias.
CORRENTE (P. a. de correr).— Que corre // (Adx.).— Dise do mes no que se está. / Admitido polo uso (s.f.).— Movemento progresivo das augas dun río ou do mar.
CORREO (s.m.).— Conxunto de cartas, revistas, paquetes, que reparte o carteiro. / Oficina deste servicio.
CORRIXIR (v.).— Rectificar, emendar, mellorar, modificar / v. rfl. Emendarse.
CORTA-FEIRA (s.m.).— Mércores.
CORTE (s.m.).— Lugar cuberto e pechado para garda-las vacas, os cabalos, etc.
CORTELLO (s.m.).— Lugar pechado pequeno onde se gardan os porcos. *Porqueira*. Tamén se chama «Cortello» ó lugar onde se gardan os cuxos, cabras e ovellas.
CORTINA (s.f.).— Peza de tea que se pendura das portas e fiestras para cubrilas.
COSTELA (s. f.).— Cada un dos ósos curvados que forman a caixa torácica.
COSTUME (s. m.).— Hábito collido por feitos ou actos continuados.

COTIÁN (adx.).— De tódolos días.
COUSA (s.f.).— Todo o que ten existencia, especialmente o inanimado.
COVA (s. f.).— Burato grande feito na terra, debaixo dela. Se non é moi grande chámase *Cavouco*.
COXA (s. f.).— Parte da perna que vai da nádega ó xeonllo.
COXIN (s. m.).— Almofada pequena.
CRAVAR (v.).— Introducir algo agudo nun corpo a golpes.
CRECENTE (P. a de *Crecer* / (Adx.).— Que medra ou crece / (s.f.).— Aumento do caudal dun río / *Crecente da lúa*. Crecemento aparente da lúa, debido ó progresivo aumento da iluminación solar na súa superficie.
CRECER (v.).— Medrar.
CREGO (s. m.).— O señor que oficia a misa. *Cura*.
CRENTE (adx. e s.).— Que cre.
CRENZA (s.f.).— Crédito que se dá a unha cousa / O que se cre ou debe crerse en materia relixiosa.
CRER (v.).— Ter por certa unha cousa que o entendemento non explica / Ter fe / Pensar, maxinar, sospeitar. *Coidar*.
CRIME (s.m.).— Asasinato.
CRISE (s.f.).— Mutación grave que ocorre nun punto dun proceso físico ou histórico / Momento decisivo nun asunto importante.
CROA (s. f.).— Óso da froita. *Caguña, carabuña, Gouña*.
CROQUE (s. m.).— Golpe dado cando se baten dúas cousas / golpe dado coa cabeza. Chichón.
CRU (adx.).— Que non está ben cociñado ou ben maduro.
CRUELDADE (s.f.).— Calidade de cruel. Maldade.
CU (s.m.).— Nádegas / Ano / Extremo inferior ou posterior dunha cousa.
CUADRANGULAR (adx.).— De catro ángulos.
CUADRÍCULA (s.f.).— Cadros pequenos formados ó cortarse unha serie de rectas *verticais con outras horizontais*.
CUADRILLA (s.f.).— Grupo de persoas que *traballan ou actúan xuntas*.
CUADRÚPEDO (adx. e s.).— Que tén catro patas.
CUALIDADE (s.f.).— Característica / Modo de ser.
CUARTETO (s.m.).— Estrofa de catro versos consonantes endecasílabos / Composición para catro instrumentos ou voces / Conxunto musical de catro instrumentos ou voces.
CUARTO (s. m.).— Habitación.
CUATERNARIO (adx.).— Da era Cuaternaria / Que consta de catro elementos // (s. e adx.).— Último período xeolóxico.
CUBRIR (v.).— Tapar. Coma este verbo conxúganse tamén: descubrir, recubrir, etc.
CULLER (s. f.).— Utensilio para comer, cun mango rematado nunha concavidade oval.
CUME (s. m.).— A parte máis alta dun monte, dunha casa. *Cumio*.
CUMPRIR (v.).— (1). Executar, levar a efecto / Facer un aquilo que debe ou a que está obrigado / Chegar a unha idade determinada / Completar / (2) Ser mester. Ser preciso.
CUMPRIDO (adx.).— Demasiado longo ou grande, dise da roupa. Para as medras.
CURA (s. m.).— Crego.
CURMÁN (s. m.).— Primo, fillo de irmáns.
CURRAL (s. m.).— Sitio unido ás casas, cercado e descuberto que ten distintos usos.
CURRICHO (s.m.).— Porco pequeno.
CURRUNCHO (s. m.).— Esquina.
CUSPE (s.m.).— Humor transparente e insípido segregado polas glándulas salivares e que actúa na dixestión dos alimentos.
CUSPIR (v.).— Expulsar cuspe pola boca.
CUSTA (s.f.).— Traballo / Cantidade que se paga por unha cousa. *Custe. Custo*.
CUSTAR (v.).— Ter un prezo / Facerse difícil. / Causar fatiga ou traballo unha cousa.
CUTIS (s. m.).— Pel do rostro.
CUXO (s. m.).— Cría da vaca. *Xato, Xovenco, Becerro, Pucho*.

CH

CHAFALLADA (s. f.).— Traballo mal feito ou mal rematado.
CHAFALLEIRO (s. e adx. m.).— Persoa que fai chafalladas.
CHAFARIZ (s. m.).— Chorro de auga que sae cara a arriba.
CHAÍÑAS (s. e adx.).— Xogador deficiente en calquera deporte ou xogo.
CHAMAR (v.).— Pedir a alguén que veña. No diálogo refírese ó contacto telefónico / Convocar / Petar na porta. // *Chamarse* (v.). Ter un nome.
CHAMBRA (s. f.).— Especie de brusa curta que usan as mulleres.
CHAMPÚ (s.m.).— Especie de xabón para lava-la cabeza.
CHAN (s. m.).— Onde pousamo-los pes ó andar / (adx.). Que non fai costa nin ten altos e baixos.
CHAPEO (s. m.).— Sombreiro, prenda para cubri-la cabeza.

CHAPO (s. m.).— Especie de calcetín de lá. *Carpín. Escarpín.*
CHATOLA (s. f.).— Craviño metálico de cabeza circular que serve, por exemplo, para asegura-lo papel no taboleiro, etc.
CHAVE (s.f.).— Aparato para afrauxa-los parafusos / Tamén é o obxecto co que abrimo--la porta.
CHEA (s. f.).— Trastorno producido pola inxestión excesiva de alcohol. Borracheira.
CHEA DE (loc. adv.).— Unha grande cantidade dalgo.
CHEGAR (v.).— Vir ó cabo dun camiño. / Abondar. / Poder tocar no que está algo alto ou lonxe. Neste último sentido é o mesmo ca *atinguir*.
CHEMINEA (s. f.).— Burato ou construción no tellado por onde sae o fume.
CHEO (adx.).— Que xa non lle collen máis cousas. / O que xa está completo; o contrario é baleiro.
CHIFRO (s. m.).— Obxecto pequeniño que ó soprar por el produce un asubío.
CHIMPAR (v.).— Botar, lanzar. *Guindar, arrebolar.*
CHISCO (s. m.).— Anaco. Pouquiño. Refírese a tempo ou materia.
CHISPAR (v.).— Brillar, faiscar. / Facer chispas.
CHISTAR (v.).— Gustar, agradar moito unha cousa.
CHOIO (s. m.).— Traballo, ocupación, oficio. / Situación avantaxosa da que se saca moito proveito con pouco esforzo.
CHORAR (v.).— Acción de botar *bágoas* polos ollos por culpa dalgo. O sustantivo *pranto* indica este feito.
CHOROMICAR (v.).— Facer que se chora, chorar sen razón suficiente, sen ganas. O rapaz que o fai frecuentemente é un *choromicas* ou *choromiqueiro.*
CHOSCO (adx.).— Falto dun ollo ou da vista dun ollo.
CHOTA (s. f.).— Cría de cabra que aínda mama. / Montón de esterco. / *«Estar coma unha chota:* Estar tolo».
CHOURIZO (s. m.).— Tripa de porco chea de carne picada e adobada.
CHOUTAR (v.).— Brincar. Andar a choutos, a pulos.
CHOUTO (s.m.).— Acción e efecto de choutar. / *Brinco, pulo, salto.*
CHOVER (v.).— Caer auga das nubes.
CHUCHAMEL (s.m.).— Pranta labiada moi común en Galicia.
CHUVIA (s. f.).— A auga que é provocada polas nubes. *Choiva.*

D

DANAR (v.).— Facer mal.
DANIÑO (adx.).— Que fai mal, prexudicial. Que causa dano.
DANO (s. m.).— Prexuicio, mal / deterioro.
DAQUELA (adv.).— Por aquel tempo, naquel tempo / nese caso.
DAR (v.).— Pasarlle algo a alguén para que se quede con el. / Cando unha cousa bota algo de si mesma dise que *dá* (as vacas dan leite).
DAR EN + INFI. (expre.).— Acabar por + infi. (Ó final tamén el vai dar en casar) / Dar por + inf. Exemplo: «Deu en falar todo o tempo» = «Deuselle por falar todo o tempo».
DAR SACADO (expr.).— Acabar de sacar, ser capaz de sacar.
DATA (s. f.).— Día, tempo no que sucede algo.
DE ACORDO (adv.).— Expresión que indica asentimento, *conformidade.*
DE A CABALO (expr.).— Montado nun ou sobre un cabalo.
DE ALÍ A UN POUCO (expr.).— Un momento despois.
DEBAIXO (adv.).— Nun lugar inferior a outro.
DEBATE (s.m.).— Acción e efecto de debater. *Discusión.*
DEBATER (v.).— Discutir unha cousa.
DEBECER (v.).— Desexar fortemente, *arelar* / decae-lo ánimo.
DEBER (1) (v.).— Ter que pagar unha débeda. / Ter que facer algo porque é boa cousa facelo.
(2) (s.m.).— Obriga.
DECADENTE (adx.).— Que vai a menos.
DECAER (v.).— Estar en decadencia. Baixar, declinar. *Diminuír.*
DECATARSE (v.).— Darse conta. / Precaverse, previrse contra algún perigo que poida sobrevir.
DECIDIR (v.).— Dar unha solución definitiva / convencer a alguén dalgo // V. Refl. Tomar unha determinación.
DE CONTADO (expr.).— Axiña, de seguida.
DECOTE (adv.).— A cotío, de cotío, adoito, a miúdo, frecuentemente. / Sempre, continuamente, sen interrupcións.
DEDAL (s. m.).— Utensilio metálico para protexe-lo dedo mentres se cose. Alferga.
DEICA (prep.).— Indica o lugar cara ó que imos. / Expresa o término dunha cousa.
¡DEICA MAÑÁ¡ (expr.).— Despedida ata o día seguinte, ou saúdo.
DEITAR (v.).— Estender sobre a cama ou no chan. / Verter, perder un recipiente o líquido que contén / Bota-la rede cando se vai de pesca

// (—se).— Meterse un na cama. / Botarse en calquera sitio para durmir.
DEITARSE (v.).— Meterse na cama para durmir, tumbarse no chan.
DEIXAR (v.).— Emprestar algunha cousa. / Permitir. / Pousar.
DEIXAR POLO DENTE (expr.).— Deixalo porque xa se está farto e non se pode máis.
DELINCUENTE (p.a. de delinquir).— Que delinque. / (s. m.) Persoa que cometeu un crime ou algún outro delito.
DELINEAR (v.).— Traza-las liñas dun debuxo ou un proxecto.
DE CERTO (loc. adv. afirmativa).— En efecto. Verdadeiramente.
DECER (v.).— Baixar, descender.
DECLINAR (v.).— *Diminuír*, decaer.
DELICIA (s.f.).— Pracer moi intenso do ánimo.
DELINCUENCIA (s.f.).— Calidade ou estado de delincuente. / Delito.
DELIÑAR (v.).— Marcar divisións entre terreos. *Derregar.*
DEMO (s. m.).— Ser sobrenatural que está no inferno e que trata de que os homes fagan o mal, segundo a relixión. *Diaño, diabo, demachiño.* / Neno que fai moitas trasnadas.
DENOSIÑA (s. f.).— Mamífero carniceiro nocturno de corpo delgado e patas curtas. *Donicela, doniña.*
DE NOVO (expre.).— Outra vez, unha vez máis, *outra volta.*
DEREITO (1) (adx.).— Recto, seguido, sen torcer // Que cae contra a man dereita. (2) (s.m.).— Facultade de esixir ou face-lo que a lei nos permite. / Acción que se ten sobre unha persoa ou cousa. / Conxunto de regras a que están sometidos tódolos homes, para que vivan conforme á xusticia.
DERRADEIRO (adx.).— Que se atopa ó final dunha serie, fechándoa.
DERREARSE (v.).— Estar moi canso, *sufrir cansazo.*
DERRIBA (adv.).— Enriba. Nun lugar superior respecto a outro.
DESCENDER (v.).— *Baixar. Diminuír.*
DESCRENZA (s.f.).— Acción e efecto de descrer / Falta de fe ou de crenza relixiosa.
DESCRER (v.).— Deixar de crer. / Faltar á fe. / Non dar creto.
DESCRIBIR (v.).— Facer unha descrición dalgo. // Trazar, percorrer.
DESCRICIÓN (s.f.).— Acto ou efecto de describir. / Exposición exacta e viva dun feito, lugar, etc. por medio da palabra ou escrita.
DESCRITO (adx.).— Escrito. Narrado. Contado.
DESCRITOR (adx. e s.).— Que describe. / O que describe.
DE SEGURO (expr.).— Fixo, con toda seguridade.
DESENVOLVEMENTO (s.m.).— Acción e efecto de desenvolver ou desenvolverse.
DESENVOLVER (v.).— Sacarlle o envoltorio a algo / (v. prnl.).— Obrar con soltura. Facer unha cousa sen dificultade.
DESEÑO (s.).— Delineación ou representación dunha cousa, ou mesmo de ideas. / Debuxo, obxecto deseñado ou trazado.
DESEXO (s. m.).— Gana dalgo, *degaro.*
DESPEDIR (v.).— Soltar; arrebolar unha cousa; botar. / Dirixir expresións de afecto a unha persoa que se vai. / Quitar a un o traballo.
DESPOIS (adv.).— Máis tarde.
DESQUE (conx.).— Desde que.
DESTRAGAR (v.).— Estropear, destruír unha cousa. / Non aproveitar. *Estragar.*
DESTRUÍR (v.).— Desfacer, derrubar.
DE SÚPETO (loc. adv.).— De repente. *De sócato, de sotaque.*
DEUS (s. m.).— Ser supremo creador do universo. / Calquera divinidade pagá.
DE VAGAR (adv.).— Despacio, con tempo, sen présas.
DISTRITO (s.m.).— División administrativa ou xurídica dun territorio ou poboación.
DIVERTIR (v.).— Entreter, recrear. / *Divertirse* (v. refl.) *pasalo ben.*
DIVISION (s.f.).— Separación en partes, grupos, etc. Reparto.
DÓ (s.m.).— Dor, mágoa, sentimento. / Demostracións que se fan nunha casa mortuoria para expresar sentimento polo finado. *Face-lo dó*= acudir á casa mortuoria como amigo do defunto ou da familia.
DOADO (adx.).— Que é de bo facer. *Fácil.*
DO.— Contracción da prep. *de* e do artigo determinado en núm. sing. e xén. naso *o.*
DOBRAR (v.).— Pregar algo por algunha das súas partes.
DOCE (s. m. e adx.).— Pastel / sabor semellante ó do azucre ou do mel.
DOENTE (adx. e sust.).— Que non ten saúde. / Raiboso, danado.
DOENZA (s. f.).— O que padecemos cando nos doe algo. / Dor. Mal, enfermidade.
DOER (v.).— Ter ou producir dor.
DOGMA (s.m.).— Principio filosófico ou científico certo ou indiscutible. / Verdade revelada. / Afirmación que se debe aceptar, con validez perpetua e sen crítica posible.
DOLMEN (s.m.).— *Mámoa.* Monumento megalítico en forma de mesa.

DONICELA (s.f.).— O m. que *denosiña* e *doniña.*
DONIÑA (s.f.).— O m. que *denosiña.*
DONO (s.m.).— Propietario dunha cousa. Amo.
DOR (s.f.).— Sufrimento físico ou espiritual. / Mágoa. *Dolor.*
DORNA (s. f.).— Tipo de embarcación provista dun só mastro onde vai unha vela latina.
DOTE (s.m.).— Bens ou diñeiro dados á muller que casa / (fig.) Don natural. / Cualidade física ou moral.
DOUS (adx.).— Un máis un.
DOUTOR (s. m.).— Médico. / Universitario con grao que aprobou a *Tese de Doutoramento.*
DOUTORADO (s.m.).— O grao de doutor / (adx.).— Que recibiu o grao de doutor.
DOUTORAL (adx.).— De doutor ou a el referente.
DOUTORALMENTE (adv. de modo). De doutoral).— *Maxistralmente.*
DOUTORAMENTO (s.m.).— Acción e efecto de doutorarse ou doutorar (Ó remata-la carreira teño que facer un curso de doutoramento).
DOUTRINA (s.f.).— Ensinanza que se dá para a instrucción dalguén. / Opinión dun ou varios autores en calquera materia. // Explicación á xente dos preceptos da relixión cristiá. / Conxunto de xente que asiste a esta explicación.
DÚBIDA (s. f.).— Pregunta non respostada, idea que non está nada clara. Incertidume.
DUBIDAR (v.).— Non estar certo dunha cousa, ter dúbidas.
DUCIA (s. f.).— Doce unidades.
DURANTE (adv. de t.).— Mentres. Indica duración.
—Non confundir con *Perante* (adv. de lugar).
DURMIR (v.).— O que se fai para mata-lo sono. / Pernoctar.
DEVANCEIRO (s. m.).— Antecesor, proxenitor, avó.
DEXENERAR (v.).— Decaer, non corresponder unha persoa ou cousa á súa primitiva calidade. / Caer nalgún vicio.
DIABETE (s.f.).— Enfermidade hereditaria caracterizada por unha eliminación excesiva de orina, que xeralmente contén azucre.
DIANTE (adv.).— Que vén ou que está antes dalgo.
DICIR (v.).— Expresar en voz alta. Falar. / Cos adverbios *ben, mal:* ir ben unha cousa con outra.
DICTAME (s.m.).— Xuício sobre algo.
DIFERENCIA (s.f.).— Cualidade ou característica que distingue unha cousa doutra. / Variedade entre cousas da mesma especie. / Discordia.
DIFÍCIL (adx.).— Que non se fai sen esforzo. De carácter desagradable, pouco afable. *Complicado.*
DIFICULTADE (s.f.).— Calidade de difícil. / Obxección, obstáculo.
DIFUNDIR (v.).— Espallar en tódalas direccións; propagar, irradiar. / Transmitir por un medio de comunicación. (V. refl.). Derramarse / divulgarse.
DIGNO (adx.).— Apto. Que vale a pena. / Nobre / merecedor.
DILUÍR (v.).— Diminuí-la intensidade ou a concentración dalgo.
DIMINUÍR (v.).— Descender. *Decaer.*
DIÑEIRO (s. m.).— Nome común de tódalas moedas en metal ou papel. *Cartos.*
DIÓCESE (s.f.).— Distrito no que ten poder espiritual un prelado.
DIRECTOR (s.m.).— Persoa encargada de dirixir un negocio, establecemento, sociedade, etc. (Adx.). Que dirixe.
DIRIXIR (v.).— Ir de cara a algún sitio.
DISCORRER (v.).— Pensar, inventar.
DISCUTIR (v.).— Examinar con moito coidado un asunto. / Dar razóns contra a opinión doutro.
DISFRUTAR (v.).— Pasalo ben.
DISQUE.— 2.ª persoa sing. de ind. do verbo *dicir* seguida de *que.* Equivale a Dise que, din que.
DISTANCIA (s.f.).— Espacio ou intervalo de lugar ou tempo que media entre dúas cousas ou sucesos. / Desemellanza entre unha cousa e outra.
DISTRAER (v.).— Desviar ou perturba-la atención dunha persoa cara a algunha cousa. / Divertir.

E

E (s.m.).— Sexta letra do abecedario do galego / Nome desta letra // Conxunción copulativa.
ECLIPSE (s.f.).— Ocultación transitoria total ou parcial dun astro por interposición doutro.
EDIFICIO (s.m.).— Obra de arquitectura con teito que normalmente usa a xente para vivir.
EFICACIA (s.f.).— Capacidade e forza para facer algo / Grao de rendemento.
EFICIENTE (adx.).— Que fai as cousas con eficiencia: ben e pronto.

EGOÍSMO (s.m.).— Amor exclusivo dunha persoa a sí mesma ou ós seus intereses.
EGUA (s.f.).— A femia do cabalo.
EIXE (s.m.).— Barra que atravesa un corpo xiratorio sosténdoo cando se move / Barra horizontal dun carro que leva nos extremos as rodas / Liña que pasa polo centro xeométrico dun corpo / Idea fundamental dunha argumentación ou dun plan.
ELECTRICIDADE (s.f.).— Forma de enerxía caracterizada pola facilidade de transformación noutras formas, como calor, luz, etc. / Estudio dos fenómenos eléctricos.
ELECTRICISMO (s.m.).— Conxunto de fenómenos producidos pola electricidade.
ELECTRICISTA (adx. e s.).— Persoa que se adica á montaxe de instalacións eléctricas.
ELÉCTRICO (adx.).— Relativo á electricidade. Que produce electricidade.
ELECTRIFICAR (v.).— Adaptar ou aplica-la electricidade a aparatos, lugares, etc.
ELECTRIZABLE (adx.).— Que se pode electrizar.
ELECTRIZAR (v.).— Provocar propiedades eléctricas nalgo. // Cargar de electricidade.
ELIXIR (s.m.).— Escoller.
EMBAIXO (adv.).— Nun sitio máis baixo do que se está ou fala.
EMBALAR (v.).— Aumenta-la velocidade dun móbil.
EMBIGO (s.m.).— Cicatriz que queda no ventre ó cortar e seca-lo cordón umbilical.
EMBORRANCHARSE (v.).— Ensuciarse.
EMBRUXADO (adx.).— Engaiolado, enfeitizado, enmeigado.
EMPLUMAR (v.).— Poñerlle plumas a algo / Cubrir de plumas a alguén, como castigo.
EMPORCAR (v.).— Poñer porca ou suxa unha cousa. *Lixar*.
EMPRAZAR (v.). (1).— Citar a alguén para comparecer nun prazo de tempo determinado. Convocar. (2).— Situar, ubicar algo nalgún sitio.
EMPREGAR (v.).— Darlle emprego a alguén / Gastar, consumir.
EMPREGADO (s.m.).— Que tén emprego ou ocupación.
EMPREGO (s.m.).— Oficio, ocupación / Acción e efecto de empregar ou empregarse.
EMPRESTAR (v.).— Ceder algo temporalmente.
EN BALDE (adv.).— Inutilmente, que non obtén resultados favorables. *De balde*.
EN CANTO (loc. temp.).— Así que, tan pronto como. / Mentres, en tanto, entre tanto.
ENCARGA (s.f.).— Acción e efecto de encargar ou encargarse / Cousa encargada / Úsase moito como equivalente de *encargo*.
EN CAS (loc. pre.).— Na casa de.
ENCETAR (v.).— Comenzar unha cousa á que se lle quita unha parte; quita-lo primeiro anaco.
ENCIMA (adv.).— Na parte de riba. Sobre.
ENCONTRO (s.m.).— Xuntanza repentina ou programada de varias persoas.
ENCUESTA (s.f.).— Averiguación, indagación. O m. que *enquisa*.
ENDEREZO (s.m.).— Residencia fixa na que habitan as persoas.
ÉNFASE (s.f.).— Forza de expresión para destacar algún elemento do noso discurso.
ENFERMIDADE (s.f.).— Mal. Doenza.
ENFRASCADO (s.m.).— Dise cando un está moi metido nun traballo, absorto, abstraído.
ENFRENTE (adv.).— De cara a.
ENGADIR (v.).— Sumar, adicionar, facer medrar, acrecentar / Xuntar, empalmar.
ENGADO (s.m.).— Misterio que seduce e cativa / Don que posúen algunhas persoas para atraer // Cebo que se pón nos anzós para pescar.
ENGAIOLAR (v.).— Meter nunha gaiola / Seducir con encantos. Deixarse convencer. Enganar.
ENGANAR (v.).— Dicir cousas que non son verdade, cando facemos un trato con alguén, para aproveitarnos del / Distraer, entreter.
ENGORDAR (v.).— Cebar, dar moito de comer / Porse gordo.
EN LUGAR DE (loc. prep.).— No canto de. En vez de.
ENMEIGAR (v.).— Perde-la razón ou a normalidade por algo supersticioso. Enfeitizar.
EN PROL DE (loc. conx.).— A favor de.
ENQUISA (s.f.).— Técnica de averiguación social consistente en analiza-las respostas dadas por un determinado número de persoas a preguntas elaboradas previamente polo investigador. *Encuesta*.
ENREDAR (v.).— Distraer, entreter / Brincar, xogar.
ENRIBA (adv.).— Nun sitio máis alto do que se está ou fala.
ENROLAR (v.).— Envolver. O contrario é *desenrolar*. Debemos diferencialo de *desenvolver*, dándolle a éste un valor máis xeral e abstracto e a *desenrolar* un valor máis material e concreto.
ENRUGA (s. f.).— Pregue ou dobrez que se fai na pel, na roupa ou en calquera cousa flexible por non estar axustada ou estar mal dobrada.
ENSINANZA (s.f.).— Acto ou efecto de ensinar / Ensino, educación, precepto.
ENSINAR (v.).— Dispensar ensinanza.

ENSINO (s.m.).— Acto de ensinar / Educación, instrución.
ENTEIRAR(SE) (V).— Coñecer algo que non se sabía. *Informarse.*
ENTEIRO (adx.).— Que non lle falta nada.
ENTERNECER (v.).— Abrandar. Amolecer.
ENTOACIÓN (s.f.).— Feito e resultado de entoar / Inflexión da voz segundo o sentido, a emoción ou o acento co que se fala.
ENTOAR (v.).— Cantar axustando o ton / Afina-la voz.
ENTÓN (adv. temp.).— Naquel tempo / En tal caso, sendo así.
ENTRE (prep.).— Denota situación ou estado en medio de dúas cousas.
ENTREMENTRES (adv.).— Entretanto, mentres, mentres tanto / Ata dentro dun pouco.
ENTROIDO (s.m.).— Os tres días da festa do carnaval. *Antroido.*
EN TROQUES DE (loc. prep.).— En vez de. En lugar de.
EN VEZ DE (loc. prep.).— No canto de. En lugar de. Por en vez de.
ENVELLECER (v.).— Poñer vello. *Avellar.*
ENVEXA (s.f.).— Desexo dunha cousa da que se carece. *Cobiza.*
ENXAMIO (s.m.).— Grupo de abellas, vésporas cunha raíña. *Enxame.* O recipiente onde se aloxan chámase *trobo* ou *colmea.* Un grupo de colmeas protexidas por un muro de pedra é unha *albariza.*
ENXEÑEIRO (s. m.).— Persoa que traza obras públicas ou particulares.
ENXEÑO (s.m.).— Talento para inventar ou levar a cabo cousas con facilidade.
ENXOITO (adx.).— Estar seco algo que antes estaba mollado.
ENXUGAR (v.).— Secar unha cousa mollada.
EPIDERME (s.f.).— Capa externa da pel.
EQUIPAXE (s. f.).— Bagaxe, especialmente para facer unha viaxe.
ERGUER (v.).— Levantar; pór dereita unha cousa torta, porse de pé. *Erguerse* (ref.) Saír da cama. Levantarse.
ERMIDA (s.f.).— Igrexa ou capela pequena, nun sitio despoboado.
ERMITÁN (s.m.).— Persoa que vive en soidade. / O que vive e coida da ermida.
ERRO (s.m.).— Concepto equívoco ou xuício falso; acción desatinada.
ESAXERACIÓN (s.f.).— Acto ou efecto de esaxerar.
ESAXERAR (v.).— Dicir ou facer cousas maiores do que son na realidade.
ESAXERADO (adx.).— Desproporcionado. Excesivo.
ESAXERADOR (adx.).— Que esaxera.
ESAXERO (s.m.).— Esaxeración. Cousa esaxerada.
ESBARDALLAR (v.).— Falar de máis e sen tino.
ESCAMPAR (v.).— Deixar de chover.
ESCÁNCER (s.m.).— Reptil parecido á cobra non venenoso.
ESCAVACIÓN (s.f.).— Acto ou efecto de escavar.
ESCAVADOR (s.m.).— O que escava.
ESCAVADORA (s.f.).— Máquina para escavar.
ESCAVAR (v.).— Formar unha cavidade na terra.
ESCENA (s. f.).— Parte dunha película ou dunha peza teatral.
ESCINTILAR (v.).— Brillar. Resplandecer.
ESCOLA (s.f.).— Lugar onde estudian os rapaces.
ESCOLLA (s.f.).— Acción e efecto de escoller.
ESCOLLER (v.).— Tomar ou elixir con preferencia unha ou máis cousas entre outras.
ESCORRENTAR (v.).— Meter medo facendo fuxir.
ESCORRER (v.).— Esvarar, escorregar.
ESCRIBIR (v.).— Representa-la lingua falada por medio de letras ou signos / Facer libros, discursos, etc.
ESCRITO (p.p. de escribir) / (s.m.).— Carta. Documento.
ESCRITOR (s.m.).— Persoa que se adica a escribir.
ESCRITORIO (s.m.).— Moble onde se escribe.
ESCUSA (s.f.).— Acto ou efecto de escusar ou escusarse / Disculpa / Evasiva. Dispensa de servicio ou obriga.
ESCUSABLE (adx.)— Que se pode escusar / Dispensable.
ESCUSADO (adx.).— Dispensable; non necesario.
ESCUSAR (v.).— Dispensar de servicio ou obriga / Disculpar / Non ser necesario ou preciso.
ESCUSATORIO (adx.).— Que serve para escusar.
ESFOLAR (v.).— Tirarlle a pel a un animal / *Esfolarse* (v. reflx.).— Cortarse, levantarse a pel, ferirse / *Estar esfolado* (expr.).— Estar moi canso, derreado.
ESFOLLAR (v.).— Quitarlle a folla ó millo. *Escasular.*
ESGUÍO (s.m.).— Alto e delgado. *Airoso.* Ben trazado ou contorneado.

ESIXENCIA (s.f.).— Reclamación, demanda, petición enérxica.
ESIXENTE (adx.).— Que esixe.
ESIXIBILIDADE (s.f.).— Cualidade do que é esixible.
ESIXIBLE (adx).— Que se pode esixir.
ESIXIR (v.).— Pedir algo por dereito. Pedir enérxicamente.
ESMORECEMENTO (s.m.).— Acción de esmorecer ou esmorecerse. Esvaimento, desfalecemento.
ESMORGA (s.f.).— Diversión ruidosa. *Troula.*
ESNAFRAZO (s.m.).— Encontro violento dunha cousa con outra.
ESNAQUIZAR (v.).— Partir en anacos calquera cousa. *Esbandallar.*
ESOUTRO (demostrativo + indefinido).
ESPALMAR (v.).— Estender unha peza de ferro esmagándoa a golpes.
ESPALLAR (v.).— Estender, esparexer.
ESPAÑOL (adx. e s.).— De España / (s.m.).— Lingua de España.
ESPATUXAR (v.).— Mover pés, pernas ou patas violentamente. (Cando o que se move violentamente son as mans ou os brazos entón dise *arborexar)* // Cando as galiñas ou os cans fan buratos na terra coas patas.
ESPETA (s.f.).— Agulla para a calceta.
ESPILIR (v.).— Espabilar.
ESPIR (v.).— Saca-la roupa que leva posta.
ESPÍRITO (s.m.).— Ser inmaterial, intelixente e racional / Alma.
ESPIRSE (v. refl.).— Quitarse a roupa.
ESPONTÁNEO (adx.).— Feito por propio impulso / Que xorde sen cultivo nin coidado do home.
ESPREGUIZARSE (v. ref.).— Estira-los membros ó espertar para tira-la preguiza.
ESPULLA (s. f.).— Verruga.
ESQUECEMENTO (s.m.).— Falta de memoria / Descoido.
ESQUECER (v.).— Non acordarse dalgo. *Olvidar.*
ESQUERDO (adx.).— Que está á man esquerda, contraria á dereita.
ESTABLE (adx.).— Firme, duradeiro.
ESTABLECEMENTO (s.m.).— Tenda ou lugar destinado para traballar. // Fundación, institución.
ESTABLECER (v.).— Fundar, instituir / Establecerse (refl.).— Fixar un a súa residencia nun lugar determinado.
ESTALAR (v.).— Rebentar con estrondo. *Estoupar, estourar, explotar.*
ESTALO (s.m.).— Acción e efecto de estalar. *Estalido.*
ESTAR.— *Verbo intransitivo:* Atoparse alguén ou algo nun certo sitio ou dun certo xeito / Con prepos. *a* + infinitivo forma unha perífrase imperfectiva = estar + xerundio. Indica unha acción no seu transcurso. (O raposo está a comer nas galiñas = está comendo) / Con prepos. *a* ou *para* + infinitivo forma unha perífrase de futuridade inmediata. Indica unha acción que está próxima a ocorrer (o tren está a / para chegar = está a punto de chegar) / Estar + xerundio forma unha perífrase imperfectiva. Indica unha acción no seu transcurso (A miña avoa está tecendo na cociña).
ESTAR BEN (expr.).— Encontrarse en bo estado de saúde.
ESTAR ÓS BIOSBARDOS (expr.).— Estar pensando noutra cousa. Estar nas nubes.
ESTAR FIXO DE (expr.).— Estar seguro dalgo.
ESTAR A MAL (expr.).— Levarse mal cunha persoa.
ESTAR DUN MAL TEMPO (expr.).— Ir mal tempo.
ESTAR DE POULO (expr.).— Estar de monte, estar un campo sen traballar. *Estar a bravo.*
ESTELA (s.f.).— Fragmento dun anaco de madeira.
ESTENDEDOIRO (s.m.).— Lugar onde se estenden roupas, etc. para secar.
ESTENDEDOR (adx.).— Que estende.
ESTENDEDURA (s.f.).— Acto de estender.
ESTENDER (v.).— Desdobrar. Desenrolar / Espallar / Alongar.
ESTENDIBLE (adx.).— Extensible. Que pode ser estendido.
ESTOUPIDO (s. m.).— Acción e efecto de estoupar. Romper algo violentamente e con ruído. *Estalido. Estourido.*
ESTOUTRO (demostrativo + indefinido).
ESTOXAR (v.).— Collerlle noxo a algo.
ESTRADA (s.f.).— Vía por onde circulan os coches.
ESTRANXEIRO (s.m.).— Que é doutro país ou de fóra.
ESTRAÑABLE (adx.).— Que é para estrañar.
ESTRAÑAMENTE (adv.).— De xeito estraño.
ESTRAÑAR (v.).— Atopar estraño; non atopar natural / Botar de menos algo ou a alguén / Atoparse en ambiente estraño / (-se): Admirarse por algo. *Abraiarse.*
ESTRAÑEZA (s.f.).— Cualidade do que é estraño / Asombro / Desconfianza.
ESTRAR (v.).— Botarlle estrume ó gando para que lle sirva de cama.

ESTREA (s.f.).— Primeira actuación. / Primeira vez que se usa algo.
ESTREAR (v.).— Usar por primeira vez unha cousa / Representar por primeira vez un espectáculo.
ESTRELA (s.f.).— Corpo celeste dotado de luz propia / Artista, persoa célebre.
ESTROPALLO (s.m.).— Porción de esparto que se usa para fregar. *Fregaduxo.*
ESVARAR (v.).— Correrse con rapidez un corpo sobre outro liso ou mollado. *Escorregar.*
EU (Pron.).— A persoa que fala.
EUROPEO (adx. e s.).— De Europa.
EXAME (s. m.).— Proba de coñecementos / Investigación.
EXCLUÍR (v.).— Non incluír / Poñer fóra / *Omitir.*
EXCURSIÓN (s.f.).— Saída en grupo para visitar lugares novos.
EXEMPLO (s.m.).— Caso ou feito que pode servir de modelo, ou para probar unha demostración.
EXÉRCITO (s.m.).— Conxunto de tropas armadas.
EXHIBIR (v.).— Mostrar en público.
ÉXITO (s.m.).— Bo resultado / Resultado, remate.
EXPEDIENTE (s.m.).— Conxunto de informes e documentos que fan relación a un asunto determinado así como os trámites encamiñados á súa resolución / Título.
EXPEDIR (v.).— Despachar unha cousa ou un negocio / Escribir un documento / Remitir.
EXPERIENCIA (s.f.).— Coñecemento adquirido coa práctica. / Experimento.
EXPERIMENTAR (v.).— Facer experimentos / Notar, sentir algo.
EXPLICAR (v.).— Facerlle entender ós demais o que un pensa / Aclarar.
EXTENSAMENTE (adv.).— Ampliamente.
EXTENSIBLE (adx.).— Que se pode estender.
EXTENSÍMETRO (s.m.).— Aparato empregado para medir pequenas variacións dun corpo sometido a deformación.
EXTENSIÓN (s.f.).— Porción de espacio ou de tempo / Cualidade do que é extenso.
EXTENSIVO (adx.).— O que se pode aplicar a máis dun caso. Extensible.
EXTENSO (adx.).— Que ten extensión / Vasto.

F

FACENDA (s.f.).— Conxunto de bens e riquezas persoais.
FACER (v.).— Producir, fabricar. / Realizar, executar. / Enxendrar. / Finxir. (Agora fai que non sabe) / (v. rfl.) Transformarse.
FACE-LO CONTO (expr.).— Tratar de consegui-lo favor dalguén con zalamerías. *Face-las beiras.*
FACER FALTA (expr.).— Cumprir, facer falla.
FACER PARTILLAS (expr.).— Reparti-la herdanza entre os herdeiros.
FACIANA (s.f.).— Rostro, cara.
FÁCIL (s.m.).— *Doado.* Que se pode facer sen traballo. / Inconstante, cambiante, que se deixa levar polos demais.
FACULTADE (s.f.).— Poder, dereito ou liberdade de acción // Ciencia ou arte. / Centro onde se cursa unha carreira universitaria.
FACHENDA (s.f.).— Presunción, orgullo.
FACHENDOSO (adx.).— O que se da máis importancia da que ten. *Presumido.*
FADA (s.f.).— Muller que nos contos fai cousas maravillosas.
FAISCAR (v.).— Lanzar muxicas ou faíscas dos metais cando están quentes. Escintilar.
FALANGUEIRO (adx.).— Persoa moi faladora, que gusta da conversa.
FALAR (v.).— Conversar, dicir.
FALARSE (v.).— Entre dúas persoas de distinto sexo enténdese por «ser mozos» ou ter relacións.
FAME (s.f.).— Apetencia ou necesidade de comer.
FANECA (s.f.).— Peixe pequeno comestible.
FARINXITE (s.f.).— Enfermidade consistente na inflamación da farinxe.
FARMACIA (s.f.).— Ciencia que ensina a facer e coñece-los medicamentos. / Establecemento onde se preparan e venden as menciñas.
FARRAPO (s.m.).— Calquera trapo vello. / Cada unha das pingas de neve. *Folerpa.*
FARRUCO (adx.).— Chulo. Impertinente.
FARTO (adx.).— Satisfeito. Canso. / Saciado, nutrido, cheo, que ten fastío.
FE (s.f.).— Virtude teologal pola que se cren as verdades da relixión. / Fidelidade. / Confianza. / Documento que acredita algo.
FEBRE (s.f.).— Calor de máis que ten o corpo cando un está enfermo.
FEIRA (s.f.).— Mercado.
FEITIZOS (s.m.).— Conxunto de artes supersticiosas que deixan a un preso dalgo sobrenatural.
FEIXÓ (s.m.).— Faba, pranta leguminosa cuns pequenos froitos comestibles.
FEL (s.m.).— Bile e vesícula biliar.
FEMININO (adx.).— Propio da muller.
FENDER (v.).— Abrir, atravesar unha cousa, partila.

FENDEDELA (s.f.).— Regandixa.
FEO (adx.).— Que non nos gusta.
FERIR (v.).— Lastimar, mancar.
FERMENTO (s.m.).— Producto que fai leveda-la masa.
FERMOSO (adx.).— Bonito, belo.
FERRAGACHO (s.m.).— Obxecto de ferro.
FERREIRO (s.m.).— Home que traballa o ferro.
FERRERÍA (s.f.).— Sitio onde traballa o ferreiro. *Forxa.*
FERVELLASBERZAS (s.).— Persoa viva e lixeira que non para de rebulir.
FERVENTE (adx.).— Que ferve. / Que ten fervor.
FERVENZA (s.f.).— Salto de auga por desnivel do terreo. *Cadoiro, freixa, ruxidoiro.* / Fervor. Axitación extrema. / Estado do líquido que ferve.
FERVER (v.).— Quentar un líquido ata que bula. / Entrar ou estar en ebulición. / Facer burbullas un líquido por causa da calor. // Fermenta-lo mosto na cuba ou no lagar. // Moverse. Sentir vivamente unha paixón. // *Cocer* nun líquido.
FESTA (s.f.).— Reunión de persoas para celebraren algo ou divertírense.
FIBELA (s.f.).— Peza de metal que serve para axustar e uni-las correas, cintos, etc.
FICHAXE (s.f.).— Contratación dun xogador.
FIEITO (s.m.).— Planta de follas alongadas, baixa e moi común nos nosos montes. *Folgueira, Fento.*
FIESTRA (s.f.).— Abertura na parede dun edificio para dar luz ou airear. *Ventá.*
FILLO (s.m.).— O que nace duns pais. *Filliño* ten un matiz afectivo.
FILLOA (s.f.).— Tortiña moi delgada feita con ovos, leite, fariña triga e sangue de porco que ás veces leva un pouco de mel e azucre. O costume é comelas despois de Noiteboa e en Carnaval.
FINAR (v.).— Deixar de vivir. *Morrer. Falecer.*
FINXIR (v.).— Aparentar, dar a entende-lo que non é certo. / Dar existencia real ó que realmente non a ten.
FITA (s.f.).— Tecido longo de seda, fío ou algo semellante, dunha ou varias cores que serve para atar, cinxir ou adornar.
FLAN (s.m.).— Prato doce feito con xemas de ovo, leite e azucre.
FLEXIBLE (adx.).— Que é doado de domear.
FLOR (s.f.).— Órgano reproductor das prantas. / Conxunto de substancias que se forma na superficie de certos líquidos por transformación destes. *Tona.* (fig.). O máis valioso e escollido dunha cousa ou dun grupo. Virxinidade / Xuventude.
FLUÍR (v.).— Correr coma os líquidos. Abrollar, manar.
FOCO (s.m.).— Aparato transportable que dá luz eléctrica. Tamén se lle chama *facho.*
FOGUETE (s.m.).— Carga explosiva suxeita a unha vara que se eleva no aire ó prenderlle lume.
FOL (s.m.).— Instrumento para obter aire nas forxas ou fogóns. / Bolsa da gaita.
FOLGA (s.f.).— Medida de presión para obter melloras laborais, políticas etc. *Paro.*
FOLGADO (adx.).— Descansado, que apenas traballa.
FOLGOS (s.m.).— Alento, respiración.
FONTE (s.f.).— Manantial de auga que sae da terra. / Artificio co que se fai saí-la auga nos xardíns, rúas ou prazas. // Bandexa.
FÓRA (adv. lug.).— A, ou na parte exterior.
FORABORDA (s.f.).— Tipo de embarcación que leva o motor na popa, fóra da borda.
FORMIGUEIRO (s.m.).— Lugar onde viven as formigas. / Aplícase tamén a un continuo ir e vir de moita xente.
FORNADA (s.f.).— O que se coce dunha vez no forno.
FORNO (s.m.).— Lugar onde se cocen os alimentos.
FORTE (adx.).— O que resiste moi ben. O contrario é *fraco.*
FORXA (s.f.).— Lugar de traballo dos ferreiros.
FOUCIÑO (s.m.).— Ferramenta que serve para segar, ten unha folla curvada moi afiada e un mango curto de madeira.
FRACO (adx.).— Delgado.
FRANGULLA (s.f.).— A parte mol do pan esnaquizada. *Faragulla. Migalla.*
FRASE (s.f.).— Conxunto de palabras con certa unidade e sentido.
FRAUTA (s.f.).— Instrumento de vento que ten un tubo e uns furadiños circulares.
FREBA (s.f.).— Parte magra da carne.
FRECHA (s.f.).— Arma que se dispara con arco. / Sinais para indicar unha dirección que teñen a forma desa arma.
FRECUENTE (adx.).— Que ocorre moitas veces. Que sucede a miúdo.
FREGUÉS (s.m.).— Persoa que pertence a unha parroquia elesiástica.
FREAR (v.).— Deter ou modera-lo movemento.
FREO (s.m.).— Dispositivo para moderar ou dete-lo movemento. / Instrumento de ferro para suxeitar e goberna-las cabalerías.
FRIAXE (s.f.).— O frío, a baixa temperatura.

FROCO (s.m.).— Floco. Cacho de tecido cortado de maneira que pendure. / Cordón que se usa para ornatos de vestuario.
FROITA (s.f.).— Froito comestible.
FRONTE (s.f.).— A parte máis alta da cara, entre os *sens* ou *tempas* e o cabelo. *Testa.*
FROTA (s.f.).— Conxunto de barcos mercantes ou de guerra.
FROUXO (adx.).— Pouco apertado, pouco tirante, mal atado.
FUCIÑO (s.m.).— Nariz, normalmente dos animais. / «Caer de fuciños» = *esnafrarse, afuciñar, afurricar.*
FULXIR (v.).— Brillar. Escintilar. Resplandecer. *Perbelexar.*
FUMEGAR (v.).— Botar moito fume.
FUNIL (s.m.).— Instrumento oco, ancho por riba e estreito por baixo, en forma de cono rematado nun canuto que serve para transvasar líquidos.
FURADO (s.m.).— Abertura máis ou menos redonda feita nunha tea, parede, chan, etc. *Buraco. Burato.*
FURAFOLLAS (adx.).— Persoa moi viva de enxeño, traste, alegre.
FUSIL (s.m.).— Arma manual de fogo cun cañón de 60 a 90 cm. de longo.
FUXIR (v.).— Irse de présa dun sitio, por medo.

G

GABAR (v.).— Destaca-las cualidades dalgo ou dalguén. *Loar. Chufar.* / Gabarse: presumir. *Fachendear.*
GADAÑA (s.f.).— Instrumento que serve para sega-la herba. Tén unha folla grande de aceiro e un mango que se colle coas dúas mans.
GADAÑAR (v.).— Sega-la herba con gadaña.
GAIOLA (s.f.).— Caixa con reixas para meter animais dentro e telos cativos.
GAITA (s.f.).— Instrumento musical de vento, cun fol e unha especie de frauta, de orixe celta, moi característico de Galicia.
GAITEIRO (s.m.).— Home que toca a gaita.
GAIVOTA (s.f.).— Ave de mar. *Gavota.*
GALBANA (s.f.).— *Preguiza;* tendencia viciosa a non traballar.
GALDRAPO (s.m.).— Prenda de vestir moi vella.
GALOPÍN (adx.).— Pícaro, pillo (pode ter sentido pexorativo).
GALLA (s.f.).— Parte na que se bifurca unha rama ou póla.
GALLADA (adx.).— Dividida, ramificada.
GALLETA (s.f.).— Pasta de fariña, leite e azucre moldeada e cocida no forno. // Colmeira.
GAMELA (s.f.).— Embarcación de pesca pequena.
GANANCIA (s.f.).— Beneficio, utilidade. / Acción e efecto de gañar.
GANDERÍA (s.f.).— Crianza ou comercio de gando.
GANDO (s.m.).— Conxunto de animais domésticos. *Gado.*
GAÑADOR (adx.).— O que gañou.
GAÑAR (v.).— Conseguir diñeiro. / Vencer. / Conseguir algo traballando ou xogando.
GAÑO (s.m.).— Utilidade, proveito.
GARABULLO (s.m.).— Pau pequeno e delgado.
GARANTÍA (s.f.).— Obriga que asegura a execución perfecta dalgo. / Seguridade.
GARANTIZAR (v.).— Ofrecer garantía ou seguridade sobre algo. Garantir.
GARAVATA (s.f.).— Anaco de tea en forma de tira que se pon como adorno ó redor do pescozo deixando cae-las puntas ata o peito.
GARAXE (s.m.).— Lugar cuberto onde se gardan os coches.
GARDA (s.m.).— Persoa encargada da defensa e protección de persoas ou cousas.
GARDAR (v.).— Poñer fóra da vista algunha cousa. / Conservar ou ter coidado dalgo. / Ter conta dalgo.
GARDERÍA (s.f.).— Lugar onde se coidan os nenos que aínda non van á escola.
GARFO (s.m.).— Peza de metal con dentes que se utiliza para comer. *Cuberto.*
GARGALLADA (s.f.).— Risa moi ruidosa. / *Risada.*
GASOLINA (s.f.).— Producto da destilación do petróleo empregado principalmente para combustible dos automóbiles.
GAVEAR (v.).— Subir a un lugar alto ou pouco accesible axudándose de pés e mans.
GLOTE (s.f.).— Abertura superior da larinxe.
GNOMO (s.m.).— Na mitoloxía xermánica, anexo fantástico, garda da terra e dos tesouros.
GOLFIÑO (s.).— Mamífero cetáceo, semellante ó arroaz, con fuciño máis longo.
GORECER (v.).— Curar, sandar. / Acoller, refuxiar.
GORENTAR (v.).— Gustar un alimento ou bebida. *Gustar. Prestar. Saber.*
GORIR (v.).— O m. que *gorecer.*

GRADAR (v.).— Achaia-las terras para un novo cultivo desfacendo os terróns.
GRAMALLEIRA (s.f.).— Cadea de ferro que pende sobre a lareira e que ten un gancho ou dentes para colga-las potas.
GRAO (s.).— Medida de temperatura, ángulos ou de arcos. / Cada unha das partes en que se divide unha escala. / Categoría, posición, estado. / Título universitario.
GRATIS (adv.).— De balde. Sen pagar.
GREA (s.f.).— Rabaño de calquera clase de animais.
GREGO (adx.).— Relativo a Grecia.
GROLO (s.m.).— Parte dun líquido engulida cada vez que bebemos. *Chopo. Fecha. Buche.*
GRÚA (s.f.).— Máquina que serve para erguer, trasladar ou pousar cargas.
GUANTE (s.m.).— Peza de vestir coa que se cobren as mans. *Luva.*
GUARECER (v.).— Acoller, protexer a alguén.
GUARNIR (v.).— Pór guarnición en. / Prover do necesario. // Ataviar, adornar.
GUEDELLAS (s. m.).— Cabelo longo.
GUIAR (v.).— O mesmo ca *conducir.*
GUME (s.m.).— Fío de calquera utensilio que se emprega para cortar.

H

HABER (s.m.).— En plural: Facenda, bens. // Saldo favorable dunha conta. // (2) (v.).— Ter unha cousa, posuír. / Ocorrer, suceder (Onte houbo festas). / Ser mester, ser preciso (Hai que calar). / Atoparse (Había pouca xente na feira). / Utilízase como auxiliar e dependendo doutros verbos (Houbesen de dar; débeos haber). / Estar a punto de ocorrer (Houben de morrer).
HÁBIL (adx.).— *Mañoso.* Que ten aptitude para algunha cousa.
HARMONÍA (s.f.).— (1) Combinación de sons acordes. / Arte de combina-los sons. (2) Amizade.
HEBREO (adx. e s.).— Dise do pobo xudeu e da súa relixión. / Pertencente a este pobo ou a esta relixión. / Idioma dos xudeus.
HEPATITE (s.f.).— Enfermidade que consiste nunha inflamación do fígado.
HERBA (s.m.).— Pranta pequena de talo tenro. / Conxunto destas prantas. / Pasto.
HERBASECA (s.f.).— Herba curada ó sol que é almacenada para o inverno.
HERDADE (s.f.).— Ver *Herdanza.*
HERDANZA (s.f.).— Dereito de sucesión na propiedade de bens e accións dunha persoa cando esta morre. / Bens e dereitos que se herdan. *Herdade,* herdo.
HERDAR (v.).— Recibir por dereito, despois da morte dunha persoa, bens que lle pertencían a ela. / Adquirir por parentesco ou por herdanza.
HIMNO (s.m.).— Composición solemne, poética ou musical en louvanza dalgo ou alguén.
HIPÓTESE (s.f.).— Suposición da que se tira unha consecuencia.
HISTORIA (s.f.).— Relación de sucesos pasados. / Narración inventada.
HOME (s.m.).— Individuo da especie humana. / Persoa de sexo masculino. / Adulto.
HOMENAXE (s.f.).— Agasallo que se lle fai a unha persoa como mostra de admiración e respeto.
HOMENAXEAR (v.).— Manifestar públicamente respeto e admiración.
HORTA (s.f.).— Terreo onde se cultivan hortalizas e árbores froiteiras.
HOXE (adv.).— Neste día.
HUMANO (adx.).— Pertencente ou referente ó home.

I

IDADE (s.f.).— Tempo transcorrido desde o nacemento dunha persoa ou dunha época.
IGNORANCIA (s.f.).— Falta de ciencia, de letras ou noticias.
IGNORANTE (adx.).— Persoa que non ten instrucción, que carece de ciencia ou de noticias.
IGREXA (s.f.).— O lugar onde se di a misa. / O conxunto dos cristiáns.
IGUAL (adx.).— Que non se diferencia doutro. / (adv.).— Ó mellor. Se cadra.
ILLA (s.f.).— Porción de terra rodeada de auga por todas partes.
ILLEO (s.m.).— Illa pequena.
ILLÓ (s.m.).— Parte de terreo baixo e húmido. / Manantial de auga a rentes do chan.
IMAXE (s.f.).— Figura ou representación dun obxecto. / Efixie ou pintura sagrada. / Representación mental dalgo percibido polos sentidos.
IMITAR (v.).— Semellar, parecerse unha persoa a outra. / Facer unha cousa a semellanza doutra. *Arremedar.*
IMPACIENCIA (s.f.).— Falta de paciencia. / Inquedanza. *Desacougo.*
INCIDIR (v.).— Caer nunha falta, erro, etc. / Facer un corte ou incisión. / Caer sobre.

INCLINAR (v.).— Pór en dirección oblIcua á vertical. / *Inclinarse:* dobrarse. / Mostrar inclinación ou simpatía por.
INCLUÍR (v.).— Pechar dentro doutra cousa. / Envolver, conter, encerrar. / Abranguer.
INCONSCIENTE (adx.) (1).— Que non ten consciencia. / Feito sen conciencia. / Irresponsable. (2).— Conxunto de feitos síquicos que escapan totalmente á consciencia.
INDESCRITIBLE (adx.).— Que non pode ser descrito.
INDIGNO (adx.).— Que non é digno. Sen dignidade.
INFANCIA (s.f.).— Etapa da vida na que se é un neno. *Nenez.*
INFINDO (adx.).— Que non ten fin. Infinito.
INFLACIÓN (s.f.).— Expresión monetaria que denota un desequilibrio entre a producción de bens e servicios e o crecemento da demanda, cando esta medra máis ca aquela.
INFLUENCIA (s.f.).— *Influxo.* Acto ou efecto de influír. / Preponderancia.
INHÁBIL (adx.).— Que non é hábil. Que non é apto.
INHERENTE (adx.).— Que pola súa natureza non se pode separar doutra cousa á que está unido.
INHUMANO (adx.).— Falto de humanidade, cruel.
INGRE (s.m.).— Peza prismática de aceiro sobre o que se peta ó face-los fouciños. Zafra.
ÍNGOA (s.f.).— Unión do ventre coas coxas. *Virillas.*
INMEDIATO (adx.).— Que ocorre a continuación. / Seguido.
INMIGRANTE (s.m.).— Persoa que chega a un país para establecerse nel.
INMÓBIL (adx.).— Que non se pode mover. / Que está quieto. Quedo.
INMORREDOIRO (adx.).— Que non pode morrer. / Que dura tempo indefinido.
INNATO (adx.).— Non aprendido, conxénito. Algo que un individuo posúe por natureza sen adquirilo pola experiencia ou pola educación.
INNOVACIÓN (s.f.).— Acto ou efecto de innovar. *Novidade.*
INSCRIBIR (v.).— Escribir en. / Rexistrar. Incluír no número.
INSCRICIÓN (s.f.).— Acto de inscribir. / Letreiro ou gravado conmemorativo.
INSCRITO (adx.).— Incluído, en lista ou rexistro.
INSIGNIFICANTE (adx.).— De moi pouco ou ningún valor.
INSISTIR (v.).— *Teimar. Cismar.*
INSPECTOR (adx. e s.).— Que examina ou vixía unha cousa. / Empregado que inspecciona un servicio ou departamento.
INSTITUTO (s.m.).— Comunidade científica, benéfica, etc. / Centro oficial de ensino medio.
INSTRUMENTO (s.m.).— Todo o que serve para facer algún traballo. / Obxecto para producir sons musicais.
INTERÉS (s.m.).— Circunstancia pola que unha cousa ten importancia para alguén. / Atención que se pón no que se fai. / Sentimento que move a alguén a actuar en proveito propio.
INVASIÓN (s.f.).— Acción e resultado de invadir.
INXECCIÓN (s.f.).— Introducción dunha menciña na vea por medio dunha xeringa.
IR (v.).— Moverse cara a un sitio distinto de onde estamos nós. / Ir(a) + inf. forma unha perífrase de futuridade (Imos perde-la partida por culpa túa). Ás veces a perífrase tén matiz de intencionalidade (vou coller un pau e voute mallar). / Ir + xerundio forma unha perífrase imperfectiva (ía comendo mazás). / Diferenciarse unha cousa doutra (¡Canto vai do pai ó fillo!). / En certos xogos de cartas, entrar. / *¡Alá vai!* Exclamación que un fai cando outro cae ó chan espaturrado (¡Alá vai! ¡Esnafrouse!). / ¡Vaiche boa! Dise dalgo que ocorreu xa hai moito tempo. / / *Irse* (refl.).— Partir, marchar (foise por este camiño). / Desfacerse dalgo, nos xogos de cartas, descartarse (Perdiche-la partida por irte das copas). / Saírse un líquido do recipiente (Apaga o lume antes de que se vaia o leite). / Morrer (¡Fóisenos para sempre!) / Esvaírse (A ver se chegamos antes de que se vaia o día). // Ir calor, ir frío, ir vento = facer calor, facer frío, facer vento.
IR APAÑADO (expr.).— Ter malas perspectivas nun asunto.
IRMÁN (s.m.).— Fillo dos meus pais. O feminino é irmá. Persoa con respecto a outra que é filla dos mesmos pais, ou só do mesmo pai ou da mesma nai. / Persoa admitida por unha comunidade relixiosa a participar de certas gracias.
ISRAELÍ (s. e adx.).— Que é habitante de Israel.

L

LÁ (s.f.).— Tecido que se fabrica co pelo das ovellas.
LABAZADA (s.f.).— Golpe que se dá na cara coa man aberta. Se o golpe é no lombo

chámase lombeirada; na cabeza, croque; na canela, canelada; no nariz, esnafrada.
LABOR (s.m.).— Traballo.
LABRAR (v.).— Traballa-la terra facendo regos co arado. *Arar*.
LABREGO (s.m.).— Persoa que cultiva a terra. *Labrador*. *Campesiño*.
LACAZÁN (adx.).— Vago, preguiceiro.
LADROA (s.f. ou adx.).— Muller que rouba. Ladrona. Ladra.
LAGARTIXA (s.f.).— Reptil parecido ó lagarto pero máis pequeno.
LAGOEIRO (s.m.).— Obreiro que traballa na construcción de estradas.
LAGOSTRA (s.f.).— Langosta; marisco que ten unhas antenas moi longas.
LAMA (s.f.).— Mistura de auga e terra que se forma cando chove moito.
LAMBETEIRO (adx.).— Persoa a quen lle gustan moitísimo os doces. *Lambón*.
LAMBÓN (adx.).— Que gusta moito das lambetadas ou lamboadas. Pode ter sentido pexorativo. *Larpeiro*. *Lambeteiro*.
LÁMPADA (s.f.).— Utensilio de iluminación no que se provoca a incandescencia dos filamentos por medio duñha corrente eléctrica.
LAMPREA (s.f.).— Peixe de forma de serpente que tén unha ventosa na boca, comestible e que pode ser de mar ou de río.
LAPA (s.f.).— Luz que fai o lume ó arder: *Chama*.
LAPARADA (s.f.).— Chama que surxe e se apaga rápidamente. *Labarada*.
LARANXA (s.f.).— Froita redonda e marela de casca ou carepa grosa.
LARANXEIRA (s.f.).— Nome da árbore que dá as laranxas.
LAREIRA (s.f.).— Pedra da cociña de antes na que se acendía o lume.
LARICA (s.f.).— Apetito ou fame.
LATAR (v.).— Faltar ás clases.
LEALDADE (s.f.).— Calidade de leal. Fidelidade.
LEBRE (s.f.).— Mamífero de monte moi parecido ó coenllo.
LEDO (adx.).— Alegre. / Peneque.
LEGUA (s.f.).— Medida de lonxitude equivalente a uns cinco quilómetros e medio.
LEI (s.f.).— Norma universal que rexe tódolos fenómenos da natureza. / Norma preceptiva promulgada por unha autoridade para o goberno dunha comunidade. / Liña de conducta que regula calquera actividade social, sen ser imposta por ningún lexislador. / Relixión. / (Fem. e plur.) Corpo do dereito civil.
LEIRA (s.f.).— Extensión de terra adicada ó cultivo.
LEITE (s.m.).— Líquido que dan as femias dos mamíferos para alimenta-las crías.
LEMBRARSE (v.).— Recordar, acordarse. Pódense construír de dúas maneiras as oracións con lembrar(se): «lembreime de face-lo teu recado» ou «lembroume face-lo recado».
LENDA (s.f.).— Relato que foi elaborado ó longo dos anos pola tradición.
LER (v.).— Pasa-la vista polo que está escrito e entendelo.
LERIA (s.f.).— *Verba*, locuacidade.
LESTE (s.m.).— Punto por onde sae o sol.
LEVAR (v.).— Mover unha cousa dun sitio para outro. / Ter. / Tardar. / Ter posto.
Ter (Este barco non leva remos)
Tardar (Levoulle dúas horas o camiño)
Ter posto, cos nomes de roupa (Leva un vestido posto)
LIBERDADE (s.f.).— Facultade do home para decidi-lo seu modo de actuar.
LIBRERÍA (s.f.).— Sitio onde venden libros.
LICEO (s.m.).— Establecemento de Ensino medio. / Círculo literario ou artístico con fins instructivos ou recreativos. / Ximnasio ateniense onde funcionaba a escola aristotélica.
LIMPAR (v.).— Saca-la porquería das cousas.
LIMPO (adx.).— Que non ten manchas ou lixo. / Que non está misturado con nada. / (s.m.) Porción da costa onde o fondo non ten perigos para a navegación.
LINGUA (s.f.).— Órgano musculoso e movible situado no interior da boca, usado para comer, falar, etc. / Idioma dun país.
LINGÜÍSTICA (s.f.).— Ciencia que estudia a linguaxe.
LIÑA (s.f.). (1).— Raia que escribimos cun lápiz ou un bolígrafo. // (2).— O que é estreito e longo coma unha raia.
LIÑO (s.m.).— Pranta fibrosa usada como materia textil. / Tecido feito deste material.
LIÑAXE (s.f.).— Ascendencia ou descendencia dunha familia.
LIORTA (s.f.).— Pequena pelexa.
LIQUE (s.m.).— Pranta criptógama que medra nas penas, valados e na codia das árbores. Os da beiramar chámanlle *verdello*. / Os do interior chámanlle *ouricelo*.
LISCAR (v.).— Marchar, fuxir.
LISCO (s.m.).— Anaquiño dun alimento, normalmente cachiño de xamón ou touciño.
LIXO (s.m.).— Desperdicios, porcallada, po.
LOBISHOME (s.m.).— Home que se converte en lobo.
LOGO (adv.).— Nese caso, nese tempo; é

equivalente ás veces de *daquela.* / Entón. / Rápidamente, en seguida.
LOIRO (adx.).— Da cor do trigo. *Louro.* Tamén pode significar «de cor negra».
LOITO (s.m.).— Dó pola morte dunha persoa. / Sinal exterior deste dó. / Vestido negro de dó.
LOMBO (s.m.).— A parte de detrás do peito. *As costas.*
LONGAÍNZA (s.f.).— Embutido longo e delgado de carne de porco adobada.
LONGO (adx.).— Que ten extensión ou duración de máis.
LONXA (s.f.).— Sitio onde os pescadores venden o peixe.
LONXE (adv.).— Moi separado.
LORCHEAR (v.).— Andar facendo ruído cos pés mollados. / Cando se está todo mollado dise *pingando,* ou *coma un pito.*
LÓSTREGO (s.m.).— Luz que precede ós tronos. *Relustro.* / Cousa moi rápida.
LOUSA (s.f.).— Pedra lisa e delgada. *Pizarra.*
LOUZA (s.f.).— Conxunto de pezas de cociña. *Vaixela.*
LÚA (s.f.).— Satélite natural da Terra.
LUADA (s.f.).— Tempo que dura a luz da lúa. / Influencia nefasta da lúa. // Época de celo nas femias.
LUAR (s.m.).— Luz da lúa.
LUCIMENTO (s.m.).— Acción de lucir (facer algo con lucimiento = Facelo moi ben feito).
LUCIR (v.).— Brillar. / Despedir luz. / Sobresaír, avantaxar.
LUME (s.m.).— Calor e luz que producen as cousas en combustión.
LUNÁTICO (adx.).— Que sofre loucura en certos momentos.
LUNS (s.m.).— Primeiro día da semana.
LUVAS (s.).— Prenda para abriga-las mans, coa súa mesma forma. *Guante.*

M

MACHADO (s.m.).— Ferramenta que ten unha parte de ferro afiada e cortante e un mango que se utiliza sobre todo para fender leña.
MACHO (s.m.).— Animal de sexo masculino. / Mulo.
MACHUCADURA (s.f.).— Acción e efecto de esmagarse unha cousa por outra máis forte.
MADEIXA (s.f.).— Fío envolveito ordenadamente.
MADIA LEVA (expr.).— Expresión que indica que non é extraño o que outro afirma, asentindo sempre algo. / Equivale a «xa o creo», «home claro», etc.
MAGNOLIA (s.f.).— Árbore de xardín con flores grandes e arrecendentes. / Flor desta árbore.
MÁGOA (s.f.).— Tristeza, amargura, dor moral.
MAGOADO (adx.).— Aflixido, con mágoa. Nalgunhas zonas de Galicia pode significar «ferido, mancado».
MAGOSTO (s.f.).— Festa ó aire libre na que se asan castañas.
MAIOR (adx.).— O mais grande. O contrario é *menor.*
MAIS (conx. advers.).— Pero.
MÁIS (adv.).— Outro pouco. // (Adv.) comp. denota idea de exceso, ampliación ou superioridade nunha comparación expresa ou sobreentendida. Denota ademáis idea de preferencia.
MAL (s.m.).— Enfermidade. // (Adv.) Da maneira que non debía.
MAL DE OLLO (expr.).— Crenza segundo a cal a mirada de certas persoas produce mal nos animais, nas propias persoas ou no que estas teñen.
MALICIA (s.f.).— Maldade. / Actitude de facer ou pensar mal dun xeito hipócrita.
MALIGNO (adx.).— Propenso a pensar ou facer mal. / Prexudicial.
MALLAR (v.).— Golpear, bater. / Separa-lo gran da palla batendo a espiga cunha máquina. / Malla-lo peixe: atrapalo nas mallas ou redes.
MALLE (s.m.).— Martelo grande. / Ferramenta agrícola coa que se debulla o trigo na aira ó batelo. Mallo.
MAMÁ (s.f.).— Nome cariñoso da nai, o do pai é *papá.*
MÁMOA (s.f.).— Monumento prehistórico de carácter funerario. Chámaselles tamén antas, modorras e madoñas.
MANTENZA (s.f.).— Acción e efecto de manter ou manterse. / Alimento.
MANTER (v.).— Conservar algo como está. / Suxeitar. // Alimentar. // Defender unha idea.
MANXADOIRA (s. f.).— Lugar onde comen as vacas ou outros animais domésticos.
MAÑÁ (adv.).— O día seguinte de hoxe. / (s.f.).— Parte do día que vai desde que nace o sol ata o mediodía.
MAÑA (s.f.).— Habilidade manual. Xeito.
MAÑANCIÑA (s.f.).— As primeiras horas da mañá.
MAR (s.m.).— Masa moi grande de auga salgada que cobre a maior parte da superficie

da Terra. / Porción desa masa de auga determinada dalgún xeito. / Lago de grandes dimensións e resto de mar antigo. / (fig.) Grande cantidade, inmensidade. / A mares (expresión) (Este ano hai viño a mares = hai moito viño).
MARCHAR (v.).— Irse. / Seguir un asunto os seus trámites ordinarios.
MAREA (s.f.).— Subida e baixada da auga do mar cada seis horas.
MARELO (adx.).— Da cor do sol.
MARGARIDA (s.f.).— Pranta con flores de centro marelo e pétalos brancos.
MARIOLA (s.f.).— Xogo que consiste en ir empuxando cun pé unha pedriña plana ó longo duns cadriños debuxados no chan.
MÁRMÓREO (adx.).— De mármore ou semellante a él.
MARMURACIÓN (s.f.).— Acción de criticar ou falar mal dun que non está presente.
MARRAN (s.m. e adx.).— O mesmo que *porco*.
MARROQUÍ (s.m. e adx.).— Habitante de Marrocos.
MARTELO (s.m.).— Obxecto para petar. Está feito de madeira e ferro.
MATINAR (v.).— Imaxinar, pensar nalgo.
MAUSOLEO (s.m.).— Panteón monumental.
MAXESTADE (s.f.).— Que ten aparencia de grandeza. Título honorífico que se lles dá normalmente ós reis e raíñas. / Distinción solemne que produce admiración e respeto.
MAXÍN (s.m.). Imaxinación, inventiva.
MAZÁ (s.f.).— Nome dunha froita. A árbore chamase *maceira*. Froita redonda con pibidas que dan as maceiras.
MAZO (s.m.).— Martelo groso e pesado de ferro para esmaga-lo ferro.
MECHEIRO (s.m.).— Acendedor, chisqueiro. Instrumento que serve para acende-lo lume.
MEDICINA (s.f.).— Ciencia que estudia o corpo humano e as súas enfermidades e curancia.
MEDIR (v.).— Determina-la dimensión ou intensidade dunha cousa material (Esta raia mide tres metros) / Aprecia-lo valor de cousas abstractas (o amor non se pode medir).
MEDRA (s.f.).— Aumento, mellora dunha cousa. / Crecemento dun rapaz.
MEDRAR (v.).— Crecer. / Mellorar un de fortuna.
MEDRAS (s.f.).— Etapa de crecemento rápido dos rapaces e mozos.
MEIGA (s.f.).— Muller que ten sona de facer maxia.
MEIGUERÍA (s.f.).— *Bruxería*.
MEIRANDE (adx.).— Máis grande, de maiores dimensións, de maior tamaño.
MEIXELA (s.f.).— Parte da cara que está entre a boca e a orella.
MEL (s.m.).— Líquido espeso e doce que producen as abellas.
MELLOR (adx.).— Ó *mellor:* Se cadra, Indica posibilidade. / Máis bo. / (adv. com. de sup.) de *Ben*.
MEMBRO (s.m.).— Elemento dun conxunto / persoa.
MENCIÑA (s.f.).— Medicamento.
MENDO (s.m.).— Anaco de tea ou pano que se cose á roupa que está vella ou rachada. *Remendo*. O verbo é mendar, remendar ou amendar.
MENINXITE (s.f.).— Enfermidade causada pola inflamación das meninxes.
MENTIR (v.).— Dicir mentiras, contar cousas que non son verdade.
MENTIRÁN (adx.).— O que di moitas mentiras. *Mentireiro*.
MENTRES (adv.).— Desde que se comenza ata que se acaba.
MERCAR (v.).— Comprar.
MERCADORÍA (s.f.).— Calquera cousa coa que se comercia. *Artigo. Mercancía*.
MERGULLAR (v.).— Meter algo debaixo da auga ou doutro líquido de xeito que quede cuberto completamente. *Solagar. Sumerxir*.
MERLO (s.m.).— Paxaro que ten o peteiro de cor laranxa e o corpo todo negro.
MES (s.m.).— Cada unha das doce partes en que se divide o ano. / Número de días seguidos desde un sinalado ata outro de igual data no mes seguinte. / O que se paga ou se cobra por un mes de traballo ou de servicio. *Mensualidade* /Período de menstruación.
MESMO (pron.).— Un, e non ningún outro. // (Adv.) Xustamente, realmente. / Case, a punto. / Antes dun verbo significa: certamente, en verdade. / *Coa mesma:* Sen máis. // *O mesmo* (adv.) Se cadra. Ó mellor.
MESQUIÑO (adx.).— Desgraciado, miserento. / Cobizoso.
MESTRE (s.m.).— O que ensina ós rapaces na escola. Escolante.
MEU (adx.).— Dise daquilo do que eu son dono.
MEXILÓN (s.m.).— Molusco de cuncha negra e carne laranxa moi apreciada.
MIAÑAR (v.).— Sonido que emiten os gatos. Maiar.
MIL (adx. num.).— Dez veces cen.
MILAGRE (s.m.).— Suceso que se sae fóra do normal.
MILLO (s.m.).— Pranta alta de follas acaba-

das en bico que tén unha espiga chea de grans marelos.
MINGUAR (v.).— Diminuír unha cousa. *Devecer.* / Faltar, escasear.
MIRADOIRO (s.m.).— Lugar desde o cal se divisa unha bela panorámica.
MISTERIO (s.m.).— Cousa secreta, incomprensible. / Verdade que non podemos entender.
MISTURA (s.f.).— Unión de diferentes sustancias sen perda das súas propiedades.
MISTURAR (v.).— Facer unha mistura. Confundir unha cousa con outra xuntándoas.
MISTO (s.m.).— Pauciño de madeira ou cartón que tén unha cabeza dun material que se acende ó riscar con ela.
MNEMÓNICO (adx.).— Relativo á mnemónica. / Conforme ós preceptos da mnemónica. / Que queda doadamente na memoria. / Relativo á memoria.
MOA (s.f.).— Pedra de moer ou afiar. / Cada dente situado detrás dos incisivos.
MÓBIL (1) (adx.).— Mobible. Que se pode mover. / (2) (s.m.). Causa. Corpo en movemento.
MOBLE (s.m.).— Obxecto para a comodidade ou adorno nunha casa.
MOBLERÍA (s.f.).— Lugar onde venden mobles.
MOEDA (s.f.).— Peza metálica acuñada, cun valor convencional, que serve para as transaccións comerciais.
MOER (v.).— Desfacer, esnaquiza-los grans de trigo, millo, café, etc.
MOITO (adv.).— Máis do normal, máis do que esperamos. Ten a forma apocopada *moi.*
MOLETE (s.m.).— Bolo pequeno de pan.
MOLIME (s.m.).— Vexetación de monte como toxos, fieitos, etc., que se roza e logo serve de cama para os animais. *Estrume. Batume.* Cando está composto de vexetación mariña chámase *argueiro.*
MOLLARSE COMA UN PITO (expr.).— Coller unha grande molladura.
MOLLEIRA (s.f.).— O que se colle cando chove e non hai cobertura. *Molladura.*
MONSTRO (s.m., adx.).— Ser fantástico, estraño e desproporcionado.
MORANGO (s.m.).— Planta rosácea de froito vermello e moi sabroso. Se son silvestres chámanse *amorodos.*
MORREDOIRO (adx.).— Que ha de morrer. *Mortal* / Caduco. Efímero.
MORRER (v.).— Deixar de vivir. Acabárselle a un a vida. / Devecer ata extinguirse. *Falecer, finar.*
MORTO (adx.).— Sen vida.
MOSTEIRO (sus. m.).— Casa ou convento de frades ou monxas.
MOSTRAR (v.).— Expor á vista unha cousa. / Dar a entender coas accións un estado de ánimo.
MOURO (sus. adx.).— De cor escura ou negra. Como sustantivo significa *árabe, musulmán.*
MOUCHO (s.m.).— Ave nocturna de rapina que se alimenta de insectos e ratos. / Bancos baixos, especie de tallos.
MOVEMENTO (s.m.).— Acción de mover ou moverse. / Velocidade dun compás musical. / Aceno. / Idas e vindas de xente, vehículos, etc.
MOVER (v.).— Facer que algo cambie de sitio. / Abanear. / Facer xestións.
MOZO (s. m.).— Home novo, cando ten ó redor de vinte anos.
MUDARSE (v.).— Cambiarse de roupa. / Trasladarse dun sitio a outro.
MULLER (s.f.) (1).— Femia do animal que pensa e fala. / (2).— A que está casada cun home. *Esposa.*
MÚSICA (s. f.).— Conxunto de sonidos harmónicos.
MUXICA (s. f.).— Lixiño que sae voando do lume e vai ardendo. *Muchicas. Moxenas. Carumas.*
MUXIR (v.).— Tirarlle ou sacarlle o leite ás cabras, ás vacas, ás ovellas. *Munguir.*

N

NACEMENTO (s.m.).— Acción de nacer. / Conxunto de imaxes que se poñen nas casas por Nadal para conmemora-lo día en que naceu Xesús. / Principio dunha cousa ou tempo no que empeza.
NACENTE (adx.).— Que nace. / Que comenza a manifestarse, recente. // (s.m.).— Lugar por onde sae o sol. Leste.
NADAL (s. m.).— O derradeiro mes do ano. *Decembro.*
NÁDEGAS (s. f.).— As dúas porcións carnosas no alto da coxa sobre as que nos sentamos. Cachas.
NADO.— Part. de p. de *Nacer*//Adx. o que saíu á luz. / Calquera dos seres humanos que pasaron ou dos que existen no presente.
NARIZ (s.m.).— Parte da cara que serve para tomar alento e ulir.
NAVALLA (s. f.).— Clase de coitelo que ó pecharse garda o fío ou gume no mango.
NECRÓFILO (adx.).— Persoa que se comprace na contemplación dos cadáveres.

NECRÓPOLE (s.f.).— Camposanto, cimeterio.
NECHA (s. f.).— Corte producido por un golpe na cabeza.
NEMBARGANTES (conx. advers.).— Sen embargo. Non obstante.
NENO (s.m.).— Rapaz de menos de 14 anos.
NETA (s.f.).— Tella que cobre o punto de intersección de dúas canles dun tellado vertendo nelas a auga da choiva.
NETO (s.m.).— Respecto dunha persoa fillo ou filla do seu fillo ou filla. / Medida de capacidade para líquido que equivale a medio litro. / (Adx.) O que resulta líquido na suma, prezo ou valor dunha cousa despois de deducilos gastos.
NEVEIRA (s. f.).— Moble frigorífico que serve para conservar alimentos e bebidas.
NIN (conx.).— E tampouco non. / *Nin...nin* (C. distr.).
NINGUÉN (pron.).— Ningunha persoa.
NINGÚN (pron.).— Nin un.
NINGURES (adv.).— Ningún sitio.
NIÑO (s. m.).— Camiña que fan as aves con herbas, pallas etc. para depositaren os ovos e cria-los pitos. *Nío.*
NÓ (s.m.).— (1) Sitio por onde se atan dúas cordas unha á outra. (2) Nas pallas e na madeira, vulto.
NO.— Pron. persoal 3.ª forma mas. singular. Úsase despois das formas verbais rematadas en ditongo decrecente ou despois da sexta persoa dos verbos.
NO CANTO DE (loc. prep.).— En vez de, en prol de.
NOCELLOS (s. m.).— Avultamento que forman a tibia e mailo peroné na unión da perna co pé. *Nortellos. Nocelos. Noelo.*
NOCIÓN (s.f.).— Coñecemento que se ten dunha cousa.
NOGUEIRA (s.f.).— Árbore que dá noces.
NOITE (s.f.).— Tempo que vai desde que se pon o sol ata a amencida.
NOITIÑA (s. f.).— Período de tempo que indica o comezo da noite.
NOME (s. m.).— Palabra coa que se designan as persoas, obxectos ou cualidades para distinguilos dos outros.
NON.— Adv. de negación.
NON DAR FALADO DE... (expre.).— Non facer máis que falar de...
NON DAR PANCADA (expre.).— Non traballar, lacazanear, non dar golpe.
NON OBSTANTE (conx. advers.).— Sen embargo.
¿NON SI? (expre.).— Pregunta que se fai esperando unha resposta afirmativa.
NON XA (loc. adv. de neg.).— Expresión irónica coa que lle damo-la razón a alguén, pensando que non a ten.
NORA (s. f.).— Filla política; o fillo político é *xenro.*
NOTARÍA (s.f.).— Lugar onde os notarios traballan facendo contratos, testamentos, etc.
NOTORIEDADE (s.f.).— Sona. Renome.
NOTORIO (adx.).— Coñecido por todos.
NOVA (sus. f.).— Noticia que non se oíu antes. / Fem. de «novo».
NOVELO (s. m.).— Bóla formada ó enrola-lo fío.
NOVIDADE (s. f.).— Noticia, cousa da que nos enteiramos recentemente.
NOVO (adx.).— De pouco tempo; oponse a vello. / Que vén de ser feito, fabricado ou inventado. / Que inda non foi usado ou foi usado poucas veces. / Aprendiz. / De poucos anos.
NOXO (s. m.).— Repugnancia producida pola presencia dalgo desagradable.
NÚCLEO (s.m.).— Parte central dalgo. / Elemento principal.
NÚMERO (s.m.).— Concepto matemático que indica cantidade. / Signo que representa ese concepto.
NUNCA (adv.).— En ningún tempo. Xamais.
NUTRIR (v.).— Alimentar.

O

O.— (1). Artigo mas. sing. (2). Pronome pers.
Ó.— Contracción da prep. *a* e do artigo *o.*
OASIS (s.m.).— Sitio con vexetación, nos desertos, debido á existencia de auga, onde se fan cultivos e hai gando / (fig.) Cousa agradable entre moitas desagradables.
OBEDIENCIA (s.f.).— Acto ou efecto de obedecer / Sumisión, acatamento, dependencia.
OBEDIENTE (adx.).— Que fai o que lle mandan.
OBLICUO (adx.).— Inclinado. Non paralelo.
OBREIRO (s.m.).— Persoa que emprega a súa forza de traballo nos medios de produción doutro a cambio dun salario ou xornal. Persoa que traballa. *Traballador.*
OBRIGA (s.f.).— Compromiso que limita a vontade (Os nenos teñen a obriga de obedecer a seus pais) *Deber* / Gratitude que se debe a alguén por algún favor que nos fixo (Desde aquel día teño unha obriga contigo).

OBRIGAR (v.).— Impoñer algo / (v. prnl.).— Comprometerse voluntariamente no cumprimento dunha cousa.
OBSCENO (adx.).— Inmoral, impúdico.
OBSEQUIO (s.m.).— Regalo, agasallo.
OBSESIONARSE (v.).— Ser víctima dunha obsesión / Preocuparse, *teimar* ter unha preocupación constante.
OBTENCIÓN (s.f.).— Acto ou efecto de obter.
OBTENIBLE (adx.).— Que se pode obter.
OBTER (v.).— Conseguir unha cousa. Alcanzar unha cousa que se desexaba / Adquirir.
OBVIO (adx.).— Claro, evidente / Sen impedimento.
OBXECTIVACIÓN (s.f.).— Acto de obxectivar / Concretización.
OBXECTIVAMENTE (adv.).— De modo obxectivo / Concretamente.
OBXECTIVAR (v.).— Facer obxectivo algo que non o é / Ilustrar con exemplos concretos.
OBXECTIVIDADE (s.f.).— Cualidade do que é obxectivo.
OBXECTIVISMO (s.m.).— Actitude práctica que consiste nunha referencia ou subordinación sistemática ós datos obxectivos, verificables polos sentidos.
OBXECTIVO (adx.).— Relativo ó obxecto / Que existe fóra do espírito e independente do coñecemento que del teña o suxeito pensante // Propósito, finalidade.
OBXECTO (s.m.).— O que existe por si e pode ser coñecido / Materia de razoamento dunha ciencia / Finalidade // Complemento gramatical // Cousa material / Todo o que afecta ós sentidos.
Ó CABO (adv.).— Ó fin.
OCO (1) (adx.).— Que non ten miolo ou médula, *Van, vacio* / (2) (s.m.).— Cavidade, burato.
OCORRER (v.).— Pasar, acontecer.
Ó CHOU (adv.).— Ás toas, a treu, facer unha cousa sen pensar, ó tolo, ás cegas.
OFICINA (s.f.).— Lugar onde se traballa ou exerce un oficio.
OÍNTE (adx. e s.).— Que oe / (s. e adx.).— Persoa que asiste ás clases sen estar matriculado.
OÍR (v.).— Percibi-los sonidos. É unha forma máis galega ca *ouvir*, que é a propia do portugués.
OITO (adx.).— Catro máis catro.
OLIVA (s.f.).— Froito verde da oliveira. Del obtémo-lo aceite para cociñar.
OLLAL (s.m.).— Buratiño reforzado nas beiras por onde se mete o botón para abotoar.
OLLAR (v.).— Mirar.
OLLO (s.m.).— Órgano corporal que serve para ver.
OLLOMOL (s.m.).— Peixe moi saboroso que se adoita preparar ó forno.
OMBRO (s.m.).— Parte do corpo humano. Tamén se chaman *ombreiros*.
ÓMNIBUS (s.m.).— Automóbil grande para o servicio de viaxeiros. *Autobús*.
ONDA (1) (s.f.).— Movemento das augas do mar feito polo vento. (2). (prep.).— Xunto, cabo de.
ONTE (adv. temp.).— Día anterior a hoxe.
ORA (Conx. distrib.).— Aférese de agora / *Ora... Ora.* / *¡Ora!* (Expr.).— ¡Claro!, ¡Así é!
ORBALLO (s.m.).— Chuvia finiña e pouco espesa. *Poalla. Poalleira. Barruzo.*
ORDE (s.f.) (1).— Colocación das cousas no seu lugar // Estilo arquitectónico // Categoría de clasificación dos animais e das prantas, inferior á clase superior á familia // (2). Mandato.
Ó REDOR (adv.).— Dando a volta todo pola beira. Arredor.
ORELLA (s.f.).— Parte externa do oído / (s. pl.) Fritos feitos de fariña, ovo e anís que se toman de postre polo Carnaval.
ORFO (s.m.).— Persoa a quen lle morreron os pais, sobre todo rapaces.
ORGANISMO (s.m.).— Conxunto de órganos dun ser vivo / Entidade ou institución pública que se goberna por unhas leis propias.
ORGANIZACIÓN (s.f.).— Estructura, disposición que ordena un grupo de cousas ou persoas. / Acto ou efecto de organizar.
ORGANIZAR (v.).— Dispoñer ou estructurar axeitadamente a realización ou funcionamento dalgo.
ORIENTAR (v.).— Determina-la posición dun lugar en relación ó oriente / Dirixir, encamiñar / Informar // (v. Ref.).— Recoñece-lo lugar no que se está / Informarse.
ORIENTE (s.m.).— Lugar por onde nace o Sol. *Leste*.
ORNEAR (v.).— Sonido que emiten os burros.
ORQUESTRA (s.f.).— Conxunto de músicos que tocan unidos.
ÓSEO (adx.).— Que é de óso.
OSO (s.m.).— Animal mamífero carniceiro de patas plantígradas e pelo abondoso.
ÓSO (s.m.).— Cada unha das partes duras e sólidas que forman a armazón do corpo dos animais e que en conxunto forman o esqueleto / Parte dura e compacta no interior dalgunhas froitas. *Carabuña. Gouña.*

ÓS POUCOS (adv.).— Pouco a pouco. Pouco e pouco.
OU (conx.).— Úsase cando se dá a escoller entre dúas cousas.
OURO (s.m.).— Metal de cor marela que brilla.
OUTEIRO (s.m.).— Monte pequeno. É o nome de moitos sitios elevados.
¡OUTRA VACA NO MILLO! (expr.).— ¡Outro que tal baila!
OUTRO (Pron.).— Unha persoa ou cousa que non é aquela da que se acaba de falar.
OVO (s.m.).— Corpo esferoide enxendrado polas femias dalgúns animais para a reprodución, sobre todo as aves.
Ó XEITO (adv.).— Á maneira.

P

PACIENCIA (s.f.).— Cualidade do espírito que consiste en sufri-las adversidades sen se queixar / Capacidade para agardar unha cousa que tarda.
PADECER (v.).— Sufrir un mal físico ou moral.
PADIOLA (s.f.).— Utensilio para transportar cargas ou persoas entre dous formado por duas varas longas e táboas ou teas atravesadas. *Angarellas*.
PADRIÑO (s.m.).— A persoa que presenta ó neno que vai recibi-lo bautismo, confirmación ou matrimonio. / O que acompaña a alguén que vai recibir algún honor.
PAGAMENTO (s.m.).— Acción ou efecto de pagar / *Paga*. Remuneración.
PAGÁN (s. adx.).— Non cristián. / Ignorante nalgunha materia.
PAGAR (v.).— Da-lo que se debe. Entregar unha cantidade de diñeiro ó mercar algo.
PAGO (1) (adx).— Que xa foi pagado. (2) (S.m.).— Entrega dun diñeiro que se debe / Satisfacción, premio, recompensa. *Pagamento*.
PALLASO (s.m.).— O home que nos produce risa. Ás veces traballa no circo.
PALLEIRO (s.m.).— Morea de palla de forma cónica. Mentres o trigo está sen mallar recibe o nome de «meda».
PANO DA CABEZA (s.m.).— Pano que levan as mulleres atado á cabeza. *Touca*.
PANO DAS MANS (s.m.).— Anaco de tea que serve para soa-los mocos, limpa-la suor, etc.

PAPORROIBO (s.m.).— Paxaro pequeno que ten o peito de cor roiba rechamante. *Paporroxo. Paporrubio*.
PAPEL (s.m.).— Sustancia en forma de follas delgadas, feita con pasta de trapos, palla, madeira, etc. / Parte dunha obra teatral que debe facer cada actor. / Función que un desempeña
PAPEL ACHAROADO (s.m.).— Dise dun papel brillante que ten unha capiña de verniz chamado «charol» por riba.
PARA (1) (prep).— Indica o fin ou término ó que se dirixe unha acción, // *Pára* (2). (s.f.).— Pela da froita, queixo, etc.
PARA QUE (loc. conx. final).— A fin de que.
PARAUGAS (s.m.).— Aparello para torna-la chuvia, para protexerse dela.
PAREDE (s.f.).— Muro co que se cerra un lugar ou co que se sostén un teito / Cara ou superficie lateral dun corpo.
PARELLA (s.f.).— Par de persoas ou animais.
PARENTELA (s.f.).— Conxunto de tódolos parentes.
PARÉNTESE (s.f.).— Signo ortográfico / Interrupción, pausa transitoria.
PAROLAR (v.).— Pasa-lo tempo de leria.
PARRULO (s.m.).— Ave palmípeda que vive na auga. *Pato*.
PARTILLA (s.f.).— Distribución que fan os pescadores do peixe que colleron / (plural) Partillas: Conxunto de operacións a que dá lugar o pasamento dunha persoa para distribuí-los seus bens / *Face-las partillas:* Dividi-los bens entre os herdeiros.
PARTIR (v.).— Dividir en partes / Porse en camiño.
PARVADA (s.f.).— Fatada, inxenuidade.
PARVO (adx.).— Que non comprende ben. *Fato, tonto, pasmón*.
PASADOMAÑÁ (adv. temp.).— Día despois de mañá.
PASAR (v.).— Levar unha cousa ou ir un mesmo dun lugar a outro / Facer coma que non nos decatamos dunha cousa / Meter unha cousa polo oco doutra / Ocorrer / (v. prnl.).— Extralimitarse / Esquecerse dunha cousa / Estragarse algún alimento.
PASPALLÁS (s.m.).— Paxaro que aniña entre o centeo. *Codorniz*.
PASTEL (s.m.).— Masa de fariña e manteiga na que se enrola crema. *Doce*.
PASTOR (s.m.).— Persoa que coida o gando . *Pegoreiro*.
PATACA (s.f.).— Froito que nace debaixo da terra na raíz dunha pranta.

PATÍN (s.m.).— Descanso da escaleira / Xoguete de ferro con rodas que se pón nos pés.
PATROA (s.f.).— Muller do patrón / Dona da casa onde hai hóspedes / Nalgúns portos, muller que agarda no peirao a chegada dos barcos de pesca, encargándose da distribución do peixe.
PATRÓN (s.m.).— Santo ou titular dunha igrexa / Santo protector elixido nun lugar polo pobo / O xefe da casa ou da familia / Persoa que rexenta unha casa de hóspedes / Amor, señor / O que manda nun barco pequeno. *Mestre* / Modelo seguido para facer outras cousas iguais // Pranta na que se fai un inxerto.
PATRONA (s.f.).— Protectora, avogada; Virxe ou santa titular dunha igrexa, dunha parroquia, cidade, etc.
PAUTO (s.m.).— Convenio que se supón feito co demo.
PAXARO (s.m.).— As aves de menor tamaño que voan polos nosos ceos.
PAXE (s.m.).— Cesto de vimbio con dúas asas / Contido que leva / Criado ou servo dun señor feudal.
PE (s.m.).— Nome da letra P.
PÉ (s.m.).— Extremidade da perna do home que lle serve para sosterse e andar / Parte das extremidades en que se asenta un animal / Toro das árbores / Prantas pequenas no seu conxunto / Base na que se sostén calquera cousa / No muíño, pedra fixa sobre a que roda a moa / Fondo dun recipiente. / Ó pé de = á beira de.
PECHA (adx.).— Pechada.
PECHO (s.m.).— Pasador que asegura portas e fiestras. *Fecho. Pechadura.*
PEDIMENTO (s.m.).— Acción de pedir / Escrito que se presenta diante dun xuíz reclamando unha cousa.
PEDIR (v.).— Dicirlle unha persoa a outra que lle dea ou faga algunha cousa.
PEGA (s.f.).— Paxaro da familia dos corvos que ten manchas brancas nas as e rabo longo.
PEIRAO (s.m.).— Lugar onde se embarca a xente e onde se cargan as cousas que levan os barcos.
PEIXE (s.m.).— Animal que vive e respira dentro da auga.
PEL (s.f.).— A parte exterior do corpo dos homes e animais.
PELEXAR (v.).— Agarrarse dúas ou máis persoas. *Combater*.
POLO (s.m.).— Galo novo. *Pito.* / Mozo de poucos anos. *Rapaz* / Calquera dos extremos do eixo dunha esfera / Dito sen determinación enténdese o polo ártico da terra // Contracción da preposición *por* e o artigo *o*.
PEMENTO (s.m.).— Pranta e froito comestible de cor verde ou vermella, ás veces picante.
PENCA (s.f.).— Manchiña parda que nace na cara ou noutras partes do corpo.
PENDENTE (p.a. de pender).— Que pende / (Adx.).— Que está por resolver / (s.m.).— Adornos que se poñen nas orellas / (s.f.).— Costa dun terreo.
PENEDO (s.m.).— Pedra moi grande adherida de forma natural á terra. *Rochedo.*
PENICILINA (s.f.).— Antibiótico sacado do fungo penicilio.
PEOR (adx.).— Máis malo / Adv. de comp. de sup. de mal.
PERANTE (adv. de lugar).— Diante, ante.
PERCORRER (v.).— Camiñar ó longo da terra.
PERCORRIDO (s.m.).— Traxecto. Itinerario.
PERDA (s.f.).— Privación do que se posuía / Dano que se recibe nunha cousa / Cantidade ou cousa perdida.
PERDER (v.) (1) Deixar de ter unha cousa cando non sabemos xa onde a pousamos a última vez ou onde nos caíu. (2) Non gañar no xogo. (3) Non conseguir algo que se desexa. (4) Desperdiciar, botar.
PERDOAR (v.).— Conceder perdón. Disculpar.
PERDÓN (s.m.).— Feito ou resultado de perdoar / Indulxencia, misericordia.
PERITONITE (s.f.).— Inflamación do peritoneo.
PEREIRA (s.f.).— Árbore que dá peras.
PERGAMIÑO (s.m.).— Pel empregada antigamente para escribir nela / Documento escrito en pergamiño.
PERIGOSO (adx.).— Que ofrece perigo ou pode causar algún dano.
PERO (conx. advers.).— Sen embargo, mais.
PERSOA (s.f.).— Individuo da especie humana.
PERSOAL (adx.).— Propio da persoa / (s.m.).— Conxunto de persoas que traballan nun determinado sitio.
PERSONALIDADE (s.f.).— Conxunto de características de cada persoa que a diferencian das outras / Persoa importante.
PERTENZA (s.f.).— Acción ou dereito que un ten á propiedade dunha cousa / Cousa que pertence a un / Cousa accesoria a outra, que entra con ela na propiedade.
PESADELO (s.m.).— Soño anguriante. Preocupación grave.
PESCADA (s.f.).— Peixe grande, de cabeza longa coa boca rasgada e ollos grandes.
PESCADEIRO (s. m.).— Persoa que vende

peixe, *peixeiro*. Ás persoas que collen o peixe do mar son os *pescadores* ou mariñeiros.
PESCOZO (s.m.).— Parte do corpo que une a cabeza co resto do corpo.
PESO (s.m.).— Cinco pesetas. / Forza con que a terra atrae os corpos.
PERSONAXE (s.m.).— Persoa principal / Ser ficticio dunha obra literaria / Papel representado por un actor.
PERTENCENTE (adx.).— Que pertence.
PERTENCER (v.).— Ser unha cousa propia dun.
PETA (s.f.).— Aparello de labranza / Antollo, desexo de facer ou non facer unha cousa.
PETAR (v.).— Bater, dar golpes / Desexar.
PETO (s.m.).— Lugar do vestido onde se gardan as cousas / Caixa para garda-los cartos.
PEXEGO (s.m.).— Froito do pexegueiro, de cor máis ben marela, cun sulco e noz lisa.
PEZA (s.f.).— Parte de un instrumento ou dunha máquina.
PIADA (s.f.).— Montón, morea.
PIANO (s.m.).— Instrumento musical con cordas no interior e técolas unidas a uns marteliños que baten nelas.
PIGMEO (s.m.).— Pobo nómada africano de raza negra, de xente moi pequena.
PILLABÁN (adx.).— Pícaro, astuto, pillo.
PILLAR (v.).— Atrapar algo ou coller a alguén.
PINCHO (s.m.).— Brinco, salto, pinchacarneiro.
PINGAR (v.).— Caer pinga a pinga.
PINTAR (v.).— Facer pinturas, debuxar / Cubrir de pintura a superficie dunha cousa.
PÍNTIGA (s.f.).— Anfibio semellante ó lagarto, de pel negra con manchas marelas.
PIÑEIRO (s.m.).— Árbore que dá madeira e que ten follas coma agullas.
PISCINA (s.f.).— Poza de auga para ter peixes ou para bañarse.
PITA DO MONTE (s.f.).— Ave parecida ás pitas que vive en estado salvaxe, na nosa terra temola nos Ancares. Urogalo.
PIXAMA (s.m.).— Indumentaria lixeira que se usa para durmir.
PLACA (s.f.).— Lámina de metal. Especie de táboa xeralmente de pedra ou metal cunha inscrición.
PLANO (1) (adx.).— No que non hai desigualdades nin diferencias de nivel. Raso, liso, chan. (2) (s.m.).— Superficie plana. (Xeom.) / Debuxo dun proxecto.
PLÁSTICO (adx.).— Pertencente á plástica. // (s.m.).— Certas materias obtidas por procedementos químicos.
PLEBEO (adx.).— Propio da plebe. / (adx. e s.).— Dicíase da persoa que non era nobre ou fidalgo.
PLUMA (s.f.).— Cada unha das pezas que cobren o corpo das aves. / Utensilio para escribir.
PLUMAXE (s.m.).— Conxunto de plumas dunha ave.
PLUMÍFERO (adx.).— Que ten plumas.
PLUMÓN (s.m.).— Pluma suave das aves.
PLURAL (adx. e s.).— Número gramatical que indica a existencia de dúas ou máis cousas.
PO (s.m.).— Masa de partículas de terra seca que levanta o aire e pousa nos obxectos.
POBO (s.m.).— Conxunto de persoas dun lugar, rexión ou nación unidas por tradición, lingua, cultura e historia comúns. (1) Fíxese que «pobo» non é aplicable a localidade. En galego temos «cidade, vila e aldea», nunca «pobo» referido a localidade, senón a grupo humano.
POBOADOR (s.m.).— O que poboa ou funda unha poboación, un lugar habitado.
POCEIRA (s.m.).— Lagoa, charco de auga, pochanga.
PODER (1) (v.).— Ter forza ou ser libre para facer unha cousa. (2) (s.m.).— Dominio, mando. / Forza, capacidade.
POIS (conx.).— Indica causa, motivo.
PÓLA (s.f.).— Parte da árbore con follas, na que saen as flores e os froitos. / Aplícase tamén ós ramallos das prantas pequenas.
POLA (1) (x.f.).— Pita. Galiña nova. / (2) Contracción de prep. *por* e artigo *a*.
POLBEIRO (s.m.).— Home que vende polbos nas feiras.
POLBO (s.m.).— Animal mariño que ten unha cabeza da que saen oito brazos ou raxos.
POLEA (s.f.).— Roda que xira arredor dun eixe, na que se apoia unha corda para erguer corpos.
POLEIRO (s.m.).— Lugar onde se recollen as galiñas. / Nun cine ou teatro é a parte máis alta da sala.
POMBO (s.m.).— Paxaro asilvestrado parecido á pomba.
PONTE (s.f.).— Construcción que se fai sobre un río, vía do tren ou estrada para poder cruzar dunha beira á outra.
POÑER (v.).— Pór.
POÑERSE Ó CABALIÑO (expr.).— Xogar poñéndose un de cabalo e levando ó compañeiro no lombo. A carrancha-pernas.
PÓR (v.).— Poñer. Colocar nun lugar ou situación a unha persoa ou a unha cousa. / Deposi-la o ave os seus ovos. / V. pronl. Aplicarse. / Ocultarse os astros no horizonte.
POR (prep.).— Indica relación de tempo co significado de aproximadamente. Durante. /

A favor de. / A causa, con motivo de. / Relaciona os factores dunha multiplicación.
POR CAUSA DE (loc. conx. causal).— Por mor de, por culpa de.
PORCO (1) (s.m.).— Animal manso que se cría na casa para matar; a carne non se come fresca, sálgase. Cocho, marran. / (2) (adx.).— Cheo de porquería.
POR CULPA DE (loc. conx. causal).— Por causa de. Por mor de.
POR MÁIS QUE (loc. conx. concesiva).— Por moito que.
POR MOR DE (loc. conx. causal).— Por causa de. Por culpa de.
PORQUE (1) Conx. causal).— Por causa de. / (2) (Conx. final).— Para que.
POR RIBA DE CALDO, SOPAS (expr.).— Por riba de burro, mazado.
PORTA (s.f.).— Sitio por onde entramos e saímos da casa.
PORTEIRO (s.m.).— Xogador que está na portería.
POTA.— (s.f.).— Ola, vasilla máis pequena có pote. / Cefalópodo semellante ó calamar.
POUCO (adx.).— Case nada. Menos do normal ou esperado.
POUSADA (s.f.).— Casa onde un pode comer e dormir. Fonda. / Hospedaxe.
POUSAR (SE) (v.).— Deixar unha carga nalgún sitio; case sempre se pousa para descansar. / Referido a aves ou obxectos voadores. Baixarse a onde poidan tomar terra ou pousar.
POXA (s.f.).— Acción de puxar. Aumenta-lo prezo dunha subhasta. Puxa.
POXAR (v.).— Aumenta-lo prezo posto a unha cousa que se subhasta públicamente. / *Puxar*.
PRACER (1). (v.).— Dar gusto. Agradar. (2) (s.m.).— Sensación agradable.
PRAIA (s.f.).— Lugar á beiramar onde hai moita area.
PRANTA ou PLANTA (s.f.).— Parte do pé coa que se pisa. / Plano da sección horizontal dun edificio, peza, etc. // Árbore, vexetal.
PRANTAR (v.).— Colocar unha pranta ou semente na terra para que medre.
PRATA (s.f.).— Metal branco e brillante, máis pesado có cobre e menos có chumbo. É un dos metais preciosos.
PRATO (s.m.).—Vasilla baixa e redonda para servi-las comidas, comer nela e outros usos. / Manxar que se serve nos pratos.
PRAXE (s.f.).— Aquilo que se practica habitualmente; uso establecido. / Práctica; execución; realización.
PRAZA (s.f.).— Lugar espacioso dentro dunha poboación. / Lugar onde se fai o mercado. / Posto de traballo, emprego.
PRAZO (s.m.).— Tempo determinado para a realización dalgunha cousa. / Período de tempo.
PREBE (s.m.).— Condimento feito de varias sustancias disoltas. Mollo.
PREGAR (v.).— Rogar, pedir con súplica. / Dobrar algo recolléndoo.
PREGUNTAR (v.).— Facer preguntas.
PREOCUPARSE (v.).— Teimar. Inquietar-se. Estar desacougado.
PRESA (s.f.).— Porción dunha cousa que cabe no oco formado pola man. / Feixe pequeno ou conxunto dalgo que se pode coller na man. / Acción de coller ou prender unha cousa. / A mesma cousa collida ou capturada. / Canle pola que corre a auga dos ríos para regar ou para outros usos. / Valo de pedra co que se atalla o curso dun río.
PRÉSA (s.f.).— Falta de tempo, apuro. / *Á présa, de présa:* En moi pouco tempo, rapidamente.
PRESCRIBIR (v.).— Regular de antemán. / Ordenar. Determinar. / Receitar.
PRESCRICIÓN (s.f.).— Acto ou efecto de prescribir. / Orde formal. / Precepto.
PRESCRITO (adx.).— Ordenado formalmente.
PRESENCIA (s.f.).— Existencia ou comparecencia dunha persoa nun lugar determinado. / Aspecto, semblante.
PRESO (adx.).— Atado. / Detido, pechado na prisión.
PRESTAR (v.).— Sentar ben, gustar.
PRETO (adv. lug.).— Ó lado. *Cerca*.
PREZO (s.m.).— Valor monetario dunha cousa.
PROBA (s.f.).— Feito e resultado de probar. / Razón ou testemuño para argumentar. / Ensaio, experiencia. / Operación para comproba-la exactitude doutra anterior.
PROBABILIDADE (s.f.).— Posibilidade.
PROCURA (s.f.).— Boa dilixencia ou coidado co que se leva un asunto. / *Busca*.
PROCURAR (v.).— Tratar de conseguir algo que se desexa. *Buscar*. / Coidar, amparar.
PROHIBIR (v.).— Impedi-lo uso ou execución dunha cousa.
PROPIEDADE (s.f.).— Calidade do que é propio. / Cousa posuída. // Característica, cualidade dunha persoa ou cousa.
PROPIO (adx.).— Que pertence exclusivamente a alguén. Peculiar. Particular.
PROSCRIBIR (v.).— Exilar por sentencia ou voto escrito. Expulsar.
PROSCRICIÓN (s.f.).— Acto ou efecto de proscribir. / Exilio, prohibición.

PROSCRITO (adx.).— Prohibido. O que sufriu proscrición. / (s.m.).— Que foi condenado a saír do seu país.
PRÓTESE (s.f.).— Adición dunha ou máis letras ó principio dunha palabra sen xustificación etimolóxica. / Adición artificial dun órgano ou parte del.
PROVENIENTE (adx.).— Que procede de...; que tén a súa orixe en.
PUCHO (s.m.).— Cría da vaca. Xato, xovenco, cuxo, becerro.
PUGNA (s.f.).— Loita.
PULAR (v.).— Dar pulos. Saltar. Choutar. / Crecer, medrar.
PURÉ (s.m.).— Masa pastosa feita xeralmente de legumes ou carnes esmagados.
PUXA (s.f.).— Acción e efecto de puxar. / *Poxa.*
PUXAR (v.).— Facer forza contra unha cousa. / Facer presión para conseguir algo. / *Poxar.*

Q

QUE, (A) (conx. final).— Para que. A fin de que.
QUE.— (1) Conx. Une oracións. (2) Interr. (3) Pron. rel. (4) Pron. excl. Encarece a natureza, cantidade, calidade, intensidade, etc., dunha cousa.
QUECER (v.).— Quentarse, entrar en calor.
QUEDAR (v.).— Estar nun sitio máis ou menos tempo. / Faltar. / Quedarse parvo = abraiarse.
QUEDAR PARA AS MEDRAS (expr.).— Deixar unha prenda moi comprida para máis adiante.
QUEIXA (s.f.).— Sentimento ou expresión de dor. Laio.
QUEIXARSE (v.).— Expresa-la mágoa ou a dor que se sente. Laiarse. / Protestar. / *Queixarse de vicio:* queixarse sen motivo.
QUEIXO (s.m.).— Alimento que se fai co leite. / Parte da cara que vai debaixo da boca.
¿QUE MÁIS TEN? (expr.).— ¿Que máis dá?, ¿que importancia ten? Note a expresión *«tanto ten»* (dá igual, dá o mesmo).
QUEN (pron.).— Que ou cal (es) persoa (s). Non existe * Quenes para o plural.
QUENCER (v.).— Poñerse quente. *Quecer.*
QUENTAR (v.).— Darlle calor a unha cousa.
QUENTE (adx.).— Que ten calor.
QUER... QUER (conx. disx.).
QUERER (1) (v.).— Desexar, apetecer. / Amar. (2) (s.m.). Cariño, amor. / Vontade, inclinación, desexo.
QUILO (s.m.).— Apoc. de quilogramo (Kg.). Unidade de peso. Mil gramos. / *Quilo* - (pref.). Mil. Forma nomes de unidades de medida.
QUILÓMETRO (s.m.).— Mil metros.
QUIZAIS (adv. de dúbida).— Indica a posibilidade daquilo que signifique a proposición da que forma parte.

R

RA (s.f.).— Anfibio de patas traseiras longas que vive nas pozas e á beira das lagoas e ríos. As crías de ra chámanse cágados, cabezolos ou culleretes.
RABAÑO (s.m.).— Fato grande de ganado.
RABEAR (v.).— Insistir burlonamente sobre algo. / Adoecer, desexar algo con ardor, devecer.
RABIA (s.f.).— Enfermidade. / Anoxo, ira. Envexa, manía.
RABUÑADURA (s.f.).— Ferida feita coas uñas ou cun obxecto de punta. Rabuñazo.
RACHAR (v.).— Romper unha tea, un papel ou un material semellante. / En xeral, romper.
RADIO (s.m.).— Óso máis curto do antebrazo. / Aparato receptor de radiofonía.
RAFA (s.f.).— A parte mol do pan. Miga. Molo. Miolo.
RAÍÑA (s.f.).— A muller que está casada co rei. / A que asume o poder dunha monarquía por propio dereito. / Peza do xadrez. / Muller, animal ou cousa do xénero feminino que sobresai entre as demais da súa especie.
RAIO (s.m.).— Descarga eléctrica nunha tormenta ou tronada.
RALLAR (v.).— Molestar, amolar, incomodar.
RAMEIRO (s.m.).— Integrante da comisión de festas. Ramista.
RAMO (s.m.).— Conxunto natural ou artificial de flores ou pólas.
RANDEA (s.f.).— Tabla longa onde se sentan os nenos que está pendurada por dúas cordas nos extremos e que serve para abanearse. Bambán. Randeeira. Arrandea.
RAZÓN (s.f.).— Facultade de discorrer propia do home. / Palabras coas que se expresa un pensamento. / Argumento para demostrar algo. / Causa, motivo.
RAPAZ (s.m.).— Neno que vai para mozo.
RAPINA (s.f.).— Roubo que se fai con violencia.

RAPOSO (s.m.).— Mamífero carnívoro, cánido, de fuciño agudo e rabo groso e longo. Golpe.
RASTRO (s.m.).—Caixón de carro para levar arrastrando cousas pesadas. / Instrumento de labranza con dentes. Angazo.
RAXO (s.m.).—Nos animais, carne que hai entre as costelas e o lombo.
RAZOABLE (adx).—Conforme á razón; xusto.
RAZOAMENTO (s.m.).—Acción, efecto de razoar.
RAZOAR (v.).—Tratar de demostrar algo con razóns. Argumentar, discorrer.
REBANDA (s.f.).—Corte fino e ancho dun alimento, como pan ou queixo.
REBEIRAR (v.).—Revolver ou remexer para escoller algo determinado.
REBENTAR (v.).—Abrirse unha cousa por impulso doutra interior. / Ter moita ansia ou desexo dalgo. / Fatigar con exceso de traballo. / Molestar.
REBUMBIO (s.m.).— Ruido molesto producido por varias persoas falando ó mesmo tempo; desorde, vocerío, ruído.
RECANTO (s.m.).—Curruncho, recuncho, esquina.
RECENDENTE (adx).—Que recende.
RECIBIR (v.).— Tomar o que lle dan ou mandan a un. / Cobrar, percibir. / Sufrir algún mal. / Admitir visitas unha persoa.
RECIPIENTE (s.m.).— Receptáculo; vaso ou cavidade para recibir ou conter algo. / (Adx.).—Que recibe.
RECUAR (v.).— Retroceder, dar marcha atrás.
RECHAMANTE (adx.).—Que chama a atención.
REDE (s.f.).— Tecido de malla que se usa para pescar. / Conxunto organizado de canles, vías de comunicación, establecementos.
REFÉN (s.m.).— Prisioneiro.
REFLEXAR (v.).— Cambiar de dirección a luz, o calor, o sonido, ó chocar contra algo. / Expoñer ou facer patente unha cousa.
REFERIR (v.).— Narrar un feito, contar. / Dirixir unha cousa a un fin determinado. / Relacionar. / (V. pronl.) Aludir.
REGALAR (v.).—Darlle a alguén algo sen lle pedir nada a cambio, para agasallalo. *Agasallar*.
REGATA (s.).— Competición de velocidade entre varias embarcacións.
REGULAMENTO (s.m.).— Acto ou efecto de regular. Norma. Regra. / Estatuto; disposición oficial que explica e regula a aplicación dunha lei ou decreto.
REGULAR (1) (adx).— Conforme ás regras. / Mediano. Que non está ben nin mal. Que non é grande nin pequeno, etc. (2) (v.).— Controlar.
REI (s.m.).—Soberano dun reino, monarca. / (Fig.).— Persoa que exerce un poder absoluto. / O máis notable entre outros. / Unha das figuras de cada pau, nas cartas de xogar. / Principal peza do xadrez.
REIXA (s.f.).— Rede de barras de ferro empregada como ornamento ou defensa de ventás.
RELEAR (v.).— Discutir sobre o prezo de calquera cousa. Regatear.
RELER (v.).— Ler unha cousa xa lida.
RELOXERÍA (s.f.).— Lugar onde se amañan e venden reloxios.
RELOXIO (s.m.).— Aparato que serve para medi-lo tempo.
RELOUCAR (v.).—Alegrarse, poñerse ledo.
RELUCENTE (adx.).— Aplícase ó que reloce ou brilla moito. / Que reloce.
RELUCIR (v.).—Despedir luz unha cousa. / Brillar moito. / Sobresaír un por algún feito ou cualidade.
REMATAR (v.).— Finalizar, acabar, dar remate.
REMEXER (v.).— Dar movemento a algo, revolver, misturar.
REMEXERSE (v.).— Desenvolverse un na vida, ou nun asunto concreto. Moverse.
REMOER (v.).— Mastica-los alimentos por segunda vez. / Moer de novo. / Darlle voltas a unha idea na cabeza.
RENDA (s.f.).—Prezo no que se arrenda algo. Alugueiro. / Tributo que se paga por unha finca, un edificio, etc. / Rendemento. Correa de coiro para goberna-las cabalerías.
RENDABLE (adx.).— Que rende, que dá rendemento.
RENDEMENTO (s.m.).— Acción e efecto de render ou renderse. / Fatiga, cansanzo. / Sumisión, subordinación. // Producto ou utilidade que da unha cousa.
RENDER (v.).—Producir unha renda. / Renderse, darse por vencido. / Cansar. / Durar moito tempo nunha cousa. *Fundir*. / Producir, dar froito ou utilidade.
REO (s. m.).—Culpable dun delito.
REPORTAXE (s.f.).— Información periodística ou cinematográfica.
REPETIR (v.).— Volver de facer ou dicir algo xa feito ou dito. / Vir á boca o sabor do que se comeu ou bebeu. / (V. prnl.).— Usar sempre un artista nas súas obras as mesmas actitudes, grupos, etc.
RESENTIMENTO (s.m.).— Acción e efecto de resentirse e resentir. / Lembranza dolorosa dunha ofensa recibida. *Xenreira*.

RESENTIR (v.).— Sentir de novo. / *Resentir-se* (v. pron.).— Mostrarse resentido. / Empezar a fraquexar unha cousa.
RESESO (adx.).— Que xa non está mol e ademais está moi duro.
RESIGNAR (v.).— Desistir dun beneficio ou cargo en favor doutro. / Renunciar a. / Resignarse: (v. refl.) Ter resignación, conformarse.
RESINA (s.f.).— Sustancia orgánica de orixe vexetal, particularmente a que se obtén do piñeiro.
RESOAR (v.).— Producir resonancia.
RESOLTO p.p. de *Resolver* / (adx.).— Dilixente, expedito. / Ousado, atrevido.
RESONANCIA (s.f.).— Son producido por repercusión doutro. / Prolongación dun son ou ruído. / Divulgación que adquire algo.
RESPETO (s.m.).— Consideración con algunha persoa ou cousa.
RESPLANDECER.— Brillar, escintilar.
RESPOSTA (s.f.).—Contestación.
RESTITUÍR (v.).— Devolver; repoñer; restablecer no estado anterior; reintegrar. / Indemnizar de.
RETINA (s.f.).— Membrana interior do ollo que recibe as impresións luminosas.
RETORTO (adx.).— Que non está dereito.
REVIRAVOLTA (s.f.).— Volta rápida que se dá no aire.
REXEMENTO (s.m.).— Feito ou resultado de rexer. Mandato. / Unidade militar ó mando dun coronel.
REXENTE (p.a. de rexer).— Que rexe ou goberna. / (s.).— Persoa que goberna un país por un período transitorio.
REXER (v.).— Dirixir, gobernar. / Estar en plenitude de facultades mentais.
REXIME (s.m.).— Forma de goberno. // Método na maneira de vivir ou alimentarse.
REXO (adx.).— Vigoroso, forte.
RÍA (s.f.).— Accidente xeográfico da costa galega, desembocadura dos ríos que o mar invadiu, incluíndo o seu val.
RIBA (adv.).— *Por riba*. Pola parte de arriba.
RIFAR (v.).— Berrar unha persoa con outra.
RIL (s.m.).— Cada unha das glándulas que producen orina. Rin.
RILLAR (v.).— Esnaquizar cos dentes. *Roer*./ Molestar, aflixir, atormentar. / Falar mal dalguén.
RINGLEIRA (s.f.).— Formación de persoas ou cousas en liña. / *Renglón*.
RÍO (s.m.).— Curso natural de auga de certa magnitude, que vai dar ó mar ou a outro río.
RIR (v.).— Darlle a un a risa. / Facer burla dunha persoa ou cousa.
RISADA (s.f.).— Sonido que facemos cando rimos.
RISCAR (v.).— Facer unha raia. / Refregar unha cousa contra outra cousa dura.
ROER (v.).— Desfacer cos dentes. *Rillar*.
ROIBÉN (s.m.).— Nubes de cor vermella observables ó solpor.
ROLO (s. m.).— Tecido, papel, etc., enrolado en forma cilíndrica. *Rolete*.
ROSMAR (v.).— Dicir en voz baixa ou entre dentes.
ROUPA (s.f.).— Conxunto de teas coas que tapámo-lo corpo.
ROZAR (v.).— Corta-los toxos, as silveiras, mato, etc., dun monte.
RÚA (s.f.).— Camiños das cidades.
RUXIR (v.).— Facer ruído unha cousa ó moverse ou ó queimarse.

S

SABA (s.f.).— Tea que se pon na cama por riba do colchón.
SABER (v.).— (1) Ter sabor. (2) Ter aprendida unha cousa. (3) (s.m.) Conxunto de cousas aprendidas.
SACAR (v.).— Extraer unha cousa, movela dun sitio para outro. / Conseguir. / Quitar, tirar.
SACHAR (v.).— Remexe-la terra co sacho.
SAIA (s.f.).— Parte do vestido da muller que cobre da cintura para abaixo.
SAÍNTE (adx.).— Que sae. / (s.m.) Que sobresae na superficie dunha cousa.
SAÍR (v.).— Ir ou pasar de dentro para fóra. / Aparecer, facerse presente. / Nacer, abrollar. / Obter un resultado nunha operación. / Desaparecer unha mancha.
SAL (s.m.).— Substancia cristalina e soluble en auga, utilizada como condimento e conservador de alimentos. / Gracia, xentileza nos ademáns.
SALA (s.f.).— Habitación grande.
SALGAR (v.).— Conservar ou condimentar con sal.
SALGUEIRO (s.m.).— Árbore que medra á beira dos ríos e en terreos húmidos.
SALOUCAR (v.).— Respirar convulsiva e entrecortadamente acompañándose de choros. *Sotelar, xemer*.
SALOUCO (s.m.).— Xemido semellante ó hipo que adoita preceder ó pranto. / *Sotelo*.
SAN (adx.).— Que non está enfermo.
SANCRISTÁN (s.m.).— Persoa que coida da igrexa e que axuda ó crego nos actos relixiosos.

SANGUE (s.m.).— Líquido de color rubia que corre polo corpo dos animais.
SANDAR (v.).— Curar, sanar.
SARTEGO (s.m.).— Sepulcro, tumba, sepultura onde alguén está enterrado.
SAUDADE (s.f.).— Recordo. Nostalxia. Morriña.
SAUDAR (v.).— Enviar un saúdo, facer un sinal de recoñecemento.
SAÚDE (s.f.).— Estado da realización normal das funcións orgánicas.
SE CADRA (expr.).— Tal vez, posiblemente, quizais.
SECRETARÍA (s.f.).— Lugar onde traballan os secretarios que levan os asuntos dunha empresa, institución, etc.
SECRETARIO (s.m.).— Persoa encargada dos traballos auxiliares dunha entidade.
SECRETO (adx.).— Oculto, calado, que non é coñecido por moita xente. O sust. é *segredo*.
SECUESTRO (s.m.).— Retención ilegal dalguén para pedir algo pola súa posta en liberdade. / Retención dunha publicación para que non saia á rúa e sexa lida.
SEDE (s.f.).— Gana ou necesidade de beber.
SEGAR (v.).— Corta-la herba, trigo, centeo, avea, etc., cun fouciño ou cunha gadaña. / *Seiturar* = sega-lo centeo.
SEGUINTE (adx.).— O que vén despois, a continuación.
SEGUIR (v.).— Ir detrás dalguén. / Continua-lo que se estaba facendo.
SEGUNDO (adv.).— Conforme.
SEICA (adv.).— «Teño entendido que», «parece ser que», «quizais».
SEMANA (s.f.).— Período de tempo de sete días. O mes ten catro semanas.
SEME (s.m.).— Secreción do sexo masculino para a reprodución.
SEMELLAR (v.).— Parecer.
SEMENTE (s.f.).— Parte do froito que contén o xérmolo dunha nova pranta.
SEN (prep.).— Carecendo de.
SEN EMBARGO (conx. advers.).— Non obstante.
SENTIR (v.).— Escoitar. / Darse de conta dalgo polos sentidos. / Ter unha pena ou unha dolor.
SEQUERA (1) Conx. adv.
(2) Adv. Polo menos.
SER (s.m.).— Esencia. / Dise de todo o que existe, // *Verbo copulativo:* Afirma dun suxeito o que expresa un atributo. / *Verbo auxiliar:* Úsase para face-la voz pasiva. / *Verbo intransitivo: Haber* (Non son tantas as noces coma as voces). / *Existir* (Hoxe somos e mañá non seremos). / *Estar*. / *Ocorrer* (¿E logo como foi iso, home?) / *Custar* (¿A canto é o quilo de xouba?) / *Pertencer* (Este can é de Xosé). / Formar parte de (Xoán é membro da comisión). / Ter orixe ou natureza (Pepe é de Vigo). / Con preposición *a* + infinitivo forma unha perífrase imperfectiva (todos eran a falar do asunto).
SERÁN (s.m.).— O final da tarde, antes de que escureza de todo. Noitiña. Solpor.
SER DE LEI (expr.).— Ser unha persoa honrada, cumpridora da lei, legal.
SERENAR (v.).— Poñer calma. Tranquilizar.
SERIO (adx.).— Reflexivo na maneira de falar e actuar. Grave. / De aspecto e conducta severas. / Sincero. / Importante.
SERIEDADE (s.f.).— Cualidade de quen ou daquilo que é serio. / Importancia ou gravidade dun asunto.
SERPE (s.f.).— Reptil cilíndrico alongado. *Cobra*.
SER QUEN A FACER (expr.).— Ser capaz de facer.
SERRERÍA (s.f.).— Lugar onde se serra a madeira.
SERVENTE (p.a. de servir).— Que serve. / (Adx. e s.m.).— Criado que serve nunha casa.
SERVICIO (s.m.).— Feito ou resultado de servir. / Condición de criado ou servente. / Acción en beneficio alleo. / Conxunto de persoas destinadas á atención do público. / Conxunto de pratos, vasos, etc.
SERVIR (v.).— Ser bo, axeitado para algo. Facer un traballo por mandato doutro. / Distribuí-la comida na mesa.
SESTA (s.f.).— Sono que se bota despois de xantar.
SEU (pron.).— O que é del ou de vostede.
SEXO (s.m.).— Conxunto de factores orgánicos que distinguen ó macho da femia. / Órgano reproductor. / Conxunto de individuos que teñen morfoloxía idéntica en relación ó aparato sexual.
SI (1) Pron. persoal 3.ª persoa refl.
(2) Adv. afirm. Afirma que é verdade o que nos preguntan.
SIGNIFICADO (1).— P.p. de significar. / (2).— Importante. / (3).— Contido dunha palabra. O que quere dicir algo. *Significación*.
SIGNIFICANTE (adx.).— Que significa.
SILENCIO (s.m.).— Falta de ruído.
SILVEIRA (s.f.).— Mata de silvas, prantas estas que teñen espiñas como agullas.
SINAL (s.m.).— Marca que serve para dar a coñecer algo. / Signo ou representación dunha cousa. / Vestixio que queda dunha cousa ./ Indicio. / Indicación ou aviso para realizar algo.
SINCERO (adx.).— Que di a verdade.

SINGULARIDADE (s.f.).— Característica única. / Rareza.
SINTAXE (s.f.).— Parte da gramática que estudia as relacións entre as palabras na oración.
SÍNTESE (s.f.).— Exposición resumida e metódica. / Método de razoamento que chega ó todo partindo das súas partes.
SINXELO (adx.).— Sen dificultade, simple.
SO.— Preposición. Debaixo.
SÓ (adv. ou adx.).— Sen compaña, único. (1) Adx.— Sin ninguén. (2) Adv.— Nada máis.
SOADO (adx.).— Que tivo moita difusión, que foi moi coñecido, que ten sona.
SOAR (v.).— Producir sons. / Da-la impresión de ver ou escoitar algo que nos parece que xa oímos ou vimos algunha vez.
SOBRADO (s.m.).— Planta alta dunha casa formada polo baixo e un único piso. Sollado.
SOBREIRA (s.f.).— Árbore de folla perenne, de madeira moi dura. Da súa carepa obtense a cortiza, empregada para tapar recipientes de vidro, etc.
SOBREVIR (v.).— Ocorrer, acontecer.
SOBRIÑO (s.f.).— Fillo de meu irmán ou miña irmá.
SOCIO (s.m.).— Membro dunha asociación.
SOIDADE (s.f.).— Falta de compañía. Estado no que se atopan os que están voluntaria ou involuntariamente sen compañía. / Lugar ermo ou terra non habitada.
SOL (s.m.).— Estrela que dá luz e calor á terra.
SOLA (s.f.).— Parte do calzado que toca o chan, feita xeralmente de coiro forte.
SOLAINA (s.f.).— Sitio no que dá plenamente o sol, particularmente na vertente sur dunha terraza ou galería dunha casa.
SOLEMNE (adx.).— Maxestuoso. Ceremonioso.
SOLDO (s.m.).— Paga que se recibe por un traballo ou servicio realizado.
SOLIDARIEDADE (s.f.).— Cualidade do que, de feito ou de dereito, é solidario. / Responsabilidade recíproca.
SOLIDARIO (adx.).— Que se une a unha cousa.
SOLITARIO (adx.).— Ermo. / Sen compañía. / Que gosta da soidade. / (s.m.).— Pasatempo para unha soa persoa. // (s.f.).— Parásito do intestino.
SONA (s.f.).— Fama. Cando algo ou alguén é moi coñecido dise que ten moita sona.
SON ou SONIDO (s.m.).— Sensación acústica producida polo movemento vibratorio dos corpos.
SONO (s.m.).— Gana de durmir.
SOÑO (s.m.).— As imaxinacións que ten un cando dorme. Para que vexa a diferencia soño / sono poñemo-la frase: «Como tiña moito sono deiteime, e logo tiven un soño».
SORRIR (v.).— Poñer cara de risa.
SORTE (s.f.).— Fortuna favorable.
SOSEGAR (v.).— Poñer calma. Serenar, tranquilizar. Acougar.
SOTO (s.m.).— Parte subterránea dunha casa.
SOUTO (s.m.).— Monte ou terreo onde hai moitos castiñeiros.
SUBA (s.f.).— Aumento dos prezos. Aumento de valor dunha cousa ou varias.
SÚBDITO (adx. e s.m.).— Que está só as ordes doutros. / Cidadán dun país. / Suxeito á autoridade dun superior. / Individuo dunha monarquía con respecto ó monarca.
SUBIR (v.).— Ir de abaixo para arriba.
SUBMARINO (adx.).— Que está debaixo das augas do mar.
SUBSCRICIÓN ou SUSCRICIÓN (s.f.).— Acción ou efecto de suscribir.
SUBSCRITO ou SUSCRITO (adx.).— Que se suscribíu.
SUBSCRITOR ou SUSCRITOR (adx. e s.m.).— Que suscribe, ou o que suscribe.
SUBSTANCIA ou SUSTANCIA (s.f.).— Aquilo que forma parte dunha cousa como elemento importante dela. / Esencia, natureza das cousas. / Zume ou parte nutritiva dos alimentos.
SUBTÍTULO (s.m.).— Título auxiliar que acompaña ó principal.
SUCEDER (v.).— Acontecer, ocorrer.
SUCUMBIR (v.).— Caer, renderse. / Morrer, perecer.
SUFICIENCIA (s.f.).— Aptitude, capacidade.
SUFICIENTE (adx.).— Que é abondo, apto. / (s.m.).— Calificación escolar entre o suspenso e o ben.
SUFRIMENTO (s.m.).— Dor; mágoa. / Paciencia.
SUFRIR (v.).— Padecer. / Recibir con resignación un mal. / Aguantar, soportar.
SUICIDARSE (v. refl.).— Quitarse a vida un a si mesmo.
SULIÑAR (v.).— Marcar cunha liña por debaixo. / Recalcar algo notable.
SUMIDOIRO (s.m.).— Conducto de desaugue.
SUOR (s.f.).— Auga que sae a través da pel cando temos calor.
SUPERVIVENTE (adx.).— Persoa que sobrevivíu a algunha catástrofe.
SUSTANTIVO (adx.).— Que posúe existencia real e independente. / Fundamental,

esencial. // (adx. e s.).— Palabra que designa persoas, animais ou cousas.
SUSTITUCIÓN (s.f.).— Acto ou efecto de sustituir. / Permuta.
SUSTITUÍBLE (adx.).— Que pode ser sustituído.
SUSTITUÍNTE (adx. e s.).— Que ou quen sustitúe.
SUSTITUÍR (v.).— Cambiar unha persoa ou cousa por outra. / Face-las veces de.
SUSTITUTIVO (adx.).— Menciña que torna as inflamacións máis doadas de curar.
SUSTITUTO (s.m. ou f.).— Persoa que reempraza a outra no seu posto.
SUTIL (adx.).— Fraco, delgado, dondo. / Perspicaz, agudo.
SUXEITABLE (adx.).— Que pode ser suxeitado.
SUXEITADOR (adx. e s.m.).— Que ou aquel que suxeita.
SUXEITAR (v.).— Someter a un, obrigar. / Fixar unha cousa. / *Termar*. Ter man dunha cousa.
SUXEITO (1) (s.m.).— En gramática, elemento que funciona como actor ou soporte do predicado. / Individuo, en senso despectivo. // (2) P.p. de suxeitar. / (adx.).— Que é propenso a unha cousa. / Que depende de.

T

TÁBOA (s.f.).— Peza de madeira plana ou de pouco espesor.
TABÚ (s.m.).— Práctica supersticiosa que dá carácter sagrado a determinado ser ou a determinada cousa, prohibindo o contacto con el ou o seu uso. / Prohibición, impedimento. / Obxecto sobre o que recae a prohibición. // Adx. Que é sagrado ou invulnerable.
TABULEIRO (s.m.).— Cadro de madeira ou cortiza que se usa nas escolas para cravar nel papeis, debuxos, etc.
TACHOLA (s.f.).— Craviño metálico de cabeza circular que serve, por exemplo, para asegura-lo papel no tabuleiro, etc.
TAL (adx.).— Aplícase ás cousas indefinidamente. / Igual, semellante. / Úsase a veces como pron. dem. ou indet.
TAL VEZ (adv.).— Se cadra, ó mellor.
TALLADA (s.f.).— Anaco cortado de carne e outros alimentos. / A tallada do peixe chámase *toro*.
TALLO (s.m.).— Moble para se sentar que non ten respaldo.
TAMÉN (adv.).— Si, igualmente.
TAMPOUCO (adv. neg.).— Non, igualmente.
TANTO (1) (s.m.).— A unidade para contar en moitos xogos. (2) (adv.).— Seguido de *coma* significa igual cantidade. / Seguido de *que* significa tal cantidade. / Seguido de *que* significa tamén: tan grande.
TAPADEIRA (s.f.).— Recipiente onde van as prantas. Testo.
TARTARUGA (s.f.).— Reptil que ten o corpo cuberto por unha couraza. *Sapoconcho*.
TAXA (s.f.).— Táboa de prezos imposta pola autoridade para a venda de xéneros. / Imposto, porcentaxe.
TAXAR (v.).— Poñer prezo, taxa ou medida. Valorar.
TAXI (s.m.).— Coche de alugueiro que presta o seu servicio sobre todo nas cidades.
TEA (s.f.).— Material do que se fan as prendas de vestir.
TEAR (s.m.).— Máquina para tecer.
TEIMA (s.f.).— Idea fixa, manía. Pensamento no que un matina a miúdo.
TEIMAR (v.).— Insistir nunha idea fixa ou manía. *Cismar*.
TEIMOSO (adx.).— Persoa obstinada, porfiosa, esaxeradamente caprichosa. Teimudo.
TEITO (s.m.).— Parte superior e interior dunha casa ou dunha habitación.
TEIXUGO (s.m.).— Mamífero que vive en tobos. Porco teixo.
TELEVISIÓN (s.f.).— Transmisión e reprodución de imaxes en movemento por medio de ondas hertzianas.
TELEVISOR (s.m.).— Máquina que reproduce as imaxes transmitidas por televisión.
TEMPAS (s.f.).— Partes laterais da fronte. *Sens, vidallas*.
TEMPESTADE (s.f.).— Axitación violenta do aire, acompañada de choiva e tronos. / Axitación extraordinaria do mar.
TEMPLO (s.m.).— Edificio ou lugar destinado ó culto público.
TEMPO (s.m.).— Duración das cousas. / Clima.
TENACES (s.f.).— Ferramenta de metal con dous brazos para coller obxectos.
TENDA (s.f.).— Sitio onde se poden comprar cousas.
TENIS (s.m.).— Xogo no que dous xogadores con raqueta, separados por unha rede, se tiran unha pelota un ó outro.
TENREIRO (s.m.).— Cría da vaca. *Xovenco, pucho, becerro, xato*.

TENTO (s.m.).— Prudencia, coidado. / Seguridade e firmeza na man. / Tacto, sensibilidade.
TÉPEDO (adx.).— Pouco quente. *Morno.* Nin quente nin frío.
TER (v.).— Posuír (Só teño cinco pesos). / Ter de / que + inf. forma unha perífrase obrigativa (Teño que ir ver miña nai). / Ter + participio forma unha perífrase perfectiva (O raposo xa tiña comido moitas pitas). / Coidar, soster, ter man de. *Termar* (Non sei se lles teña conta dos rapaces). // *Terse* (refl.) Equilibrarse, parar, manterse de pé (O Celso ía tan bébedo que non se tiña). / Aterse (¡Ei, cachorra, tente ó carro!) / Reprimirse (¡Tente que te perdes!).
TER CONTA DE (expr.).— Coidar, soster, ter man de, termar.
TERMAR (v.).— Ter conta dalgo. Soster. Ter man.
TERLLE MALA LEI A ALGUÉN (expr.).— Querer mal a alguén, non estimar a alguén.
TERRÁQUEO (adx.).— Referente ó planeta Terra.
TÉRREO (s.m.).— Espacio de terra.
TERRIBLE (adx.).— Que mete medo. / Extraordinario.
TESE (s.f.).— Conclusión mantida mediante razoamentos. / Traballo de investigación para doutorarse.
TESOIRA (s.f.).— Utensilio que serve para cortar teas, papel, ou outras cousas.
TESOURO (s.m.).— Conxunto de ouro, xoias, cartos, etc., gardados ou agochados.
TESTAMENTARÍA (s.f.).— Lugar onde se fan os testamentos.
TESTEMUÑA (s.f.).— Persoa que dá testemuño dalgo. Testigo.
TESTO (s.m.).— Peza que pecha os recipientes. Tello. Tapadeira. / Recipiente onde van as prantas.
TEU (pron. pos.).— Aquilo do que ti es dono.
TIRAFONDAS (s.m.).— Xoguete perigoso co que se tiran pedras a gran distancia.
TIRAR (v.).— Sacar (tirei unha entrada para ir ó cine). / Botar fóra, expulsar, lanzar.
TIRAR CON (v.).— Botar ó chan ou ó aire... (Tira con iso). *Guindar.*
TIRAR DE (v.).— Facer forza para arrastrar algo.
TIRIZÓ (s.m.).— Grans que nacen ás beiras das pálpebras. Orizó.
TIXOLA (s.f.).— Recipiente circular de pouco fondo e con mango que se usa para fritir ou frixir. Tixela.
TOBO (s.m.).— Furado na terra onde se agochan e viven algúns animais.
TODO (adx. e pron.).— Conxunto de persoas, animais ou cousas sen deixar ningún; a unidade sen deixar nada.
TOLEAR (v.).— Volverse tolo, perde-lo xuício. Dar en tolo. Entolear. Louquear.
TOLO (adx.).— Que non está cordo. Louco.
TON (s.m.).— Carácter dunha expresión. / Grao de elevación dun sonido.
TORRADO (adx.).— Queimado de máis.
TORRAR(se) (v.).— Tostar. Quentar ó lume case ata queimar.
TORTO (adx.).— (1) Que non é dereito. (2) Que só ve por un ollo.
TOUCIÑO (s.m.).— Carne de porco con lardo.
TOURO (s.m.).— Mamífero rumiante. Semental da raza vacuna. *Boi.*
TOXO (s.m.).— Pranta de follas espiñosas e flores marelas.
TRABALLAR (v.).— Facer algún traballo.
TRABALLO (s.m.).— Actividade realizada por unha persoa. / Sitio onde se traballa.
TRABAR (v.).— Crava-los dentes. Morder.
TRABE (s.f.).— Madeira grosa e longa usada na construcción. Viga.
TRABUCARSE (v.).— Entender e actuar erroneamente, equivocarse, enganarse, confundirse.
TRADE (s.m.).— Aparato mecánico que se utiliza para facer buratos.
TRADUCIR (v.).— Trasladar dunha língua para outra; verter.
TRAER (v.).— Transportar unha cousa ó lugar onde está o que fala.
TRAFEGO (s.m.).— Axetreo, apuro, présa.
TRANSCRIBIR (v.).— Reproducir por copia, trasladar.
TRANSCRICIÓN (s.f.).— Acto ou efecto de transcribir. / Copia.
TRANSCRITOR (adx. e s.m.).— Que ou aquel que transcribe.
TRANSPORTE (s.m.).— Acto ou efecto de transportar. / Barco, vehículo ou animal para transportar.
TRANSTORNO (s.m.).— Acto ou efecto de transtornar. Alteración. / Perturbación mental.
TRANSVASE (s.m.).— Acto ou efecto de transvasar.
TRASANTONTE (adv. temp.).— Día anterior a antonte.
TRASNADA (s.f.).— Trastada.
TRASNO (s.m.).— Espírito nocturno que toma figura de calquera animal ou mesmo de racha de vento, que o revolve todo e non produce danos graves.
TRASTE (adx.).— Persoa moi argalleira, bulideira, revoltosa, xogantina.

TRAXE (s.m.).— Conxunto que forma a chaqueta e un pantalón ou unha saia. / Vestido peculiar dunha zona ou época.
TREN (s.m.).— Ferrocarril.
TRISTEIRO (adx.).— Triste, apenado.
TROCA (s.f.).— Troco, troque, cambio. Acción e efecto de trocar.
TROCAR (v.).— Cambiar unha cousa por outra. *Intercambiar*. / Dicir unha cousa por outra.
TROCO (s.m.).— Moedas miúdas dadas en lugar doutra de igual valor. *Cambio*. / Operación consistente en cambiar moedas dun país polas doutro país. / *Troca, troque, intercambio*.
TROFEO (s.m.).— Símbolo ou sinal dunha victoria. / Botín de guerra. / *Premio*.
TROITA (s.f.).— Peixe de río.
TROQUE (s.m.).— Troco, troca, cambio. / Contrato no que as partes se obrigan a dar, respectivamente, unha cousa por outra. / *En troques:* Pola contra. Indica a oposición do que se vai dicir co que xa se dixo. / *Troque a troque:* Cara a cara.
TROULA (s.f.).— Francachela. *Esmorga*.
TUL (s.m.).— Tecido de seda, algodón ou fío que forma malla.
TUNDA (s.f.).— Malleira, pallona.
TÚNEL (s.m.).— Galería subterránea para establecer unha comunicación.
TURRAR (v.).— Tirar con forza dalgo. Puxar. / Arremeter un animal contra algo.
TUSIR (v.).— Bota-lo aire dos pulmóns con moita forza, como para arrincar algo que nos atranca a gorxa.
TÚZARO (adx.).— Persoa que foxe e se agocha da xente. Teimoso.

U

ÚLTIMO (adx.).— O que vén atrás de todo nunha serie pero que non a pecha.
ULTRAMARINO (s.m.).— De ultramar. / (adx. e s.m.).— Dise dos productos traídos de ultramar.
UNGÜENTO (s.m.).— Medicamento de uso externo. *Untura*.
UNIR (v.).— Facer de varias cousas unha, atándoas ou por calquera outro medio. / Engadir. / Empatar, xuntar. / Aliar, poñer de acordo.
UNTO (s.m.).— Materia para untar. / Ungüento. / Pingo.
URXENCIA (s.m.).— Necesidade apremiante do que é mester.

V

VAGALUME (s.m.).— Insecto que ten a propiedade de emitir luz pola noite.
VAI BOA QUE (expr.).— Hai moito tempo.
VAIDADE (s.f.).— Orgullo, presunción, ostentación, fachenda.
¡VAITES! (interx.).— ¡Vaia!, expresión de sorpresa.
VAIXELA (s.f.).— Louza.
VALENTE (adx. e s.m.).— Que ten valor. / (adx.).— San, forte.
VALER (1) (s.m.).— Valor.
(2) (v.).— Ter boas cualidades. / Servir para algo.
(3) (v.).— Ter un prezo determinado, custar. / Protexer, axudar.
(4) (v.).— Servirse dalgo.
VARANDA (s.f.).— Peza alargada de madeira ou ferro que se pon nos balcóns, nas portas, nas escaleiras, etc., para non caer.
VARIOS (adx.).— Algúns, uns poucos.
VARRENDEIRO (s.m.).— Persoa que ten por oficio varrer.
VARRER (v.).— Limpa-lo chan cunha vasoira.
VASOIRA (s.f.).— Atado de ramas flexible cun mango que serve para varrer. En xeral, instrumento doméstico para varrer.
VEA (s.f.).— Conductos que levan o sangue ó corazón.
VECIÑO (s.m. e adx.).— Dise de cada un dos que vive nunha casa, barrio ou poboación. / Persoa que vive preto de nós.
VEIGA (s.f.).— Terreo chan por onde pasa un río.
VELA (s.f.).— Vexa *candea*.
VELAÍ (expr.).— Aí está, aí vedes.
VELUDO (s. e adx.).— Tea suave que ten pelusa.
VELLO (s.m.).— Home de moita idade. / (adx.).— Obxecto que tén moitos anos.
VENDA (s.f.).— Acción e resultado de vender. / Contrato no que se entrega unha cousa por un prezo pactado. / Tecido que se pón riba das feridas. // Casa establecida nos camiños para aloxamento dos pasaxeiros.
VENDER (v.).— Dar unha cousa trocándoa por diñeiro. / Traicionar.
VENRES (s.m.).— Quinto día da semana. *Sexta feira*.
VENTÁ (s.f.).— Aberta que se deixa na parede para que pase a luz e mailo aire. Fiestra.
VEO (s.m.).— Tea que oculta algo. / Tecido fino co que as mulleres cobren a cabeza ou a cara.

VER (v.).— Percibir cos ollos.
VERÁN (s.m.).— Tempo do ano no que vai moita calor. (Xullo, Agosto e Setembro).
VERBA (s.f.).— Palabra. (Este término é un neoloxismo utilizado por moitos escritores e hoxe prácticamente aceptado na lingua escrita).
VERDADE (s.f.).— Conformidade entre o pensamento ou a súa expresión e o obxecto do pensamento. / Cualidade do que é verdadeiro. / Realidade, certeza. O que é certo.
VERGONZA (s.f.).— Sentimento de humillación, rubor. Vergoña.
VERMELLO (adx.).— Da cor do sangue.
VÉSPERA (s.f.).— O día anterior ó que tomamos como referencia.
VESTIR (v.).— Dar ou facerlle o vestido a un. / Ir vestido de determinada maneira. / V. refl. Porse a roupa.
VÉSPORA (s.f.).— Insecto semellante á abella que ten un aguillón ou ferrete que ó picar produce inflamación.
VIAXE (s.f.).— Paso ou traslado dun lugar a outro.
VIDENTE (p.a. de ver).— Que ve. / (s.m.).— Profeta, persoa que adiviña o futuro.
VINTE (adx. num.).— Dúas veces dez.
VIÑO (s.m.).— Nome dun líquido que se fai co zume da uva.
VIR (v.).— Moverse ou chegar a onde está o que fala. / Achegarse aquí. / Regresar. (Xa vén o neno da escola). / Proceder; deducirse (O ser chafalleiro vénlle do pai). / Vir (a) + inf. forma unha perífrase terminativa (Ven comer á miña casa). / Vir de + inf. forma unha perífrase perfectiva (Viña de bota-las vacas). / Vir + xerundio forma unha perífrase imperfectiva (Viña falando de ir a Beariz no verán). // Acaer (Logo chámote luns. ¿Vénche ben ás oito?).
VIR BEN (expr.).— Ser conveniente. / Quedar ou sentar ben calquera tipo de prenda.
VIRAR (v.).— Varia-lo rumbo. Cambiar de opinión. Volver.
VIRTUDE (s.f.).— Propiedade para producir un efecto. / Hábito ou disposición interior para facer cousas boas.
VIRXE (adx. e s.f.).— Persoa que non tivo relacións sexuais. / Terra que inda non foi cultivada.
VISTA (s.f.).— Sentido corporal; Facultade de ver. / Aparencia que presentan as cousas ó velas. / Ollada. / Intuición. / Pintura ou estampa dunha paisaxe.
VIVIR (v.).— Ter vida. / Habitar. / Levar certo tipo de vida.
VIXENCIA (s.f.).— Tempo durante o que unha cousa ten vigor, uso ou validez.
VIXIAR (v.).— Velar ou coidar dunha persoa ou cousa.
VIXILANCIA (s.f.).— Coidado do que está ó cargo de cada un.
VIRSE A BOAS (expr.).— Poñerse a ben, deixar de estar aborrecido ou enfadado.
VIRUXE (s.m.).— Ventiño frío que vai normalmente á noitiña ou á noite.
VIÚVA (s.f.).— Muller á que lle morreu o cónxuxe e non casou de novo.
VOAR (v.).— Sosterse no aire coa axuda das ás.
VODA (s.f.).— Ceremonia para contraer matrimonio.
VOLUME (s.m.).— Nivel de sonido. / Espacio que ocupa un corpo.
VOLTA (s.f.).— Regreso. / Movemento dunha cousa arredor dun punto. / Sobrante que o vendedor lle devolve ó comprador. / Curva que fai unha liña. / Paseo. / Vez. *Outravolta:* outra vez. // Conx. distr. Volta... Volta.
VOLTAR (v.).— Regresar.
VOLUNTARIO (adx.).— Que nace da vontade. / (s.).— Persoa que se ofrece para facer algo por vontade propia.
VOMITAR (v.).— Devolver pola boca o contido do estómago. Gomitar.
VONTADE (s.f.).— Facultade dos homes de goberna-los seus actos. / Cada un dos actos desta facultade. / Intención de facer unha cousa.
VÓS.— Pron. pers. tónico da 2.ª persoa de plural.
VOSTEDE (Pron.).— Tratamento de cortesía que se lle dá ás persoas que merecen respeto.
VOZ (s.f.).— Son que producimos cando falamos.
VULTO (s.m.).— Volume dun corpo. / Elevación causada por un tumor ou inchazón. / Cousa que non se distingue ben pola escuridade, distancia...

X

XA (adv.).— Agora mesmo, rapidamente; antes non, nese momento si. / Conx. distrib. xa ... xa.
XABRÓN (s.m.).— Producto que serve para lavar. Xabón.
XACENTE (adx.).— Que xace tumbado.
XAMÓN (s.m.).— Patas traseiras do porco.
XANEIRO (s.m.).— Primeiro mes do ano.
XANTAR (s.m.).— Comida do mediodía.
XA QUE (loc. conx. causal).— Posto que, dado que.

XAROPE (s.m.).— Bebida de azucre cocida en auga e zumes, ou sustancias medicinais.
XATO (s.m.).— Cría da vaca. *Becerro, cuxo, pucho.*
XE (s.m.).— Nome da penúltima letra do alfabeto.
XEFE (s.m.).— Persoa que dirixe ou ten mando sobre outras.
XEIRA (s.f.).— Tempo que dura un traballo. / Cada certo tempo.
XEITOSO (adx.).— Ben disposto, ben amañado. / Referido a persoas: gracioso, ben feito...
XELADO (s.m.).— Lambetada ou postre en estado de conxelación.
XELATINA (s.f.).— Sustancia sólida e transparente.
XELO (s.m.).— Auga solidificada por enfriamento.
XEMA (s.f.).— Parte central marela dos ovos das aves.
XEMER (v.).— Laiarse. Queixarse.
XENERAL (s.m.).— Mando militar de máxima graduación nos exércitos de terra e aire.
XENERALIZABLE (adx.).— Que pode ser xeneralizado.
XENERALIZAR (v.).— Facer corrente ou pública unha cousa. // Aplicar a tódolos individuos dunha clase ou grupo o que se coñece só dalgún.
XÉNESE (s.f.).— Orixe. / Conxunto de feitos ou elementos que producen algo. / Primeiro libro da Biblia.
XENIO (s.m.).— Carácter ou temperamento dunha persoa. / Artista de gran inspiración.
XENREIRA (s.f.).— Enemistade entre dúas persoas que andan sempre mirando de se facer mal.
XENTE (s.f.).— Persoas.
XENTILICIO (adx.).— Que pertence ós pobos, á liñaxe ou á familia.
XEONLLO (s.m.).— Parte por onde dobra a perna por diante.
XERACIÓN (s.f.).— Conxunto de persoas que nacen nun pequeno lapso de tempo, e polo tanto teñen idade similar.
XERAL (adx.).— Común a todos ou á meirande parte. / Xenérico, universal.
XERAR (v.).— Enxendrar. Dar existencia. / Producir.
XERMÁNICO (adx. e s.).— De Alemania. / Relativo ós xermanos.
XERMANO (s.m.).— Referente á Xermania.
XERRA (s.f.).— Vasilla de boca ancha con asa para servir líquidos.
XERSEI (s.m.).— Peza de roupa de la que cobre a parte superior do corpo.
XESTA (s.f.).— Arbusto de flores marelas e recendentes.
XEXUAR (v.).— Renunciar á comida.
XEXÚN (s.m.).— Privación total ou parcial de alimentos en certos días por espírito de penitencia ou por prescrición relixiosa. / Privación dos alimentos con fins hixiénicos ou terapéuticos. / Estado da persoa que se priva de alimento.
XIRA (v.).— Serie de actuacións dos artistas. Volta.
XIRADISCOS (s.m.).— Aparello electrónico para escoitar música, que consta dun prato sobre o que se coloca o disco e unha agulla que ó pousala sobre o disco fai que soe a música.
XOÁN (s.m.).— Nome propio de varón.
XOGAR (v.).— Facer algo para divertirse. Tamén se di brincar ou enredar.
XOGAR Á PITA CEGA (expr.).— O que apanda leva os ollos tapados e ten que colle-los outros.
XOGAR ÁS ESCONDIDAS (expr.).— Consiste en apandar un mentres os outros se agachan. O que apanda ten que os descubrir. Ás agachadas. Escondedela.
XOGUETE (s.m.).— Todo o que serve para xogaren os nenos. Enredo.
XOIA (s.f.).— Obxecto precioso que serve de adorno. Alfaia.
XORNAL (s.m.).— Periódico que sae diariamente. / Soldo dun día.
XOUBA (s.f.).— Sardiña pequena, parrocha.
XOVE (s.m.).— Mozo. Home que inda é novo.
XOVENCO (s.m.).— Cría de vaca. *Becerro, cuxo, pucho, xato.*
XOVES (s.m.).— Cuarto día da semana. *Quinta feira.*
XUBILADO (s. e adx.).— Persoa retirada de servicio por vellez ou enfermidade.
XUBILEO (s.m.).— Indulxencia plenaria concedida polo Papa con ocasión dalgunha conmemoración.
XUDEU (s. e adx.).— Persoa que practica a relixión basada no Antigo Testamento. / Hebreo.
XUÍCIO (s.m.).— Facultade da persoa para distingui-lo que máis lle convén. Opinión. Coñecemento dunha causa polo xuíz para dictar sentencia. / Operación mental que consiste en relacionar dous conceptos. // Sensatez; siso.
XULGADO (s.m.).—Xunta de xuíces para daren unha sentencia. / Lugar onde se xulga.
XUNGUIR (v.).— Poñerlle o xugo ás vacas, bois e bestas. Non é igual a unir.
XUNTA (1) (s.f.).— Xugada de bois ou de

vacas. / Xuntanza, reunión. / *Xunta de Galicia.* Goberno autónomo de Galicia. / Artello. / *Xunta da noite:* Anoitecer. / Cada un dos ósos do espiñazo. / Lugar por onde se unen dúas pezas. (2) (adv.).— Xunto. Cabo de, onda.
XURAR (v.).— Adquirir un compromiso legal con testemuñas.
XURDIR (v.).— Saír algo de onde estaba sumido, especialmente saír á superficie desde o fondo da auga.
XURELO (s.m.).— Peixe de cor verde clara ou azulada que ten nos laterais unha franxa espiñosa.
XUSTO (adx.).— O que está ben.
XUVENIL (s. e adx.).— Relativo á mocidade. / Xogador novo.

Z

ZAPATERÍA (s.f.).— Sitio onde se venden zapatos. / Lugar onde o zapateiro arranxa os zapatos.
ZOCO (s.m.).— Nome dun calzado de madeira.
ZOQUEIRO (s.m.).— Home que fai e/ou vende os zocos.
ZUME (s.m.).— Líquido das froitas e outros vexetais. Zumo.
ZURCIR (v.).— Coser un roto de maneira que non se note a unión./ Cucuser.



CENTENARIO
1885-1985

Este libro «Galego coloquial» é un método de aprendizaxe do galego basado no galego común.

O seu obxectivo fundamental é poñer ó alcance tanto do lector non afeito a expresarse en galego coma do que o fala pero non sabe escribilo ou dubida ó facelo, un modelo de lingua correcto.

É un método dinámico, no que se combina a longa experiencia investigadora e mailo rigor científico do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago, coa amenidade didáctica, gracias á animada historia expresada nos debuxos de Siro López Lorenzo.

BIBLIOTECA
GALLEGA

serie
NOVA

GALEGO
COLOQUIAL
Curso de Galego
Voz de Galicia